

INFORME

ANUAL DE VIOLENCIA DE XÉNERO

EXERCICIO 2022



**XUNTA
DE GALICIA**

Informe anual de violencia de xénero 2022

Informe elaborado por:

Secretaría Xeral da Igualdade

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Xunta de Galicia

Abril de 2023

ÍNDICE

1. PRÓLOGO	2
2. ANÁLISE E MAGNITUDE DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA AO LONGO DO ANO 2022	6
2.1 Introducción	6
2.2 Chamadas por violencia de xénero ao 016. Comparativa co resto das Comunidades Autónomas	17
2.3 Vítimas mortais por violencia de xénero. Galicia 2022.....	19
2.4 Violencia xénero: Casos 2022	23
2.5 Ordes de protección solicitadas e adoptadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2022. Comparativa cos datos globais do territorio español.....	30
2.6 Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2022. Comparativa co total presentadas no territorio español	33
3. MEDIDAS E ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA AO LONGO DO ANO 2022, NO MARCO DA LEI 11/2007, GALEGA PARA A PREVENCIÓN E O TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO	36
3.1 Introducción	36
Título I: Prevención da violencia de xénero	37
Capítulo I: Medidas de sensibilización contra a violencia de xénero	37
Capítulo II: Medidas de investigación e de formación en materia de violencia de xénero.....	103
Capítulo III: Medidas no ámbito educativo	128
Título II: Protección e asistencia fronte á violencia de xénero.....	154
Capítulo I: Medidas no ámbito sanitario e psicológico	155
Capítulo II: Medidas no ámbito xudicial.....	169
Capítulo III: Outras medidas de apoio e protección	175
Capítulo IV: Medidas no ámbito da formación e do emprego	184
Capítulo V: Medidas de carácter económico.	206
Título III: Da organización do sistema de protección e asistencia integral e especializada fronte á violencia de xénero.....	235
DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.....	317

1. PRÓLOGO

O presente informe dá cumprimento ao disposto na Disposición Adicional Cuarta primeira da Lei Galega 11/2007 do 27 de xullo para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, que obriga ao Goberno da Xunta de Galicia a remitirlle ao Parlamento de Galicia, con carácter anual, un informe sobre a situación da violencia de xénero en Galicia, contando coas achegas de todos os departamentos implicados na prevención e no tratamento desta problemática, que constitúe un atentado contra a integridade, a dignidade e a liberdade das mulleres, independentemente do ámbito no que se produza.

Esta Lei constitúe un fito histórico no ordenamento xurídico xa que é a primeira lei galega elaborada para a prevención e o tratamento da violencia de xénero e que foi aprobada co voto favorable de todos os grupos parlamentarios, o cal indica o grao de sensibilización e de concienciación sobre a importancia do fenómeno da violencia de xénero na nosa sociedade.

Así mesmo, esta lei segue o camiño iniciado no marco do Estado español, grazas a sucesivos adiantos lexislativos en materia de loita contra a violencia de xénero; así, a Lei orgánica 11/2003, do 29 de setembro, de medidas concretas en materia de seguridade cidadá, violencia doméstica e integración social dos estranxeiros; a Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola cal se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal; ou a Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas da violencia doméstica, que estableceu un novidoso sistema de coordinación dos órganos xudiciais e administrativos, concentrando nunha única resolución xudicial a adopción de medidas de natureza civil e penal e a activación dos instrumentos de protección social destinados ao amparo e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero. A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, recoñece un feito diferencial de xénero; recolle no artigo 19, co título «Dereito á asistencia social integral», que «as mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollemento e de recuperación integral. A organización destes servizos por parte das comunidades autónomas e das corporacións

loais responderá aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional».

Pola súa banda, a Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual estende e desenvolve para as violencias sexuais os aspectos preventivos, de atención, sanción, especialización ou asistencia integral, coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas globais en materia de protección dos dereitos humanos das mulleres, as nenas e os nenos fronte ás violencias sexuais. Ademais, como novidade, desenvólvese o dereito á reparación, como un dos eixos centrais da responsabilidade institucional para lograr a completa recuperación das vítimas e as garantías de non repetición da violencia.

Cómpre destacar as modificacións lexislativas operadas no Parlamento galego nos anos 2016, 2021 e 2022, nos que se procedeu á modificación da *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*.

Así, a **Lei 12/2016**, do 22 de xullo, pola que se modifica a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, mellora substancialmente a cobertura económica das mulleres vítimas, pois garante **un prazo de solicitude aberto durante todo o ano** para a prestación periódica regulada no artigo 39, á vez que establece como **potenciais beneficiarias desa prestación tamén ás vítimas de trata con fins de explotación sexual**.

A **Lei 14/2021**, do 20 de xullo, modifica a *Lei 11/2007* para incluír, dentro do concepto de violencia de xénero, a **violencia vicaria**, entendida como o homicidio, asasinato ou calquera outra forma de violencia exercida sobre as fillas ou fillos da muller ou de calquera outra persoa estreitamente unida a ela, por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade inda sen convivencia, ampliando, en consecuencia, o concepto de violencia de xénero do artigo 1 da lei, así como recoñecendo explicitamente este tipo de violencia como unha forma de violencia de xénero, recolléndoa como tal no artigo 3 da lei.

A través da **Lei 15/2021**, do 3 de decembro, inclúese a **violencia dixital de xénero** como unha forma de violencia de xénero, definíndoa como "*todo acto ou conduta de violencia de*

xénero cometido, instigado ou agravado, en parte ou na súa totalidade, polo uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), como Internet, plataformas de redes sociais, sistemas de mensaxería e correo electrónico ou servizos de xeolocalización, coa finalidade de discriminar, humillar, chantaxear, acosar ou exercer dominio, control ou intromisión sen consentimento na privacidade da vítima; con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella ou análoga de afectividade no presente ou no pasado, ou de parentesco coa vítima. Igualmente, terán a consideración de actos de violencia dixital contra a muller os exercidos por homes do seu contorno familiar, social, profesional ou académico."

E a Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas ampliou novamente o concepto de violencia de xénero, ao incluír expresamente como tal a explotación sexual. Así, para os efectos desta lei, "entenderase vítima de explotación sexual aquela muller que realice o exercicio da prostitución, incluídos os actos pornográficos ou a produción de material pornográfico, con obtención de lucro por parte dunha terceira persoa, física ou xurídica, cando a vítima se atope nunha situación de vulnerabilidade persoal ou económica ou se lle impoñan condicións gravosas, desproporcionadas ou abusivas".

Outras Comunidades Autónomas que tamén aprobaron leis especificamente dirixidas a sensibilización, prevención e tratamento da violencia de xénero son:

- Andalucía: Lei 13/2007, de 26 de novembro, de medidas de prevención e protección integral contra a violencia de xénero, modificada pola Lei 7/2018, de 30 de xullo.
- Aragón: Lei 4/2007, de 22 de marzo, de Prevención e Protección Integral ás Mulleres Vítimas de Violencia en Aragón.
- Canarias: Lei 16/2003, de 8 de abril, de prevención e protección integral das mulleres contra a violencia de xénero, modificada pola Lei 1/2017, do 17 de marzo.
- Cantabria: Lei 1/2004, de 1 de abril, Integral para a Prevención da Violencia Contra as Mulleres e a Protección ás súas Vítimas.
- Castela- A Mancha: Lei 4/2018, de 8 de outubro, para unha sociedade libre de Violencia de Xénero en Castela-A Mancha.
- Castela e León: Lei 13/2010, do 9 de decembro, contra a Violencia de Xénero en Castela e León.
- Cataluña: Lei 5/2008, de 24 de abril, do dereito das mulleres a erradicar a violencia

machista.

- Comunidade de Madrid: Lei 5/2005, de 20 de decembro, Integral contra a Violencia de Xénero da Comunidade de Madrid, modificada pola Lei 3/2018, de 22 de xuño.
- Comunidade Foral de Navarra: Lei Foral 14/2015, do 10 de abril, para actuar contra a violencia cara as mulleres, modificada pola Lei Foral 3/2018, do 19 de abril.
- Comunidade Valenciana: Lei 7/2012, do 23 de novembro, integral contra a violencia sobre a muller no ámbito da Comunitat Valenciana.
- Extremadura: Lei 8/2011, do 23 de marzo, de igualdade entre mulleres e homes e contra a violencia de xénero en Extremadura.
- Illes Balears: Lei 11/2016, de 28 de xullo, de Igualdade de Mulleres e Homes.
- La Rioja: Lei 11/2022, do 20 de Setembro, contra a violencia de xénero.
- País Vasco: Lei 4/2005, de 18 de febreiro, para a Igualdade de Mulleres e Homes, modificada pola Lei 1/2022, de 3 de marzo, da segunda modificación da Ley para a igualdade de Mulleres e homes.
- Principado de Asturias: Lei do Principado de Asturias 2/2011, do 11 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes e a erradicación da violencia de xénero.
- Región de Murcia: Lei 7/2007, de 4 de abril, para a Igualdade entre Mulleres e Homes, e de Protección contra a Violencia de Xénero na Rexión de Murcia, modificada pola Lei 3/2008, do 3 de xullo, pola Lei 11/2016, de 15 de xuño e pola Lei 3/2019, do 20 de marzo.


É este o décimo quinto ano consecutivo, (2008-2022), no que en Galicia se fai balance das políticas públicas implementadas polo Goberno galego en materia de violencia de xénero, proporcionando información detallada sobre as actuacións e medidas desenvolvidas desde a Xunta de Galicia nesta materia.

Este informe está organizado seguindo a estrutura da propia lei galega para facilitar o seu obxectivo principal, que é verificar o seguimento de todos os compromisos e medidas nela establecidos, e incorporando unha breve introdución con datos estatísticos relativos á poboación feminina galega no ano obxecto de referencia.

2. ANÁLISE E MAGNITUDE DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA AO LONGO DO ANO 2022

2.1 Introducción

A poboación en Galicia, en 2022, ascende a 2.690.464 persoas, das cales 1.294.708 son homes (48,12%) e 1.395.756 (51,88%) son mulleres, que constitúen no seu conxunto o 5,65% da poboación estatal, 47.615.034 persoas.




Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes

■ **Cifras oficiais da poboación segundo provincia e sexo. Ano 2022**

Provincia	Homes		Mulleres		Total	
A Coruña	536.587	19,94%	582.593	21,65%	1.119.180	41,60%
Lugo	156.967	5,83%	167.022	6,21%	323.989	12,04%
Ourense	146.072	5,43%	158.208	5,88%	304.280	11,31%
Pontevedra	455.082	16,91%	487.933	18,14%	943.015	35,05%
Total	1.294.708	48,12%	1.395.756	51,88%	2.690.464	100,00%

Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes




Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes

▪ **Evolución da poboación. Galicia 1998-2022:**

Ano	Total	Homes	Mulleres
1998	2.724.544	1.310.415	1.414.129
1999	2.730.337	1.312.881	1.417.456
2000	2.731.900	1.312.391	1.419.509
2001	2.732.926	1.314.078	1.418.848
2002	2.737.370	1.316.721	1.420.649
2003	2.751.094	1.324.385	1.426.709
2004	2.750.985	1.324.987	1.425.998
2005	2.762.198	1.330.703	1.431.495
2006	2.767.524	1.333.797	1.433.727
2007	2.772.533	1.337.159	1.435.374
2008	2.784.169	1.344.268	1.439.901
2009	2.796.089	1.349.603	1.446.486
2010	2.797.653	1.350.547	1.447.106
2011	2.795.422	1.349.591	1.445.831
2012	2.781.498	1.343.328	1.438.170
2013	2.765.940	1.335.122	1.430.818
2014	2.748.695	1.325.657	1.423.038
2015	2.732.347	1.317.054	1.415.293
2016	2.718.525	1.309.809	1.408.716
2017	2.708.339	1.304.392	1.403.947
2018	2.701.743	1.300.609	1.401.134
2019	2.699.499	1.298.964	1.400.535
2020	2.701.819	1.300.153	1.401.666
2021	2.695.645	1.297.301	1.398.344
2022	2.690.464	1.294.708	1.395.756

Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes




■ **Poboación por sexo e grupos quinquenais de idade. Ano 2022:**


Idade	Total	Homes	Mulleres	% mulleres
0-4	82.826	42.589	40.237	1,50%
5-9	104.468	53.907	50.561	1,88%
10-14	117.452	60.524	56.928	2,12%
15-19	114.094	58.539	55.555	2,06%
20-24	111.093	57.084	54.009	2,01%
25-29	117.134	59.487	57.647	2,14%
30-34	133.664	67.272	66.392	2,47%
35-39	163.792	81.611	82.181	3,05%
40-44	214.218	107.123	107.095	3,98%
45-49	225.890	112.256	113.634	4,22%
50-54	213.318	104.776	108.542	4,03%
55-59	199.451	96.580	102.871	3,82%
60-64	190.434	91.691	98.743	3,67%
65-69	169.539	80.616	88.923	3,31%
70-74	155.698	72.091	83.607	3,11%
75-79	139.592	61.509	78.083	2,90%
80-84	97.054	39.602	57.452	2,14%
85 e máis	140.747	47.451	93.296	3,47%
Total	2.690.464	1.294.708	1.395.756	51,88%

Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes

■ **Comparativa da poboación segregada por sexos e grupos quinquenais de idade:**



■ **% de mulleres por grupos quinquenais de idade. Galicia 2022:**



▪ **Evolución da taxa de nacementos segundo sexo. Galicia 1996 – 2021**

Ano	Total	Homes	Mulleres
1996	18.597	9.529	9.068
1997	18.683	9.647	9.036
1998	18.538	9.621	8.917
1999	18.784	9.691	9.093
2000	19.418	10.052	9.366
2001	19.361	9.955	9.406
2002	19.327	9.987	9.340
2003	20.423	10.539	9.884
2004	20.621	10.652	9.969
2005	21.097	10.867	10.230
2006	21.392	11.075	10.317
2007	21.752	11.216	10.536
2008	23.175	11.981	11.194
2009	22.537	11.572	10.965
2010	22.047	11.500	10.547
2011	21.594	11.256	10.338
2012	21.089	10.990	10.099
2013	19.727	10.084	9.643
2014	19.630	10.262	9.368
2015	19.387	10.032	9.355
2016	19.062	9.773	9.289
2017	18.445	9.471	8.974
2018	16.560	8.542	8.018
2019	15.718	8.179	7.539
2020	15.247	7.752	7.495
2021	15.263	7.758	7.505


Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes

En Galicia, ao igual que no resto do mundo, nacen máis homes que mulleres; sen embargo, ao ter as mulleres unha esperanza de vida superior á dos homes, ao final da vida, a proporción queda equilibrada ou incluso sobreviven máis mulleres.


■ **Poboación segundo nacionalidade e sexo. Galicia 2022**

	Nacionalidade española	Nacionalidade estranxeira	TOTAL
Homes	1.237.678	57.030	1.294.708
Mulleres	1.334.046	61.710	1.395.756
Total	2.571.724	118.740	2.690.464

Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes




Proporción de mulleres españolas e estranxeiras




■ **Poboación estranxeira distribuída por provincias. Galicia 2022**

Provincia	Total	Homes	Mulleres	% mulleres
A Coruña	46.548	22.101	24.447	20,59%
Lugo	16.859	8.493	8.366	7,05%
Ourense	16.525	7.926	8.599	7,24%
Pontevedra	38.808	18.510	20.298	17,09%
Total	118.740	57.030	61.710	51,97%

Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes




% de mulleres estranxeiras distribuídas por provincia




■ **Poboación estranxeira segundo sexo e lugar de nacemento. Galicia 2022**

	Total	Homes	Mulleres	% mulleres
Europa	38.162	20.253	17.909	29,02%
África	16.178	10.117	6.061	9,82%
América	58.029	23.122	34.907	56,57%
Asia	6.233	3.460	2.773	4,49%
Oceanía e apátridas	138	78	60	0,10%
Total	118.740	57.030	61.710	100,00%

Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes




% de mulleres estranxeiras segundo nacionalidade




■ **Poboación estranxeira segundo idade. Galicia 2022**

Idade	Total	Homes	Mulleres	% Mulleres
0-4	4.106	2.107	1.999	3,24%
5-9	4.830	2.474	2.356	3,82%
10-14	4.787	2.457	2.330	3,78%
15-19	5.592	2.838	2.754	4,46%
20-24	8.312	4.129	4.183	6,78%
25-29	11.678	5.481	6.197	10,04%
30-34	13.525	6.330	7.195	11,66%
35-39	14.085	6.487	7.598	12,31%
40-44	13.354	6.586	6.768	10,97%
45-49	10.985	5.424	5.561	9,01%
50-54	8.491	4.124	4.367	7,08%
55-59	6.330	2.971	3.359	5,44%
60-64	4.508	2.044	2.464	3,99%
65-69	3.407	1.473	1.934	3,13%
70-74	2.141	975	1.166	1,89%
75 e máis	2.609	1.130	1.479	2,40%
Total	118.740	57.030	61.710	100,00%

Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes



% de mulleres estranxeiras por grupos de idade




2.2 Chamadas por violencia de xénero ao 016. Comparativa co resto das Comunidades Autónomas

Desde a súa posta en marcha en setembro do 2007, o teléfono 016 ofrece información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero as 24 horas do día os 365 días do ano, ten carácter gratuíto e caracterízase pola universalidade na prestación do servizo especializado, que se efectúa en 52 idiomas: castelán, galego, catalán, euskera, inglés, francés, alemán, portugués, chino mandarín, ruso, árabe, romanés, búlgaro, e outros 39 idiomas a través dun servizo de teletradución.

A prestación do servizo de información compete a un equipo de persoas especializadas en violencia de xénero, producíndose unha derivación automática das chamadas de emerxencia e urxencia aos centros 112 autonómicos.


A cifra total de chamadas referentes á violencia de xénero atendidas polo 016 desde o **1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022** no conxunto de España, foi de **93.924**, das cales **4.148 foron efectuadas desde Galicia**.



Provincia	Nº	%
A Coruña	2.009	48,43%
Lugo	407	9,81%
Ourense	367	8,85%
Pontevedra	1.365	32,91%
Total na provincia de Galicia	4.148	100,00%


Fonte: Ministerio de Igualdade

Enlace: <http://estadisticasviolenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/>



Das **93.924** chamadas recibidas a cifra mais elevada de chamadas correspóndese coa Comunidade de Madrid (23.181), seguida de Andalucía (11.974), de Cataluña (9.672) e da Comunidade Valenciana (9.633). **Galicia, cun rexistro de 4.148 chamadas** posicionase nun sétimo lugar.

Comunidade autónoma	Número de chamadas	%
Comunidad de Madrid	23.181	24,68%
Andalucía	11.974	12,75%
Cataluña	9.672	10,30%
Comunitat Valenciana	9.633	10,26%
Canarias	7.316	7,79%
No consta	5.652	6,02%
Galicia	4.148	4,42%
Castilla y León	3.450	3,67%
Región de Murcia	2.893	3,08%
Castilla-La Mancha	2.785	2,97%
Principado de Asturias	2.359	2,51%
Aragón	2.341	2,49%
País Vasco	2.054	2,19%
Extremadura	1.652	1,76%
Illes Balears	1.567	1,67%
Cantabria	1.166	1,24%
Comunidad Foral de Navarra	1.127	1,20%
La Rioja	682	0,73%
Melilla	153	0,16%
Ceuta	119	0,13%
Total	93.924	100,00%



Fonte: Ministerio de Igualdade

Enlace: <http://estadisticasviolenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/>

2.3 Víctimas mortais por violencia de xénero. Galicia 2022

■ Mulleres vítimas mortais por violencia de xénero

Galicia non registrou en 2022 ningunha **muller vítima mortal por violencia de xénero**, dos 49 casos rexistrados no conxunto de España ao remate do ano 2022.

Das dezasete CC.AA. e dúas cidades autónomas, Andalucía, con 11 casos rexistrados de mulleres asasinadas por violencia de xénero, sitúase como a comunidade autónoma co maior número de mulleres asasinadas por violencia de xénero en 2022. Castilla-La Mancha, Cataluña e a Comunidade autónoma de Madrid, con 7 casos confirmados (14,29% do total), son as segundas comunidades autónomas en número de casos.

CC.AA.	Nº Casos	%
Andalucía	11	22,45%
Aragón	2	4,08%
Principado de Asturias	1	2,04%
Canarias	2	4,08%
Castilla y León	3	6,12%
Castilla-La Mancha	7	14,29%
Cataluña	7	14,29%
Comunitat Valenciana	3	6,12%
Extremadura	1	2,04%
Comunidad de Madrid	7	14,29%
Región de Murcia	2	4,08%
Comunidad Foral de Navarra	1	2,04%
País Vasco	1	2,04%

Fonte: Ministerio de Igualdade

Enlace: <http://estadisticasviolenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/>


- Evolución do número de mulleres vítimas mortais por violencia de xénero en mans da súa parella ou ex parella por CC.AA. (período:1999-2022)

CC.AA.	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Andalucía	13	10	12	10	13	19	9	21	8	9	14	18	17	8	11	10	14	5	7	12	13	9	8	11
Aragón	0	0	1	3	2	2	4	1	2	1	0	2	2	1	2	0	1	3	0	3	1	0	2	2
Asturias	1	0	2	0	2	0	1	3	2	1	0	5	2	1	1	0	3	2	0	3	0	2	1	1
Baleares	3	1	2	4	4	2	4	3	1	1	1	2	1	2	2	3	1	6	0	1	1	3	1	0
Canarias	2	5	5	7	6	2	6	4	6	5	5	7	3	2	2	1	3	3	4	2	8	3	0	2
Cantabria	1	0	0	0	1	2	0	0	2	0	0	0	0	0	2	0	1	0	0	0	2	1	1	0
Castilla y León	3	3	1	4	4	2	4	3	3	6	1	4	2	2	3	3	2	6	0	2	3	1	3	3
Castilla - la Mancha	5	3	2	0	2	4	2	4	5	3	1	3	1	4	4	0	1	2	6	2	0	4	1	7
Cataluña	9	8	7	7	12	11	8	10	12	10	10	11	9	13	4	13	6	6	8	7	9	8	9	7
C. Valenciana	6	7	9	9	7	9	6	8	10	10	9	8	8	6	9	7	11	6	8	2	7	5	7	3
Extremadura	1	1	0	1	1	2	0	1	0	0	1	1	0	1	1	0	1	1	2	0	0	0	0	1
Galicia	2	4	0	3	5	2	1	0	5	7	3	2	3	4	3	6	8	4	2	3	3	3	1	0
Madrid	4	17	6	4	5	5	4	5	9	11	5	7	9	6	9	7	4	3	8	5	7	3	7	7
Murcia	1	1	2	0	3	4	2	3	2	4	2	1	2	0	0	0	1	0	3	1	1	2	0	2
Navarra	1	1	0	1	1	1	2	0	1	3	0	0	1	0	0	0	0	0	1	2	0	0	1	1
País vasco	1	2	1	1	0	4	3	3	2	3	2	2	2	2	1	3	3	1	2	2	0	1	2	1
La Rioja	1	0	0	0	2	1	0	0	0	2	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Ceuta	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1
Melilla	0	0	0	0	0	0	1	0	1	0	0	0	0	0	0	2	0	1	0	0	0	0	0	0
Total	54	63	50	54	71	72	57	69	71	76	56	73	62	52	54	55	60	49	51	47	55	45	44	49

Fonte: Ministerio de Igualdade

Enlace:<http://estadisticasviolenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/>

Evolución totais



Fonte: Ministerio de Igualdade

Enlace: <http://estadisticasviolenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/>

▪ Menores vítimas mortais por violencia de xénero

Galicia non registrou en 2022 ningún/ningunha menor vítima mortal por violencia de xénero. No conxunto de España rexistráronse un total de 2 menores vítimas mortais por violencia de xénero.

CC.AA.	Nº casos	%
Comunitat valenciana	1	50%
Comunidade de Madrid	1	50%
TOTAL	2	100%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMenores/home.htm>

2.4 Violencia xénero: Casos 2022

▪ Características dos casos de mulleres vítimas mortais por violencia de xénero en España no ano 2022

- *Mulleres vítimas mortais por violencia de xénero, e presuntos agresores, segundo grupos de idade*

Grupos de idade	Mulleres vítimas mortais		Presuntos agresores	
	Número	%	Número	%
15 anos ou menos	0	0,00%	0	0,00%
16-17 anos	1	2,04%	0	0,00%
18-20 anos	3	6,12%	2	4,08%
21-30 anos	6	12,24%	2	4,08%
31-40 anos	10	20,41%	10	20,41%
41-50 anos	16	32,65%	19	38,78%
51-60 anos	6	12,24%	8	16,33%
61-70 anos	3	6,12%	3	6,12%
71-84 anos	3	6,12%	5	10,20%
>=85 anos	1	2,04%	0	0,00%
Total	49	100,00%	49	100,00%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMujeres/home.htm>

- *Mulleres vítimas mortais por violencia de xénero, e presuntos agresores, segundo país de nacemento*

País de nacemento	Mulleres vítimas mortais		Presuntos agresores	
	Número	%	Número	%
España	33	67,3%	30	61,2%
Outro país	16	32,7%	19	38,8%
Total	49	100,00%	49	100,00%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMujeres/home.htm>

- *Mulleres vítimas mortais por violencia de xénero, segundo tipo de relación sentimental e de convivencia co presunto agresor*

Tipo de relación	Número	%
Parella	17	34,7%
Exparella ou parella en fase de ruptura	32	65,3%
Total	49	100,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMujeres/home.htm>

Convivencia	Número	%
Convivían	34	69,4%
Non convivían	11	22,4%
Non consta	4	8,2%
Total	49	100,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMujeres/home.htm>

- *Mulleres vítimas mortais por violencia de xénero, segundo características relacionadas coa tutela institucional*

Denuncia previa/continuación do proceso por parte da vítima	Número	%
Con unha ou máis denuncias previas	21	42,9%
<i>Interpostas pola vítima</i>	18	85,7%
<i>Interpostas por outros</i>	3	14,3%
Sen denuncia previa	28	57,1%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMujeres/home.htm>

Casos con denuncia previa	Número	%
Continuación do proceso	13	56,5%
Non continuación do proceso	6	26,1%
Non consta	4	17,4%
Total	23	100,00%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMujeres/home.htm>

- *Casos con constancia institucional de violencia de xénero. Solicitud, adopción e vixencia de medidas de alonxamento en favor da vítima*

Solicitud/Vixencia de medidas concedidas	Número	%
Con medidas solicitadas pola vítima	10	43,5%
Con medidas solicitadas por outros	0	0,00%
Existían medidas de oficio	1	4,3%
Non consta solicitudes de medidas	12	52,2%
Total Casos con constancia institucional (denuncias e outras) de violencia de xénero	23	100,00%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMujeres/home.htm>

Casos con medidas adoptadas	Número	%
Total Casos con medidas adoptadas	11	100,00%
Vixentes	5	45,5%
Non vixentes	6	54,5%
<i>Por renuncia da vítima</i>	0	0,00%
<i>Por fin do período de vixencia</i>	3	50,00%
<i>Por outros motivos</i>	3	50,00%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMujeres/home.htm>

- *Mulleres vítimas mortais por violencia de xénero, con medidas de alonxamento vixentes quebrantadas polo presunto agresor*

Quebrantamento de medidas de alonxamento	Número	%
Sen oposición da vítima	1	20,00%
Con oposición da vítima	2	40,00%
Non consta	2	40,00%
Total	5	100,00%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMujeres/home.htm>

- *Presuntos agresores de mulleres vítimas mortais por violencia de xénero, segundo tentativa de suicidio*

Tentativa de suicidio	Número	%
Suicidio consumado	10	20,4%
Tentativa non consumada	9	18,4%
Non houbo tentativa	30	61,2%
Total	49	100,00%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMujeres/home.htm>

- **Características dos casos das mulleres vítimas mortais por Violencia de Xénero en Galicia no ano 2022**

Características dos casos de mulleres vítimas mortais por Violencia de Xénero en Galicia no ano 2022
Non se recollen ningún caso de vítimas mortais por Violencia de Xénero en Galicia no ano 2022.

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

▪ **Características das/dos menores vítimas mortais por violencia de xénero en España no ano 2022**

- *Menores vítimas mortais en casos de violencia de xénero contra a súa nai e presuntos agresores, segundo grupos de idade*

Intervalo de idade	Menores vítimas mortais		Presuntos agresores	
	Número	%	Número	%
< 1 anos	0	0,0%	/	/
1-2 anos	0	0,0%	/	/
3-4 anos	0	0,0%	/	/
5-6 anos	1	50,00%	/	/
7-8 anos	0	0,0%	/	/
9-10 anos	0	0,0%	/	/
11-12 anos	1	50,00%	/	/
13-14 anos	0	0,0%	/	/
15-17 anos	0	0,0%	0	0,0%
18-20 anos	/	/	0	0,0%
21-30 anos	/	/	0	0,0%
31-40 anos	/	/	1	50,0%
41-50 anos	/	/	1	50,0%
51-60 anos	/	/	0	0,0%
61-70 anos	/	/	0	0,0%
71-84 anos	/	/	0	0,0%
≥ 85 anos	/	/	0	0,0%
Total	2	100,0%	2	100,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasmortales/fichaMenores/home.htm>

- *Menores vítimas mortais en casos de violencia de xénero contra a súa nai e presuntos agresores, segundo país de nacemento*

País de nacemento	Menores vítimas mortais		Presuntos agresores	
	Número	%	Número	%
España	1	50,0%	1	50,0%
Outro país	1	50,0%	1	50,0%
Total	2	100,0%	2	100,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasmortales/fichaMenores/home.htm>

- Menores vítimas mortais en casos de violencia de xénero contra a súa nai e presuntos agresores, segundo parentesco co presunto agresor e convivencia da súa nai con este

Tipo de relación	Número	%
Filla/o	2	100,0%
Outra relación	0	0,0%
Total	2	100,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMenores/home.htm>

Convivencia	Número	%
Convivían	1	50,0%
Non convivían	1	50,0%
Non consta	0	0,0%
Total	2	100,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMenores/home.htm>

- Menores vítimas mortais en casos de violencia de xénero contra a súa nai, segundo características relacionadas coa tutela institucional desta

Datos actualizados	Número	%
Con unha ou máis denuncias previas	1	50,00%
<i>Interpostas pola nai</i>	1	100,0%
<i>Interpostas por outros</i>	0	0,00%
Sen denuncia previa	1	50,00%
Total	2	100,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMenores/home.htm>

Casos con denuncia previa	Número	%
Continuación do proceso	1	100,00%
Non continuación do proceso	0	0,00%
Non consta	0	0,00%
Total	1	100,00%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMenores/home.htm>

- *Menores vítimas mortais en casos con constancia institucional de violencia de xénero. Solicitude, concesións e vixencia de medidas de protección a favor da vítima menor e/ou da súa nai ou titora legal*

Solicitude/vixencia de medidas concedidas	Número	%
Con medidas solicitadas pola súa nai/ titora legal	1	100,0%
Con medidas solicitadas por outros	0	0,0%
Existían medidas de oficio	0	0,0%
Non consta solicitude de medidas	0	0,0%
Total Casos con constancia institucional	1	100%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMenores/home.htm>

Casos con medidas adoptadas	Número	%
Vixentes	1	100,0%
Non vixentes	0	0,0%
<i>Por renuncia da nai</i>	0	0,0%
<i>Por fin do período de vixencia</i>	0	0,0%
<i>Por outros motivos</i>	0	0,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMenores/home.htm>

- *Menores vítimas mortais en casos de violencia de xénero contra a súa nai con medidas de alonxamento vixentes quebrantadas polo presunto agresor*

Quebrantamento de medidas de alonxamento	Número	%
Sen oposición da nai	0	0,0%
Con oposición da nai	0	0,0%
Non consta	1	100,0%
Total	1	100,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMenores/home.htm>

- *Menores vítimas mortais en casos de violencia de xénero contra a súa nai, segundo tentativa de suicidio*

Tentativa de suicidio	Número	%
Suicidio consumado	0	0,0%
Tentativa non consumada	1	50,0%
Non houbo tentativa	1	50,0%
Total	2	100,0%

Fonte: Ministerio de Igualdade

<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasMortales/fichaMenores/home.htm>


2.5 Ordes de protección solicitadas e adoptadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2022. Comparativa cos datos globais do territorio español

Nos xulgados de violencia sobre a muller, no ano 2022, incoáronse, no territorio español, un total de 39.909 solicitudes de ordes de protección e medidas (dos artigos 544 ter e 544 bis), das cales foron adxudicadas 27.229 o 68% das solicitudes). Das 39.909 solicitudes, atribúenselle a Comunidade Autónoma de Galicia 1.882 solicitudes, das que se resolveron favorablemente 1.267 (o 67% do total).

Total ordes de protección e medidas solicitadas e adoptadas						
Período	Territorio	Incoadas	Resoltas adoptadas	Resoltas inadmitidas	Resoltas denegadas	% adoptadas
1º trimestre	Galicia	452	322	6	124	71,24%
	Total España	9.297	6.488	21	2.787	69,79%
2º trimestre	Galicia	486	344	1	141	70,78%
	Total España	10.584	7.183	61	3.341	67,87%
3º trimestre	Galicia	492	304	0	188	61,79%
	Total España	10.302	6.873	37	3.392	66,72%
4º trimestre	Galicia	452	297	0	155	65,71%
	Total España	9.726	6.685	55	2.985	68,73%
Total	Galicia	1.882	1.267	7	608	67,32%
	Total España	39.909	27.229	174	12.505	68,23%

Fonte: Consejo General del Poder Judicial

Enlace: <https://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Temas/Estadistica-Judicial/Estadistica-por-temas/Datos-penales--civiles-y-laborales/Violencia-domestica-y-Violencia-de-genero/Datos-sobre-Violencia-sobre-la-mujer-en-la-estadistica-del-CGPJ/>



Ordes de Protección e Medidas de protección e seguridade das vítimas dos artigos 544 ter y 544 bis por CC.AA.

CC.AA.	Incoadas	Inadmitidas	Resoltas. Adoptadas	%	Resoltas. Denegadas	%
Andalucía	8.474	61	6.422	76%	1.991	23%
Aragón	951	9	801	84%	141	15%
Asturias	868	3	661	76%	203	23%
Illes Balears	1.396	0	1.123	80%	273	20%
Canarias	1.854	0	1.329	72%	525	28%
Cantabria	405	0	255	63%	150	37%
Castilla y León	1.678	3	1.245	74%	430	26%
Castilla-La Mancha	1.718	3	1.284	75%	431	25%
Cataluña	5.454	17	2.552	47%	2.885	53%
Comunitat Valenciana	5.458	52	4.518	83%	888	16%

Ordes de Protección e Medidas de protección e seguridade das vítimas dos artigos 544 ter y 544 bis por CC.AA.

CC.AA.	Incoadas	Inadmitidas	Resoltas. Adoptadas	%	Resoltas. Denegadas	%
Extremadura	912	12	696	76%	204	22%
Galicia	1.882	7	1.267	67%	608	32%
Madrid	5.564	1	2.587	46%	2.976	53%
Murcia	1.552	6	1.228	79%	318	20%
Navarra	414	0	297	72%	117	28%
País Vasco	1.030	0	713	69%	317	31%
La Rioja	299	0	251	84%	48	16%
España	39.909	174	27.229	68%	12.505	31%


Fonte: Consejo General del Poder Judicial

Dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, foi na provincia da Coruña na que máis ordes de protección e medidas se incoaron (804), e onde máis se adoptaron (620). A menor porcentaxe de adoptadas en relación coas incoadas dáse na provincia de Pontevedra (53%), e a maior porcentaxe de ordes de protección e medidas adoptadas foi nas provincias de Ourense (77%) e A Coruña (77%) seguidas de Lugo (59%).


Ordes de protección e medidas solicitadas e adoptadas en Galicia por provincias					
Provincia	Incoadas	Resoltas adoptadas	Resoltas inadmitidas	Resoltas denegadas	% adoptadas
A Coruña	804	620	3	181	77%
Lugo	212	125	0	87	59%
Ourense	263	202	4	57	77%
Pontevedra	603	320	0	283	53%
Total	1.882	1.267	7	608	67%

Fonte: Consejo General del Poder Judicial

Enlace: <http://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Temas/Estadistica-Judicial/Estadistica-por-temas/Datos-penales--civiles-y-laborales/Violencia-domestica-y-Violencia-de-genero/Datos-sobre-Violencia-sobre-la-mujer-en-la-estadistica-del-CGPI/>



▪ **Distribución das Ordes e medidas de protección e seguridade por tipo de vítima**



Fonte: Consejo General del Poder Judicial

2.6 Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2022. Comparativa co total presentadas no territorio español

Nos xulgados de violencia sobre a muller, no ano 2022, rexistráronse, no conxunto do territorio español, un total de 182.073 denuncias por violencia de xénero, ao mesmo tempo que se contabilizaban 16.839 renuncias por acollerse a vítima á dispensa de declarar como testemuña (un 9,5% do total). Das 182.073 denuncias, compútanselle á Comunidade Autónoma de Galicia 7.029 (3,8%), das cales en 351 a vítima acolleuse á dispensa de declarar como testemuña (un 0,2% do total).

Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre A Muller					
Período	Territorio	Denuncias recibidas	Renuncias (a vítima acóllese á dispensa de declarar como testemuña)	Ratio renuncias/denuncias	Ratio ordes/denuncias
1º trimestre	Galicia	1.695	88	5,2%	28,00%
	Total España	41.765	3.809	9,1%	23,00%
2º trimestre	Galicia	1.813	97	5,4%	26,80%
	Total España	45.743	4.167	9,1%	23,80%
3º trimestre	Galicia	1.854	80	4,3%	26,50%
	Total España	49.479	4.344	8,8%	21,50%
4º trimestre	Galicia	1.667	86	5,2%	27,5%
	Total España	45.091	4.519	10%	22,4%
Total 2022	Galicia	7.029	351	5%	27,2%
Total 2022*	España	182.073	16.839	9,2%	22,6%

Fonte: Consejo General del Poder Judicial

Enlace: <http://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Temas/Estadistica-Judicial/Estadistica-por-temas/Datos-penales--civiles-y-laborales/Violencia-domestica-y-Violencia-de-genero/Datos-sobre-Violencia-sobre-la-mujer-en-la-estadistica-del-CGPJ/>


**Datos dos informes trimestrais e anual de 2022 do CGPJ. Na dada de elaboración do presente informe, non existindo corrección algunha, obsérvase que nas sumas dos datos dos informes trimestrais non coinciden co total de España que aparecen no informe anual.*

Dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, foi na provincia da Coruña na que máis denuncias se recibiron nos xulgados de violencia sobre a muller (2.932), seguida de Pontevedra (2.332). A ratio entre renuncias, por acollerse a vítima á dispensa de declarar como testemuña, e denuncias é do 9,7% na provincia de Lugo, do 6,10% na provincia de A Coruña, do 3% en Pontevedra e do 2,42% en Ourense. É na provincia da Lugo na que a ratio entre ordes de protección incoadas e denuncias recibidas é maior (29%).

Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller de Galicia por provincias				
Provincia	Denuncias recibidas	Renuncias (a vítima acóllese á dispensa de declarar como testemuña)	Ratio renuncias/denuncias	Ratio ordes/denuncias
A Coruña	2.932	179	6,10%	27%
Lugo	730	71	9,73%	29%
Ourense	1.035	25	2,42%	25%
Pontevedra	2.332	76	3,3%	26%
Total	7.029	351	5%	27,2%

Fonte: Consejo General del Poder Judicial

Enlace: <http://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Temas/Estadistica-Judicial/Estadistica-por-temas/Datos-penales--civiles-y-laborales/Violencia-domestica-y-Violencia-de-genero/Datos-sobre-Violencia-sobre-la-mujer-en-la-estadistica-del-CGPJ/>



3. MEDIDAS E ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA AO LONGO DO ANO 2022, NO MARCO DA LEI 11/2007, GALEGA PARA A PREVENCIÓN E O TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO

3.1 Introducción

A Lei parte de 7 principios xerais que orientan todo o seu contido:

1- A violencia é considerada como unha forma extrema de desigualdade entre homes e mulleres. Segundo este principio, constitúe unha das formas máis graves de discriminación cara as mulleres, e por conseguinte, atenta radicalmente contra o principio de igualdade, principio constitucional do noso Estado Democrático e de Dereito.

Este postulado leva implícito que as políticas para loitar contra a violencia dirixida ás mulleres, están intimamente vinculadas ao logro da igualdade entre as persoas e que, en definitiva, o obxectivo último de toda intervención en violencia de xénero deba ir dirixido a modificar a estrutura básica e universal de desigualdades e asimetría nas relacións entre homes e mulleres.

2- O carácter integral tradúcese en varios aspectos. Por un lado, a erradicación da violencia é unha cuestión pública e compete aos poderes públicos a súa abordaxe, tanto na prevención como no tratamento. Por outro lado, obriga a todas as instancias a intervir na totalidade dos danos ocasionados ás vítimas e en todas as fases do proceso (detección, denuncia, asistencia, recuperación, reinserción, etc.).

3- O seu tratamento é complexo, transversal e multidisciplinar e esixe incorporar un enfoque global.

4- Os instrumentos de intervención deben partir dunha análise diferenciada e sistemática das necesidades específicas de ambos sexos e do diferente impacto que as políticas públicas teñen sobre mulleres e homes, na formación especializada en xénero dos operadores públicos e no desenvolvemento de accións combinadas dirixidas ás mulleres e accións xerais para toda a sociedade.

- 5- Incorpora a lei o concepto de vitimización secundaria: unha persoa que resulta vitimizada pola vivencia de situacións de maltrato pode volver a ser vitimizada ao recorrer ás institucións ou a profesionais de axuda se estes non fan un axeitado manexo da intervención. Evitar a segunda vitimización ou retraumatizacións debe ser un obxectivo inmediato e, para iso, a lei contempla medidas que garanten a especialización e a formación en xénero de todos os colectivos profesionais que interveñen no proceso e a integridade psicolóxica, autonomía social e económica das mulleres, a través da disposición dos recursos axeitados.
- 6- Así mesmo, promulga os principios de cooperación e coordinación: estes principios deben inspirar as actuacións de todos os poderes públicos para optimizar os recursos, os mecanismos e a eficiencia das políticas, así como a participación dos colectivos e asociacións de mulleres; en definitiva, a organización da sociedade civil fronte ao maltrato.
- 7- Tamén está presente o principio de equidade territorial: Con este principio a lei pretende asumir a realidade da dificultade de acceso aos recursos e á información de moitos colectivos de mulleres, especialmente ás que viven no medio rural. Así, o desenvolvemento da rede de recursos e mecanismos de protección deberá ter en conta sistemas de compensación destes desequilibrios territoriais.

Título I: Prevención da violencia de xénero

Neste apartado faise referencia ás disposicións adoptadas e enfocadas a abordar diferentes medidas de prevención da violencia de xénero, como son as dirixidas a unha axeitada sensibilización social, resaltando o papel que deben cumprir os medios de comunicación, as medidas de investigación e formación e, por último, as medidas no ámbito educativo.

Capítulo I: Medidas de sensibilización contra a violencia de xénero

Artigo 6. Deseño, elaboración e difusión de campañas.

Artigo 7. Fomento do movemento asociativo.

Artigo 8. Actividades culturais e artísticas.

Artigo 9. Tratamento da información.

Artigo 10. Convenios de autorregulación.

Artigo 11. Contidos e publicidade en relación coa violencia de xénero.

Ao longo do ano 2022 e coa finalidade de favorecer que todos os colectivos, ámbitos públicos e privados, así como toda a sociedade en xeral, acaden unha sensibilidade cara este grave problema social e sobre o que urxe dar unha resposta eficaz, leváronse a cabo desde diversos departamentos da Xunta de Galicia importantes actuacións neste sentido:

Artigo 6: Deseño, elaboración e difusión de campañas

➤ Campaña do 25 de novembro 2022: Día Internacional contra a violencia de xénero

Con motivo da conmemoración do Día Internacional contra a violencia de xénero, no marco das campañas institucionais que se realizan anualmente o 25 de novembro, a **Secretaría Xeral da Igualdade reeditou a campaña “NON á violencia de xénero”**.

Con este lema, a Xunta quere dicirlle NON a todas as formas de violencia recollidas na Lei 11/2017, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia xénero, é dicir, a violencia física, psicolóxica, económica e sexual, así como os abusos sexuais, o acoso sexual e a trata de mulleres e nenas con fins de explotación. A campaña tamén di non ao maltrato, ao maltratador e ao machismo.

Co obxectivo de sensibilizar á cidadanía e buscar a complicidade de toda a sociedade para erradicar a violencia contra as mulleres, a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Medios, difundiu activamente a campaña institucional en prensa escrita, radio, internet e portais dixitais:

- Número de spots elaborados: 2, un para Internet e redes sociais e outro para TV.
- Número de impresións de internet en medios dixitais: 3.485.501
- Número de cuñas de radio elaboradas: 2 cuñas, que se emitiron 412 veces.
- Anuncios publicitarios sobre a campaña coa emisión de 68 pases na Televisión de Galicia e nunhas 30 cuñas nas emisoras de radio galega que se emitiron entre o 15 e o 25 de novembro de 2022.
- Publicación de 27 anuncios nos xornais da comunidade.
- Número de soportes exteriores con campaña: 60 valos repartidos por toda Galicia e tres autobuses nas cidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela.

- Número de persoas potenciais receptoras da campaña: Estímase que a campaña chegou ao 80% das galegas e dos galegos maiores de 14 anos. Unhas 1.920.000 persoas que viron, de promedio, máis de tres veces os anuncios.

Ademais, e como en aos anos anteriores, o Consello da Xunta aprobou unha Declaración Institucional con motivo do día 25 de novembro.

➤ **Outras actuacións levadas a cabo pola Xunta entorno ao día 25 de novembro foron:**

- **Andaina contra a violencia de xénero: “Camiño ao respecto”**

O 20 de novembro de 2022, máis de 5.600 persoas sumáronse a que foi a décima edición da Andaina contra a Violencia de Xénero que organiza a Xunta con motivo do 25-N, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, e que percorreu o traxecto que vai do Monte do Gozo á Praza do Obradoiro en Santiago de Compostela en sinal de rexeitamento á violencia de xénero e en apoio ás súas vítimas.

A participación na andaina tamén se puido realizar na modalidade virtual, dispoñible ata o 27 de novembro, compartindo imaxes camiñando polos seus concellos ou nas redes sociais, acompañadas do hashtag “#camiñoaorespecto” por e-mail contacto@caminoaorespecto.gal ou por Whatsapp.

Participaron nesta iniciativa uns centos de persoas, alén dos outros miles que o fixeron de maneira virtual.

- **Concurso de imaxes gráficas e pezas audiovisuais con motivo do 25 de Novembro de 2022, Día internacional contra a violencia de xénero, dirixido aos centros educativos**

Con motivo da celebración do 25 de novembro, a Secretaría Xeral da Igualdade e a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa convocan un Concurso de imaxes gráficas e pezas audiovisuais, cuxo obxecto é a realización de traballos coa finalidade de promover a reflexión sobre a loita contra a violencia de xénero dentro dos centros educativos de Galicia, a través dunha acción que fomente a participación cidadá no rexeitamento público e frontal contra a violencia de xénero e sensibilizar sobre a importancia de valores como o respecto e a igualdade entre mulleres e homes.

Pode participar calquera centro educativo de ensino non universitario que imparta ensinanzas de primaria, ESO, bacharelato, formación profesional e ensinanzas especiais de artes plásticas e deseño da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante equipos constituídos por un ou unha docente e cun máximo de 8 alumnas e alumnos.

Establécense tres categorías de participación (1ª categoría: alumnado de 5º e 6º de primaria e 1º e 2º da ESO e de educación especial; 2ª categoría: alumnado de 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de bacharelato, de FP básica, de ciclos de grao medio e de ciclos de grao superior; e 3ª categoría: alumnado das ensinanzas especiais de artes plásticas e deseño) e dúas modalidades, "Imaxe gráfica", consistente na realización dun traballo gráfico (cartel, cómic, ilustración, debuxo...), e "Peza audiovisual", consistente na realización dun traballo audiovisual (curtas, videoclips, performances, flashmob, danza, videopoemas, textos recitados...).

Máis de cen centros educativos participaron na convocatoria, á que se presentaron 140 lemas con mensaxes de rexeitamento da violencia machista.

Todos os traballos foron avaliados por un xurado composto polas persoas integrantes da Comisión asesora de publicidade non sexista, a Secretaría Xeral da Igualdade, e a Consellería de Educación.

Os centros, e lemas gañadores nas distintas categorías foron:

- 1ª categoría: alumnado de 5º e 6º de primaria e 1º e 2º da ESO e educación especial.

Modalidade imaxe gráfica:

- 1º posto: alumno do IES Anxel Fole, de Lugo polo traballo ***"Non sexas o seu xoguet"***.
- 2º posto: alumno do Colexio Santo Ángel, de Ourense por ***"Sempre hai portas por abrir"***.

Modalidade audiovisual:

- 1º posto: Traballo en equipo do alumnado do CEIP Mestre Martínez Alonso de Pontevedra por ***"Entendes ou non"***.
- 2º posto: Traballo en equipo do alumnado do CEIP Pintor Antonio Fernández de

Pontevedra, por ***"Trata como queiras que te traten!!"***

- 2ª categoría: alumnado de 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de bacharelato, de FP básica, de ciclos de grao medio e de ciclos de grao superior.

Modalidade de imaxe gráfica:

- 1º posto: traballo en quipo do alumnado do IES de Sar, de Santiago de Compostela por ***"O amor non morde"***.
- 2º posto: traballo en quipo do alumnado do IES Salvaterra de Miño, de Salvaterra de Miño por ***"Abre os ollos, están matando mulleres"***.
- Accésit: CIFP Leixa, de Ferrol polo cartel ***"A violencia non che dá poder"***.

Modalidade audiovisual:

- 1º posto: alumnado do IES Fernando Blanco, de Cee por ***"Control virtual, violencia real"***.
- 2º posto: alumnado do IES Monte Castelo, de Burela por ***"Non cales, fala"***

➤ **OUTRAS ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DA PREVENCIÓN E DA SENSIBILIZACIÓN FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO**

▪ **Campaña Agresión OFF: Eu digo non á violencia sexual**

No ano 2022 desenvolveuse unha nova edición da campaña Agresión Off, para sensibilizar á cidadanía contra das violencias sexuais e outorgarlle a información necesaria para facerlle fronte. Desde o 26 de setembro ata o 23 de decembro instaláronse puntos de información pública en feiras, festivais, concertos e eventos que se celebraron por toda Galicia, co obxectivo de chegar ás mozas que se congregan nos mesmos. Os expositores ofreceron actividades lúdico formativas, con dinámicas de participación activa a través do xogo, con materiais pedagóxicos de igualdade e talleres, dirixidas tanto a persoas adultas como menores de idade. A campaña, que chegou tamén aos centros educativos, desenvolveuse en 43 concellos galegos, todos eles están incluídos na Rede de entidades locais contra a violencia de xénero constituída no ano 2012 a través dun convenio de colaboración asinado entre a Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

Durante desta campaña, desenvolvéronse as seguintes actuacións:

- Actividades de información sobre a violencia sexual en particular, e sobre a violencia de xénero en xeral, coa finalidade de sensibilizar e concienciar ao público asistente da importancia de romper coas condutas violentas e non igualitarias, tanto nas relacións sociais como de parella, principalmente entre a xente nova.
- Realización de actividades lúdico formativas diversas.
- Distribución de material de prevención e atención a vítimas da violencia sexual.

Datos:

N.º de eventos nos que se desenvolveu a campaña: 43

N.º de persoas participantes nas accións de sensibilización: 6.726 (4.036 mulleres e 2.690 homes)

Material distribuído no marco da campaña: 31.949 unidades

○ **IV Xornada de sensibilización e prevención da violencia sexual na mocidade. Agresión off nas Universidades**

O 14 de novembro a Secretaría Xeral de Igualdade, en colaboración coas Oficinas para a Igualdade de Xénero das tres universidades galegas, organizaron a cuarta edición das Xornadas Agresión OFF, que se celebrou en Santiago de Compostela.

A xornada consistiu nun programa de relatorios arredor da violencia de xénero na contorna universitaria, as experiencias nos campus europeos e norteamericanos, o traballo en igualdade e a prevención da violencia contra as mulleres nas universidades españolas, as medidas para afrontala nos campus galegos e os retos e oportunidades fronte ás violencias machistas. As sesións de conferencias desenvolvéronse no Salón de Actos da Facultade de Medicina e Odontoloxía da USC. Ademais, a xornada incluíu tamén unha sesión de tarde, destinada á exposición de traballos académicos elaborados polo alumnado en materia de violencia nos campus e á realización de obradoiros de autodefensa fronte as violencias dixitais, narrativas das violencias de xénero e novas masculinidades, que tiveron lugar no

Auditorio da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC.

Participaron nesta campaña, tanto de xeito presencial como por conexión online, máis de 222 persoas.

○ **Campaña “Non debería pasar, pero pasa”**

O obxecto desta campaña é dar visibilidade e concienciar sobre aquelas condutas e accións que son consideradas violencia de xénero e que deben ser rexeitadas no día a día da sociedade en xeral, xa que certas accións, como o acoso na rúa, a violencia psicolóxica, emocional, física e sexual, tal e como indican os números, estanse a incrementar de xeito evidente. Así, trátase de dar visibilidade a situacións cotiás que as mulleres sofren de xeito constante e que son consideradas violencia machista, reforzando o seu rexeitamento a través de medios audiovisuais, como son anuncios de televisión, radio e publicidade exterior.

Datos da campaña:

- N° de insercións en prensa: 60
- N° de insercións en prensa internacional: 2
- N° de impresións en medios dixitais: 10.681.666
- N° de cuñas de radio emitidas: 419
- N° de emisións TV: 29
- N° soportes exteriores coa campaña: 53
- N° de persoas potenciais receptoras da campaña: 2,77 millóns
- N° de mulleres que viven no rural potenciais receptoras da campaña: 780.000
- N° de insercións complementarias de cuñas en medios dixitais: 50
- N° de insercións complementarias de banners en medios dixitais: 25

○ **Campaña “Igualdade followers”**

Campaña realizada en colaboración coa Asociación de Periodistas Galicia (APG) coa que se pretende trasladar a sociedade en xeral, e en concreto a mocidade en xeral, mensaxes contra a violencia de xénero, a prol da igualdade e contras as discriminacións.

Dezasete persoas relevantes do mundo do deporte, da moda, do xornalismo, da investigación ou as artes, participaron nesta iniciativa, coa finalidade de recompilar testemuñas de personaxes relevantes desde un punto de vista multidisciplinar, para achegarlle á sociedade como identificar, primeiro, e despois como combater as desigualdades que aínda persisten.

Datos da campaña:

- N° de impresións en medios dixitais:
 - Instagram: 13,5 mil
 - Facebook: 6,5 mil
 - Twitter: Máis de 18,9 mil
 - N° incremento de *followers* nos perfís oficiais:
 - Instagram: 383
 - Facebook: 215
 - N° de interaccións totais: 650
- **Difusión das campañas informativas fronte á violencia de xénero e ás agresións sexuais no evento internacional "Galicia Classic Surf Pro"**

No ano 2022 volveuse renovar a colaboración co Clube Praia de Pantín para a difusión de campañas do Goberno galego contra a violencia de xénero no "Abanca Pantín Classic Galicia Pro 2022", un campionato mundial considerado como un dos principais eventos internacionais deportivos de surf, que conta cun público moi numeroso, maiormente xente moza.

A finalidade é apoiar o labor de información e difusión que no ámbito da prevención e sensibilización contra a violencia de xénero desenvolve este Clube no marco da Galicia Classic Surf Pro, campionato mundial do que o Clube é organizador, dentro das medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, en concreto as referidas ao desenvolvemento de campañas de prevención e sensibilización fronte a violencia de xénero, que teñan como destinatarios principais as nenas e os nenos, adolescentes e mocidade,

para que interioricen a igualdade como un valor esencial para a convivencia entre mulleres e homes.

Este evento deportivo tivo lugar entre o 9 e o 17 de xullo de 2022 e no stand do Clube praia de Pantín proporcionouse información sobre prevención da violencia de xénero. Ademais, tamén se realizou a difusión a través de soportes físicos e dixitais, integrando as campañas contra a violencia de xénero da Xunta de Galicia nos soportes utilizados e nas ferramentas de marketing dixital do evento, e activando as ditas campañas tamén en redes sociais.

- **Elaboración de materiais diversos para a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero**

Continúase durante o ano 2022 coa elaboración de materiais diversos para a promoción da igualdade e a prevención da violencia machista nos centros educativos, a través do programa "Donas de si", incluído dentro do Plan Proxecta, en desenvolvemento das medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero:

- Púxose ao dispor dos centros educativos o acceso á película "Emilia Pardo Bazán, A Condesa Rebelde", que relata a vida da escritora galega Emilia Pardo Bazán. Mediante este proxecto posibilitouse o visionado da película en todos os centros educativos de primaria e secundaria de Galicia, coa finalidade de facilitar que este alumnado poda achegarse á mensaxe educativa sobre a figura de Emilia Pardo Bazán.
- Edición das fichas didácticas "Aprende coas mulleres galegas", nas que se inclúen actividades para coñecer e afondar na vida de diferentes mulleres referentes intelectuais de Galicia, coa finalidade de concienciar sobre a invisibilización destas mulleres e amosar as súas contribucións e o seu coñecemento á sociedade.

- **Proxecto de empoderamento de mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social**

Tamén se renovou no ano 2022 o convenio de colaboración coa Fundación Juan Soñador para o desenvolvemento do Proxecto Malaikas, de empoderamento de mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social, con intervención nas cidades de A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.

A Fundación Juan Soñador é unha entidade de carácter social sen ánimo de lucro, que ten entre as súas actividades fundacionais “Desenvolver proxectos de promoción social de barrio populares cun alto índice de problemática social, mediante proxectos socioeducativos, culturais, de ocio e tempo libre, de educación de rúa, de promoción da muller e igualdade de xénero”. Dentro do seu programa Teranga, de atención integral a persoas migrantes, encádrase o proxecto Malaikas, para o empoderamento de mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social, que ten entre os seus obxectivos incrementar as redes de apoio social das mulleres, mellorar o seu benestar emocional e a posibilidade de afrontar situacións persoais, familiares e sociais, a través de espazos grupais e comunitarios, así como sensibilizar á cidadanía sobre a situación das mulleres migrantes, a través dun enfoque de igualdade e xénero.

Este proxecto desenvolveuse, en cada cidade, cun grupo de mulleres coas que se realizaron actividades de acollida diaria; encontros formativos, obradoiros e encontros grupais, fomentando a estabilidade do grupo para crear un vínculo; encontros lúdico festivos (con saídas en grupo, excursións pola cidade, festas de aniversarios, celebracións, gastronomía, etc. abertos a todas as mulleres que participan no espazo de acollida); encontros de alianzas, favorecendo as relacións entre as participantes incluso fora do espazo do centro; así como a creación dun espazo de sensibilización, para dar visibilidade e comunicar á cidadanía a situación das mulleres migrantes.

Empregáronse as redes sociais, facebook, twitter, así como a propia páxina Web da Fundación Juan Soñador.

Resultados:

Accións desenvolvidas	
Obxectivos de participación	Resultados
Acollida e información	276 mulleres
Obradoiros formativos	108 mulleres
Espazos lúdico-festivos	35 mulleres
Encontros de alianzas	23 mulleres

➤ **Accións contra a violencia de xénero entre poboación refuxiada e desprazada**

Durante o ano 2022, a **Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea**, da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en colaboración co Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR) e a Axencia de Nacións Unidas para os refuxiados de Palestina en España (UNRWA- España), desenvolveu diferentes proxectos dirixidos á prevención da violencia de xénero e atención e tratamento das vítimas, ao abeiro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero:

- **Loita contra a violencia sexual e de xénero (VSX) e a discriminación socioeconómica das mulleres na República Democrática do Congo (RDC)**

Proxecto de acción humanitaria nun contexto de desastre por conflitos armados latentes, con violación sistemática dos dereitos humanos, sobre todo da muller, e máis especificamente da muller refuxiada centroafricana, coa finalidade de garantir o dereito á seguridade, á integridade física e á igualdade entre homes, mulleres e nenas refuxiadas centroafricanas residentes na provincia de Nord-Ubangui na RDC, e no cal se desenvolveron as seguintes liñas de traballo:

- 1.-Promoción da participación activa de mulleres e nenas en órganos comunitarios de decisión como son os comités de refuxiados/as e comité de mulleres.
- 2.-Denuncia da vulneración de dereitos das persoas refuxiadas centroafricanas durante as actividades de capacitación e mobilización social.
- 3.-Loita contra a violencia sexual cara ás mulleres e as nenas, e fortalecemento das capacidades das organizacións de defensa e promoción de DDHH como son as estruturas comunitarias de protección- comités de refuxiados/as e grupos de mulleres.
- 4.-Asistencia legal a sobreviventes de violencia sexual e de xénero (VSG) nun contexto moi deficitario en canto ao acceso a servizos neste ámbito e atención psicosocial a nenas.
- 5.-Promoción social que está intimamente ligada con procesos educativos que privilexian a capacitación, como no caso das formacións sobre actividades xeradoras de ingresos,

sobre prevención de VSG e apoio psicosocial e legal ademais de técnicas de sensibilización e mobilización social.

En concreto, creáronse 11 grupos de homes implicados na loita contra a violencia de xénero, cada un composto por 10 membros (4 en Bili e 7 en Gbadolite). Ademais, realizáronse 10 sesións de promoción dos dereitos das mulleres e as nenas, tanto as refuxiadas centroafricanas como as congoleñas das comunidades de acollida das zonas de Gbadolite, Yakoma, Bili, Zongo e Libenge.

Realizáronse tamén 8 formacións de 176 axentes sobre primeiros auxilios psicolóxicos en Gbadolite, Bili, Libenge, Zongo e Yakoma (88 Mulleres e 88 Homes) fronte ás 3 previstas neste proxecto-. 90 refuxiados e 86 membros da comunidade de acollida participaron nestas formacións. Estas formacións facilitaron o rexistro posterior de 352 casos de incidentes de violencia de xénero de mulleres- deles 175 casos de violación (perpetrados na súa maioría nos campos e entre a propia poboación refuxiada centroafricana) e a derivación temperá a servizos de asistencia médica, psicosocial e legal e de reinserción socio-económica nalgún dos casos.

- **Protección e atención fronte a violencia machista para as mulleres vítimas e sobreviventes de violencia de xénero dos campos de poboación refuxiada de Palestina na Franxa de Gaza**

A intervención realizada contribuíu a garantir o dereito das mulleres refuxiadas de Palestina na Franxa de Gaza á liberdade, á seguridade e á vida, libres de violencia machista durante o ano 2022. O proxecto fortaleceu o sistema de prevención e atención ás vítimas de violencia de xénero. Contratouse localmente a 11 terapeutas, que foron responsables da prevención, atención e tratamento das mulleres vítimas de violencia machista en once centros de saúde de UNRWA na Franxa de Gaza. 2.069 mulleres foron atendidas en sesións de prevención, atención e tratamento de casos de violencia de xénero nas sesións individuais. No marco das sesións individuais, tratáronse 1.075 casos de violencia de xénero. Detectáronse ademais 630 casos de mulleres que sofren violencia de xénero: o 56 % dos casos detectados de violencia machista foron derivados ao servizo de asesoría xurídica e o 38% dos casos de violencia de xénero detectados foron remitidos ao servizo de

asesoramento xurídico. O 89,4% das participantes nas sesións de psicoeducación e sensibilización sobre a violencia de xénero foron mulleres. Ademais, 6.612 persoas participaron nas sesións psicoeducativas e de sensibilización comunitaria.

- **Servizos integrados para a prevención e resposta aos problemas de protección da infancia, incluída a violencia de xénero no distrito de acollida de refuxiados de Yumbe – Uganda**

O obxectivo desta intervención era reforzar a contorna de protección dos nenos e as nenas nas comunidades de refuxiados e de acollida do distrito de Yumbe, en Uganda. Para logralo, traballouse co fin de reforzar o sistema de protección do Goberno de Uganda a nivel de distrito. Así mesmo, proporcionáronse servizos directos de prevención e resposta aos nenos e as nenas de Bidibidi, o maior asentamento de refuxiados de Uganda e das comunidades de acollida circundantes.

Entre as estratexias empregadas cabe citar: a) a celebración de reunións trimestrais periódicas de coordinación multisectorial dirixidas polo Goberno Local do Distrito de Yumbe, co apoio de UNICEF e outros asociados, b) o fortalecemento da funcionalidade da vía de remisión para a xestión dos casos de protección da infancia e c) o reforzo dos coñecementos e as capacidades en materia de protección da infancia, a través formación e a titoría das estruturas comunitarias e os provedores de servizos (sanitarios, policía e benestar social), para mellorar as capacidades a diferentes niveis en materia de prevención, identificación, mitigación e resposta aos riscos e necesidades de protección infantil.

No marco do mesmo, 790 nais/pais/coidadores/as (436 homes, 354 mulleres) foron atendidos/as a través de programas para nais/pais. Tamén, se formou a 238 persoas de estruturas comunitarias, incluídos 88 Comités de Protección da Infancia (43 homes, 45 mulleres) e 150 persoas traballadoras para-sociais (88 homes, 62 mulleres). Ademais, 600 nenos/as (294 nenos, 306 nenas) que sufriron violencia foron atendidos polos servizos de saúde, traballo social ou xustiza/aplicación da lei a través de programas de UNICEF. Así mesmo, 251 nenos/as (121 nenos, 130 nenas) non acompañados/as e separados/as accederon ao coidado familiar ou unha alternativa adecuada e 5.303 nenos/as (2.796 nenos, 2.507 nenas) accederon a apoio psicosocial e de saúde mental.

- **Servizos integrados de prevención e resposta á violencia de xénero e protección infantil para nenos e nenas refuxiadas en Uganda**

Trátase dunha intervención executada en colaboración con "UNICEF Comité Español", coa finalidade de mellorar a prestación de servizos directos de prevención e resposta para as nenas e nenos sobreviventes de diferentes formas de violencia sexual e de xénero, incluída a violación, o matrimonio infantil e forzado, o embarazo na adolescencia entre outras, a través dos servizos de xestión dos casos e actividades psicosociais baseadas na comunidade, do asentamento de refuxiados de Yumbe. Tamén se celebraron reunións de reflexión coas estruturas comunitarias. No marco desta intervención facilitouse que nenas e nenos se beneficiaran de servizos fundamentais. Así, chegouse a 807 nais a través de programas de crianza; 3.111 persoas participaron en accións de sensibilización sobre a igualdade de xénero; identificáronse 199 casos de violencia; atendéronse 97 nenas vítimas de violencia e 2.158 menores participaron en accións de sensibilización.

- **Actuacións de sensibilización contra a violencia de xénero no ámbito deportivo**

En 2022 a Fundación Deporte Galego desenvolveu, ao abeiro do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, campañas de prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero, cuxos destinatarios/as principais foron as nenas e nenos, adolescentes, mozos/as e público en xeral, para que interioricen a igualdade como valor esencial para a convivencia real efectiva e real entre homes e mulleres. As accións desenvolvéronse en espazos deportivos, a través dun plan específico de patrocinio a equipos femininos que compitan na máxima categoría de ámbito nacional. Ademais, a través do Plan de Patrocinio Deportivo aos Equipos de Alta Competición de Galicia, traballouse no deseño e transmisión de contidos relacionados coa loita pola tolerancia, igualdade e non violencia no deporte e na vida, entendendo esta actuación como un medio fundamental para a educación da sociedade sen discriminación e que incumbe a todas as persoas.

A difusión de mensaxes e slogans realizouse tanto en soporte físico (lonas e cartelería), como a través de web e redes sociais. No caso do patrocinio a deportistas participantes nos xogos olímpicos e paralímpicos de Tokyo 2020, tivo unha importante difusión entre as persoas que os seguen a través das redes sociais.

Os partidos celebrados polos equipos patrocinados provocaron un gran número de impactos directos, polas asistentes tanto visitantes e locais, nos que se exhibían logos en camisetas, pancartas, etc. Ademais, estes partidos foron retransmitidos e as redes sociais e web dos equipos fixeron difusión de logos e mensaxes a favor da igualdade e en contra de todo tipo de violencia.

- **Obradoiros "Violencia de xénero e o novo contexto dixital"**

Actividade formativa coa que se pretende, principalmente, sensibilizar sobre a violencia nas redes e a ciberviolencia de xénero no contexto da internet. Para iso trabállase na transmisión de coñecementos e conceptos básicos relacionados co xénero, a igualdade, o respecto á intimidade, e unha boa convivencia na rede e bo uso das redes sociais. Todo iso con enfoque de xénero, e tratando de eliminar estereotipos que perpetúan actitudes sexistas tamén no contexto dixital.

Estes obradoiros foron ofertados aos centros educativos participantes no programa "Por 365 de respecto e igualdade", desenvolvido pola Secretaría Xeral da Igualdade dentro do Plan Proxecta da Consellería Educación Universidade e Formación Profesional. Tamén se ofertou ás entidades locais galegas adheridas á Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa FEGAMP.

No ano 2022 desenvolveuse esta actividade nun total de 20 localidades das catro provincias galegas.

- **"Hai saída grazas a ti", encontro-debate sobre a abordaxe da violencia de xénero**

Como outra das actuacións ofertadas ás entidades locais galegas adheridas á Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, inclúese a actuación "Hai saída grazas a ti", un encontro-debate sobre a abordaxe da violencia de xénero, con especial énfase na xente moza.

No ano 2022 desenvolveuse esta actividade nun total de 8 localidades das catro provincias galegas.

- **Prevención de situacións de violencia de xénero: curso de defensa persoal e autocapacidades para mulleres e mozas**

A través do convenio de colaboración asinado coa Federación Galega de Loita (Fegaloita), desenvolveuse un proxecto de empoderamento e autocapacidades con mulleres en xeral, e con vítimas da violencia de xénero e sexual en particular, a través de accións de adestramento físico e psíquico, así como da creación de protocolos de actuación para a prevención de situacións de violencia, no marco da Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero. Ademais, a Secretaría Xeral de Igualdade facilítalle á Federación Galega de Loita material informativo e de sensibilización a prol da eliminación da violencia de xénero para distribuílo nas súas accións formativas e pon ademais á súa disposición contidos sobre violencia de xénero para incluír no seu programa formativo. Pola súa parte, instrutores e instrutoras de Fegaloita, cualificados e con experiencia en técnicas de intervención en violencia de xénero, encárganse de formar ás mulleres participantes nos cursos de defensa persoal fronte á situacións de violencia de xénero.

No ano 2022 desenvolveuse esta actividade nun total de 60 localidades, das catro provincias galegas, todas elas adheridas á Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero.

- **Charlas informativas sobre agresións sexuais e violencia sexual**

Estas charlas, a cargo de persoal especializado, é outra das actuacións ofertadas pola Secretaría Xeral da Igualdade ás entidades locais galegas adheridas á Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa FEGAMP.

No ano 2022 desenvolveuse esta actividade nun total de 15 localidades, das catro provincias galegas.

- **Charlas sobre o tratamento da violencia de xénero na publicidade e nos medios audiovisuais**

Entre as actuacións ofertadas pola Secretaría Xeral da Igualdade aos centros educativos participantes no programa "Por 365 días de respecto e igualdade", dentro do Plan Proxecta,

atópase esta charla sobre o tratamento da violencia de xénero na publicidade e nos medios audiovisuais, (véxase páxina 130). cuxo obxectivo é aprender a identificar o sexismo nos medios de comunicación, sinaladamente na publicidade, así como achegarlle ao alumnado ferramentas para facilitar unha ollada crítica en clave de igualdade de xénero; analizar e reflexionar sobre o sexismo nos medios de comunicación e o impacto destes na reprodución dos estereotipos de xénero e valorar a igualdade por razón de xénero como un principio básico e de calidade na publicidade.

No ano 2022 realizáronse estas charlas nun total de 24 centros educativos.

- **Charlas sobre a violencia machista nas relacións de parella na mocidade**

Estas charlas son impartidas por persoal especializado do Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero de Santiago, e foron ofertadas aos centros educativos participantes no programa “Por 365 días de respecto e igualdade”.

No ano 2022 realizáronse estas charlas nun total de 28 centros educativos. (véxase páxina 130).



- **Reserva de praza en campamentos de verán 2022, para fillos e fillas de mulleres vítimas da violencia de xénero**

En colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social, ofertóuselles ás e aos menores dependentes de mulleres vítimas de violencia de xénero que residen ou residiron nos últimos anos nalgún centro de acollida, a posibilidade de participar preferentemente nos campamentos xuvenís organizados dentro do programa Campaña-Verán 2022, a través dunha reserva específica de prazas, coa finalidade de que as/os rapaces empreguen o seu tempo libre vacacional participando en actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo e formativo, que sirvan non só para divertirse senón tamén para o enriquecemento persoal e vital.

Nº rapazas e rapaces beneficiarios destas prazas:

Provincia	Nenos	Nenas	Total
A Coruña	8	7	15
Lugo	4	1	5
Ourense	3	0	3
Pontevedra	18	12	30
Total	33	20	53

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



▪ Prazas en Residencias xuvenís

A Consellería de Política Social, a través da Dirección xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, desenvolveu a Orde do 5 de xullo de 2022, pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas e bolsas para as residencias xuvenís dependentes da Consellería de Política Social e Xuventude para o curso 2022-2023 (códigos de procedemento BS303B, BS303C e BS303D). Na citada convocatoria, do total de prazas reservouse un 9% para mozas que sufran violencia de xénero ou para mozos e mozas cuxas proxenitoras a sufrisen, e establécese, así mesmo, coma un dos criterios de adxudicación de prazas ser muller vítima de violencia de xénero ou persoa solicitante cuxa proxenitora a sufrise.

Convocatoria para o curso académico 2022-2023: 221 prazas.

Concello	Residencia	Nº Prazas BS303B (persoas estudantes non bolseiras)	Nº Prazas BS303C (persoas estudantes colaboradoras bolseiras)	Nº Prazas BS303D (persoas traballadoras)	Violencia xénero
Lugo	Centro Residencial Xuvenil "LUG". Lugo	66	4	6	7
Ourense	Florentino López Cuevillas. Ourense	50	5	5	5
Vigo	Altamar. Vigo	72	6	7	7

Fonte: Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

▪ Subvencións a proxectos de acción voluntaria para programas de prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero

A través da Orde do 12 de maio de 2022, da Consellería de Política Social, regúlanse as bases e convócanse para o ano 2022 as subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil (código de procedemento BS320A). Tal e como se establece no artigo 2.1, entre os proxectos de acción voluntaria a desenvolver por persoas mozas de idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos, inclúense aqueles que desenvolvan "actividades relacionadas coa igualdade de xénero ou aquelas que desenvolvan medidas orientadas á prevención e sensibilización en materia de violencia de xénero".

▪ Centros Quérote+

Os centros Quérote+, dependentes da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, realizan un traballo de información e asesoramento á mocidade en temas relacionados coa sexualidade e a afectividade. Trátase dun servizo orientado a previr condutas abusivas nas relacións entre sexos e a promover os vínculos afectivos saudables e a equidade entre xéneros. Neste marco, a prevención da violencia de xénero é un tema transversal a todas as actuacións que se realizan desde estes centros. (véxase páxina 131)

No ano 2022, desde este servizo atendéronse a 3.663 persoas en temáticas relacionadas coa sexualidade e realizáronse un total de 473 obradoiros en centros educativos, asociacións e concellos, cun total de 10.064 participantes, nos que se traballou a prevención da violencia de xénero.

Así mesmo, desde este servizo trabállase de xeito individual con menores no cumprimento de medidas xudiciais educativas derivadas de delitos sexuais e violencia de xénero.

Tamén se levaron a cabo diferentes actividades de deseño e difusión de campañas relacionadas especificamente coa violencia de xénero. De feito, no marco do *Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller* púxose en marcha o proxecto *“Receita do Bo Trato”* no que se distribuíron 5.000 manteis de papel con contido relacionado coas prácticas de bo trato nas relacións afectivas, como reclamo para visibilizar a responsabilidade afectiva como elemento vertebrador das relacións. A entrega do material divulgativo levouse a cabo nos comedores das tres residencias xuvenís da Consellería de Política Social e Xuventude e nos dous centros residenciais da Consellería de Educación.

Vinculado a esta acción, tamén se desenvolveron dúas intervencións educativas nos devanditos centros, cun total de 30 persoas participantes, para promover actitudes dirixidas a impulsar valores de convivencia respectuosos, sensibilizar e concienciar á mocidade respecto da importancia de crear e manter relacións afectivas de bo trato e adestramento en habilidades para a igualdade.

No ámbito formativo colabórase coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través do Plan Proxecta, no que actualmente xa están

implicados 32 centros educativos. Con este programa preténdese dotar de ferramentas ao alumnado no seu proceso de crecemento e maduración no ámbito da educación para a convivencia entre os sexos.

En concreto, durante o curso académico 2021-2022 realizouse unha oferta formativa a través do CAFI para profesorado baixo o nome *“A educación sexual na aula”*, que contou con 50 persoas participantes, na que se traballaron ferramentas para o desenvolvemento do bo trato e prevención de violencia de xénero.

- **Información, prevención, sensibilización e formación no ámbito da violencia de xénero no medio rural**

Dentro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Consellería do Medio Rural asinaron no ano 2022 un novo acordo de colaboración, co obxectivo de levar a cabo, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), accións de formación, prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero co fin de contribuír á erradicación desta violencia no ámbito rural.

No marco desta colaboración desenvolveuse o proxecto denominado *“Alma Rural”*, que consistiu na celebración dun evento o 15 de outubro do 2022, con motivo do Día internacional das mulleres rurais, o cal serviu para dar a coñecer e fomentar a creación de novos proxectos ao mesmo tempo que potenciar os xa existentes, dándolle visibilidade tanto a estes como ás mulleres que foron capaces de idealos e executalos.

Participaron nestas actuacións un total de 175 persoas (140 mulleres e 35 homes).

Artigo 7: Fomento do movemento asociativo

- **Convocatoria de axudas económicas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres**

No Diario Oficial de Galicia do 21 de abril de 2022 publicouse a Resolución do 9 de maio de 2022 da Secretaria Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres, e se

procede á súa convocatoria para o ano 2022, cuxa finalidade é fortalecer e consolidar o movemento asociativo e potenciar a participación social e a calidade da vida das mulleres galegas a través das seguintes liñas:

- a) Liña 1: consolidación do movemento asociativo, destinada a compensar gastos correntes que orixine o mantemento e funcionamento das asociacións de mulleres e das súas federacións.
- b) Liña 2: promoción de actuacións e actividades singularizadas en materia de igualdade, de prevención da violencia de xénero e de acompañamento das vítimas, con especial incidencia nas mulleres rurais, mulleres maiores e/ou mulleres en situación de vulnerabilidade, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Para o seu financiamento destinouse un crédito por un importe total de 326.366€, dos cales 176.366€ se destinaron á Liña 1 e 150.000€ á Liña 2. Dentro da liña 2 subvenciónase a promoción de actuacións e actividades singularizadas en materia de igualdade, de prevención da violencia de xénero e de acompañamento das vítimas, con especial incidencia nas mulleres rurais, mulleres maiores e/ou mulleres en situación de vulnerabilidade, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

No ano 2022 concedéronse un total de 47 axudas. Non obstante, o número total de asociacións de mulleres beneficiarias foi de 65, posto que algunhas das asociacións de mulleres rurais ás que se lle concedeu a axuda agrupan a outras pequenas asociacións de mulleres. A todas elas hai que engadir 32 federacións ou confederacións de mulleres participantes, o que suma un total de 81 entidades beneficiarias.

Como datos estatísticos a salientar desta convocatoria, sinalar que se realizaron un total de 12 actuacións en materia de prevención da violencia conta a as mulleres e acompañamento das vítimas. Participaron nas actividades desta convocatoria un total de 7.571 persoas (6.321 mulleres e 1.250 homes) e, en concreto, 89 mulleres vítimas de violencia de xénero.

- **Convocatoria de axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, para programas para mulleres en situación de especial vulnerabilidade. (Inclúe as vítimas de violencia de xénero como colectivo de especial vulnerabilidade)**

No Diario Oficial de Galicia do 18 de xaneiro de 2022 publicouse a Resolución do 23 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

Ao abeiro desta convocatoria subvencionouse o desenvolvemento de programas de recursos integrais de atención especializada dirixidos específica e exclusivamente a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, entre as que se inclúen as mulleres vítimas de violencia de xénero ou vítimas de violencia doméstica, e realizados por entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro rexistradas na área de igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS).

Ás subvencións obxecto desta convocatoria destinouse no ano 2022 un crédito por un importe total de 1.400.000€.

Foron beneficiarias desta axuda, 4 entidades, por un importe total de 81.864,52 euros.

DENOMINACIÓN PROGRAMA
Programa senlleiras
Rede veciñal de mulleres
Programa APICO 2021/2022: plan de loita, información e apoio integral para as vítimas de violencia de xénero
Programa Mimosa 2021/2022

- **Convocatoria de axudas económicas destinadas a financiar actividades de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero para as asociacións de nais e pais do alumnado de centros educativos de Galicia**

No Diario Oficial de Galicia do 21 de marzo de 2022 publicouse a Resolución do 9 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as axudas destinadas a financiar actividades de promoción da igualdade e de

prevención da violencia de xénero, financiadas en desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, para as asociacións de nais e pais do alumnado de centros educativos de Galicia.

Ao abeiro desta convocatoria subvencionouse a realización de programas e actividades de difusión, información e formación para a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero, a realizar polas AMPAS, federacións e confederacións de AMPAS, dirixidos ao alumnado de centros educativos non universitarios e/ou ás familias e á comunidade educativa, e que responderan a algunha ou algunhas das tipoloxías recollidas no eixe 1 das medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

O crédito orzamentario total para o financiamento destas axudas foi de 400.000 €.

Como principais datos estatísticos, destacan os seguintes:

- N.º de AMPAS beneficiarias: 668
- N.º de federacións ou confederacións de Ampas beneficiarias: 9
- N.º de accións de formación ou difusión realizadas coas familias: 20.859
- N.º de accións de formación ou difusión realizadas co alumnado: 789
- N.º de centros educativos que participaron nas actividades: 331
- N.º Alumnado participante:

Alumnado participantes	Mulleres	Homes
Educación infantil (3 a 5 anos)	12.675	5.637
Educación primaria (6 a 11 anos)	13.239	12.675
Educación secundaria	5.854	4.999
Bacharelato/FP	1.107	1.161
TOTAL	32.875	24.472

Artigo 8: Actividades culturais e artísticas

▪ Exposición Express-arte

"Express Arte" é unha mostra do traballo feito polas participantes, versionando obras de arte pictóricas, ofrecendo unha perspectiva diferente das realidades representadas nos cadros.

Esta exposición foi ofertada pola Secretaría Xeral da Igualdade aos centros educativos que desenvolven o programa “Por 365 días de respecto e igualdade”, programa de prevención da violencia de xénero desde o ámbito educativo dentro do Plan Proxecta, e aos concellos que forman parte da Rede de entidades locais contra a violencia de xénero, no marco do Acordo de Colaboración asinado coa FEGAMP.

Os centros educativos nos que estivo a exposición foron o IES Ramón Otero Pedrayo de Ourense e o IES Perdouro de Burela.

Ademais tamén expuxo nos concellos de Coirós, Piñor, Monterrei e Muxía.

▪ **Exposición “Á Violencia de Xénero...Dille Non!”**

A exposición “*Á Violencia de Xénero... Dille NON!*”, impulsada pola Xunta de Galicia, está dirixida a axudar á mocidade a recoñecer, identificar e rexeitar condutas sexistas e nocivas nas súas relacións, a visibilizar e crear conciencia social e a impulsar valores como o da liberdade, a tolerancia e o respecto.

Xunto coa exposición, a Secretaría Xeral da Igualdade facilita un caderno divulgativo baseado en dita exposición e que tamén ten por finalidade a prevención e sensibilización da xente moza sobre a violencia de xénero.

Esta exposición foi ofertada pola Secretaría Xeral da Igualdade aos centros educativos que desenvolven, dentro do Plan Proxecta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, o programa “*Por 365 días de respecto e igualdade*”, de prevención da violencia de xénero desde o ámbito educativo, e aos concellos que forman parte da Rede de Entidades locais contra a violencia de xénero, no marco do Acordo de Colaboración asinado coa FEGAMP.

Esta exposición presentouse en 12 centros educativos ademais de en 11 concellos ao longo de Galicia.

- **"Golpes". Espectáculo teatral pedagógico que analiza o impacto da violencia de xénero e tenta concienciar á mocidade na súa prevención**

O espectáculo, denominado "Golpes", da compañía a Antena, dirixido por Xosé Leis e protagonizado pola actriz Estíbaliz Veiga, é un espectáculo directo, que xoga co impacto directo da posta en escena, sen trucos dramatúrxicos ou de escenografía.

Golpes é a vida de Pamela, unha rapaza que nos conta a súa vida, os seus sonhos, como era romántica, que aprendeu dunha relación que non debeu vivir. Tratando e previndo a desigualdade desde onde nacen as relacións (a adolescencia).

Esta actuación foi ofertada pola **Secretaría Xeral da Igualdade** aos centros educativos que desenvolven, dentro do Plan Proxecta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, o programa "Por 365 días de respecto e igualdade", de prevención da violencia de xénero desde o ámbito educativo, e aos concellos que forman parte da Rede de entidades locais contra a violencia de xénero, no marco do Acordo de Colaboración asinado coa FEGAMP.

"Golpes" representouse en 15 centros educativos, así como en 17 concellos.

- **Exposición "*Cartas de Amor*"**

Cartas de Amor é unha mostra do cómic galego sobre violencia de xénero, xa convertida nunha ferramenta de uso continuado desde a Secretaría Xeral da Igualdade, que ten como finalidade sensibilizar á poboación máis nova sobre a existencia de violencia nas súas relacións de parella, nos seus modos de relacionarse. Axudarlles a decatarse de que formas e modos de comportamento habituais como as demostracións de celos, o control sobre a vestimenta da parella, as súas chamadas telefónicas, mensaxes e correos electrónicos, a limitación dos seus movementos en relación ás súas amizades, son en realidade demostracións dun comportamento violento, e polo tanto a eliminalo.

A mostra "Cartas de amor" tamén forman parte dos recursos ofertados pola Secretaría Xeral da Igualdade aos centros educativos participantes no programa "Por 365 de respecto e igualdade", programa de prevención da violencia de xénero desde o ámbito educativo

desenvolvido dentro do Plan Proxecta da Consellería Educación Universidade e Formación Profesional e das actividades ofertadas aos concellos que forman parte da Rede de entidades locais contra a violencia de xénero, no marco do Acordo de Colaboración asinado coa FEGAMP.

“Cartas de amor” expúxose en 13 centros educativos, e tamén nos concellos de Tordoia, Valdoviño, Muíños, Ourense e Bueu.

- **Actuacións de sensibilización e prevención da violencia de xénero dos departamentos dependentes da Secretaría Xeral de Cultura (Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades)**

Actividades dos Arquivos

Arquivo de Galicia (Santiago de Compostela)

Durante o ano 2022, no Arquivo de Galicia leváronse a cabo actividades de difusión coa finalidade de contribuír a concienciar á sociedade sobre a necesidade de eliminar calquera limitación que poda afectar á liberdade das persoas por razón do seu xénero. En concreto realizáronse as seguintes:

- 1) Exposición virtual: *Mulleres sobranceiras: Entre a economía doméstica e o mundo empresarial.*

Mulleres sobranceiras é unha serie de mostras documentais que o Arquivo de Galicia organiza para celebrar o Día Internacional da Muller, o día 8 de marzo de cada ano. No ano 2022 dedicouse a reflexionar sobre o papel tradicionalmente desempeñado polas mulleres na economía familiar, tanto no ámbito doméstico como a través da súa incorporación ao mercado laboral. Para iso seleccionáronse 36 documentos procedentes de fondos públicos e privados custodiados no Arquivo de Galicia ilustrativos, por unha banda, da tradicional dedicación a traballos non retribuídos dentro do ámbito familiar e, por outra, da tímida incorporación ao traballo remunerado mostrando exemplos de mulleres que conseguiron escapar dese papel secundario chegando a ter os seus propios negocios.

2) Actividade nas redes:

Foron publicadas na conta institucional de Facebook 7 noticias, tres delas difundindo a exposición de Mulleres sobranceiras e outras 4 difundindo documentos que poñen de relevo diferentes aspectos relacionados coa condición feminina:

2 de marzo: Inauguración da exposición *"Mulleres sobranceiras: Entre a economía doméstica e o mundo empresarial"*.

"O próximo martes 8 de marzo terá lugar a inauguración da nova exposición da serie Mulleres Sobranceiras que o Arquivo de Galicia adica cada ano ao Día da Muller. Trátase dunhas 36 pezas entre documentos textuais, fotografías, planos e debuxos que reflicten a inferior consideración do traballo remunerado feminino con respecto ao masculino ata finais do século XX. A asunción de responsabilidades no traballo doméstico é causa de que na maioría de ocasións o seu salario teña a consideración de mero complemento da economía familiar. Mais, a pesar de todo, houbo mulleres que conseguiron escapar dese papel secundario chegando a ter os seus propios negocios, mesmo en actividades tan "masculinas" como as estacións de servizo ou o comercio de importación..."

Xa sabedes, o martes día 8 estades todos convidados. A hora está aínda por confirmar, vos iremos informando".

7 de marzo: Inauguración da exposición: *"Mulleres sobranceiras: Entre a economía doméstica e o mundo empresarial"*.

"Todo listo para a inauguración da exposición mañá ás 11:00 horas. A través de seis vitrinas pretendemos unha mirada aos documentos desde unha perspectiva de xénero que nos permita comprender o papel desenvolvido polas mulleres na economía familiar ao longo da historia, tanto no ámbito doméstico como a través da súa participación no mercado laboral."

8 de marzo: Inauguración da exposición: *"Mulleres sobranceiras: Entre a economía doméstica e o mundo empresarial"*.

"Hoxe ás 11:00 tivo lugar a inauguración oficial da exposición "Mulleres sobranceiras: entre a economía doméstica e o mundo empresarial". Esta exposición forma parte da serie que cada

ano organiza o Arquivo de Galicia con motivo de Día Internacional da Muller. Nesta ocasión pretendemos reflexionar sobre o papel tradicionalmente desempeñado polas mulleres na economía familiar, tanto no ámbito doméstico como no do mercado laboral. A exposición pode visitarse todos os días da semana, en horario de mañá e tarde, no edificio do Arquivo e Biblioteca de Galicia ata o vindeiro mes de decembro”

14 de marzo de 2022: A formación das nenas.

O ensino ata practicamente os anos setenta do pasado século contemplaba para a muller un papel secundario xa que a súa formación estaba dirixida aos traballos do fogar. Deste xeito a Lei Moyano (1857), aínda que fai obrigatorio o ensino feminino por primeira vez en España, reserva para os nenos a formación en temas como industria, comercio, xeometría ou agrimensura, reservando para as nenas coñecementos das labores propias do seu sexo, o debuxo aplicado as labores ou a hixiene doméstica.

No libro da biblioteca de Ramón Bustelo, patriarca da familia Bengoechea e home preocupado pola formación da súa prole, atopamos as nocións que as nenas deben aprender nas escolas e colexios de primeiro ensino.

Arquivo de Galicia. Santiago de Compostela. Casa da Banca e Comercio Bengoechea. CBCB398.

21 de marzo de 2022: O teito de cristal nas “belas artes”.

A recensión xeográfica e estatística de España do ano 1914 recolle, entre outros moitos aspectos, un apartado adicado ás belas artes. Nel recóllense nun dos seus apartados “a escasa influencia da muller no desenvolvemento da arte” con datos tales como que só o 8% das obras de pintura expostas foron realizadas por mulleres.

A ninguén lle estraña a situación neses anos, mais se analizamos a actual non é moito mellor, pois só o 20% das obras expostas eran feitas por mulleres artistas, e iso que representan o 70% das persoas licenciadas en belas artes. A este ritmo a igualdade chegará mais alá do ano 2150.

Arquivo de Galicia. Santiago de Compostela. Casa de Banca e Comercio Bengoechea. CBCB446.

5 de setembro de 2022: Un caso de malos tratos.

Realizouse a presentación dun caso de malos tratos acaecido no 1744. Nel, Pascual Calvo, veciño da freguesía de San Xoán de Visantón (actual concello de Santiso), querélase criminalmente contra o seu irmán Xoán Calvo para quen pide prisión. O motivo está en que a cuñada do demandante casouse co fillo do demandando, pasando esta a vivir na casa dos seus pais políticos. Mais non foi tratada por eles como unha filla, senón todo o contrario, pasando a sufrir un inferno de malos tratos (a palabra "*porrazos*" menciónase en varias ocasións xunto cun intento de esganala) que a levan a fuxir da casa.

Nunha sociedade patriarcal observamos como en toda a querela non se menciona nunha soa ocasión o nome da muller que sofre o maltrato, só a coñecemos como a cuñada de, a muller de ou a nora de. Parece non ter unha existencia propia.

Arquivo de Galicia. Santiago de Compostela. Pazo de Golmar. G637/95.

5 de decembro de 2022: O servizo social da muller, un deber nacional.

O Decreto 378 do 7 de outubro de 1937 establecía o Servizo Social da Muller para "*aplicar as aptitudes femininas en alivio das dores producidas na presente loita*". Afectaba as mulleres entre 17 e 35 anos que deberían cumprir 6 meses de servizo no coidado do soldado e dos enfermos, en comedores infantís, cociñas de irmandade, etc. O seu cumprimento non era obrigatorio pero era necesario a súa participación para o exercicio de funcións públicas ou obtención de títulos profesionais.

A partir de 1940 esténdese a súa obrigatoriedade ao tempo que se lle daba unha orientación formativa. Deste xeito as obreiras e persoal feminino que cobraban xornal diario ou semanal, as que pretendían a obtención do pasaporte ou do carné de conducir ou as que querían pertencer a algunha asociación recreativa ou cultural, debían de cumprir un servizo no que ademais do traballo se recibía formación "*para a súa futura misión na vida*".

dentro do fogar e da familia".

Arquivo de Galicia. Santiago de Compostela. Fondo Olga Gallego. G6068-02

14 de decembro do 2022: Sororidade no século XVIII.

Aínda que o termo se incorpora oficialmente á lingua no ano 2018 procedente do activismo e da literatura feminina da denominada segunda vaga do feminismo dos anos 60, o certo é que podemos atopar múltiples exemplos de solidariedade entre mulleres ao longo da historia.

Hoxe presentamos esta doazón de Susana Barbeita a Andrea de Barbazán, a quen recolleu orfa do Hospital Real para o seu servizo como criada, e que, despois de 26 anos do que chama vida "juntas en mixta compañía", lle deixa todos os seus bens no caso de falecemento. Tamén ten a previsión, se algún dos seus familiares quixera reclamar a herdanza, de manifestar que lle debe a Andrea 12 ducados por cada ano ao seu servizo, a pagar polo familiar que reclame os seus bens.

Arquivo de Galicia. Santiago de Compostela. Pazo de Golmar, GP644-27

Indicadores de consultas ao arquivo por xénero no ano 2022:

A continuación, facilítase información sobre o número de persoas usuarias do centro durante o ano 2022 desgregadas por sexos:

Nº total	1.564
Homes	877
Mulleres	659
Sen identificar (correo electrónico):	28

Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña)

As principais accións desenvolvidas polo arquivo neste ámbito teñen que ver coa realización de actividades de difusión para dar visibilidade ás mulleres e a violencia e discriminación que se exerceu sobre elas ao longo da historia, presente nos documentos.

Durante o ano 2022, o Arquivo desenvolveu diversas actividades de difusión para dar visibilidade ás mulleres. A principal foi a exposición virtual que, como todos os anos, celebrou con motivo do Día Internacional da Muller.

Esta exposición, así como as outras que se levaron a cabo no Arquivo, difundíuse no sitio web do arquivo (<https://arquivosdegalicia.xunta.gal/gl/arquivo-reino-galicia/nova/mulleres-e-o-mar>), na sección de novas da páxina web e a través do perfil en Facebook (@arquivodereinodegalicia).

1. Exposicións.

Día Internacional da Muller 2022: *As mulleres e o mar* (Virtual)

Esta exposición buscou darlle visibilidade ao traballo das mulleres no mar. Esta exposición tivo un formato físico e outro dixital e empregou maioritariamente fondos nos que estaba presente a muller.

2. Actividades.

Pescuada no arquivo: *A Vida na Galicia do XVIII [cap. 1-5]* (publicación).

Esta actividade elaborouse a partir de fondos nos que predominaba a presenza da muller.

3. Redes sociais: Facebook.

Entre as novas publicadas nesta rede social, as mulleres que foron mencionadas para poñer de relevo algún rasgo salientable da súa condición xurídica e social dependente foron as seguintes:

Nova	Data
Pescuda no arquivo: A vestimenta 01	2022-01-14
Pescuda no arquivo: A vestimenta 02	2022-01-21
Pavlova	2022-01-24
Arquiveiras	2022-02-02
Tumba	2022-02-23
Xardín	2022-02-25
Mulleres	2022-03-08
Exposición	2022-03-09
Mulleres	2022-03-16
Mestras	2022-03-23
Conduta	2022-04-29
Incidente	2022-05-11
Diversión	2022-05-20
Aceite	2022-06-17
Habitación	2022-07-07
Pantón	2022-08-05
Montederramo	2022-08-10
Seguro	2022-08-17
Retrato	2022-09-05
Xoana	2022-09-12
Condesa	2022-12-14

Polo que respecta aos asentos descritivos dos fondos realizados durante o ano 2022 non é posible facer selección previa, xa que non se pode alterar nin saber o contido dos documentos. A proporción de mulleres nos documentos descritos é aproximado:

Fondo	Porcentaxe rexistros descritivos referidos a mulleres
Audiencia Provincial da Coruña	30%
Delegación de Economía e Facenda. Redención de censos de bens relixiosos	25%
Real Audiencia de Galicia	47 %

Fondo	Porcentaxe rexistros descritivos referidos a mulleres
Colección fotográfica	34 %
Goberno Civil	20 %

Arquivo Histórico Provincial de Lugo

En outubro de 2022 estendeuse a desagregación por sexos que se viña facendo sobre as persoas usuarias en sala, ás persoas que realizan consultas a distancia e por escrito, co fin de obter datos fiables sobre as persoas consultantes. En anos sucesivos, este reconto farase para todo o ano.

- As persoas usuarias en sala no ano 2022:

Nº total	2.526
Homes	1.396
Mulleres	1.113
Sen determinar	17

- Persoas que consultaron a distancia sen desagregar (xaneiro – setembro): 887

- Persoas que consultaron a distancia (outubro/décembro):

Nº total	300
Homes	148
Mulleres	145
Sen determinar	7

- Persoas usuarias totais:

Nº total	3.713
Homes	1.544
Mulleres	1.258
Sen determinar	24
Sen desagregar	887

Arquivo Histórico Provincial de Ourense

No Arquivo Histórico Provincial de Ourense hai que destacar entre as principais accións desenvolvidas nesta materia:

1. Publicacións en redes sociais:

- 8 de marzo, realización de dúas actividades de difusión:

No número 93 da publicación Fronda, correspondente aos meses de marzo-abril de 2022 e titulado *"A muller na industria ourensá: UTECO-COREN"*, tratouse a incorporación da muller ourensá ao traballo industrial asalariado a través do exemplo desa cooperativa. Dúas fotografías procedentes do fondo da Organización Sindical-AISS ilustran o traballo feminino no matadoiro e factoría de polos situada en Santa Cruz de Arrabaldo (Concello de Ourense).

E publicouse tamén o vídeo titulado *"Castigo do adulterio durante o Antigo Réxime: O caso de Bárbara de Carranza"*. Neste audiovisual abórdase a desigualdade de trato que se lle daba no pasado ao adulterio segundo o cometese un home ou unha muller. Dá pé para tratar ese tema o relato que nos deixou o escribán Fernán Pérez de Lemos sobre o axustizamento público de Bárbara de Carranza o 24 de abril de 1570 a mans do seu propio marido na praza Maior de Ourense por ter cometido ela o *"delito"* de adulterio. Este vídeo foi a primeira entrega da serie titulada *"Petiscos de Historia a través de documentos do Arquivo Histórico Provincial de Ourense"*.

2. Estatísticas:

ANO 2022			
	PERSOAS	HOMES	MULLERES
Consultas - usuarios	664	421	243
Visitas	629	300	329
Obradoiros	1.209	545	664
Campamentos verán	29	15	14
Visitas teatralizadas	1.243	574	669
Total	3.774	1.855	1.919

Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra

No Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, hai que destacar entre as principais accións desenvolvidas nesta materia:

- 1) Accións co motivo do día Internacional dos Arquivos: 10 de Xuño de 2022.
 - Exposición o 10 de xuño: *"A muller nos documentos do Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra"*.

Como todos os anos, co gallo da celebración do Día Internacional dos Arquivos, o Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra organiza, entre outras actividades, unha exposición dedicada este ano a destacar o labor da muller.

A través da exposición de 38 documentos, fotografías, carteis, imaxes... dos séculos XVI-XX, custodiados neste arquivo, móstrase o papel desenvolvido pola muller.

- Conferencia: *"Nunca invisibles: as mulleres nos documentos da Idade Moderna"*.

Impartida pola catedrática de Historia Moderna da Universidade de Santiago de Compostela, dona Ofelia Rey Castelao (recentemente premiada co Premio Nacional de Historia de España), poñendo de manifesto o papel da muller, máis ou menos silencioso, da muller a través de documentos dos séculos XVI-XVII.

A conferencia foi transmitida en directo a través de streaming.

2) Publicacións en Redes Sociais:

- 8 de marzo. Día da Muller Traballadora

Preténdese compartir varios documentos que permiten comprobar, por comparativa cos datos actuais, o importante aumento da presenza das mulleres en cargos municipais en España (Fondo: Sección Feminina).

As estatísticas de participación política da muller nos anos 1975 e 1976 amosan que as alcaldesas non chegan ao 1% do total, mentres que nas últimas eleccións municipais de 2019 xa representan un 22%.

Con respecto ás concelleiras, o incremento é aínda maior, pois as cifras pasan de menos dun 2% en 1975 a un 41% en 2019.

En conclusión, os datos reflicten avances moi positivos do papel da muller nos ámbitos do público e da política, pero tamén poñen de manifesto que aínda queda camiño por percorrer na loita para alcanzar unha verdadeira igualdade.

- 18 de febreiro de 2022. A pontevedresa Elisa Patiño, primeira aviadora galega e unha das pioneiras en Europa.

Máis información no #Albumdeg Galicia: http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=30048&fbclid=IwAR1ecxg9xzHDXi3AvOJ6LJE_-3wnKX0soEDp7BEwFgcZdrPDtNbQjt4TvNQ

Noticia compartida do Consello da Cultura Galega.

- 23 de febreiro de 2022. Rosalía de Castro

No #DíadeRosalía compartiuse unha publicación do Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Trátase dunha partitura da súa famosa poesía "Negra Sombra", publicada no poemario "Follas Novas" en 1880.

- 25 de novembro de 2022. Día Internacional de Eliminación da Violencia contra a Muller.

Mulleres moídas a paus por bruxería.

Este triste suceso ocorreu en 1723, cando Catalina Janeiro e a súa filla Magdalena Corbal, veciñas da parroquia de Mourente (Pontevedra), foron agredidas por Roque Álvarez e o seu caseiro, porque as acusaban de bruxería e de enfeitizar a súa vaca. (Fondo: Concello de Pontevedra).

Móstrase tamén a transcripción de parte do documento.

"... dichos acusados y sin ablar palabra alguna de proposito y casso pensado se llegaron junto nosotras agarrando dicho Roque Alvares en mi y dicho su cassero en la referida mi hija y cada uno con su palo que llevaban en las manos nos dieron con ellos muchos golpes y porrazos por todo el cuerpo con fuerza y violencia".

Publicación propia.

- 3) Descricións en Digiarch (Galiciana) de fondos coa temática referida á muller, co fin de potenciar o coñecemento do seu papel ao longo da historia.

Memoria Democrática:

Xunta Provincial de Protección da Muller de Pontevedra.

Delegación Provincial da Sección Feminina de Pontevedra.

Preténdese dar a coñecer esta documentación desde unha perspectiva de xénero. A descrición destes fondos é de gran importancia para que os/as investigadores/as poidan coñecer e estudar o papel da muller na época franquista e no s. XX.

- 4) Rolda de prensa: Presentación do Comodato do Fondo da fotografía Mary Quintero. 27 novembro de 2022.

Fotógrafa pioneira en varias técnicas, destaca polos seus retratos retocados de familias e mulleres, constituíndo un fondo de interese sociolóxico e antropolóxico, reflectindo o gusto da moda en cada momento histórico. Co valor engadido de ser muller e saber captar a sensibilidade estética da sociedade galega, en xeral, e da viguesa en particular.

5) Estatísticas

- Dun total de 2.569 consultas atendidas polos/as técnicos/as do arquivo, 1.299 foron feitas por mulleres.
- Dun total de 174 persoas investigadoras 50 foron mulleres e, destas, 30 novas investigadoras.

Actividades dos Museos:

No que respecta aos museos, entre as funcións dos museos contempladas na Lei de museos e outros centros museísticos de Galicia, cabe salientar a de facilitar o acceso ao seu patrimonio cultural e aos seus fondos con respecto aos principios de igualdade e non discriminación; a de promover a pluralidade, integrando perspectivas e axentes sociais diversos e buscando a formación crítica e a participación e a divulgación científica; así como a de promover o respecto dos dereitos humanos e a igualdade de xénero.

A realización de actividades con perspectiva de xénero e promoción do respecto dos dereitos humanos e a igualdade de xénero nos sete museos xestionados pola Secretaría Xeral de Cultura, inclúen numerosas actuacións culturais sobre o papel da muller na sociedade, na historia e na realidade actual, que se materializan a través de actividades, conmemoracións e exposicións realizadas por e para mulleres ou nas que a presenza da muller é relevante. Durante o ano 2022, como cada ano, leváronse a cabo actividades de difusión coa finalidade de contribuír a concienciar á sociedade sobre a necesidade de eliminar calquera limitación que poda afectar á liberdade das persoas por razón do seu xénero. En concreto realizáronse as seguintes:

Exposicións:

1) Museo das peregrinacións e de Santiago:

- *"Chacona. A Canción de Santiago"*

Datas: 8 Xullo a 30 de Outubro 2022

Comisariada por Fernando Reyes Ferrón. A exposición ten como centro argumental a chacona, unha forma musical de grande importancia na cultura occidental, que tivo enorme difusión en todos os ámbitos sociais e foi versionada por todos os grandes compositores a partir do século XVII.

Esta mostra demostrará, por primeira vez, que a chacona ten a súa orixe en Santiago de Compostela e máis concretamente na Catedral. A grande aportación da exposición será que o canto que o peregrino inglés William Wey transcribe no seu diario de peregrinación (1456) é a primeira chacona escrita da historia. Nalgunhas obras, como nos gravados de Jacques Callot, no século XVII, mostran diferentes situacións de danza e de interpretación musical cunha gran presenza de mulleres non só como cantantes ou actrices virtuosas, senón tamén como instrumentistas e mesmo directoras de grupos de música.

- *"Camiñamos para parar"*

Datas: 4.11.2022 // 29.01.2023

Comisariada por Gema Sesar. O Museo das Peregrinacións leva dende o ano 2018 colaborando co Encontro Internacional de Cadernos de Viaxe Compostela Ilustrada a través de exposicións e outras actividades que se celebraron no centro como clases maxistras. É un proxecto que busca enfrontarnos con esa eterna frase de «como me gustaría facer o Camiño, namentres o traballo, as responsabilidades, outras viaxes e, sobre todo, pensar que temos que reservar moitos días van deixando atrás esa idea unha e outra vez. Nesta peregrinación dáselle a volta ao concepto; o sentido do camiño é interromper a vida diaria e poñer os días diante de todo o demais. Abandónanse as supostas prioridades e os seus protagonistas colgan unha mochila co necesario para os nove días que dedicaron a percorrer o Camiño de Inverno.

A mostra está formada polos debuxos, en formato postal que mostra os espazos e as sensacións deste camiño, e que realizaron o debuxante galego Miguelanxo Prado e a xornalista visual norteamericana Rita Sabler.

2) Museo etnolóxico de Ribadavia:

- *“Tecedeiras. Arte e talento na sombra”*

Datas: 02.05.2022 // 30.06.2022

Organización: produción propia

Creacións artesanais de, entre outras: Josefa Y., Felisa Carral, Josefa Vázquez Arjiz, Pura Vázquez Torres, Dolores Fernández M.L., Hortensia Taboada, Josefa Crespo Costa e Erundina de Paramá.

Na mostra expóñense varias pezas do enxoval doméstico tradicional, formada por unha colección de colchas ou cobertores seleccionadas entre máis de noventa pezas de tecido popular galego, e que enriquece as pezas xa habitualmente mostradas no museo. Trátase posiblemente dunha das maiores coleccións privadas en Galicia, na que están presentes obras de toda a xeografía e están representadas a práctica totalidade das técnicas, tecidos e materiais empregados polas nosas tecedeiras ata ben entrada a metade do século XX. Móstranse tamén exemplares de tinguiduras, libros de bordados, nobelos e un tear de flocos (da colección do Museo).

- *“EPIS e ferramentas da man das bombeiras e dos bombeiros forestais”*

Datas: 21.10.2022 // 31.01.2023

Organización: produción propia

Mostra da Colección Roi Juan López Muriel que recolle a evolución dos grupos especializados na loita contra os lumes forestais e do seu equipamento, así como a incorporación da muller ao corpo de Bombeiros e Bombeiras Forestais de Galicia.

- *"Regresar"*

Datas: 02.09.2022 // 30.09.2022

Organización: OMIX Ribadavia. Comisaria: Raquel Díaz

Exposición de presentación dun proceso de creación do libro ilustrado de Raquel Díaz sobre a historia recente da Beira Alta, no interior de Portugal, narrada a través da memoria popular.

3) Museo de belas artes da Coruña:

- *"Identities"*

Datas: 20 de Decembro de 2022 // 31 de Xaneiro de 2023

O Museo de Belas Artes da Coruña presenta a exposición dos traballos realizados ao longo dos talleres do programa "Identities, as artes para a inclusión social" unha experiencia sociocultural iniciada en 2018, e promovida pola Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña baixo a coordinación e supervisión do equipo técnico do museo, e subvencionada pola Deputación provincial da Coruña e a área de Benestar do Concello da Coruña.

Destinado a colectivos en situación de vulnerabilidade, o proxecto pretende facer unha reflexión e tomar conciencia das raíces e da identidade propia en todas as súas variantes: cultural, xeográfica, emocional e persoal, tanto individual como colectiva.

O medio para lograr este obxectivo será a posta en marcha dunha serie de talleres de artes plásticas impartidos por unha selección de artistas da cidade, nos que traballarán diferentes técnicas (debuxo, escultura, colaxe, gravado, pintura, etc.) para representar, a través dos xéneros artísticos, as distintas formas de asumir a identidade de cada un, da súa contorna e espazo, dos seus obxectos emotivos ou simbólicos, dos episodios do seu pasado e presente e das emocións que todos estes elementos provócanlles.

Edición 2022:

Temática: o autorretrato, a paisaxe e o bodegón

Artistas invitados: Héctor Francesch, Óscar Cabana, Luisa Valdés, Lara Pintos, Bea Lema, Faura Balsa, Jano Ilustra, Iria del Castelo, Manel Cráneo e Isabel Pintado.

Entidades participantes: Ecodesarrollo Gaia, grupos da Cruz Vermella (a través dos programas Empezar de 0, Muller en risco e Migrantes), Hogar de Santa Lucía, Hogar Sor Eusebia, Centro Ocupacional Pascual Veiga, Amigonianos, ACCEM, e Fundación Juan Soñador.

4) Museo Massó:

- *Crece co mar. Os gozos e as sombras dunha vila mariñeira*

Datas: 31.05.2019 Organización: Museo Massó. Comisaria: Covadonga López de Prado Nistal.

Proxecto expositivo de longa duración que pretende abordar a xénese e desenvolvemento histórico da vila de Bueu condicionada polo seu grao de implicación na explotación dos recursos do mar e, máis concretamente, na industria da conserva de peixe. Identifícanse os axentes principais que deron lugar e víronse involucrados nunhas transformacións sociais, económicas e culturais de gran alcance para mostrar como estas transformacións foron configurando a identidade desta vila mariñeira. Xunto a este percorrido de configuración histórica dun territorio e da súa memoria colectiva, visibilízase o contrapunto crítico de como os testemuños históricos desta identidade foron destruídos en tempo récord, desde os inicios do século XXI ata o día de hoxe.

Faise especial fincapé no peso que tiveron as mulleres neste proceso dende a Prehistoria como axente fundamental na explotación e transformación dos recursos do mar e dentro do sector pesqueiro e da industria conserveira.

5) Museo do castro de Viladonga:

- 50 anos de escavacións no castro de Viladonga. 1971 – 2021

Datas: De febreiro a decembro de 2022

Exposición que recolle os 50 anos de escavacións no castro e na que se fixo un esforzo

por recuperar as imaxes de mulleres que participaron nos distintos traballos: arqueoloxía, restauración, conservación, debuxo arqueolóxico etc.

Conmemoracións:

a) Día internacional da muller, 8 de marzo

1. **Museo das Peregrinacións e de Santiago:** Evento en liña.

O Museo das Peregrinacións e de Santiago é unha institución de encontro cultural coa sociedade onde crear, compartir e formar.

Nos contidos do Museo, a súa presenza se materializa coas mulleres creadoras e as mulleres artistas, tantos séculos invisibilizadas, pero tamén coas musas, estereotipo o que foi relegada moito tempo nesta disciplina.

Igualmente, a súa figura destaca no traballo interno do Museo, onde está moi presente a pegada feminina. Son moitas as mulleres que dende fai anos levan traballando nesta casa para facer chegar cada día a nosa mensaxe a todas e todos vós. Detrás de cada iniciativa, cada exposición, cada actividade, hai un grupo de traballadoras ás que hoxe poñemos no seu pedestal: directoras, conservadoras, restauradoras, técnicas, bibliotecarias, administrativas, educadoras, bolseiras, guías, vixiantes de sala, vixiantes de seguridade, limpadoras e as voluntarias.

<https://www.instagram.com/p/Ca2nfy5sE3T/?igshid=MDJmNzVkMjY%3D>.

2. **Museo de belas artes da Coruña:** Lembranza da figura de Emilia Pardo Bazán. Evento en liña.

No día internacional da Muller o Museo de belas artes de Coruña lembrou a figura de Emilia Pardo Bazán pola súa defensa da educación da muller e dos seus dereitos na sociedade do século XIX a través dunha exposición no museo dedicada ao seu legado.

Vídeo completo: <https://bit.ly/LegadoEmiliaPardoBazán>

3. **Museo arqueolóxico de Ourense:** Evento en liña.

O Museo na celebración do día internacional da Muller baixo o lema *"Igualdade de xénero para un mañá sostible"* inspirouse nunha imaxe tradicional para amosar tres

xeracións de galegas ofrecendo o produto do seu traballo.

<http://www.musarqourense.xunta.es/actividades/dia-internacional-da-muller-2022/>

<https://www.facebook.com/musarqourense>

4. **Museo do Castro de Viladonga:** Conmemoración *"Día internacional da Muller"*.

Data: 8 de marzo de 2022

Para celebrar o Día Internacional da Muller reivindicáronse aquelas tarefas que se relegaron a un segundo plano precisamente por ser, na súa maior parte, levadas a cabo por mulleres. Isto acentúase na prehistoria e na historia antiga, onde as actividades domésticas fundamentais para a reprodución do grupo pasan moitas veces desapercibidas. É por isto que durante unha semana presentamos tres pezas do museo directamente relacionadas coa vida doméstica no castro de Viladonga: O muíño e o traballo da moenda, as olas atendendo ao uso e a súa fabricación e as pesas de tear formando parte da produción de tecido.

<https://www.facebook.com/photo/?fbid=463746095344863&set=a.211213210598154>

5. **Museo do viño:** Evento en liña.

Vídeo conmemoración *"Día Internacional da Muller"*

Como cada 8 de marzo o Museo do Viño de Galicia únese ás reivindicacións feministas tan necesarias na actualidade. O papel da muller na sociedade é inmenso e por iso non se pode dar ningún paso atrás na defensa da igualdade pola que hoxe, e cada día, loitan milleiros de mulleres.

<https://www.instagram.com/stories/highlights/17881931822561732/>

6. **Museo Massó:** *"As mulleres e o traballo do mar en terra"*.

Evento en liña. Micro vídeo realizado cunha selección do noso Arquivo o fotográfico que mostra as distintas actividades desempeñadas polas mulleres e co que se pretende reivindicar o importantísimo e, aínda, pouco valorado, traballo feminino no sector marítimo- pesqueiro.

<https://museomasso.blogspot.com/2022/03/8-de-marzo.html>

b) Día das letras galegas, 17 de maio

1. **Museo do Castro de Viladonga.**

O museo decidiu visibilizar a figura dunha muller xornalista da contorna nunha lectura dramatizada dos poemas de Florencio Delgado Gurriarán.

c) Outras conmemoracións:

1. Día internacional dos museos. 18 de maio. Museo do Castro de Viladonga.

A compañía Cal e Canto dirixida por Ana Ortega e Carlos Castro, trouxo ao Castro un espectáculo de danza, mimo, ambientación musical e manipulación de grandes obxectos voadores.

A noite dos museos

A través de distintas propostas: unha verbena tradicional, un grupo de danzas da contorna, e un grupo de música barroca, organizouse unha xornada festiva con participación masivamente familiar.

2. Día internacional da muller e da nena na ciencia. 11 de febreiro de 2022. Museo do Castro de Viladonga.

Aproveitando a celebración do Día da muller e da nena na ciencia o museo rescatou e difundiu nas súas redes sociais a figura de Ángela García Blanco, socia fundadora da Asociación Profesional de Museólogos de España e que dirixiu durante moitos anos o departamento de difusión do Museo Arqueolóxico Nacional (MAN).

3. Día das escritoras. 18 de outubro. Museo das peregrinacións e de Santiago.

Evento en liña. Día das escritoras . 19 de outubro.

A Biblioteca Nacional de España celebrou a sétima edición do Día das Escritoras, co obxectivo de reivindicar o labor e o legado das mulleres escritoras. Como en anos anteriores, a biblioteca do Museo quixo unirse a unha celebración tan necesaria facendo unha publicación en Facebook para dar valor a todas esas voces femininas que hoxe coñecemos e tamén a todas aquelas que nalgún momento da historia foron silenciadas ou ignoradas pola súa condición de muller, animando aos seus usuarios a iniciar a lectura dalgún dos seus textos.

Actividades:

1. Museo de Belas Artes da Coruña: Programa identidades

O programa IDENTIDADES é unha experiencia educativa de inclusión a través das artes plásticas, na que se traballa sobre a identidade individual e colectiva na que participan colectivos que sufriron malos tratos e violencia de xénero. No proxecto a arte é un vehículo para expresar emocións e experiencias. Os obradoiros son impartidos por artistas que traballan en diversas técnicas como collage, gravado, ilustración ou pintura. Temos programado unha nova edición para o ano 2023 onde participaran entidades como a Cruz Vermella cos seus programas de Mulleres en risco, Empezar de 0 ou Migrantes. Tamén prevista a participación da Fundación Hogar de Santa Lucía con mulleres sen teito e vítimas de violencia de xénero.

2. Museo De Belas Artes da Coruña: Programa educativo para escolares

Dentro do programa educativo de museo para o curso escolar 2021-2022 ofrécense dous percorridos para diferentes idades vencellados ás mulleres artistas representadas no museo:

- E elas... Onde están?

Visita dinamizada para 4º, 5º e 6º de Educación Primaria

Obxectivos:

- Achegarse a unha visión da historia da arte na que as mulleres son as protagonistas.
- Coñecer as dificultades que as mulleres tiveron ao longo da historia para ser recoñecidas profesionalmente como artistas.
- Descubrir exemplos de mulleres artistas da antigüidade e da contemporaneidade.
- Reflexionar sobre moitas das mensaxes, non sempre explícitas, que as imaxes nos envían.

- Promover valores de igualdade e a non discriminación por razóns sociais, raciais ou de xénero.
- Fomentar o debate e a reflexión en temas sociais que nos afectan a todos e todas.

<https://museobelasartescoruna.xunta.gal/gl/educacion/visitas/e-elas-onde-están>

- As mulleres no museo

Visita dinamizada para 1º, 2º, 3º, 4º ESO e Bacharelato

Obxectivos:

- Achegarse a unha visión da historia da arte na que as mulleres son as protagonistas.
- Coñecer as dificultades que as mulleres tiveron ao longo da historia para ser recoñecidas profesionalmente como artistas.
- Descubrir exemplos de mulleres artistas da antigüidade e da contemporaneidade.
- Relacionar a arte con outros eidos culturais como a literatura.
- Reflexionar sobre moitas das mensaxes, non sempre explícitas, que as imaxes nos envían.
- Promover valores como a igualdade e a non discriminación por razóns sociais, raciais ou de xénero.

<https://museobelasartescoruna.xunta.gal/gl/educacion/visitas/mulleres-no-museo>

3. Museo Arqueolóxico provincial de Ourense: Visitas guiadas á Sala de exposicións

- *“Escolma de escultura”.*

Data: 26 de maio.

Visita de 9 reclusos (todos homes) do cárcere de Pereiro de Aguiar.

Este tipo de público implica, para quen realiza e imparte a visita guiada, un engadido de sensibilización cara certos aspectos relacionados coa linguaxe

empregada e os contidos. Tratamos de aportar unha linguaxe inclusiva, contidos que incidan en temas de igualdade de xénero e sobre todo procuramos lograr que o visitante se sinta partícipe e protagonista da visita e goce dunha experiencia positiva e enriquecedora.

Data: 27 de setembro.

Visita de 10 mulleres da Asociación Juan Soñador (Teranga, Ourense). Esas mulleres están en programas de apoio por temas de exclusión social: inmigración, violencia, carencia de estudos...

4. Museo etnolóxico de Ribadavia

- Achegas da antropoloxía social e cultural para crear museos máis inclusivos

Data: Primeiro trimestre do curso 2022/2023.

Organización: MER e UVIGO.

Co alumnado de Antropoloxía Cultural da UVIGO, realizouse un produto multimedia que permita a revisión de xénero das exposicións do Museo Etnolóxico en base ás achegas das persoas maiores desenvolvéndose as seguintes competencias:

- Mostra bibliográfica en actualización na rede social Pinterest

Taboleiro de Pinterest de acceso público no que se van actualizando estudos sobre as mulleres en Galicia, desde o punto de vista antropolóxico, sociolóxico, histórico, económico, da educación, de xénero.... todos estes libros pódense consultar na Biblioteca do Museo Etnolóxico.

<https://www.pinterest.es/museoetnoloxico/estudos-sobre-as-mulleres-en-galicia/>

5. Museo Massó

- O museo Massó enfocase

O Museo Massó desenvolveu no ano 2022 un programa transversal de enfoque de xénero baixo a denominación de O Museo Massó enfocase co que pretende incentivar a autoestima das nenas e mulleres e promover e difundir dende todas as actuación do museo os valores de igualdade entre mulleres e homes, especialmente poñendo un especial énfase na formación das novas xeracións. Neste ámbito os maiores esforzos están dirixidos a evitar que as nenas e as adolescentes se identifiquen con roles e modelos de submisión.

- Implicación na campaña contra a violencia de xénero

O Museo Massó participa dende fai anos nas campañas de sensibilización contra a violencia de xénero, e mantén permanentemente visible na área de acollida dos visitantes a carteleira cos slogans destas campañas.

- Itinerario temático guiado *"As mulleres do mar e o traballo en terra"*

Datas: 15 de marzo, 7 de abril, 6 de maio, 17 de xuño, 15 de decembro.

O Museo Massó ten incorporado de forma transversal o enfoque de xénero nas visitas guiadas á exposición permanente. De forma específica abórdase o enfoque de xénero dentro da súa oferta de visitas guiadas temáticas co itinerario monográfico guiado *"As mulleres do mar e o traballo en terra"*, centrada nos traballos asignados tradicionalmente ás mulleres dentro do sector marítimo-pesqueiro, destacando a súa relevancia económica e social. Este tema abórdase desde unha perspectiva de xénero facendo fincapé na discriminación laboral en salarios, na nula promoción e na falta de recoñecemento polo seu traballo na empresa, na sociedade e no ámbito familiar.

- Itinerario guiado antiga fábrica de salgadura de mourisca

Datas: 22 e 26 de maio, 10, 14, 16 de xuño, 10, 31 de xullo, 7, 28 de agosto, 11, 17 de

outubro, 30 novembro, 7, 31 de decembro.

O Museo Massó facilita un monitor para visitar a antiga fábrica de salgadura da praia de Mourisca. O obxectivo é dar a coñecer a historia da industria salgadeira de Bueu, reivindicar a súa importancia histórica como actividade económica na comarca e o papel que as mulleres xogaron nas industrias do mar, así como contribuír a que a cidadanía aprenda a recoñecer e valorar o patrimonio marítimo e a arquitectura tradicional vinculada ao mundo do mar.

- Obradoiro *"Atrapadas na rede"*

Datas: 23 de xullo e 13 de agosto

Obradoiro práctico para coñecer as técnicas de confección das redes de pesca e os distintos tipos de artes. O obradoiro é impartido por dúas redeiras en activo e ten por obxecto poñer en valor o traballo das redeiras e mostrar o nivel de cualificación que ten este oficio, así como e as condicións precarias no que se desenvolve.

- Obradoiro *"A Sal do Mar"*

Datas: 17 de marzo, 21 e 26 de maio

Este taller pretende facer comprender o papel fundamental do sal na conservación dos alimentos e a importancia da súa comercialización ao longo da historia, chegando a alcanzar grandes repercusións económicas e políticas.

Un dos obxectivos deste obradoiro é dar a coñecer o papel fundamental que a man de obra feminina desempeñou no desenvolvemento da industria da salga e a falta de recoñecemento e invisibilidade das mulleres na historia económica de Galicia.

- Obradoiro *"Singradura violenta no museo Massó"*

Data: 27 de decembro

Actividade dirixida a nenas e nenos na que se integra a perspectiva de xénero con fins didácticos e de conformación dunha cidadanía máis igualitaria. Neste obradoiro trabállanse, dende un punto de vista crítico, os roles de xénero no sector pesqueiro e na industria conserveira.

- As recetas de Amalia Bolibar Segueiros

Actividade en liña

Preténdese achegar ao público algunhas das receitas do caderno de Amalia Bolibar Segueiros que hoxe conserva o Museo Massó . Amalia pertence á terceira xeración dunha saga de fomentadores cataláns que no século XIX estableceron en Bueu fábricas de salgadura. As familias Massó e Bolibar emparentaron en distintas xeracións, incluíndo o casamento dos irmáns Gaspar e José M^a Massó con Amalia e Ángeles Bolibar

Trátase dunha homenaxe ás mulleres destas familias de emprendedores que eran afastadas da xestión das empresas e o seu cometido era o de servir, mediante a concertación dos seus matrimonios, como vía para acadar alianzas de intereses entre as distintas familias de empresarios mantendo o control do sector pesqueiro e conserveiro.

<https://museomasso.blogspot.com/2022/08/recetario-amalia-bolibar-segueiros.html>

- Foro do Mar

Data: 18 de xuño Xornada aberta do Plan da Cultura Marítima de Galicia no Museo do Mar de Galicia.

A directora do Museo Massó realizou unha intervención crítica nesta xornada aberta en calidade de asesora do Plan da Cultura Marítima de Galicia, co obxecto de que fora incorporado o enfoque de xénero xa que a importante aportación das mulleres neste sector fora completamente ignorado.

O asesoramento nesta materia prolongouse con outras aportacións acadando o noso obxectivo.

- Calendario Museo Masso 2023 *“As mulleres do mar e o traballo en terra”*

Actividade en liña

Calendario do ano 2023 realizando unha selección do noso Arquivo fotográfico que mostra as distintas actividades desempeñadas polas mulleres e co que se pretende reivindicar o importantísimo e, aínda, pouco valorado, traballo feminino no sector marítimo-pesqueiro.

<https://drive.google.com/file/d/1NFIEFCsKtS8wRAKXFU-LLpxJN30CkZO3/view>

6. Museo do Castro de Viladonga

O Museo do Castro de Viladonga trata de transmitir unha Historia inclusiva, facendo un esforzo por darlle visibilidade ao papel da muller na Prehistoria e Historia Antiga procurando adoptar unha postura crítica á hora de abordar ás actividades e os contidos das exposicións. Durante o ano 2022 tratouse sobre todo de reivindicar aquelas tarefas que pola súa visibilización como tarefas asociadas á mulleres, non se lle daba a importancia e o valor que verdadeiramente tiñan. As fusaiolas, os pondera, as cerámicas, os muíños, os espazos do castro fálannos de actividades de mantemento, imprescindibles para o desenvolvemento da vida no castro e esa relevancia é o que intentamos difundir e traballar coas nosas actividades.

1. Obradoiros didácticos

- A botica no castro

Data: 26 de xuño de 2022.

O obxecto do obradoiro é reflexionar sobre o aproveitamento dos recursos naturais que se podería facer durante a etapa de ocupación do castro de Viladonga. Co obradoiro pretendíamos tamén recuperar os saberes que foron transmitidos ate vai pouco tempo polas mulleres, sobre as propiedades de moitas das plantas da nosa contorna e as técnicas de recolección, secado e conservación. A actividade foi dirixida por Lola Tourón quen recibiu a súa formación por transmisión oral da súa tía.

O obradoiro acolleu a 17 persoas, o 90% mulleres.

- Obradoiro experimental cerámica castrexa

Datas: 24 e 25 de setembro de 2022.

En moitos ámbitos o traballo de olaría tradicional estivo vinculado a unha produción masculina, a figura do oleiro destacaba sobre a figura da oleira que quedaba relegada a tarefas de apoio. Este dato é moi discutido xa que está demostrado a presenza de comunidades nas que o traballo da olaría era desenvolvido principalmente por mulleres.

O obradoiro trata de dar a coñecer a técnica de elaboración de pezas das cerámicas feitas a man que aparecen no castro. No seu desenvolvemento ademais da técnica abórdase o seu uso e a implicación e importancia do traballo da muller nas tarefas relacionadas coa olaría facendo alusión ao debate sobre a participación da muller nas pezas feitas a torno.

O obradoiro acolleu a 17 persoas, o 90% mulleres.

- Obradoiro experimental o tecido na antigüidade

Data: 15 de outubro de 2022.

O obxectivo do taller é dar a coñecer o proceso de elaboración de tecido durante a Idade do Ferro e a romanización. Resaltando o papel da muller tanto na fabricación da fibra como na elaboración das pezas. No obradoiro faise tamén unha introdución á utilización do tear por parte da muller e a posible elaboración de excedentes que serían utilizados para intercambio resaltando unha vez máis unha tarefa que durante épocas quedaba relegada ao sector reprodutivo e sacada do sector produtivo precisamente por ser considerada unha tarefa “feminina” e polo tanto de simple apoio a economía doméstica.

O obradoiro acolleu a 10 persoas con participación de tan só un home, aínda que desde o museo estase tentando que precisamente teñamos unha maior

participación masculina nestes talleres.

- Obradoiro *“E si facemos xoguetes en familia”*

Data: 17 de decembro de 2022.

Con este taller pretendíamos unha participación colaborativa familiar na elaboración dun xoguete, cun dobre obxectivo, por unha banda a reflexión sobre outro tipo de xoguetes onde a materia prima é o que atopamos na natureza e onde desenvolvemos habilidades e destrezas mediante a súa elaboración, e por outra banda o traballo familiar colaborativo, onde nenos, nenas, papás, mamás, avós e avoas puidesen gozar dunha xornada conxunta.

O taller tivo unha grande acollida participando os grupos familiares, tanto papás como mamás, avós e avoas.

Participaron 26 persoas entre nenos, nenas e persoas adultas con un 60% de participación feminina.

- Presentación *“O latexo do tempo humano. Facendo visible o efémero da vida cotiá durante a idade do ferro”*

Data: 19 de novembro de 2022.

Co obxectivo de resaltar a importancia da investigación nos centros museísticos e de destacar tamén a presenza da muller na investigación, contamos con María Martín-Seijo que nos fixo unha magnífica exposición dos seus últimos traballos sobre os materiais efémeros datados na Idade do Ferro aparecidos en Castromaior, Castrolandín, As Laias, Castro de Cortegada, Castro de Laxos/Alto do Castro e Castro de Ourantes.

O acto rematou coa proxección do documental *“O latexo do tempo humano. Tres pezas tres artesáns”*. Unha vez máis nesta presentación destacouse a presenza de materiais asociados a tarefas de mantemento, tan importantes no período de ocupación do castro.

2. Actividades con escolares

Co respecto os grupos escolares realizouse dous tipos de tarefas: Obradoiros experimentais e visitas guiadas con apoio didáctico.

- Visitas guiadas con apoio didáctico

Son visitas que se desenvolven adaptadas aos distintos niveis escolares e nas que ademais de tratar de adaptarnos aos contidos curriculares a través das fichas de traballo con que conta o museo tratamos de que o alumnado faga unha reflexión con perspectiva de xénero.

- Diaporama e análise de estereotipos

Utilizamos o diaporama da sala 3, de feito xa van máis de 10 anos nos que se reproducen distintos ámbitos: unha lareira, un taller onde se traballa o ferro, un espazo onde se prepara o coiro e un espazo de fiado. Este diaporama creemos que recolle determinados estereotipos que se manexan incluso nos nosos días e mediante a súa visualización abrimos un debate sobre a utilización dos espazos no castro.

- Análise crítico sala II

Na sala II do Museo están as vitrinas que recollen o traballo do ferro, do bronce e do vidro na parte esquerda e tres vitrinas que recollen cerámicas de distintas fases na parte dereita. Aproveitamos esta sala para confrontar uns traballos sempre asociados á figura masculina e outros asociados á figura feminina, cuestionando os parámetros da museoloxía tradicional.

Tanto na análise do diaporama como da Sala II adaptase aos distintos niveis educativos procurando introducir novas miradas sobre o pasado.

- Obradoiros para escolares

Desde marzo a xuño desenvolvéronse unha serie de obradoiros experimentais con

escolares onde ademais de aprender técnicas de elaboración de pezas de cerámica, pezas de tecido ou a importancia do lume nas comunidades da Idade do Ferro, reflexionouse sobre o papel da muller nestas actividades.

En total pasaron polas actividades escolares mais de 3000 nenos e nenas.

- Campamentos culturais de verán

Datas: Desde o 18 de xullo ao 2 de setembro

Campamento de verán cuxo principal obxectivo foi a conciliación da vida familiar e na que se primou a participación de nenos e nenas de familias monoparentais e familias vítimas de violencia de xénero.

Participaron 66 nenos e nenas e o campamento desenvolveu actividades inclusivas.

- Adquisicións bibliográficas

Durante todo o ano 2022 foise incorporando á biblioteca do Museo bibliografía relacionada cos recentes estudos de xénero e inclusión aplicados á arqueoloxía e a museoloxía..

- Nadal cultural 2022

Contos do mundo: Actividade de contacontos realizada por Soledad Felloza onde a través de distintos contos se abordaba a inclusión de culturas diversas.

7. Conxunto etnográfico das pallozas do cebreiro

- I Encontro de Cestería no Camiño

O encontro de cestería buscaba reunir no Cebreiro a un grupo de cesteiros e cesteiras que durante unha xornada puidesen amosar o seu saber facer, contrastando técnicas, materiais, usos tradicionais e contemporáneos.

A cestería que coñecemos como tradicional considerouse durante moitos anos como oficio de homes.

Na actualidade na recuperación do oficio están tomando un papel protagonista moitas mulleres. Aquí en Galicia, Maruja de Mazaricos e Idoia Cuesta, por poñer un exemplo de cestería tradicional e contemporánea, están a desenvolver un papel importante. É por isto que desde o museo se puxo empeño en que o traballo das mulleres cesteiras estivese presente. Tendo en conta isto, o encontro reuniu a 6 cesteiros e 7 cesteiras procedentes de diversos lugares que elaboraron unha peza á súa elección durante 7 horas no exterior da Palloza Museo.

Alí podían acercarse as persoas que visitan diariamente o Cebreiro a contemplar, preguntar e compartir.

O Encontro rematou cunha mesa redonda que contou coa participación de Xosé Carlos Sierra Rodríguez, María Martín Seijo e Mercedes Vieites cuxo tema de debate foi “A artesanía como produto cultural”.

Regueifas no camiño: O encontro acompañouse coa participación de Lupe Blanco e Kike Estévez cun desafío oral improvisado que serviu para dar a coñecer unha parte da nosa cultura. Unha vez mais o museo buscou a incorporación da figura feminina.

Actividades nas bibliotecas:

A Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro puxo en marcha, como nos anos anteriores, o programa ler conta moito.

Este programa ten como obxectivo poñer a disposición dos titulares das bibliotecas públicas actividades de dinamización bibliotecaria e cultural que lles permitan confeccionar a programación de dinamización cultural das súas bibliotecas.

Na súa edición de 2022, incorporáronse ao catálogo 196 actividades identificadas como orientadas especificamente a promover a igualdade entre homes e mulleres e/ou a loita contra a violencia de xénero que supoñen un 33% do contido do catálogo.

Estas actividades, no seu conxunto foron programadas por 113 bibliotecas nun total de 140 ocasións. Tendo en conta o número total de actividades realizadas con cargo a este

programa, as desta temática constitúen un 20% do total.

Como actividades orientadas especificamente a promover a igualdade e sensibilizar sobre a violencia de xénero, leváronse a cabo as seguintes:

- Execución de actividades específicas nas bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería, financiadas con fondos procedentes do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Nas 6 bibliotecas públicas de xestión autonómica, con sede nas cidades da Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, realizáronse un total de 26 actividades culturais e de animación e lectura para a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero. As actividades realizadas abranguen unha ampla variedade na que se atopa obradoiros de temática feminista, contacontos, un roteiro sobre mulleres na historia local, clubs de lectura feminista, espectáculos como maxia, teatro e mesmo un curso de defensa persoal feminina.

- Exposición *"¡Pobre Asunción!: a violencia de xénero na prensa"*

Entre o 8 de marzo e o 21 de maio de 2022, a Biblioteca Pública de Ourense foi a sede da exposición *"¡Pobre Asunción!: a violencia de xénero na prensa"* coa que se repasa a evolución do tratamento destes sucesos ao longo da historia, e que durante os meses anteriores tivo a súa sede na Biblioteca de Galicia.

"¡Pobre Asunción!" é o epitafio na tumba de Asunción González, unha moza ourensá de 16 anos primeira vítima documentada de violencia de xénero en Galicia en 1891, que dá nome e inspira, a esta exposición coa que a Xunta de Galicia reforza o seu compromiso para visibilización da violencia machista.

- Mostras e exposicións dedicadas a autoras

Na Biblioteca de Galicia realizáronse dúas exposicións con mulleres no centro de atención:

1. *Constelación Luz*, sobre a vida e a obra de Luz Pozo Garza. Foi realizada en colaboración co Arquivo de Galicia.
2. *María Casares, a conquista da existencia*. Unha muller galega que triunfou en Francia como actriz, musa do existencialismo; unha muller comprometida cos seus ideais

republicanos, coa liberdade, coa solidariedade...

- Clubs de lectura

Nas bibliotecas de Pontevedra Antonio Odriozola e de Santiago Ánxel Casal, reuníronse periodicamente 2 clubs de lectura directamente dedicados á muller e a promover a voz literaria feminina e sobre o feminismo, son os chamados *Con voz de muller e feminista*. Reúnense quincenalmente e a maioría dos seus 21 compoñentes son mulleres.

- Colección

Na biblioteca de Galicia, nas seis bibliotecas públicas de xestión autonómica e na maioría do resto das máis de 300 que integran a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia hai unha sección da colección dedicada ás mulleres escritoras e/ou sobre o feminismo. Baste como exemplo a biblioteca feminista da Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal ou a sección dedicada á muller da Biblioteca de Galicia.

Tamén a biblioteca de Galicia ten unha sección da súa colección dedicada á diversidade sexual.

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

1. Exposicións

a. Comisarias

Dos dez proxectos expostos organizados no ano 2022, a metade foron comisariados por mulleres:

- **Pilar Corredoira**, historiadora da Arte Contemporánea, comisaria de exposicións, investigadora no eido da arte galega dos séculos XX e XXI e unha das maiores coñecedoras da traxectoria e persoal universo creativo de Jorge Castillo. Exposición "*Castillo Escultor*"
- **Lucía Laín**, fotógrafa e documentalista, licenciada en Ciencias da Información pola Universidade Complutense de Madrid. Dende 1994 traballa en proxectos documentais, editoriais e expositivos.

Exposicións: *"O Camiño Portugués. Lembranzas de Mar e Pedra"* (exposición celebrada no Museo Centro Gaiás entre o 27 de outubro de 2021 e o 29 de xaneiro de 2022, e actualmente de itinerancia en Tui até o 28 de xaneiro de 2023) e *"A Vía da Prata. Aires do Sur"* (Do 7 de xuño e o 4 de setembro de 2022 no Museo Centro Gaiás, en itinerancia no 2023 en Cáceres)

- **Montserrat Pis Marcos**, historiadora da arte, profesional de museos e comisaria de exposicións. Actualmente traballa como conservadora e comisaria en The Holburne Museum, Bath-Reino Unido.

Exposición: *"Camiños creativos"* do 10 de novembro de 2022 ata o 9 de abril de 2023

- **Carlota Ojea** foi a comisaria da exposición *"María Casares – Pedro Soler. Collioure 1989"*, unha mostra de obxectos e pezas inéditas pertencentes ao recital que realizou María Casares na cidade francesa de Collioure en 1989. Esta exposición presentouse no marco do Festival Escenas do Cambio, e que permaneceu ata o 28 de agosto de 2022.
- **Déborah García Bello** foi unha das comisarias de *"Galicia Futura"*. Deborah é licenciada en química e actualmente está a realizar o doutoramento en Químicana Universidade da Coruña sobre a divulgación científica a través da relación entre a ciencia e a arte contemporánea.

b. As artistas

Partindo da premisa: *"como imaxinas a Galicia futura?"*, a exposición **"Galicia Futura"** formulou un suxestivo diálogo entre arte e ciencia, entre tecnoloxía e creatividade. Todo desde un punto de vista diverso e coral. É por iso que se traballou conscientemente na igualdade desde a construción do programa expositivo (desenvolvido por 11 homes e 13 mulleres) ata a rigorosa escolma de cada peza. Así, a mostra abranguía obras destacadas que representaron no seu momento un pulo decidido cara ao futuro en diversos eidos. O programa expositivo incluíu obras de Noemí Chantada, María Núñez, María Gutiérrez, Estíbaliz Espinosa, Lucía Estévez, María Lado, Lucía Aldao, Giovanna Lopalco, Sofía Trigo (Wöyza), Xulia Pisón, Clara Cerviño e Lucía García Rey.

Alén de Galicia Futura, foron varias as exposicións que incluíron artistas esenciais da Historia da Arte, como ***“Camiños creativos”***, exposición que aínda se está a desenvolver na actualidade (entre o 10 de novembro de 2022 e o 9 de abril de 2023), que contén obras de pintoras como Maruja Mallo, fotografía de Cristina García Rodero e audiovisuais de grandes nomes da performance, como Marina Abramović ou Mona Hatoum. Inclúe tamén unha aplicación que crea melodías a partir do movemento das mareas realizada pola artista británica Victoria Evans, pinturas elaboradas con pigmentos da cinza de lumes dos montes galegos da artista valenciana afincada en Galicia Irene Grau, ou obras de performers como Dora García ou Honi Ryan.

Como exposición dedicada á arte contemporánea como espazo de reflexión sobre os símbolos, significados e sentidos cos que dotamos e construímos os lugares, así como sobre a relación da obra artística cos espazos que habita, ***“De lugares e cousas. Colección de Arte Banco Sabadell”*** (celebrada no Museo Centro Gaiás entre 21 de outubro de 2022 e o 16 de abril de 2023) é outra das grandes mostras deste ano que inclúe obras de mulleres artistas do talle de Esther Ferrer, Susana Solano, Cristina Iglesias, Dora García, Alicia Framis, Montserrat Soto, Mar Arza, Irma Álvarez-Laviada, Itziar Okariz, Teresa Solar Abboud, Ángela de la Cruz e Ana Jotta.

2. Semana celebración do día internacional da eliminación da violencia contra a muller

Ao redor da data do 25 de novembro de 2022, organizáronse as seguintes actividades para conmemorar o Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller.

- Seguridade violeta

Un obradoiro dirixido ao alumnado de ensino secundario no que as persoas participantes reflexionan sobre a maneira na que nos relacionamos con outras persoas, tomando conciencia sobre comportamentos, actitudes e expresións que en moitos casos agochan violencias ou posturas machistas non sempre fáciles de detectar. Mediante esta actividade procurouse o debate e a participación activa,

contribuíndo á construción de vínculos sans entre as e os adolescentes, desbotando condutas nocivas e prexuizos, mediante xogos de rol e interacción entre o alumnado.

Datas: 22 de novembro de 2022. Lugar: Aula 1, Biblioteca e Arquivo de Galicia. Espazo Off, Cidade da Cultura.

- Punto de información

Tratouse dun punto informativo dirixido a todo o público, no que se divulgou co obxectivo de tomar conciencia sobre as violencias machistas. Foi un lugar para o diálogo e para e compartir experiencias, mais tamén para coñecer o impacto de todas aquelas accións que menoscaban a dignidade, a estima e a integridade física e mental das mulleres e nenas. Contou cun espazo expositivo e o desenvolvemento de diferentes actividades enfocadas á sensibilización da cidadanía en relación á eliminación da violencia contra a muller.

Datas: 25 de novembro de 2022. Lugar: Andar 0, Museo Centro Gaiás.

- Festexando a igualdade

A última actividade realizada na semana contra a violencia machista consistiu nunha xincana familiar para descubrir as contribucións da loita feminista a prol de acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria, concienciando sobre aspectos de igualdade, corresponsabilidade e coeducación. Para a realización da actividade, as persoas participantes organizáronse en diferentes equipos para superar un conxunto de probas repartidas nun percorrido polo andar -1 do museo e complementar cada un dos retos e xogos desta xincana, promovendo de xeito diferente e divertido os valores de sororidade e corresponsabilidade.

Datas: 26 de novembro de 2022. Lugar: Andar -1, Museo Centro Gaiás.

Artigos 9 e 10 Tratamento da información e Convenios de autorregulación

Actuacións da Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia en relación á prevención e ao tratamento da violencia de xénero

O día 8 de marzo de 2022, Día Internacional da Muller, a Secretaría Xeral de Medios levou a cabo unha campaña institucional en prensa escrita, radio e edicións dixitais de medios de comunicación co obxectivo de contribuír a unha crecente e efectiva igualdade entre mulleres e homes.

O día 25 de novembro de 2022, Día Internacional Contra a Violencia de Xénero, esta secretaría levou a cabo unha campaña institucional en prensa escrita, radio e edicións dixitais de medios de comunicación co obxectivo de sensibilizar á cidadanía e buscar a complicitade de toda a sociedade para erradicar a violencia contra as mulleres e conseguir o rexeitamento social cara os maltratadores.

Tratamento da violencia machista na CRTVG durante 2022

1. Normativa

Durante o ano 2022, a CRTVG seguiu aplicando as recomendacións sobre o tratamento informativo da violencia contra as mulleres propostas polo Consello de Administración da CRTVG. Este documento, accesible no portal corporativo (<http://www.crtvg.es/crtvg/portal-de-transparencia/responsabilidade-social-corporativa/autoregulacion/recomendacions-do-consello-de-administracion-da-crtvg-sobre-o-tratamento-informativo-da-violencia-contra-as-mulleres>).

As informacións relacionadas coa violencia de xénero son obxecto dun tratamento serio, delicado e rigoroso que prime ante todo o respecto extremo ás vítimas.

Entre outros criterios, destácase a conveniencia de extremar o celo no manexo das fontes de información e das declaracións, incidindo tamén na idea de que os medios públicos galegos non se limitan ao tratamento dos feitos dramáticos senón que tamén divulgan os casos en que as mulleres conseguen liberarse dos malos tratos para que sirvan de exemplos a outras vítimas. Sempre se inclúe nas informacións o número de teléfono de

atención aos casos de violencia machista. A CRTVG mantén un convenio coa Secretaría Xeral de Igualdade para realizar accións conxuntas nesta materia, a promoción da igualdade e a loita para a eliminación da violencia de xénero.

Ademais, as novas normas reguladoras da comunicación comercial audiovisual da CRTVG, aprobadas polo Consello de Administración no mes de outubro de 2018 e dispoñibles no Portal de Transparencia da Corporación inclúen un capítulo específico sobre a imaxe da muller (Capítulo 3).

O documento é accesible en:

<http://www.crtvg.es/files/Normasreguladorascomunicacincomercial24102017.pdf>

2.- Contidos nos medios públicos

A CRTVG esforzase para tratar a diario aqueles temas que axuden a poñer luz sobre a necesidade de erradicar a violencia contra a muller, as noticias que se produzan nese eido e, por desgraza, os feitos negativos, os casos de violencia, para que nunca se agoche ou se minimice esta realidade. Pero tamén as positivas, como as medidas das diferentes administracións para loitar contra esta violencia e educar en igualdade; ou as historias de superación de mulleres que recuperan as súas vidas tras seren vítimas de maltrato.

A modo de resumo, co gallo do último 25N de 2022 os contidos da TVG puxeron aínda máis o seu punto de mira nesta cuestión non só chegado o propio 25 de novembro, senón tamén nos días previos a esta data. Entre outros contidos, pódense citar:

- No caso do 'Bos días' entrevistouse o 25 de novembro a Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, María Jesús Lorenzana, e visitou en directo o centro de formación profesional CIFP da Xunqueira de Pontevedra, que acolleu actividades de formación aos alumnos sobre a violencia machista. En 'A Revista' entrevistouse a secretaria xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, Susana López Abella. No mesmo informativo dedicouse tempo ao testemuño dunha muller vítima de violencia machista e a coñecer, desde o interior do cárcere de Teixeiro (A Coruña), a historia dunha muller integrada no equipo de fútbol sala masculino do centro.

No plano cultural, o espazo 'ZigZag' ofreceu unha reportaxe sobre a Ópera Papagena, unha ópera electrónica sobre a loita contra o sexismo, e, xa na fin de semana, os informativos da TVG emitiron unha reportaxe sobre a formación que ofrece a Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria aos sanitarios para detectar casos de violencia machista.

- 'Quen anda aí?' e 'Hora galega', os *magazines* de entretemento da canle pública, visibilizaron o xoves 25 esta eiva social desde distintos vértices. O primeiro ofreceu unha reportaxe sobre unha vítima de violencia de xénero, sobrevivente do ataque da súa exparella, que intentou matala mentres durmía. A continuación, 'Hora galega' fíxose eco da iniciativa do Centro de Información Municipal ás Mulleres de Ourense que, despois de detectar un alarmante aumento nos casos de violencia de xénero en adolescentes, deseñou un programa que aborda a prevención da violencia machista nos máis novos.
- No programa 'Luar' á noite escoitáronse cancións que abordan esta temática nas voces de varios artistas. Mentres, na G2, o programa de cinema 'Clac' emitiu a película 'María Solinha' e no tempo de coloquio do programa falouse doutras películas que trataron o tema do machismo en distintos momentos históricos
- A Radio Galega ofreceu unha entrevista a Ángeles Carmona, presidenta do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial, abriu a cobertura dos informativos da Radio Galega, que o domingo entrevistou tamén a María Jesús Lorenzana, conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade. O espazo de temática social 'Convivir' emitiu o capítulo 'Mentres dormes' do podcast 'Superando a ficción', da xornalista da CRTVG Cristina García, co que gañou o Premio Sesé Mateo de Xornalismo Ético no Tratamento e Comunicación da Violencia de Xénero do Concello de Redondela.
- 'Galicia por diante' contou coa participación de María Canosa, autora do libro *"saíza a punkiereteira"*, que se presentou na xornada do 25N e que conta unha historia para o público adolescente arredor da violencia machista. No tempo da tarde radiofónica, o programa 'A tarde' contou coa cantante e compositora portuguesa María do Ceo, quen

presentou 'Morada de bágoas', un adianto do seu novo disco, cun sinxelo que trata o tema da violencia de xénero.

3.- Publicidade

En canto á publicidade, o 25 de novembro, Día contra a Violencia Machista, en aplicación do convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade, a TVG emitiu publicidade de balde da campaña institucional.

A CRTVG forma parte do Observatorio Galego de Violencia de Xénero constituído en 2014 e que conta con representantes das administracións, da Xustiza, sindicatos, asociacións de mulleres e medios de comunicación coma a CRTVG para traballar coordinadamente para atallar o machismo e as mortes e agresións.

A CRTVG forma parte desde 2015 da Comisión Asesora de Publicidade non sexista do Observatorio Galego de Violencia de Xénero, e participa activamente neste foro de asesores no que se valoran as denuncias daqueles casos de publicidade que fan un posicionamento non axeitado do papel da muller na sociedade.

Así mesmo, a CRTVG está integrada na asociación Autocontrol de Publicidade, organización da que participa todo o sector da publicidade en España. Esta entidade ten vixente un código de conduta ou normas reguladoras da emisión de mensaxes publicitarias e de televenda que atende, entre outros aspectos, o cumprimento dos principios da igualdade de xénero e persegue, de oficio e tamén en resposta a reclamacións, a emisión de contidos sexistas a través das mensaxes comerciais.

4.- Campañas RSC

Todas as campañas RSC da CRTVG, as bautizadas como #AcciónsG atenden transversalmente á perspectiva de xénero. Pero ademais, unha das campañas anuais céntrase na participación das mulleres galegas na actividade social e económica de Galicia. Baixo o paraugas de #AcciónsG, a CRTVG promove estas campañas para actuar, sensibilizar, provocar o cambio e mellorar a sociedade desde unha sólida perspectiva de xénero.

A CRTVG comezou 2022 asinando un convenio coa entidade Executivas de Galicia coa finalidade de dotar de maior visibilidade as profesionais galegas que destacan nos seus diferentes ámbitos competenciais, e que están reunidas no directorio de 'Referentes Galegas' editado pola entidade.

Nos seus contidos, na xestión de RRHH e na comunicación institucional, a igualdade de xénero forma parte do ADN da CRTVG, que impulsa ademais campañas específicas e se fai eco das promovidas polo tecido social galego, ao longo de todo o ano.

Artigo 11: Contidos e publicidade en relación coa violencia de xénero

- **A Comisión asesora de publicidade non sexista**

Na sección 2ª do capítulo III, do Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, e dependendo do Observatorio Galego da Violencia de Xénero e con carácter permanente, creouse o pasado 20 de novembro de 2014 a **Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista**, que ten como obxecto asesorar e orientar as entidades, asociacións, axentes publicitarios que o requiran, ofrecendo criterios alternativos para eliminar o sexismo nas mensaxes publicitarias e incorporar accións positivas que cooperen á erradicación de todo tipo de discriminación por razón do sexo das persoas.

Desde a súa constitución no ano 2014 e ata o 31 de decembro de 2021 a Comisión recibiu un total de 84 denuncias, na súa maioría relacionadas con carteis e anuncios con connotacións sexistas. No ano 2022 non se recibiron denuncias por publicidade sexista sobre bens ou servizos de consumo, o cal se debe, en gran medida, á implementación dentro do sector da publicidade de códigos de autorregulación.

Capítulo II: Medidas de investigación e de formación en materia de violencia de xénero.

Artigo 12. Potenciación da investigación sobre a violencia de xénero.

Artigo 13. Rexistros administrativos.

Artigo 14. Formación nas universidades.

Artigo 15. Formación da totalidade das e dos profesionais.

Este capítulo da lei fai fincapé na necesidade de coñecer con maior profundidade o fenómeno da violencia de xénero, as súas causas e consecuencias, os aspectos xurídicos e sociais, pero tamén as repercusións de carácter psicolóxico sobre as vítimas, así como os perfís dos maltratadores, entendendo que o maior coñecemento provocará unha resposta máis eficaz nos ámbitos de prevención, intervención, recuperación e castigo e reeducación dos maltratadores.

Artigo 12: Potenciación da investigación sobre a violencia de xénero

Neste apartado cómpre mencionar ao **Observatorio Galego da Violencia de Xénero**, como órgano colexiado e institucional de Galicia encargado do estudo, da avaliación e do seguimento das políticas contra a violencia de xénero que se desenvolvan en Galicia. (véxase páxina 346).

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades realizou un labor tanto de recollida de información relevante para a prevención e loita contra a violencia de xénero como de colaboración na súa produción.

A este respecto, a consellería colaborou na elaboración do informe estatal “Igualdad y violencia contra las mujeres en la adolescencia en España, El papel de la escuela”, coordinando a recollida de mostras representativas dos equipos directivos, profesorado e alumnado de 3º e 4º da ESO, bacharelato, FP básica en 23 centros docentes galegos, co fin de coñecer a súa percepción de incidencia da violencia de xénero en persoas menores de idade. Este estudo forma parte dunha serie de publicacións periódicas realizadas pola Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, unha nova colección de publicacións na colección “Aulas por la igualdad” do Ministerio de Educación Formación Profesional que procura coñecer o impacto da violencia de xénero en poboación escolar.

O estudo foi difundido desde o portal educativo a través da sección de igualdade: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/36087>

- **Accións de promoción de formación, investigación, sensibilización e prevención da violencia de xénero no ámbito universitario**

A **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade** asinou novamente tres convenios de colaboración coas 3 universidades galegas, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo.

O obxecto destes convenios foi o desenvolvemento de medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, con diversas actuacións relativas a formación en prevención da violencia de xénero, do machismo e das condutas violentas, a educación emocional e sexual e a igualdade. Ademais tamén se realizaron estudos, formacións, campañas, investigacións sobre a violencia de xénero e establecemento de un sistema de análise estatístico que recolla as violencias machistas que sofren as mulleres que exercen a prostitución.

Datos:

Nº de cursos realizados: 40

Nº de participantes: 2.934

Nº de xornadas: 1

Nº de actividade de sensibilización: 13 (asistiron máis de 800 persoas)

Nº de proxectos/traballos/Estudos de investigación: 4

Nº de enquisas: 2

Nº de concursos: 2

Material de difusión: 1.00 folletos + 15 guías + 2.500 "manteis"

Artigo 13: Rexistros administrativos

- **Seguimento do Plan Galego de Estatística: 2022: Área de violencia de xénero:**

O Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2022, aprobado polo Decreto 2/2022, do 2 de xaneiro, establece como unha das operacións estatísticas a realizar pola Secretaría Xeral da Igualdade, a estatística de violencia de xénero, na que se

recollen os datos correspondentes aos expedientes tramitados no primeiro semestre do ano 2022.

Por outra banda, o Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2023, aprobado polo Decreto 224/2022, do 29 de decembro establece como unha das operacións estatísticas a realizar pola Secretaría Xeral da Igualdade, a estatística de violencia de xénero, na que se recollen os datos correspondentes aos expedientes tramitados no segundo semestre do ano 2022 e o total.

Unidades estatísticas:

☐ **Prestacións económicas directas**

- **Axuda de pagamento periódico a vítimas da violencia de xénero** (véxase pág. 206).
- **Axuda de pagamento único ás vítimas de violencia de xénero** (véxase páxina 215).
- **Indemnización establecida no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero** (véxase páxina 227).

☐ **Prestacións de servizos**

- **Atención polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección** (véxase páxina 309).

Expedientes de seguimento de medidas de protección de mulleres vítimas de violencia de xénero.

- **Acreditacións da Condición de Violencia de Xénero.**

Solicitudes e expedición de certificacións/acreditacións da condición de vítima de violencia de xénero.

- **Certificación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero**, para os efectos da incorporación ao programa de inserción laboral deste colectivo.

O artigo 2º.b da Orde do 2 de maio de 2006 establece como un dos documentos que debe acompañar á solicitude de incorporación ao programa, a Certificación acreditativa da condición de vítima, expedida polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección, dependente da Secretaría Xeral da Igualdade.

Datos Estadísticos 2022

1.- Expedientes de concesión de axudas de pagamento único

Provincia	Nº resolucións favorables		
	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	91	92	183
Lugo	11	8	19
Ourense	19	14	33
Pontevedra	40	40	80
Total	161	154	315

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Nacionalidade beneficiarias	2022	
	Nº beneficiarias	%
Española	239	75,87%
Estranxeira	76	24,13%
Total	315	100%

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

2.- Expedientes de concesión de axudas de pagamento periódico

Provincia	Nº resolucións favorables		
	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	128	135	263
Lugo	35	33	68
Ourense	36	35	71
Pontevedra	86	83	169
Total	285	286	571

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Nacionalidade beneficiarias	2022	
	Nº beneficiarias	%
Española	421	73,73%
Estranxeira	150	26,27%
Total	571	100%

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

3.- Expedientes de concesión da indemnización regulada no artigo 43 da lei galega 11/2007

Nº resolucións favorables			
Provincia	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	8	6	14
Lugo	2	1	3
Ourense	1	1	2
Pontevedra	0	1	1
Total	11	9	20

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Nacionalidade beneficiarias	2022	
	Nº beneficiarias	%
Española	15	75,00%
Estranxeira	5	25,00%
Total	20	100%

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

4.- Atención polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección

Novos expedientes seguidos			
Nº expedientes			
Provincia	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	318	305	623
Lugo	57	51	108
Ourense	68	70	138

Novos expedientes seguidos			
Nº expedientes			
Provincia	1º semestre	2º semestre	Total
Pontevedra	133	141	274
Total	576	567	1.143

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Medidas de protección comunicadas			
Nº ordes de protección			
Provincia	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	327	358	685
Lugo	59	64	123
Ourense	74	70	144
Pontevedra	138	124	262
Total	598	616	1.214

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

5.- Certificación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, para os efectos da incorporación ao programa de inserción laboral deste colectivo

Nº certificacións emitidas			
Provincia	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	1	1	2
Lugo	0	0	0
Ourense	5	0	5
Pontevedra	2	0	2
Total	8	1	9

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

6.- Informe técnico da Secretaría Xeral da Igualdade para os efectos da concesión de vivenda en aluguer

Provincia	Nº informes emitidos		
	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	0	4	4
Lugo	1	16	17
Ourense	0	12	12
Pontevedra	0	4	4
Total	1	36	37

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Artigos 14 e 15: Formación nas universidades e formación da totalidade das e dos profesionais

- **Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo de Administración da Comunidade Autónoma de Galicia**

Este Decreto, publicado no Diario Oficial de Galicia do 1 de agosto de 2017, regula a formación en xénero da totalidade do persoal da Administración pública e dáse así cumprimento á Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que establece que a Xunta garantirá, nos termos que se establezan regulamentariamente, e promoverá, mediante os instrumentos necesarios, a formación en igualdade de todos e todas as profesionais que traballan en ámbitos relacionados directa ou indirectamente coa violencia de xénero. En especial, dos e das profesionais da sanidade, dos servizos sociais, educativos, das forzas e corpos de seguridade e das operadoras e operadores xurídicos, mediante o deseño de programas específicos de formación en materia de violencia de xénero e poñéndoo a disposición de calquera ente, organismo ou departamento, e da sociedade en xeral, para a súa aplicación nas diversas accións formativas.

Ademais, no caso do persoal de novo ingreso que acceda á condición de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo da Administración xeral, as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento terán carácter obrigatorio.

No marco deste Decreto, sinálanse a continuación as accións formativas desenvolvidas no marco da Xunta de Galicia

- **Formación para persoal no ámbito da Administración pública 2022**

O impulso á formación en materia de igualdade, que constitúe unha liña estratéxica do Plan de formación da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), persegue o obxectivo de que o maior número de empregados/as públicos/as poida contar cunha formación específica sobre estes contidos e adquirir unha perspectiva crítica na materia e de que contribúa a que as distintas administracións públicas de Galicia poidan ser parte activa no avance cara á consecución da igualdade real e efectiva e a erradicación da violencia de xénero na sociedade.

As actividades formativas na materia foron convocadas mediante Resolución do 15 de marzo de 2022 pola que se convocan as actividades de formación continua en materia de igualdade e violencia de xénero para o persoal ao servizo das administracións territoriais, institucionais e entes públicos instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma, así como do persoal da Administración de xustiza de Galicia e de administración e servizos (PAS) das tres universidades galegas.

A continuación, recóllense as actividades formativas desenvoltas, atendendo á modalidade de impartición:

- Na modalidade de **teleformación** desenvolvéronse as seguintes actividades formativas:

Actividades desenvoltas na modalidade de teleformación				
Título	Edicións	Prazas	Horas/ed	Persoas destinatarias
A educación emocional como ferramenta para promover a igualdade	1	50	20	Persoal ao servizo da Admón. xeral da CA de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Admón. institucional; das entidades locais; da Admón. de xustiza e do PAS do Sistema Universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo)
Acompañamento social e apoio as mulleres que sofren violencia de xénero	1	50	25	
Aproximación á violencia de xénero	2	100	30	
Básico en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero	7	350	20	
Ciberviolencias sexistas. Novos espazos para a violencia de xénero	1	50	25	
Conciliación da vida persoal, familiar e laboral	5	250	30	
Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas	3	150	20	
Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero	5	250	20	
Integración da perspectiva de xénero na xestión pública	2	100	30	
Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	3	150	30	
Muller, medios de comunicación e TIC	2	100	30	
O enfoque de xénero no deseño, execución e avaliación de plans, programas e proxectos	3	150	25	
Violencia de xénero na adolescencia e Xuventude	1	50	30	
Sexting, sextorsión, violencia de xénero Dixital	4	200	20	
A educación emocional como ferramenta para promover a igualdade	1	50	20	
Básico en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero	1	50	20	

Actividades desenvoltas na modalidade de teleformación				
Título	Edicións	Prazas	Horas/ed	Persoas destinatarias
Aproximación á violencia de xénero	1	50	30	
Violencia de xénero na adolescencia e Xuventude	1	50	30	
Acompañamento social e apoio as mulleres que sofren violencia de xénero	1	50	25	
Ciberviolencias sexistas. Novos espazos para a violencia de xénero	1	50	25	
Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	1	50	30	
Total	47	2350	535	

Fonte: Escola Galega de Administración Pública. Xunta de Galicia

- As actividades impartidas na modalidade **presencial** foron as seguintes:

Actividades desenvoltas na modalidade presencial*				
Título	Edicións	Prazas	Horas/ed	Persoas destinatarias
Comunicación incluínte nas administracións públicas	1	25	15	Persoal ao servizo da Admón. Xeral da CA de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Admón. institucional; das entidades locais; da Admón. de xustiza e do PAS do Sistema Universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo)
Detección e intervención ante a violencia de xénero nos centros de maiores, centros de día e centros de axuda a domicilio	1	25	15	
Estratexias para a eliminación de estereotipos de xénero no exercicio da actividade profesional	1	24	15	
Violencia familiar. Violencia sobre a muller e os menores. A violencia vicaria.	1	35	14	
Total	4	109	59	

Fonte: Escola Galega de Administración Pública. Xunta de Galicia

- Na modalidade de **telepresenza**, que se basea na retransmisión en directo das sesións formativas, desenvolveuse unha actividade formativa:

Actividades desenvoltas na modalidade de telepresenza				
Título	Edicións	Prazas	Horas/ed	Persoas destinatarias
Diversidade afectivo-sexual, identidades de xénero e non discriminación das persoas LGTBI+	1	30	15	Persoal ao servizo da Admón. Xeral da CA de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Admón. institucional; das entidades locais; da Admón. de xustiza e do PAS do Sistema Universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo)
Empoderamento feminino e crecemento persoal	1	30	15	
Total	2	60	30	

Fonte: Escola Galega de Administración Pública. Xunta de Galicia

- Na modalidade de **autoformación**, que posibilita o acceso á formación dun xeito máis autónomo e flexible, ofertáronse as seguintes actividades:

Actividades desenvoltas na modalidade de autoformación			
Título	Prazas*	Horas/ed	Persoas destinatarias
Básico en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero	200	20	Persoal destinado nas administracións territoriais, institucionais e entes públicos instrumentais do sector público da comunidade autónoma, así como o persoal da Administración de xustiza de Galicia e de administración e servizos (PAS) das tres universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG)
Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas	200	20	
Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero	200	20	
Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	200	30	
Total	800	90	

**Fai referencia ás prazas ofertadas para a realización das probas de certificación dos coñecementos, as cales dan dereito á obtención do correspondente diploma acreditativo.*

Na anualidade 2022 formáronse no marco das actividades específicas promovidas pola EGAP en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero un total

de 2.992 empregados/as públicos¹: 2.357 recibiron o correspondente diploma tras teren participado nas correspondentes actividades formativas, e 635 obtiveron o certificado logo de ter superado as probas de certificación no marco do programa de autoformación.

As actividades formativas desenvoltas na modalidade de teleformación, presencial e telepresenza supuxeron, así pois, un total de 53 edicións e 2.519 prazas formativas en actividades de carácter específico. O número total de alumnos/as que se formaron nos cursos impartidos nas tres modalidades formativas foi de 2.357 alumnos/as.

En canto á modalidade de autoformación, ofertáronse 800 prazas dirixidas a que o alumnado certifique os coñecementos adquiridos a través dos contidos que a EGAP pon á súa disposición.

En 2022, accederon a estes contidos específicos na modalidade de autoformación un total de 4.827 persoas, e foron 635 as que certificaron os seus coñecementos nestas materias, ao ter superado as correspondentes probas de avaliación.

- **Actividades (non específicas en materia) que inclúen contidos sobre igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero**

A EGAP incorpora tamén contidos sobre esta materia na programación didáctica doutras actividades formativas, como poden ser as seguintes:

- Incorporación de cláusulas sociais e de xénero na contratación pública

Nesta actividade abordouse como planificar un contrato incorporando cláusulas sociais e de xénero, e explicáronse cales son os condicionantes da aplicación deste tipo de criterios na compra pública, así como a implementación deses criterios. Foron 35 as persoas que se formaron nesta materia.

- Contratación estratéxica

Esta actividade, que se desenvolveu na modalidade de autoformación, propiciou a análise da consecución de intereses sociais e ambientais a través da contratación pública, atendendo á potencialidade da contratación pública como instrumento para

¹ Na anualidade anterior foran 2.828 as persoas que se formaron nestes contados específicos.

promover, entre outras cousas, a igualdade de xénero, abordando con carácter específico a “promoción da igualdade de xénero a través da contratación pública”. Foron 288 as persoas que accederon a estes contidos formativos e 127 as que certificaron os coñecementos ao ter superado as probas de certificación.

- Manual de estilo do DOG e outras publicacións institucional

Nesta actividade, que se impartiu tamén na modalidade de autoformación e na que se promove o uso dunha linguaxe igualitaria e non estereotipada, formáronse 257 persoas, e foron 79 as que obtiveron o correspondente diploma.

- Módulo I. A actividade dos xulgados de garda: actuacións propias e alleas aos xulgados de instrución

Esta actividade formativa dirixida especificamente ao persoal da Administración de xustiza ten por obxecto proporcionar coñecementos específicos de xestión procesual, atendendo aos procedementos especiais relativos a menores, estranxeiros e vítimas de violencia de xénero. Foron 47 as persoas que se formaron nestes contidos.

- **Actividades formativas que inclúen contidos sobre xénero organizadas ao abeiro de convenios de colaboración**

En 2022 organizáronse, no marco de diversos convenios de colaboración, as seguintes actividades formativas de carácter específico:

- Actividade *Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica do Servizo Público de Emprego*, de 30 horas de duración cada unha delas, e nas que se formaron un total de 63 persoas.
- Actividade formativa específica sobre “*Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas*”, de 20 horas de duración, e na que se formaron 40 persoas.
- Realización de 9 edicións do curso *Prevención de riscos laborais. Nivel básico*, de 60 horas de duración cada unha delas, nas que se aborda a prevención de riscos desde a perspectiva de xénero. Formáronse nestes contidos un total de 900 persoas.
- Actividade formativa *Prevención de riscos laborais en actividades de tempo libre*, na que

formaron 100 persoas.

En 2022 foron, polo tanto, 1.103 as persoas que se formaron nestes contidos específicos ao abeiro de diversos convenios de colaboración.

- **Formación de profesionais do ámbito sanitario**

En relación á prevención e tratamento da violencia de xénero as actuacións desenvolvidas no ámbito competencial do Servizo Galego de Saúde, da Consellería de Sanidade, durante o exercicio 2022 son as seguintes:

- Xornada *“Violencia de Xénero: Cribado e diagnóstico desde os servizos de saúde”*. Mesa redonda sobre o tema con profesionais de varias comunidades autónomas, e distribución de material divulgativo en todos os centros do Servizo Galego de Saúde.
- Publicación na web dos vídeos das xornadas realizadas en relación coa violencia de xénero: <https://www.sergas.gal/Violencia-de-xenero/Videos-Xornadas>.
- Canle específica sobre violencia de xénero, onde se publica todo o relacionado co tema (vídeos informativos, xornadas e entrevistas, procedementos, normativa e informes anuais con datos epidemiolóxicos e rexistro dos casos).
- Publicación de vídeos de axuda para profesionais cando se atopan na consulta mulleres que están en situación de violencia de xénero.
- Realización dunha nova edición dos cursos de formación para o persoal do Servizo Galego de Saúde:
 - Curso online *“Básico en Igualdade de oportunidades e control da violencia de xénero”* na modalidade de autoformación, dirixido a profesionais non sanitarios da rede do Servizo Galego de Saúde. Nº de persoas que remataron: 2.370
 - Curso online *“A violencia cara ás mulleres: Como detectala e pautas de actuación desde o Servizo Galego de Saúde”*, dirixido a profesionais sanitarios. Nº de alumnado que remataron: 2.183
- Realización de cursos sobre a violencia de xénero, dirixidos a profesionais en formación das Facultades de Fisioterapia, Enfermaría e Educación e Graduado social.

- Curso "Atención ás mulleres en situación de violencia de xénero." Nº de persoas que remataron: 360
- Realización de talleres de formación e información á poboación sobre a violencia de xénero, a través da Escola Galega de Saúde para a Cidadanía.
 - Talleres "Prevención da violencia de xénero". Nº de alumnado: 115
- Publicouse pola ORDE do 6 de outubro de 2021 o I Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes no Servizo Galego de Saúde, onde, entre outras, recóllense as seguintes medidas no seu "Eixo 5: Atención a situacións de especial protección: Violencia de xénero, acoso sexual, acoso ou discriminación por razón de sexo e da orientación ou identidade sexual", a desenvolver para o período 2021-2024.

5.1- Protección das traballadoras en situación de violencia de xénero.

- Comisións de servizo tramitadas por razón de violencia de xénero: 2
- Cambios de área e outras actuacións por razón de violencia de xénero no marco da selección temporal: 2

5.6- Promoción do principio de igualdade das persoas.

- Conferencia "Micromachismos e macromachismos que permiten a violencia de xénero" impartida o 1 de xuño de 2022.

5.8- Actualización da guía informativa para traballadoras en situación de violencia de xénero.

- Presentada na Comisión de Igualdade de 18/02/22 – Difundido documento cuadrático en formato electrónico e físico.

5.9.-Atención as traballadoras en situación de violencia de xénero.

- **Plan de Formación anual do servizo de voluntariado e participación**

Desde a Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, no marco do Plan de formación conxunto para a xuventude e

o voluntariado, realizáronse un total de 14 cursos, tanto en formato presencial como online, orientados á formación específica en materia de prevención e de adopción de medidas de sensibilización e formación na área de igualdade:

- *Voluntariado e transformación social*, que incluía un módulo específico sobre violencia de xénero segundo as bases e principios do Pacto de Estado. Ao abeiro deste curso presencial formáronse 4 persoas.
- *Rse e voluntariado corporativo contra a violencia de xénero*. Outra forma de entender o voluntariado. Ao abeiro deste curso online formáronse 8 persoas.
- *A planificación de proxectos de voluntariado*, que incluía un módulo sobre a aproximación xeral ao Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Ao abeiro deste curso presencial, que contou con dúas edicións, formáronse 12 persoas.
- *Formación en igualdade para a prevención e o enfrontamento á violencia de xénero*. Ao abeiro deste curso online formáronse 64 persoas e no seu formato presencial, 4. Este curso contou con dúas edicións.
- *Voluntariado interxeracional, posta en valor da experiencia vital desde a perspectiva de xénero*. Ao abeiro deste curso online formáronse 37 persoas.
- *Os beneficios do voluntariado no conxunto da sociedade*, cun módulo específico sobre aproximación xeral ao Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Ao abeiro deste curso online formáronse 15 persoas.
- *Formación e convivencia do voluntariado: non á violencia de xénero*. Ao abeiro deste curso presencial formáronse 24 persoas.
- *Novas tecnoloxías como ferramentas para persoas voluntarias*, cun módulo específico sobre Aproximación xeral ao Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Ao abeiro deste curso online formáronse 44 persoas.
- *A relevancia do voluntariado na economía circular*, que incluía un módulo específico sobre violencia de xénero segundo as bases e principios do Pacto de Estado. Ao abeiro deste curso online formáronse 39 persoas.
- *Metodoloxías creativas para ampliar o voluntariado*, cun módulo específico sobre aproximación xeral ao Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Ao abeiro deste

curso online formáronse 36 persoas.

- *Formación en igualdade e prevención da violencia de xénero* para monitorado de ocio e tempo libre. Curso presencial no que se formaron 20 persoas.
- *Formación en Igualdade de xénero nos espazos de lecer*, ao abeiro deste curso online formáronse 25 persoas.

- **Formación de profesionais do ámbito educativo: Formación do profesorado**

A través Plan Anual de Formación do Profesorado, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades canaliza anualmente a oferta formativa que se poñerá ao dispor do persoal en activo en centros públicos e concertados. Para reforzar a oferta formativa e estimular a súa demanda, o Plan Anual de Formación do Profesorado presenta unha sección específica co título "Igualdade, coeducación e prevención da violencia de xénero" co fin de dotar de espazo específico a temática.

Este plan pódese consultar no portal educativo; os datos relativos ao ano 2022 (e que producen consecuencias nos cursos 2021/22 e 2022/23) son os seguintes:

- Plan Anual de Formación do Profesorado 2021/22:
<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/34344>
- Plan Anual de Formación do Profesorado 2022/23:
http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/paf_2022-23_gal.pdf

Dentro do Plan podemos atopar distintas opcións a través das cales se poden paliar as distintas necesidades e intereses en materia coeducativa:

- ✓ Plans de formación permanente do profesorado para centros docentes públicos e seminarios e grupos de traballo en centros docentes concertados.
- ✓ Licenzas de formación para docentes ou grupos de docentes en activo.
- ✓ Escolas de nais e pais (ENAPAS).
- ✓ Actividades formativas (cursos, xornadas, congresos) para docentes.

- Plans de formación permanente do profesorado

Denomínase plan de formación permanente do profesorado (PFPP) a demanda formativa concreta que realiza un centro educativo público para responder a unha detección de necesidades por parte do seu claustro. A consellería xestiona esta demanda a través do centro de formación e recursos ao que está asignado o centro educativo, quen o asesora na busca dos recursos máis axeitados para dar resposta á necesidade que quere cubrir.

Desde o curso 2017/2018 inclúese a obrigatoriedade de realizar (de non telo realizado previamente) un módulo de formación específica en inclusión, convivencia e igualdade (módulo ICI) independentemente da temática do PFPP co fin de garantir que o profesorado participante no PFPP adquiere os coñecementos necesarios para a aplicación das normas e protocolos relacionados coa inclusión, coa convivencia e coa igualdade. A través del, garántese que o profesorado adquiere o saber necesario para aplicar os protocolos relacionados, por exemplo, coa intervención en caso de violencia de xénero.

O total do profesorado certificado desde 2017/18 no módulo ICI foi de 23.587 persoas, o que supón o 75,96% do total do profesorado galego (31.392 docentes segundo o informe Datos e cifras do ensino non universitario, publicado en setembro de 2020 e consultable na seguinte ligazón: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/1196>). En canto ao ano natural 2021, certificaron nesta actividade 906 homes e 2500 mulleres. Este curso realízase sempre no primeiro semestre de cada ano, correspondendo cos trimestres 2º e 3º do curso escolar.

No curso escolar 2022/23 (que afecta ao 2º semestre do ano 2022) estanse a desenvolver 1023 PFPP en Galicia, os cales decidiron facer unha aposta concreta para afondar na formación do seu persoal docente.

No que se refire aos centros que contan con PFPP o impacto tamén é relevante: no curso 2019/20 constan 879 centros con PFPP; e no 2020/21, 907; e no 2021/22, 1066, o que constitúe case o 100% dos centros educativos; este dato de impacto vén determinado polas instrucións recibidas ao inicio do curso escolar, que motivaron que a totalidade dos centros desenvolvesen un PFPP.

- Licenzas de formación

As convocatorias de licenzas de formación constitúen unha ferramenta idónea tanto para a creación de materiais curriculares dixitais coeducativos como para a creación e actualización dos contidos educativos dos cursos non presenciais para a formación do profesorado que están dispoñibles na plataforma de formación en rede da Consellería (PLATEGA).

O profesorado debe preinscribir a súa proposta para recibir o asesoramento que precise para axustala aos requirimentos técnicos e metodolóxicos esixidos na convocatoria.

A última convocatoria publicada é a Resolución do 8 de xuño de 2021. Pódese consultar no portal educativo a convocatoria e toda a información relacionada con ela: <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/35059>

No curso 2021/22 concedéronse 32 licenzas a docentes para a elaboración de materiais didácticos, das cales 5 licenzas foron propostas para a elaboración de materiais coeducativos.

- Escolas de nais e pais

O Plan Anual de Formación do Profesorado recolle nunha sección específica o tratamento das ENAPAS (Escolas de nais e pais), de tal xeito que a participación do centro en determinada proposta de acción formativa leva parella a obriga de realización dunha actividade para as familias. Así, podemos atopar actividades inscritas dentro das ENAPAS en asociación cos distintos PFPP, con algunhas actividades de formación específicas para familias dentro do Plan Anual de Formación do Profesorado, en actividades conxuntas co profesorado ou noutras actividades realizadas conxuntamente con entidades e/ou asociacións.

Con todo, cómpre salientar que no curso no curso 2021/22, 316 centros docentes están a desenvolver a liña de actuación 2 (IGUÁLA-T) dentro de Contratos-programa CP Inclúe polo que contan cunha liña de PFPP en materia de igualdade, o cal garante que en boa medida moitos deles estarán a realizar actividades para as familias en prevención e loita contra a violencia de xénero. O mesmo é de aplicación nos centros cun PFPP con temática específica de igualdade.

- Actividades formativas

As actividades formativas que promove a Consellería a través de xornadas, cursos e congresos aos que pode asistir cada docente en distintas modalidades adaptadas ás súas necesidades e circunstancias (presenciais, en rede e mixtas) e como se recolle no Plan Anual de Formación do Profesorado de 2022/2023, na convocatoria de cada ano ofértanse actividades na epígrafe "*Inclusión, convivencia e coeducación*" encamiñadas á:

- *Formación básica en igualdade e coeducación, prevención e loita contra a violencia de xénero*, cunha duración mínima de 20 horas.
- *Formación básica en igualdade e coeducación no ámbito educativo*, cunha duración mínima de 30 horas.
- *Actividades formativas vencelladas ao Plan Proxecta de innovación educativa*.
- *Actividades de formación avanzada*, cunha duración mínima de 20 horas, dedicadas a afondar nos aspectos vencellados á coeducación, á prevención primaria e secundaria da violencia machista na escola, á educación con perspectiva de xénero, ás datas de conmemoración do calendario escolar en relación coa igualdade e á comunicación igualitaria, entre outras.

Procúrase que esta oferta formativa sexa diversa en distintos parámetros sobre a educación e concienciación en materia de violencia de xénero en canto a temática, aos colectivos destinatarios, así como as modalidades de realización facilitando así a conciliación.

Dentro de toda esta oferta de cursos de formación destácase a implantación da actividade "Formación inicial en igualdade". Trátase dun curso de 20 h de formación en rede que se oferta como de obrigado cumprimento para todo o persoal docente que accede á función pública a través das oposicións aos distintos corpos de persoal docente non universitario.

Esta actividade figura recollida de xeito explícito na convocatoria de oposicións desde a entrada en vigor do *Decreto 70/2017*, e realízase no curso seguinte ao da realización da convocatoria. Cómpre indicar que en 2022 tivo lugar a realización deste curso para o profesorado que superou as probas de acceso no verán de 2022. 2.046 persoas no curso 2021 e 2.011 persoas ata xaneiro do presente curso.

Máis alá das actividades específicas xa comentadas, é importante indicar que os contidos relacionados coa igualdade están presentes como parte constituínte doutras actividades formativas. Nomeadamente podemos singularizar os cursos de formación para o desenvolvemento da función directiva (150 horas en rede para o curso inicial, e 75h para o de reciclaxe), de obrigada realización para todo o persoal docente que aspira a formar parte dun equipo directivo.

- **Formación de profesionais dos Centros de Información ás Mulleres de Galicia 2022**

No ano 2022 a Secretaría Xeral da Igualdade organizou e desenvolveu o IV Plan de formación do persoal dos CIM de Galicia, para abordar asuntos que as/os súas/seus profesionais tratan no seu traballo diario.

Este plan constou dun total de 31 horas de formación, distribuídas en catro accións formativas: tres cursos online, de 9 horas de duración cada un, e unha xornada presencial de 4 horas.

O primeiro curso celebrouse entre o 2 e 9 de novembro co título *Análise da interseccionalidade e a diversidade de xénero*. Neste módulo abordáronse diversos aspectos de temática social de forma interseccional, como son a diversidade funcional, incidindo nas súas repercusións nas persoas maiores, e a diversidade sexual na mocidade para dotar ao persoal dos CIM das ferramentas necesarias para unha correcta comunicación desde o coñecemento, o respecto e a liberdade. De xeito máis específico tratáronse, entre outros, contidos sobre sensibilización e información a familiares de persoas LGTBI; pautas de expresión e acción para o persoal de atención ao público e recursos educativos e de atención sexual; e recursos de atención social para dar cobertura a persoas de avanzada idade en situación de dependencia.

O segundo curso, *Amparar, entender e fortalecer: a abordaxe psicolóxica da violencia de xénero*, realizouse do 11 ao 18 de novembro, e centrouse na intervención psicolóxica en vítimas de violencia de xénero, baixo un enfoque múltiple, distintas metodoloxías e exemplos de intervención, xunto co traballo en terapias fronte ás distintas condutas e

trastornos psicolóxicos. Tratouse tamén a xestión das relacións familiares e das consecuencias da violencia de xénero noutros membros da familia.

As ferramentas legais para o cambio. Abordaxe xurídica da violencia de xénero é o título do terceiro curso, que se desenvolveu entre o 28 de novembro e o 5 de decembro, e no cal se afondou na cobertura legal da violencia de xénero, incluíndo entre os contidos específicos as actualizacións legislativas en violencia de xénero; formación sobre a modificación do artigo 156 do Código Civil e as implicacións para a terapia con menores; dereito procesal, exposición do proceso; e segredo profesional e obriga de denunciar imposta legalmente, ou obriga de informar con relación ás profesionais dos CIM.

A última xornada presencial tivo lugar en Santiago de Compostela, o 14 de decembro, e versou sobre a *Rede CIM: A importancia do autocoidado entre o persoal*, facendo fincapé na dotación de ferramentas para que o persoal do centros sexa máis consciente do propio estado e poida xestionar as repercusións que ten o traballo na súa propia saúde. Tamén se abordaron os principais problemas físicos e psicolóxicos que se derivan e como contribuír á súa resolución.

En total, participaron en cada unha das accións formativas máis de 120 persoas integrantes dos Centros de Información á Muller de Galicia.

- **Formación para profesionais da psicoloxía 2022**

Os convenios de colaboración asinados entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia “para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX), para a atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar (Programa Abramos o Círculo)”, e tamén “para a posta en marcha dunha quenda de garda psicolóxica especializada e permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores, que sofren violencia de xénero na Comunidade autónoma de Galicia”, recollen no seu clausurado que as psicólogas e psicólogos de ambos programas, deberán de cursar as actividades de formación continua que a este respecto se establezan,

elaborándose, para este fin e de xeito conxunto, programas formativos mínimos.

Tamén se establece que, de estimarse oportuno, se incorporarán a esta formación as e os profesionais dos centros, oficinas e puntos de información ás mulleres que se determine, así como outros/as profesionais que estean colaborando no tratamento da violencia contra as mulleres.

Leváronse a cabo as seguintes accións formativas ao abeiro dos anteditos convenios:

- Xornada Interna de Traballo dos Programas de Intervención en Violencia de Xénero do COPG.
- Formación inicial e acto de benvida para os e as novas terapeutas dos Programas.
- Curso "Intervención psicolóxica focalizada en situacións de homicidio por violencia de xénero: intervención transdiagnóstica en adultos e menores, baseada en procesos e regulación emocional"
- Curso "Cultivo da presenza compasiva".

- **Formación para Forzas e Corpos de Seguridade 2022**

A Academia Galega de Seguridade Pública desenvolve anualmente formación na materia de violencia de xénero, como materia troncal e pilar dentro dos plans de formación continua e selectiva de acceso e promoción interna aos Corpos da Policía Local, e colabora na formación da Policía Nacional e da Garda Civil, de acordo co convenio subscrito entre a Xunta de Galicia e o Ministerio do Interior para a súa formación.

Durante o ano 2022 leváronse a cabo 14 actividades formativas, ofertando mais de 1.100 prazas na materia de prevención e tratamento da violencia de xénero, e desenvolveu un itinerario formativo de especialización dirixido as forzas e corpos de Seguridade Pública que desenvolven as súas tarefas en Galicia.

Deste xeito, relatase a continuación por áreas formativas os cursos levados a cabo durante o ano 2022:

- Realización de cursos de formación continua no servizo de formación en Seguridade Pública dirixido a persoal dos Corpos da Policía Local, Policía Nacional, Garda Civil e

Policía Autonómica: curso superior de intervención policial en violencia de xénero: 100 horas de formación na modalidade en liña. Visión completa dende todos os eidos da violencia de xénero, dende a actuación inicial, o tratamento do home maltratador, o protocolo cero e a violencia dixital entre outros temas; Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual (en liña); seminario Vioxen; orde de protección (en liña).

- Realización de cursos de formación inicial e de promoción interna dos Corpos da Policía Local de Galicia: 5 cursos sobre a materia de violencia de xénero co seguinte contido: a violencia de Xénero. Tipos de violencia. Factores de risco; a muller vítima de violencia de xénero. Os seus dereitos como vítima; primeira intervención policial en casos de violencia de xénero.

Ademais, na materia denominada “intervención psicolóxica” o alumnado formouse no trato persoal á vítima de violencia de xénero. Este curso selectivo, contou con un total de 117 alumnos e alumnas procedentes de 33 concellos galegos.

Tamén se levou a cabo cursos de acceso a categoría de vixiante municipal, no que recibiu formación básica na materia de violencia de xénero, así como seis edicións do curso básico de auxiliar de policía local, con un total de 16 horas lectivas na referida materia.

Segundo os datos indicados dende a Academia Galega da Seguridade Pública, dende o ano 2011 o número de cursos ou actividades realizadas establececese en 184 (37 de formación de promoción e 147 de formación continua), dos cales 14 (6 de formación de promoción e 8 de formación continua) foron realizados este ano 2022.

Desta maneira, cuantifícanse os números de alumnos e alumnas formados dende o ano 2011 en un total de 4.615 persoas (2.423 alumnado da Policía Local, 558 alumnado de unha unidade adscrita e 1.634 correspondentes ao alumnado doutros corpos), dos cales 623 (317 alumnado da Policía Local, 21 alumnado de unha unidade adscrita e 285 correspondentes ao alumnado doutros corpos) foron formados este ano 2022.

Capítulo III: Medidas no ámbito educativo

Artigo 16.Actitudes.

Artigo 17.Escolarización inmediata en caso de violencia de xénero.

Artigo 18.Edición e adaptación de materiais.

Artigo 19.Revisión e adaptación do currículo educativo.

Artigo 20.Plans de acción tutorial.

Artigo 21.Proxectos educativos e curriculares de centro.

Artigo 22.Consellos escolares e Consello Escolar de Galicia.

Artigo 23.Inspección educativa.

Para a prevención da violencia de xénero, a educación e a formación en igualdade da comunidade educativa é unha cuestión fundamental. A desaparición dos prexuízos e estereotipos de xénero desde a escola é absolutamente imprescindible para lograr xeracións futuras corresponsables, igualitarias e tamén máis felices. É por iso que se presta unha especial atención a todas as actuacións desenvolvidas no eido educativo, ao marxe da formación dos e das profesionais, xa mencionadas.

Artigo 16: Actitudes

Cómpre aclarar que no ámbito de actuación da Consellería de Educación, Formación Profesional e Universidades, as accións de sensibilización social non se canalizan a través das actuacións que comunmente se desenvolven desde outros ámbitos mediante campañas a través de distintas canles de comunicación e difusión social. No ámbito educativo a abordaxe da sensibilización e da detección precoz das preocupacións sociais, como é a violencia de xénero, realízase principalmente a través da oferta curricular específica, a través de programas educativos, a través das conmemoracións sinaladas no calendario escolar e doutras accións de centro que adoitan compilarse no plan de igualdade de cada centro docente. Con estas accións búscase xerar sinerxías de cambio social desde o propio centro educativo baseadas nunha proposta deseñada desde a Consellería pero desenvolvida xenuinamente polos centros adaptándoa ao seu contexto educativo e ás necesidades detectadas.

- Orde de calendario escolar

Para canalizar accións relacionadas coa educación en valores, a orde de calendario escolar recolle para cada curso escolar unha listaxe de conmemoracións de obrigada celebración por parte dos centros docentes que constitúe unha das oportunidades de maior visibilización das accións de sensibilización dos centros educativos. Entre elas figura o 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, como se pode ver na última orde de calendario escolar publicada: *Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 2 de xuño)*: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220602/AnuncioG0655-240522-0001_gl.html.

Esta conmemoración constitúe unha das actividades de maior relevo social dos centros docentes, como se pode comprobar anualmente na hemeroteca e nas páxinas web dos propios centros.

- Programas educativos

Alén desta proposta de conmemoración, de obrigado cumprimento para todos os centros docentes, a Consellería promove programas educativos de participación voluntaria dirixidos á comunidade escolar para a abordaxe da educación en valores e da convivencia. Estas propostas de acción canalízanse a través do Plan Proxecta e dos Contratos-Programa (especificamente a través da liña de actuación 2 IGUÁLA-T da convocatoria de CP Inclúe). Ademais, a Consellería coopera no desenvolvemento do Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos, que constitúe unha iniciativa de ámbito estatal emanada desde a Secretaría de Estado de Seguridade.

- **Plan Proxecta**

Neste programa de innovación educativa participan distintos departamentos da Xunta de Galicia e do Goberno estatal. A través desta iniciativa canalízanse como oferta única a proposta diversa e accións encamiñadas a traballar a educación en valores de xeito

curricular. A través do Plan Proxecta búscase a integración na planificación xeral anual de programas de impacto actitudinal arredor dun importante número de temas incluídos dentro da educación en valores: educación ambiental, violencia de xénero, hábitos de vida saudable, patrimonio cultural, participación social, educación para o consumo etc. Pódese consultar a convocatoria e a oferta de programas nas seguintes ligazóns no portal educativo:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/planproxecta>.

<http://www.edu.xunta.gal/portal/planproxecta/programas>

A continuación recolleemos aqueles programas que inciden directamente sobre a promoción da igualdade e a sensibilización e prevención en situacións de violencia de xénero:

No curso 2022-2023 a **Secretaría Xeral da Igualdade** está a desenvolver novamente dous programas educativos no marco do Plan Proxecta: "Por 365 días de respecto e igualdade" e "Donas de si".

a) Por 365 días pola igualdade: O programa "Por 365 días de respecto e igualdade: prevención da violencia de xénero no ámbito educativo" ten como obxectivo principal proporcionarlles ás mozas e aos mozos galegos, desde a escola, formación e ferramentas que lles permitan coñecer e recoñecer a violencia contra as mulleres, e actuar na súa prevención, fomentando a autoestima, a autonomía, o coñecemento da construción social das súas identidades sexuais e a asignación de roles, o que permitirá traballar na eliminación de estereotipos sexistas e de falsas crenzas. O Programa é un dobre convite ao profesorado: por un lado, para reflexionar en primeira persoa sobre a violencia de xénero, e en segundo lugar, para compartilo co seu alumnado a través das actividades propostas.

Neste programa participan **31 centros** no curso escolar 2022/23 (ano natural 2022).

b) Donas de si: O programa "Donas de si" ten como obxectivo principal a visibilización e posta en valor da participación e produción das mulleres como pezas fundamentais na configuración e no desenvolvemento da sociedade galega

contemporánea, de xeito que se recoñeza o seu papel político, social, artístico e cultural e se supere a visión tradicional que presenta as súas achegas como puramente anecdóticas e/ou secundarias. Para iso propón realizar unha aproximación de conxunto, que teña en conta a variable de xénero, a figuras relevantes da nosa historia para construír e divulgar a memoria histórica feminina de Galicia.

Neste programa participan **75 centros** no curso escolar 2022/23 (ano natural 2022).

Outros programas do Plan Proxecta que inciden directamente sobre a promoción da igualdade e a sensibilización e prevención en situacións de violencia de xénero:

- a) **Quérote+:** Para o curso 2022/23 o programa "Quérote+" (desenvolvido pola Consellería de Política Social) proponlles aos centros participantes formación relacionada con ciclo de vida adolescente. A través dunha colaboración entre os centros de ensino e os centros Quérote+ o programa busca dotar de ferramentas ao profesorado para o desenvolvemento persoal do alumnado no seu proceso de crecemento e maduración no ámbito da educación para a convivencia entre os sexos (educación sexual, modelos de amor e de parella, uso das tecnoloxías nas relacións). Para conseguir o tratamento curricular da educación afectivo-sexual integral e lograr un maior impacto educativo, o programa propón realizar un proxecto interdisciplinario integrado en distintas programacións didácticas para asegurar o tratamento curricular.

Neste programa participan **32 centros** no curso escolar 2022/23 (ano natural 2022).

- b) **Rapazas emprendedoras nas TIC:** O programa "*Rapazas emprendedoras nas TIC*" ten como obxectivo fomentar o emprendemento das rapazas de secundaria a través das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC). O programa está relacionado con varias iniciativas a nivel europeo, como o proxecto europeo "*ICT-Go-Girls! Promoting Entrepreneurship Among Secondary School Girls through*", no que participa a Secretaría Xeral de Igualdade, e o "*Girls in ICT Day*", promovido pola *International Telecommunication Union (ITU)* a nivel

internacional.

Neste programa participan **15 centros** no curso escolar 2022/23 (ano natural 2022)

- c) **Xente con Don:** Este programa ten como obxectivo previr o VIH e as demais infeccións de transmisión sexual (ITS) na mocidade galega de educación secundaria, bacharelato e de ciclos formativos, promovendo as prácticas sexuais seguras e o respecto polos dereitos das persoas afectadas.

Neste programa participan **4 centros** no curso escolar 2022/23 (ano natural 2022).

- d) **Galicons-net (modalidade Consumo e xénero):** O obxectivo deste programa é realizar un proxecto de innovación educativa que incorpore a perspectiva de xénero na educación para o consumo responsable.

Nesta modalidade participan **2 centros** no curso escolar 2022/23 (ano natural 2022).

- e) **De Ítaca a Avalon:** O obxectivo deste programa é promover unha cidadanía galega crítica, responsábel e comprometida coa erradicación das desigualdades sociais e especialmente coa promoción de sociedades libres de violencias machistas (ODS 4 y ODS 5), desde a coeducación.

Neste programa participan **2 centros** no curso escolar 2022/23 (ano natural 2022).

Pódese consultar toda a Resolución de Plan Proxecta 2022/23 e toda a información referida a estes programas na seguinte ligazón:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/planproxecta>

PLAN PROXECTA 2022/23				
PROGRAMA	NÚMERO DE CENTROS	NÚMERO DE PROFESORES	NÚMERO DE PROFESORAS	TOTAL PROFESORADO PARTICIPANTE
Donas de si	75	138	639	777
Por 365 días de respecto e	31	69	219	288

PLAN PROXECTA 2022/23				
PROGRAMA	NÚMERO DE CENTROS	NÚMERO DE PROFESORES	NÚMERO DE PROFESORAS	TOTAL PROFESORADO PARTICIPANTE
igualdade				
Quérote+	2	2	5	7
De Ítaca a Ávalon	15	25	86	111
Rapazas emprendedoras nas TIC	4	2	21	23
Xente con Don	4	2	21	23
Galicons-net (modalidade "consumo e xénero")	2	3	22	25
TOTAIS	161	297 (20,57%)	1.147 (79,43%)	1.444

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

A distribución da participación por provincias repártese do seguinte xeito:

NÚMERO DE CENTROS PARTICIPANTES NO PLAN PROXECTA 2021/22					
PROGRAMA	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Donas de si	28	13	13	21	75
Por 365 días de respecto e igualdade	8	6	7	10	31
Quérote+	12	7	5	8	32
De Ítaca a Ávalon	0	0	1	1	2
Rapazas emprendedoras nas TIC	2	2	4	7	15
Xente con Don	0	1	1	2	4
Galicons-net (modalidade "consumo e xénero")	2	3	3	7	15
TOTAIS	52	32	34	57	174

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- **Contratos-programa:**

A actuación IGÚALATE dentro de Contratos-Programa ofrécese por primeira vez diferenciada dentro do apartado de convivencia, ofrecéndose como modalidade dirixida para aqueles centros que queiran afondar na coeducación. Con ela promóvese o desenvolvemento de accións que interveñan no fomento da coeducación, promoción da

igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, prevención e tratamento da violencia de xénero, promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual, prevención e tratamento da LTBIfobia e outras medidas semellantes.

Por outra parte, trátase tamén de fomentar nos centros docentes os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre mulleres e homes.

LIÑA DE ACTUACIÓN 2 IGUÁLA-T (CP inclúe)
Curso 20/21: 228 centros
Curso 21/22: 316 centros
Curso 22/23: 367 centros

Neste curso escolar 2022/23 participaron **367** centros na modalidade IGUÁLA-T (dentro do CP inclúe), a súa distribución por provincias é a seguinte:

LIÑA DE ACTUACIÓN 2 IGUÁLA-T (CP inclúe) por provincias
A Coruña: 123 centros
Lugo: 33 centros
Ourense: 34 centros
Pontevedra: 177 centros

O número de **profesorado** participante nesta liña é de **5.796**.

A información relacionada cos contratos-programa podemos atopala no seguinte enlace, no portal educativo: <http://www.edu.xunta.gal/portal/cpinclue>

- **Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos:**

Desde o curso 2013-2014 este Plan ofrece aos centros educativos a posibilidade de solicitar charlas informativas/formativas impartidas por persoas expertas das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado sobre diferentes temáticas que favorezan a mellora da convivencia e o achegamento do seu labor profesional á cidadanía ao mesmo tempo que facilita actuacións en consonancia coa Acción Titorial e as propostas do Plan de Convivencia desenvolvidas nos centros. Entre os temas abordados atópanse a violencia

de xénero.

Segundo a Delegación do Goberno, nos anos 2020 e 2021 por mor da pandemia realizáronse unicamente intervencións de urxencia para atender demandas concretas de centros educativos .

Os últimos datos dispoñibles correspóndense co curso 2021-2022. Realizáronse 3.511 intervencións das cales 383 referíanse á violencia de xénero.

Artigo 17: Escolarización inmediata en caso de violencia de xénero

O disposto neste artigo da Lei 11/2007 desenvólvese no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, nos seguintes termos:

Artigo 28. Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.

1. A consellería con competencias en materia de educación asegurará, dentro do seu ámbito competencial e de acordo co establecido no artigo 17 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a escolarización inmediata do alumnado que se vexa afectado por cambios de centro derivados de situacións de violencia de xénero. Así mesmo, os centros educativos prestarán atención especial á inclusión e normalización do dito alumnado.
2. Nos casos en que sexa necesario un cambio de centro por motivos de violencia ou acoso escolar, garantírase a escolarización inmediata do alumnado afectado.

O artigo 13 do Decreto 254/2012, do 13 de² decembro, polo que se regula o procedemento

² Este decreto quedou derogado polo Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a administración de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG. Núm. 29 do 11/02/2022)

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, introduce nesta varios cambios, entre outros, os que afectan os criterios de admisión e a súa ponderación. Neste punto, a modificación

para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que a Administración educativa asegurará a escolarización inmediata do alumnado que se vexa afectado por cambios de centro derivados de actos de violencia de xénero ou acoso escolar, e adoptará as medidas necesarias para que os centros educativos lle presten especial atención.

O artigo 46.3 da Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o citado Decreto 254/2012 concreta que corresponde á Inspección educativa constatar a efectiva concorrencia da situación de violencia de xénero e, de ser o caso, adoptar as medidas necesarias para a inmediata escolarización do alumnado afectado.

Segundo a información facilitada polos Servizos Territoriais de Inspección Educativa, durante o ano 2021 houbo **82** alumnos e alumnas afectados por cambio de centro derivado de **61 casos** de violencia de xénero, dado que en **34** casos hai varios irmáns/irmás implicados/as. A distribución por provincias é a seguinte:

A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra		
Nº casos	Alumnos/as afectados/as		Nº casos	Alumnos/as afectados/as		Nº casos	Alumnos/as afectados/as		Nº casos	Alumnos/as afectados/as	
	Nenos	Nenas		Nenos	Nenas		Nenos	Nenas		Nenos	Nenas
19 (en 10 caso hai irmáns/ás)	15	13	9 (en 8 caso hai irmáns/ás)	5	9	5 (SEN casos con irmáns/ás)	2	3	24 (en 16 casos hai irmáns/ás)	21	12

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Para dar cumprimento ao establecido no artigo 17 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a consellería de Política Social, recolle nas Resolución do 8 de marzo de 2022 pola que se convoca o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Axencia Galega de servizos

supuxo, basicamente, fixar novos criterios de admisión como o da condición de vítima de violencia de xénero, así como establecer un cambio na súa ponderación, non podendo superar o 30% da puntuación máxima.

Sociais e do Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e Benestar, un procedemento extraordinario de ingresos urxentes en escolas infantís para os fillos/as das mulleres que se atopen nunha casa de acollida e/ou sexan vítimas de violencia de xénero.

As admisións en escolas infantís realizadas ao longo do ano 2022-23 foron as seguintes:

PROVINCIA	AXENCIA	CONSORCIO	TOTALES
A Coruña	1	3	4
Lugo	0	2	2
Ourense	1	1	2
Pontevedra	0	2	2
TOTALES	2	8	10

No ano 2022 rexistráronse 2 casos de nenos/as fillos/as de mulleres vítimas de violencia de xénero que accederon á casa niño de Navia de Suarna e a unha das casas niño de Láncara como consecuencia da aplicación desta prioridade

Artigo 18: Edición e adaptación de materiais

Tal e como establece a Disposición adicional cuarta da LOE (Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, segundo o texto consolidado):

Disposición adicional cuarta. Libros de texto e demais materiais curriculares.

1. No exercicio da autonomía pedagóxica, correspóndelle aos órganos de coordinación didáctica dos centros públicos adoptar os libros de texto e demais materiais que deban de utilizarse no desenvolvemento dos diversos ensinos.

2. A edición e adopción dos libros de texto e demais materiais non requirirán a previa autorización da Administración educativa. En todo caso, estes deberán adaptarse ao rigor científico adecuado ás idades dos alumnos e ao currículo aprobado por cada Administración educativa. Así mesmo, deberán reflectir e fomentar o respecto aos principios, valores, liberdades, dereitos e deberes constitucionais, así como aos principios e valores recolleitos na presente Lei e na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, aos que debe de axustarse toda a actividade educativa.

3. A supervisión dos libros de texto e outros materiais curriculares constituirá parte do proceso

ordinario de inspección que exerce a Administración educativa sobre a totalidade de elementos que integran o proceso de ensino e aprendizaxe, que debe velar polo respecto aos principios e valores contidos na Constitución e ao disposto na presente Lei.

Así, no proceso normal de inspección, realízase esta función.

Artigo 19: Revisión e adaptación do currículo educativo

Tanto o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia como o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establecen o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes na sociedade como finalidade primordial dos distintos niveis educativos, incluíndo tamén diversas referencias nos contidos concretos dos currículos.

Tamén os decretos aprobados nos últimos anos que regulan cada currículo de ciclos formativos e as ensinanzas especiais teñen como denominador común a presenza deste obxectivo.

Todos os desenvolvementos curriculares están suxeitos ao pertinente informe en materia de igualdade polo que este extremo está garantido.

Os decretos dos currículos de ciclos formativos de formación profesional publicados a partir do exercicio 2016 garanten a perspectiva de xénero nos contidos, nos procedementos, nas actitudes e nos valores que conforman o currículo neste nivel educativo, segundo o artigo 19 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

A xustificación atópase na inclusión, nos currículos das ensinanzas de cada ciclo formativo de formación profesional, dun obxectivo de carácter xeral que contén a finalidade da prevención da violencia de xénero cuxa literalidade é a seguinte: Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para desenvolver os valores do principio de igualdade de trato e non discriminación entre homes e mulleres nin por ningunha outra condición nin circunstancia persoal nin social, así como a prevención da violencia de xénero e o coñecemento da realidade homosexual, transexual, transxénero e intersexual.

Así mesmo, o traslado deste obxectivo ao currículo de cada módulo profesional está avalado polo establecido no artigo 34 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. Este artigo refírese ao posterior desenvolvemento do currículo a través das programacións elaboradas para cada módulo profesional.

Estas programacións concretan e adaptan o currículo ás características do contorno socio-productivo, tomando como referencia o perfil profesional do ciclo formativo a través dos seus obxectivos xerais e dos resultados de aprendizaxe establecidos para cada módulo profesional.

- **Ciclo superior de promoción de igualdade de xénero**

Cómpre destacar o desenvolvemento da medida M19 do *I Plan de actuacións para a igualdade* coa publicación do currículo autonómico do ciclo de grao superior de Promoción de Igualdade de Xénero a través do Decreto 28/2018, do 21 de xuño (DOG do 13 de agosto), pertencente á familia profesional de Servizos socioculturais e á comunidade. Este Decreto entrou en vigor no curso 2018/19, aínda que o ciclo arrancou con currículo BOE no curso anterior. Neste curso escolar 2022/23 (ano natural 2022) continúa impartíndose no CIFP Xunqueira (Pontevedra) e no CIFP Leixa (Ferrol) como no curso anterior. Ademais, nos centros sostidos con fondos públicos, a oferta foi ampliada ao réxime para as persoas adultas en modalidade distancia nun novo centro, o CIFP Compostela, engadindo 50 novas prazas na oferta do ciclo.

Os datos de participación no ciclo de grao superior de Promoción de Igualdade de Xénero nos centros sostidos con fondos públicos son os seguintes:

Datos identificativos do centro				1º curso		2º curso	
				Alumnas	Alumnos	Alumnas	Alumnos
A Coruña	Ferrol	15021469	CIFP Leixa	13	2	19	2
Pontevedra	Pontevedra	36014489	CIFP Xunqueira	18	1	16	3

As ocupacións relacionadas con este título están relacionadas coa promoción e apoio en materia de igualdade efectiva de mulleres e homes.

Así mesmo, dentro dos obxectivos xerais deste currículo (art. 9) atópanse os seguintes

relacionados directamente coa violencia de xénero:

- Detectar factores potenciais de risco, aplicando instrumentos e indicadores de avaliación, para deseñar estratexias preventivas da violencia de xénero.
- Aplicar protocolos de actuación analizando os procesos de vitimización secundaria, para pór en práctica programas e accións de prevención de violencia de xénero.
- Seleccionar protocolos de actuación, interpretando a normativa legal en materia de dereitos, servizos e recursos de protección, para asesorar e acompañar as mulleres en situación de violencia de xénero.
- Deseñar estratexias e materiais de formación e sensibilización, analizando as necesidades e as características da poboación destinataria, para desenvolver accións de intervención socioeducativa en materia de igualdade e en prevención da violencia contra as mulleres.

A cualificación profesional SSC451_3, sobre Promoción para a igualdade efectiva de mulleres e homes, determina este currículo e inclúe unha unidade de competencia específica relacionada con "detectar, previr e acompañar no proceso de atención a situacións de violencia exercida contra as mulleres". O módulo profesional do ciclo formativo que desenvolve integramente esta competencia é o de Prevención da violencia de xénero.

Finalmente, os módulos profesionais que se enumeran a continuación tamén garanten a perspectiva de xénero nos seus contidos:

- *Metodoloxía da intervención social.* Este módulo contén aspectos relacionados coa identificación das principais manifestacións de violencia de xénero como un reflexo da desigualdade entre homes e mulleres.
- *Información e comunicación con perspectiva de xénero.* Recolle o tratamento informativo da violencia de xénero.
- *Intervención socio-educativa para a igualdade.* Desenvolve as funcións de organización desta intervención, a súa execución e avaliación, así como xestión da calidade de dita intervención.

- *Formación en centros de traballo.* Este módulo garante que o futuro técnico superior realiza operacións de preparación da actividade de promoción de igualdade ou prevención da violencia de xénero, entre outras.

- **Educación de persoas adultas**

En canto aos contidos relacionados coa educación para a paz, non violencia e igualdade nos programas educativos destinados a persoas adultas recolleemos deseguido os seguintes:

En relación coa educación básica, na Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia establécense os seguintes contidos relacionados coa educación para a paz, non violencia e igualdade:

- **Competencias clave:**

- Competencias sociais e cívicas:

Potencian actitudes inspiradas no exercicio da liberdade, o respecto, a tolerancia, a igualdade e a non discriminación. Deste xeito, a persoa prepárase para participar na actividade social e cívica, de acordo con valores socialmente establecidos, e axúdase a tomar conciencia democrática.

- Competencia da conciencia e expresións culturais:

Erradicación dos usos discriminatorios da linguaxe.

- **Obxectivos xerais:**

Mostrar actitudes solidarias e tolerantes, valorando as situacións en que se deben realizar proxectos comúns e rexeitando todo tipo de discriminacións debidas á raza, ao sexo, á clase social, ás crenzas e a outras características individuais, sociais e culturais.

- **Estándares de aprendizaxe:**

- Manifesta unha actitude crítica e de rexeitamento ante calquera manifestación artística que implique discriminación social, cultural, étnica ou de xénero.
 - Manifesta sensibilidade ante as mensaxes que supoñan algún tipo de discriminación racial, cultural, de xénero ou social.

- Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos en relación cos valores democráticos e cos dereitos humanos universalmente compartidos e actúa en consecuencia.
- Identificar expresións habituais que evidencien calquera tipo de discriminación.
- Aplicar as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.
- **Contidos:**
 - Actitude crítica e de rexeitamento ante calquera manifestación artística que denote discriminación racial, cultural, de xénero ou social.
 - Actitude crítica ante as mensaxes procedentes dos medios de comunicación social e da publicidade, mostrando especial sensibilidade ante os que supoñan algún tipo de discriminación sexual, social ou racial.
 - Lectura crítica e reflexiva que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios.
- **Criterios de avaliación:**
 - Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
 - Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuizos.
 - Manifestar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto para detectar prexuizos e discriminacións.
- **Orientacións metodolóxicas:**

Cómpre ter en conta que a linguaxe é unha ferramenta esencial para pensar e crear, establecer a ordenación de pensamentos e ideas, elaborar esquemas e representacións e utilizar as diferentes manifestacións culturais para enriquecerse, gozar e manter unha actitude de aceptación, tolerante e crítica cara a calquera manifestación que implique discriminación.

- **Tratamento da violencia de xénero nos currículos galegos das áreas de materias das distintas etapas educativas**

A Normativa que regula na Comunidade Autónoma de Galicia as etapas educativas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, os currículos das áreas e materias das catro etapas educativas regúlanse concretamente na normativa seguinte:

- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 156/202, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais, o currículo das optativas da etapa de bacharelato regularase a través dunha orde específica (en fase final de tramitación normativa).

En xeral, cabe destacar que todas as etapas educativas abordan a violencia de xénero, tanto na súa regulación xeral como forma de tratamento particular en algunhas áreas ou materias. A continuación preséntase un resumo dos aspectos máis salientables de cada etapa.

- **Educación infantil**

Na educación infantil establécese como obxectivo de etapa:

e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.

E ademais a descrición da competencia clave CC-Competencia Cidadá fai alusión á resolución pacífica de conflitos deste xeito:

CC-Competencia cidadá: Co obxectivo de sentar as bases para o exercicio dunha cidadanía democrática, ofrécese nesta etapa modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas para a resolución pacífica e dialogada dos conflitos. [...].

De forma máis específica, a área de Crecemento en Harmonía inclúe como contido a prevención da violencia no bloque 4. Interacción socioemocional na contorna. A vida coas demais persoas.

- **Educación primaria**

Na educación primaria, tanto a introdución do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, como no artigo 7 que regula os obxectivos da etapa se fala de prevención de violencia e actitudes contrarias á violencia. Tamén o artigo 17 de elementos transversais menciona os tipos de violencia.

Artigo 7. Obxectivos da etapa

c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

Artigo 17. Elementos transversais

2. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Por outra banda, o descriptor 3 da competencia clave CC-Competencia cidadá menciona as formas de discriminación ou violencia:

CC-Competencia cidadá: CC3. Reflexiona e dialoga sobre valores e problemas éticos de actualidade, comprendendo a necesidade de respectar diferentes culturas e crenzas, de coidar a contorna, de rexeitar prexuizos e estereotipos, e de opoñerse a calquera forma de discriminación ou violencia.

Respecto ao tratamento específico nas áreas desta etapa, as seguintes áreas inclúen algunha referencia á violencia de xénero:

- Ciencia Sociais, nos cursos 2º, 3º, 4º e 4º (por exemplo fai referencia á *Cultura da paz e non violencia; O recoñecemento da vítimas da violencia*).
- Educación Física, en todos os cursos da etapa (por exemplo fai referencia a *...actuación discriminatoria e de violencia...; condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias, etc.*)
- Educación en Valores Cívicos e Éticos, área que se imparte en 6º curso (fai referencia a *contribuír a xerar unha convivencia respectuosa, non sexista e comprometida co logro da igualdade e a corresponsabilidade efectivas e coa erradicación da violencia de xénero, a partir do coñecemento e da análise crítica da situación secular de desigualdade entre mulleres e homes* e indica como contidos: *A cultura da paz e da non violencia ou a igualdade e a corresponsabilidade entre mulleres e homes, a prevención dos abusos e a violencia contra as mulleres e a conduta non sexista*. Tamén no bloque 5. Manifestación da cultura motriz hai dous criterios de avaliación relacionados directamente coa violencia:
 - *CA5.1. Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero, e evitando activamente a súa reprodución.*
 - *CA5.4. Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero,*

afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.

- Lingua Castelá e Literatura, en todos os cursos da etapa xa que fai mención nun dos obxectivos da área ao falar de *a erradicación das infinitas violencias e as crecentes desigualdades.*
- Lingua Galega e Literatura, en todos os cursos da etapa xa que fai mención na súa introdución ao referirse a *prevención de calquera tipo de violencia, incluíndo, en todo caso, a violencia de xénero e a aposta pola cultura da paz.*

- **Educación secundaria obrigatoria**

Na etapa de educación secundaria obrigatoria, o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, cita na súa xustificación a *prevención da violencia de xénero*, e tanto no artigo 7. Obxectivos da etapa como no artigo 18. Elementos transversais alude de xeito directo a violencia:

Artigo 7. Obxectivos da etapa

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

Artigo 18. Elementos transversais

3. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

O descriptor 3 da competencia clave CC-Competencia cidadá tamén fai referencia do seguinte xeito:

CC-Competencia cidadá: CC3. Comprende e analiza problemas éticos fundamentais e de actualidade, considerando criticamente os valores propios e alleos, e desenvolvendo xuízos propios para afrontar a controversia moral con actitude dialogante, argumentativa, respectuosa e oposta a calquera tipo de discriminación ou violencia.

En canto ás materias que aluden de xeito máis directo á violencia de xénero, destacan as seguintes:

Dixitalización en 4º curso, con alusión a *situacións de violencia e de risco na rede*, dentro do bloque de ética e seguridade dixital.

Educación en Valores Cívicos e Éticos en 3º curso, tanto no obxectivo 2 como no bloque 2. Sociedade, xustiza e democracia na redacción do CA2.4 e dos seus contidos asociados:

CA2.4. Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.

A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres.

A atención ás vítimas da violencia.

Educación Física, en todos os cursos da etapa. En 1º e 2º a través dos criterios de avaliación CA1.6 e en 3º e 4º a través do CA4.2:

CA1.6. Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.

CA4.2. Relacionarse e entenderse co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades

sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activamente fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.

Xeografía e Historia, no obxectivo 6 fala de *evitar calquera tipo de discriminación e violencia*, e xa no 3º curso concreta a través do contido *Igualdade de Xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas*. En 4º curso ademais engadese como contido de ampliación do anterior *A situación en España e Galicia*.

Neste informe, para cada unha das etapas educativas, indícanse aqueles artigos que fan referencia á violencia de xénero dun xeito directo, así como os elementos curriculares concretos de cada área, materia ou ámbito para cada un dos cursos que conforman cada unha das etapas.

- **Bacharelato**

Na etapa de Bacharelato, o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, menciona a prevención da violencia de xénero na súa xustificación normativa, e alude á violencia tanto no artigo 7. Obxectivos da etapa como no artigo 19. Elementos transversais:

Artigo 7. Obxectivos da etapa

b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

Artigo 19. Elementos transversais

3. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito. Igual que nas etapas anteriores, o

descriptor 3 da competencia clave CC-Competencia cidadá fai referencia directa á violencia:

CC-Competencia cidadá. *CC3. Adopta un xuízo propio e argumentado ante problemas éticos e filosóficos fundamentais e de actualidade, afrontando con actitude dialogante a pluralidade de valores, crenzas e ideas, rexeitando todo tipo de discriminación e violencia, e promovendo activamente a igualdade e a corresponsabilidade efectiva entre mulleres e homes.*

As materias que fan referencia directa á violencia de xénero son as que seguintes:

Educación Física, fala de estratexias para abordar calquera forma de violencia no obxectivo 3 e no criterio de avaliación 4.2:

CA4.2. Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.

Lingua Castelá e Literatura cita no seu obxectivo que se deben abordar temas como a erradicación das diferencias violencias(incluída a violencia de xénero)...

Lingua Galega e Literatura cita no seu obxectivo que se deben abordar temas como a erradicación das diferencias violencias(incluída a violencia de xénero)...

No proxecto de Orde de optativas da etapa de bacharelato, a materia de **Literatura Galega do Século XX e da Actualidade** nas súas liñas de actuación indica que *...a clase de literatura galega, a través da lectura e comentario de textos escollidos, pode converterse nunha canle de expresión das distintas problemáticas que lles poden afectar ás alumnas e aos alumnos dunhas aulas cada vez máis diversas (identidade de xénero, adaptación sociocultural, acoso escolar, violencia doméstica...).*

- **Conclusión**

A normativa regula que en todas as etapas educativas debe tratarse a temática da violencia de xénero, tanto na etapa de educación infantil como na etapa de bacharelato. A xustificación dos Decretos que regulan os currículos na Comunidade Autónoma de Galicia cita a importancia de que o sistema educativo non pode permanecer alleo aos continuos cambios sociais que deben ter un reflexo na aprendizaxe das persoas ao longo da vida, destacando que hai temáticas que se deben ter presentes como é a prevención da violencia de xénero. Existindo áreas ou materias que nos seus elementos curriculares citan literalmente a violencia de xénero ou a violencia en xeral (que polo contexto no que se recolle no texto legal debe levar a incluír a violencia de xénero), o mandato normativo no seu articulado afecta a todos os centros, aos profesionais da educación e ao alumnado, polo que ao citar a violencia de xénero xa sexa na introdución xustificativa da norma, nalgún artigo ou na descrición das competencias clave debe entenderse que en toda a ordenación das etapas educativas existe un tratamento para loitar contra a violencia de xénero.

Artigo 20: Plans de acción tutorial

Os plans de acción tutorial de todos os niveis educativos, conforme ao previsto na Lei 11/2007, deben recoller explicitamente apartados específicos destinados a potenciar modificacións nos modelos masculino e feminino, así como unha orientación de estudos e profesións baseada nas aptitudes e capacidades das persoas e non en estereotipos sexistas.

Tanto na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de Educación como na Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro que a modifica, faise referencia a importancia de traballar a igualdade entre homes e mulleres. Tal como se recolle nos seguintes apartados:

No artigo 18 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación en referencia a organización, no punto 6 fai mención a importancia da acción tutorial no acompañamento no proceso educativo individual e colectivo do alumnado, fomentando en cada etapa o respecto mutuo e a cooperación entre iguais, con especial atención á igualdade de xénero.

No punto 2 da disposición adicional vixésimo quinta. Fomento da igualdade efectiva entre

homes e mulleres, reflíctese que os centros educativos incorporarán medidas para desenvolver a igualdade efectiva entre homes e mulleres nos plans de acción tutorial e de convivencia.

Artigo 21: Proxectos educativos e curriculares de centro

Os proxectos educativos de centro incorporarán a perspectiva de xénero na súa elaboración e no seu desenvolvemento. Os proxectos curriculares propiciarán medidas de coeducación nos contidos, nas actitudes e nos procedementos.

No marco normativo que establece os principios xerais de funcionamento do sistema educativo, o de igualdade sitúase nunha posición destacada que permite consideralo estratéxico no exercicio da boa gobernanza das políticas públicas educativas. Así, observamos a presenza do principio de igualdade de xeito explícito na lexislación educativa entre os fins da educación, os elementos transversais e os obxectivos das distintas etapas educativas. Da súa concreción na vida dos centros pódese dar conta a través dos distintos documentos organizativos do centro, que detallamos deseguido.

Dentro da súa autonomía pedagóxica e organizativa, os centros de ensino dispoñen de instrumentos documentais a través dos cales se pode canalizar o seu traballo a prol da consecución dunha escola plenamente coeducativa, isto é, que considere nuclear o principio de igualdade e que o exprese a través dunha perspectiva de xénero que posibilite observar as desigualdades sociais que existen entre homes e mulleres.

Desde o punto de vista da organización escolar e os seus instrumentos normativos internos, adoptando como obxectivo a construción dunha escola coeducativa, o centro debe recoller este obxectivo nos seguintes documentos:

- Proxecto educativo (PE). Segundo o art. 121 da Lei orgánica 2/2006, do 3 maio, de educación, o Proxecto educativo debe recoller os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación do centro e, ademais, os contidos relacionados coa atención á diversidade, á acción tutorial e ao plan de convivencia. Polo tanto, dará conta da abordaxe do principio de igualdade en toda a súa extensión.
- Normas de organización, funcionamento e convivencia (NOFC). O art. 124 da Lei orgánica

8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece que, dentro da súa autonomía, os centros establecerán as súas NOFC de acordo coas necesidades do seu contexto educativo. Así, constitúese tamén como un instrumento de relevo á hora de establecer as normas que favorezan o seguimento do cumprimento do principio de igualdade.

- Programación Xeral Anual (PXA). O art. 125 da Lei orgánica 2/2006, do 3 maio, de educación indica que a PXA debe recoller todos os aspectos relativos á súa organización e funcionamento, incluídos os proxectos, o currículo, as normas e todos os plans de actuación acordados e aprobados. Así pois, constitúe o documento máis integrador das propostas de acción no ámbito da igualdade.
- Memoria anual (MA). A MA é un documento que ten como finalidade avaliar o grao de cumprimento da programación xeral anual e no que dar conta das propostas concretas de mellora. Será un documento de traballo importante á hora de comprobar a eficacia das políticas de igualdade desenvolvidas desde o centro.
- Plan de convivencia. Segundo a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres constitúe un fin e un principio informador das normas sobre convivencia (art. 3.b)7; ademais, no que se refire aos dereitos do alumnado, recóllese o dereito a recibir unha formación integral coeducativa (art. 7.1.a), e entre os seus deberes recóllese o respecto pola igualdade de dereitos entre mulleres e homes (art. 7.2.c). Tendo en conta estas bases, prescribíense indicacións na elaboración do Plan de convivencia, do que se di que deberá integrar o principio de igualdade entre mulleres e homes (art. 10.1); ao tratar as medidas para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, indícase que se debe recoller de xeito explícito a integración da perspectiva de xénero para poder previr eficazmente situacións de acoso das nenas e mozas (art. 30.1).
- Segundo o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establécese que o plan de convivencia inclúe entre os seus obxectivos xerais a prevención, detección e eliminación da violencia de xénero (art. 12.e). En canto ao plan de convivencia, establécense entre os seus obxectivos xerais o fomento da igualdade entre homes e mulleres (12.c) e a prevención da violencia de xénero (12.e).

Para garantir o seu cumprimento, indícase que entre as actuacións, programas e medidas que leven a diante os centros para a mellora da convivencia deben desenvolver actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero (art. 21.c). Tamén entre as medidas complementarias para a mellora da convivencia indícase que se poderán desenvolver programas específicos para traballar a igualdade entre homes e mulleres (art.24.2).

Cómpre anotar que o dito decreto tipifica como condutas gravemente prexudiciais para a convivencia os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de sexo (38.b).

Por último, sinalar como novidade a publicación da Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Esta instrución ten por obxecto regular a elaboración do plan de igualdade dos centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan as etapas de educación infantil, primaria, secundaria ou formación profesional.

Ten carácter básico é de obrigado cumprimento para os centros educativos aos que vai dirixida. Nela establece o procedemento para que cada un deles, dentro da súa autonomía, adapte o plan á súa realidade contextual e educativa. O plan de igualdade elaborado formará parte do Proxecto educativo de cada centro, e desenvolverase anualmente no marco da súa Programación xeral anual. Como plan de centro, a súa elaboración será responsabilidade do equipo directivo. Para realizar esta tarefa poderá contar coa colaboración do Departamento de Orientación e do persoal con formación en igualdade.

Pola súa banda, os centros integrados de formación profesional, rexidos pola súa instrución específica, desenvolveron tamén accións coeducativas coa achega do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e desenvolveron os seus respectivos plans de igualdade. No curso 2022/23 os 24 CIFP dependentes da Consellería contan con cadanseu plan de igualdade.

Artigo 22: Consellos escolares e Consello Escolar de Galicia

Desde o punto de vista organizativo, o artigo 126.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 maio, de educación, establece que unha vez constituído o Consello Escolar do centro, este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. Esta medida cumprirase tanto no caso dos centros públicos (art. 126.2) como no caso dos concertados (disposición derogatoria única).

O Consello Escolar de Galicia en colaboración co departamento da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade, participa na elaboración dun informe anual sobre a situación da coeducación e prevención da violencia de xénero nos centros educativos de Galicia. Así mesmo, desde o ano 2016 forma parte del a persoa que exerce a subdirección xeral de Promoción da Igualdade na Secretaría Xeral da Igualdade (o último nomeamento publicouse no Decreto 66/2020, do 12 de marzo (DOG do 4 de maio).

Artigo 23: Inspección educativa

Os servizos de inspección educativa do departamento da Xunta de Galicia competente en materia de educación velan polo cumprimento e pola aplicación de todos os principios recollidos no capítulo III da Lei, destinados a fomentar a igualdade real entre mulleres e homes. Corresponden ao ámbito da autonomía dos centros e ao control específico da Inspección educativa.

Título II: Protección e asistencia fronte á violencia de xénero

Capítulo I: Medidas no ámbito sanitario e psicolóxico.

Capítulo II: Medidas no ámbito xudicial.

Capítulo III: Outras medidas de apoio e protección.

Capítulo IV: Medidas no ámbito da formación e emprego.

Capítulo V: Medidas de carácter económico.

Neste apartado compréndense as medidas enfocadas a regular as actuacións tanto dos poderes públicos como do persoal profesional co fin de garantir unha asistencia sanitaria,

xurídica, social e psicolóxica integral á mulleres vítimas de violencia de xénero. Medidas de protección tales como dispositivos de alarma (Atenpro), programas de reeducación, etc. Así mesmo, faise referencia ás distintas prestacións e axudas económicas para as mulleres en situación de violencia, como a prestación periódica establecida pola Xunta de Galicia, dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica.

Capítulo I: Medidas no ámbito sanitario e psicolóxico

Artigo 24. Dereito á atención sanitaria.

Artigo 25. Atención psicolóxica.

Artigo 26. Protocolo de actuación.

Artigo 27. Rexistro de casos.

Artigo 24: Dereito á atención sanitaria

Desde a **Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde**, realízanse cursos para información e formación básica respecto á prevención e atención as mulleres en situación de violencia de xénero (véxase páxina 117).

Ademais no ámbito sanitario, cada caso de violencia cara as mulleres detectado rexístrase mediante un parte de lesións cuberto polo persoal facultativo na aplicación informática lanus. (véxase páxina 168).

A saúde das mulleres de Galicia segue a ser unha prioridade, como así o testemuña o desenvolvemento realizado do primeiro Plan Integral de Atención Sanitaria e Social da Muller publicado no ano 1999 e do Plan de Atención Integral á Saúde da Muller de Galicia (2007). Todos eles, comparten un mesmo obxectivo, dar resposta ás necesidades e problemas de saúde que aparecen ao longo do ciclo vital da muller, de forma integral, promovendo a saúde física, mental e social de todas as mulleres de Galicia, mellorando a calidade da atención prestada e garantindo a prestación dos servizos sanitarios, cos medios ao seu alcance, a todas as mulleres, independentemente do lugar onde residan.

Artigo 25: Atención psicolóxica

Recoñécese na lei o dereito á asistencia psicolóxica gratuíta para as e os menores e para outras persoas dependentes que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, que comprenderá medidas de apoio psicosocial específicas e adaptadas ás súas características e necesidades.

Toda a asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde é gratuíta e no protocolo de actuación contéplase a derivación ao servizo de saúde mental para ser atendidas por persoal facultativo da psicoloxía ou psiquiatra cando se considere necesario.

Dicir que dentro do Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19, período 2020-2024 abórdanse varios proxectos para a consecución dos obxectivos que a continuación se detallan:

- Obxectivo 3.4: Mellorar a atención en materia de saúde mental das mulleres vítimas de violencia de xénero.

Proxectos:

- Realizar formación en materia de saúde mental e xénero.
 - Mellora da coordinación cos dispositivos de atención ás vítimas de violencia de xénero.
 - Inclusión no programa de atención a mulleres con problema de violencia de xénero a atención en materia de saúde mental.
- Obxectivo 4.3: Favorecer a accesibilidade aos equipos de saúde mental infanto-xuvenil. Inclúe un proxecto para a creación de vías rápidas para a atención a menores vítimas de violencia de xénero ou maltrato intrafamiliar, co fin de atender de xeito precoz ás necesidades en saúde mental dos/ das menores vítimas de violencia de xénero.

Actualmente, a muller vítima de violencia de xénero, que é atendida a nivel de atención primaria e precisa de apoio psicolóxico, é derivada de maneira preferente á Unidade de Saúde Mental de referencia ou con carácter urxente a un servizo de urxencias, para prestarlle a atención psicolóxica ou psiquiátrica que precisa.

Tendo en conta a importancia de previr a violencia de xénero e realizar unha detección precoz, en aquelas situacións de especial vulnerabilidade como son o embarazo e puerperio, os documentos asistenciais que abordan o proceso asistencia de atención á muller durante o embarazo e puerperio, inciden na importancia de que os e as profesionais realicen unha detección e atención precoz ás mulleres vítimas de violencia de xénero, mediante a valoración sistemática da presenza de indicadores de sospeita de violencia de xénero e no caso de identificalos aplicar o Procedemento de intervención en saúde de violencia de xénero.

- **Programa de atención psicolóxica a mulleres e menores que sufran violencia de xénero e complementariamente a outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero**

Este programa está dirixido a aquelas mulleres que estean a sufrir ou teñan sufrido violencia de xénero, coa finalidade de ofertarlles recursos terapéuticos que lles axuden a afrontar a situación que sufriron e a reforzar a súa autoestima, ademais de ser un apoio na recuperación ou adquisición de habilidades que lles permitan lograr a autonomía e a integración na vida social e laboral, e complementariamente a menores e outras persoas do seu entorno familiar delas que teñan pasado pola mesma situación.

O programa xestiónase a través dun **Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Colexio Oficial de Psicología**, e conta cunha psicóloga coordinadora e unha rede de profesionais que levan a cabo a súa intervención en toda a Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, préstase un servizo telefónico de asesoramento e derivación para a atención terapéutica personalizada.


Inclúese ademais no convenio, a cobertura da asistencia domiciliaria en caso de morte por violencia de xénero con carácter de urxencia e en días non laborables, de ser preciso, así como a colaboración co Centro Autonómico de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, no apoio terapéutico e psicolóxico das súas usuarias, e a garantía de acceso ás persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala.

No ano 2022 beneficiáronse deste programa **1.049 persoas** e participaron na intervención un total de **86 profesionais da psicoloxía**.

Persoas usuarias:


Total			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
597	77	127	248
Total: 1.049			

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Provincia	Mulleres	Nenas menores	Nenos menores	P. deptes.	TOTAL
A Coruña	401	79	86	31	597
Lugo	56	11	6	4	77
Ourense	103	11	7	6	127
Pontevedra	169	36	33	10	248
Total	729	137	132	51	1.049


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Rede de terapeutas:

Participación psicólogos/os do programa			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
34	3	10	39
Total: 86			

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



- Programa Abramos o Círculo**

O programa Abramos o Círculo é un programa de atención psicolóxica especializada e de apoio dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella, coa súa familia, e que desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de

agresividade.

O programa ofrece dúas áreas de intervención: información e atención, e intervención psicolóxica personalizada. Xestiónase a través dun **Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.**


O programa conta cun/cunha psicólogo/a coordinador/a e cunha rede de profesionais que levan a cabo a intervención profesional e inclúe a garantía de acceso ás persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala.

No ano 2022 beneficiáronse deste programa un total de **119 homes** e participaron na intervención **54 profesionais da psicoloxía.**

Homes usuarios:

Beneficiarios			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
54	5	13	47
Total: 119			

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Rede de terapeutas:

Participación psicólogas/os do programa			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
25	2	4	23
Total: 54			

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- **Servizo de Quenda de Garda Psicolóxica para as mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas menores**

O servizo de quenda de garda psicolóxica, especializada e permanente, para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero desenvólvese a través dun **Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.**

A atención ten carácter inmediato para as posibles situacións de urxencia, e préstase a requirimento das forzas e corpos de seguridade en todos os partidos xudiciais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O procedemento de activación comeza cunha chamada ao Teléfono de información ás mulleres (900 400 273), operativo as 24 horas do día dos 365 días do ano, que á súa vez se pon en contacto coa persoa da quenda de garda correspondente para garantir a presenza inmediata dunha psicóloga ou psicólogo no lugar sinalado polas forzas e corpos de seguridade.

Nº de profesionais que integran a quenda de garda: 23

Nº de mulleres atendidas: 74


Nº de menores atendidos/as: 3

Nº de persoas con discapacidade atendidas: 2

Nº de persoas inmigrantes: 24

Nº mulleres atendidas no Servizo de quenda de garda psicolóxica			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
7	1	10	56
Total: 74			

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



- **Programa de Asesoramento e Terapia familiar con nenos e nenas que sufriran de maneira directa a violencia de xénero**

As situacións de violencia contra as mulleres afectan tamén as e os menores que se atopan no medio familiar, vítimas directas ou indirectas desa violencia, que necesitan de atención e medidas específicas que non teñen porque coincidir coas necesidades das nais; e ambas as dúas partes consideran prioritario potenciar unha intervención específica e especializada con menores expostos a situacións de violencia de xénero que tenten paliar, os efectos desa violencia.

Por isto a Secretaría Xeral da Igualdade considera de especial interese o desenvolvemento de programas específicos e especializados dirixidos a estes/as menores dado que se trata dun colectivo especialmente vulnerable.

Este programa é desenvolvido coa colaboración da **Fundación Meniños**, coa que xa viña colaborando en anos anteriores no desenvolvemento deste programa, que conta cun Centro de asesoramento e terapia familiar dirixido a familias que precisan solucionar problemas relacionados cos seus fillos e fillas e resolver dúbidas sobre o proceso educativo

e cunha experiencia de intervención con familias e infancia, cunha traxectoria de máis de 15 anos e que está integrado por psicólogos/as e terapeutas familiares especialistas en intervención familiar con infancia en dificultade social.


O programa de intervención está formulado coa finalidade de actuar sobre as necesidades fundamentais dos nenos e nenas e adolescentes que sufriron de maneira directa ou indirecta a violencia de xénero promovendo a súa recuperación e benestar psicosocial.

Como en anos anteriores, no 2022 o programa desenvolveuse a través de sesións individuais de traballo terapéutico cos nenos e nenas, integrándose e complementándose co resto do traballo da rede de recursos que existen para o tratamento, e aglutinando a todas as persoas do núcleo familiar afectado, incluíndo un traballo conxunto coas nais. O programa no ano 2022 desenvolveuse nas localidades das provincias da Coruña e Lugo, levándose a cabo ao longo do ano 266 sesións terapéuticas con 33 familias .

Datos 2022:

Entidades locais	Casos	Nenos	Nenas	Sesións
A Laracha	6	1	5	70
Ordes	10	3	7	44
Viveiro	7	4	3	70
Sarria	10	6	4	82
Total	33	14	19	266

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



- **Programas de intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual**

Este programa é desenvolvido pola Fundación Meniños en colaboración coa **Secretaría Xeral da Igualdade**.

Persoas destinatarias:

- Mulleres vítimas de abuso e violencia sexual, que mostran desaxustes físicos, emocionais, condutuais e relacionais como consecuencia do abuso.
- Familiares ou persoas, baixo o consentimento da vítima, que cumpran un papel imprescindible na recuperación.
- Equipos profesionais da rede que traballan coa vítima (profesionais de centros de acollida cando houbo unha medida de protección, profesionais sanitarios, etc.)


O procedemento de intervención é unha axuda psicolóxica por parte de profesionais con formación específica na atención ás vítimas de abuso sexual e trauma relacional, no contexto dunha relación segura e voluntaria. As intervencións, tanto desde o modelo de traballo como no seu desenvolvemento técnico están fundamentadas seguindo a evidencia científica dentro do campo da psicoloxía, e a atención sociosanitaria.

As intervencións vinculadas o programa leváronse a cabo nas cidades de Lugo, Coruña, Ourense e Vigo.

No ano 2022 atendéronse un total de 123 casos dos cales se realizaron un total de 1.057 sesións individuais.

Programa de intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
66	11	10	36
Total: 123			

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



• Programa Recorpórate

No ano 2022 e como complemento á intervención terapéutica púxose en marcha o Proxecto Recorpórate, a través do cal se trata de impulsar a recuperación integral das mulleres vítimas de violencia sexual a través da combinación dunha intervención psicolóxica e un adestramento físico de forza nun contorno de seguridade que teña en conta as súas necesidades específicas tanto físicas como emocionais, cuxos obxectivos son:

- Reducir a sintomatoloxía traumática.
- Mellorar a autoestima e a sensación percibida de benestar.
- Potencia estratexias de activación e autocoidado.

Número de mulleres beneficiarias
15

• Programas de intervención con nenos, nenas e adolescentes vítimas de abuso sexual

Programa da **Consellería de Política Social** desenvolvido en colaboración coa Fundación Meniños, ten como finalidade o tratamento terapéutico en menores vítimas das diferentes formas de abuso sexual infantil e o asesoramento e acompañamento ás familias e equipos profesionais dos que depende o seu coidado.

Persoas destinatarias:

- Nenos, nenas e adolescentes vítimas de abuso sexual infantil que mostran desaxustes emocionais, cognitivos e/ou de conduta como consecuencia do abuso sexual infantil.

- Familiares non agresores e principais persoas responsables do coidado dos nenos e das nenas xa que cumplan un papel imprescindible na recuperación.
- Equipos profesionais que traballan na contorna de nenos e nenas abusadas (equipos técnicos do menor, profesionais de centros de acollida, profesionais da educación social, traballo social, pediatría, ámbito escolar, e demais profesionais implicados na rede de atención á infancia).

Metodoloxía:

O programa de intervención terapéutica está baseado na evidencia científica, empregando a terapia cognitiva-condutual focalizada no trauma (TF-CBT) e a Terapia Familiar Baseada no Apego (TFBA).

Obxectivos:

- Desenvolvemento dun contexto de seguridade e de prevención de novas situacións traumatizantes.
- Acompañar ao neno e á nena e ás persoas adultas coidadoras na adquisición de estratexias e habilidades para afrontar as consecuencias do abuso.
- Elaboración dunha narrativa adecuada do trauma e promover a integridade da identidade e benestar bio-psicosocial do neno ou da nena.

Nº de participantes: 109 (91 mulleres e 18 homes).

Artigo 26: Protocolo de actuación

A **Consellería de Sanidade, Servizo Galego e Saúde**, publicou o documento *“Violencia de xénero: Procedemento de cribado e actuación en saúde”*. Este procedemento incorpórase como mellora da atención sanitaria á muller en situación de violencia de xénero; cuxo obxectivo é aumentar a detección precoz da violencia de xénero, mellorar a atención das mulleres nas consultas de saúde e homoxeneizar as actuacións sanitarias no Sistema sanitario público de Galicia, mellorar a vida das mulleres e axudar a erradicar a violencia de xénero da nosa sociedade.

Co inicio do desenvolvemento da aplicación de rexistro no aplicativo IANUS para o seu uso polas/os profesionais.

Desde o “grupo de traballo de violencia de xénero e saúde” do Servizo Galego de Saúde, elaboráronse os Procedementos de intervención en saúde e cribado e trabállase na posta en marcha do cribado sistemático a nivel de atención primaria.

A violencia de xénero constitúe un grave problema de saúde, presente en todos os ámbitos sociais e culturais. As mulleres que sofren violencia de xénero e as súas fillas e fillos atópanse nunha situación de extrema vulnerabilidade. O ámbito sanitario convértese nun contexto privilexiado para identificalas, polo que os servizos e os/as profesionais dos servizos sanitarios teñen un papel moi relevante, e deben actuar con prontitude e homoxeneidade.

Por iso, constituíuse o grupo de traballo de profesionais para o desenvolvemento do *“Procedemento de actuación ante unha agresión sexual”* así como o *“Procedemento para garantir a protección das mulleres en situación de violencia de xénero nos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde”*.

Todos os procedementos atópanse dispoñibles na páxina web do Servizo Galego de Saúde: <https://www.sergas.gal/Violencia-de-xenero?idcatgrupo=11582>

Ademais, desde o 2022 Galicia conta xa cun protocolo unificado de actuación ante casos sospeitosos de submisión química no seu sistema sanitario *“Procedemento de actuación do Servizo Galego de Saúde ante casos de sospeita de submisión química”*.

Este protocolo define as substancias máis habituais nos casos de submisión química e os indicadores de sospeita que deberá ter en conta o persoal sanitario tanto de atención primaria como de urxencias hospitalarias, indicando sempre a derivación a estas últimas no caso de sospeita.

Pódese consultar o procedemento na seguinte ligazón:

[https://www.sergas.es/Asistencia-sanitaria/Documents/1589/Procedemento_submisión
química_V5.pdf](https://www.sergas.es/Asistencia-sanitaria/Documents/1589/Procedemento_submisión_química_V5.pdf)

Artigo 27: Rexistro de casos

No ámbito sanitario, estase a traballar na mellora do rexistro de información clínica na historia electrónica (IANUS) en relación coa violencia de xénero, tanto psicolóxica como física, co fin de poder rexistrar adecuadamente a información mediante a utilización de extensións de códigos CIAP-2 específicas, aprobadas polo Ministerio de Sanidade, que permitan a súa correcta codificación para logo poder exportar esa información de maneira automatizada e así realizar un seguimento periódico da detección realizada polo equipo de profesionais de atención primaria e hospitalaria.

As extensión dos códigos relacionados coa violencia de xénero son as que a continuación se detallan:

Z12 Problemas de relación entre cónxuxes

Z12.01 Violencia psicolóxica (abuso, maltrato psicolóxico) por parte da parella ou exparella.

Z25 Problemas derivados de violencia/ agresións

Z25.00 Violencia física (abuso, maltrato físico) por autor non especificado.

Z25.01 Violación, agresión sexual por autor non especificado.

Actualmente existe a posibilidade de obter información sobre violencia de xénero a partires dos partes de lesións cubertos polos/as facultativos/as de atención primaria e hospitalaria en IANUS, así como a través dos rexistros sanitarios do CMBO (neste caso recóllese a información daquelas mulleres con lesións que requiren ingreso hospitalario) e do Sistema de xestión intelixente dos Servizos de Urgencias Hospitalarias e Puntos de Atención Continuada (SIGUR).

Capítulo II: Medidas no ámbito xudicial

Artigo 28. Atención xurídica.

Artigo 29. Asistencia letrada.

Artigo 30. Exercicio da acción popular.

Artigo 31. Comparecencia da Xunta de Galicia nos procedementos penais iniciados por causas de violencia de xénero.

Artigo 32. Intervención da administración.

Artigos 28 e 29: Atención xurídica e asistencia letrada

A Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta recoñece ás vítimas de violencia de xénero o dereito de asistencia xurídica gratuíta, que se lles prestará de inmediato, con independencia da existencia ou non de recursos para litigar (artigo 2.g).

Un dos trazos máis salientables da regulación galega en materia de asistencia xurídica gratuíta establecida polo Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o seu regulamento, atópase na incorporación de quendas de oficio específicas para a asistencia xurídica de mulleres maltratadas pois requiren unha atención especializada.

Deste xeito dáse cumprimento ao establecido nos artigos 28 e 29 da Lei galega 11/2007, de 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, os cales, prevén que os servizos de orientación xurídica dos colexios profesionais da avogacía de Galicia garantan a atención xurídica especializada en materia de violencia de xénero a través de profesionais con formación específica (art. 28.2), así como a dispoñibilidade na totalidade dos colexios profesionais da avogacía de Galicia dunha quenda de oficio en materia de violencia de xénero (29.3).

O citado Regulamento de asistencia xurídica de Galicia, expresamente estableceu a constitución dunha quenda de garda permanente durante as 24 horas do día, atendida por letrados e letradas especializados/as, para a prestación do servizo de asistencia letrada a

mulleres vítimas de delitos de violencia de xénero (artigo 29.2 do Decreto 269/2008), así como o requisito complementario de formación para os/as avogados/as especializados/as que realicen a asistencia xurídica e a defensa en xuízo deste colectivo (artigo 30.2).

Así mesmo, de acordo coa modificación operada na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, a través da Lei 42/2015, do 5 de outubro, esta quenda permanente de garda para a prestación do servizo de asistencia letrada ás vítimas de violencia de xénero comprende tamén o servizo de asesoramento xurídico *previo* á interposición da denuncia (art. 24). Dita modificación estableceu que nestes delitos de violencia de xénero serán *defendidas polo mesmo profesional da avogacía en todos os procedementos*, sempre que sexa posible, garantindo así a súa intimidade e diminuindo a posibilidade de revitimización (art. 2.g).

Neste ámbito, o total de actuacións certificadas polos Colexios de Avogados do ano 2022 en aplicación do módulo establecido (*defensa xurídica da muller en dilixencias policiais, orde de protección e procedementos administrativos relacionados coa violencia de xénero e doméstica*) elevouse a un total de **3179 asuntos**, cun custo total para a Comunidade Autónoma de **368.652.54 €**.

Na seguinte táboa reflíctense de xeito desagregado os devanditos datos correspondentes ao ano 2022:

COLEXIO DE AVOGADOS	1º TRIMESTRE 2022		2º TRIMESTRE 2022	
	Asuntos	Importe	Asuntos	Importe
A Coruña	168	20.573,28€	219	26.818,74€
Lugo	125	15.307,50€	78	9.551,88€
Ourense	65	7.959,90€	65	7.959,90€
Pontevedra	147	18.001,62€	185	22.655,10€
Santiago	58	7.102,68€	64	7.837,44€
Ferrol	29	3.551,34€	50	6.123,00€
Vigo	132	16.164,72€	82	10.041,72€
Galicia	724	88.661,04€	743	83.027,88€

COLEXIO DE ABOGADOS	3º TRIMESTRE 2022		4º TRIMESTRE 2022	
	Asuntos	Importe	Asuntos	Importe
A Coruña	121	14.817,66 €	280	35.722,40 €
Lugo	97	11.878,62 €	113	14.416,54 €
Ourense	80	9.796,80 €	137	17.478,46 €
Pontevedra	170	20.818,20 €	190	24.240,20 €
Santiago	42	5.143,32 €	74	9.440,92 €
Ferrol	58	7.102,68 €	61	7.782,38 €
Vigo	154	18.858,84 €	135	17.223,30 €
Galicia	722	88.416,12 €	990	126.304,20 €

COLEXIO DE ABOGADOS	TOTAL	
	Asuntos	Importe
A Coruña	788	97.932,08 €
Lugo	413	51.154,54 €
Ourense	347	17.478,46 €
Pontevedra	692	85.715,12 €
Santiago	238	29.524,36 €
Ferrol	198	24.559,40 €
Vigo	503	62.288,58 €
Galicia	3179	368.652,54 €

Fonte: Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O incremento no número de asuntos débese a un cambio de metodoloxía no pago da asistencia xurídica gratuíta no ámbito da violencia de xénero. O 28 de decembro de 2021 firmouse un novo acordo entre a Xunta de Galicia e o Consello da Avogacía Galega sobre a compensación económica pola asistencia letrada na asistencia xurídica gratuíta para o período que vai dende o 4º trimestre de 2021 ata o 3º trimestre de 2025. En dito acordo houbo unha redefinición dalgúns códigos do baremo que se utilizan para os pagos aos/ás avogados/as da quenda de oficio.

Ata o terceiro trimestre de 2021 o baremo que se aplicaba recollía un código específico para determinar o número de asuntos e os importes que se pagaban aos/as avogados/as das vítimas de violencia de xénero. Con este código retribuíase un único tipo de intervención (a comparecencia para a orde de protección), mentres que a asistencia á vítima na comisaría incluía no apartado xenérico de asistencias en comisaría (para todo tipo de vítimas e tamén, sobre todo, para infractores/as).

A partires da aplicación do novo baremo acordado co Consello da Avogacía (4º trimestre de 2021) cambiou a metodoloxía, de modo que no epígrafe de violencia de xénero pasan a recóllense as asistencias en comisaría ás vítimas de violencia de xénero, aínda que non presenten denuncia.

Artigos 30 e 31: Exercicio da acción popular e Comparecencia da Xunta de Galicia nos procedementos penais iniciados

En xullo de 2013, a Xunta de Galicia aprobou o Acordo polo que se aproba o protocolo para o exercicio da acción popular por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos procedementos penais en casos de morte por causa de violencia de xénero.

Segundo dito protocolo cada vez que a Secretaría Xeral da Igualdade teña constancia dunha morte por violencia de xénero, dará traslado inmediato de toda a información á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta para que prepare a comparecencia.

Ademais, a Secretaría Xeral da Igualdade será a encargada de recadar toda a información posible sobre os casos deste tipo de violencia, tamén de xeito inmediato e protocolizado, para activar, se fose necesario, os recursos de carácter social que se puideran precisar: apoio a menores, atención psicolóxica, axudas económicas, etc.

Por parte da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia leváronse a cabo durante o ano 2022 diversas actuacións ao abeiro da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e segundo o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 11/07/2013, sobre o persoamento en exercicio da acusación popular en todos os procesos penais por violencia de xénero con resultado de morte no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, consistentes estas na personación e/ou na intervención na práctica de dilixencias e formulación de escritos procesuais nas dilixencias previas seguintes:

- Procedemento do Tribunal de Xurado nº4/2022, do que coñece a Sección Segunda da Audiencia Provincial de A Coruña. Os trámites que se realizaron por parte do/a letrado/a da Xunta de Galicia no ano 2022 son relativos a presentacións de alegacións no procedemento de execución da condena imposta na sentenza.
- Procedemento do Tribunal de Xurado n.º 45/18, do que coñece a Sección Segunda da Audiencia Provincial de A Coruña. O trámite que se realizou por parte do/a letrado/a da Xunta de Galicia no ano 2022 foi a petición de custas procesais a favor da Xunta de Galicia causadas durante a sustanciación do procedemento xudicial.
- Procedemento do Tribunal de Xurado n.º 110/2022 do que coñece a Sección Segunda da Audiencia Provincial de A Coruña. Os trámites que se realizaron por parte do/a letrado/a da Xunta de Galicia no ano 2022 son os seguintes:

- 1.4.2022: asistencia a vista sobre a situación persoal e procesal do acusado.

- 4,5 e 6 de xullo do 2022: asistencia ao xuízo oral.

Ese mesmo procedemento deu lugar ao recurso de apelación n.º 1/2022 do que coñeceu o TSXG. Os trámites que se realizaron nese recurso de apelación por parte do/a letrado/a da Xunta de Galicia no ano 2022 son os seguintes:

- 28.9.2022: presentación do escrito de impugnación do recurso de apelación presentado polo condenado ante o TSXG.

- 12.12.2022: asistencia a vista no TSXG sobre o recurso de apelación.

- Procedemento Tribunal de Xurado n.º 356 /2019, do que coñece o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº2 de Caldas de Reis. Os trámites que se realizaron por parte do/a letrado/a da Xunta de Galicia no ano 2022 son os seguintes:

- 15.3.2022: asistencia a declaracións

- 30.8.2022: asistencia a audiencia preliminar

-5.09.2022: escrito de conclusións preliminares

Na actualidade este procedemento esta pendente da celebración do xuízo oral os días 6 e

13 de marzo de 2023 na Sección Segunda da Audiencia Provincial de Pontevedra.

- Procedemento Tribunal de Xurado n.º 798/2020, do que coñece o Xulgado de violencia sobre a Muller nº1 de Vigo. Os trámites que se realizaron por parte do/a letrado/a da Xunta de Galicia no ano 2022 son os seguintes:
 - 25.1.22: presentación do escrito de acusación.
 - 5.9.22: presentación escrito conclusións provisionais.
 - 2.12.22: asistencia a vista sobre a situación persoal e procesal do acusado.
 - 19.12.22: escrito de acusación.

Na actualidade este procedemento está pendente da celebración do xuízo oral na Sección 5 da Audiencia Provincial de Pontevedra os días 19 e 23 de xuño de 2023.

Casos con persoación da Xunta de Galicia crimes violencia de xénero:

ANO	PROVINCIA	Nº PERSONACIÓNS
2013	Ourense	1
2013	Pontevedra	1
2014	A Coruña	2
2014	Lugo	1
2015	Ourense	1
2015	Pontevedra	5
2016	A Coruña	1
2016	Pontevedra	1
2017	A Coruña	1
2018	A Coruña	2
2019	Pontevedra	1
2020	Lugo	1
2020	Pontevedra	1
2021	-	0

ANO	PROVINCIA	Nº PERSONACIÓNS
2022	-	0
Total 2013-2022	GALICIA	19

Fonte: Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

Artigo 32: Intervención da Administración

Nos centros de protección e de reforma de menores realízanse actuacións de sensibilización sobre a prevención e o tratamento da violencia de xénero individual e colectiva a través das diferentes intervencións educativas e psicolóxicas desenvoltas cos/as menores.

Nos centros de protección realizáronse 269 actividades (obradoiros, charlas, videoforums, etc.) coa participación de 1423 nenos, nenas e adolescentes.

Nos centros de cumprimento de medidas xudiciais realizáronse 133 actividades dirixidas a 502 mozos e mozas.

En todos estes centros desenvolvéronse 65 actividades formativas dirixidas ao persoal educador que presta servizos neles.

Capítulo III: Outras medidas de apoio e protección

Artigo 33. Deseño e implantación de dispositivos de alarma.

Artigo 34. Programas de intervención con homes en relación coa violencia de xénero.

Artigo 33: Deseño e implantación de dispositivos de alarma

• Dispositivos de control telemático de medidas e penas de afastamento

En xullo de 2009, os Ministerios de Igualdade e de Interior puxeron a disposición da xudicatura un sistema de dispositivos de alarma que permite o control das medidas de afastamento en materia de violencia de xénero.

O Sistema de Seguimento articúlase de acordo coas pautas e regras que, no seu caso, establece a Autoridade Xudicial que acorda a súa utilización e de conformidade co

disposto en dous Protocolos de Actuación:

- Protocolo de actuación do sistema de seguimento por medios telemáticos do cumprimento das medidas e penas de afastamento en materia de violencia de xénero, aprobado por medio do Acordo subscrito entre o Ministerio de Xustiza, o Ministerio do Interior, o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado, o 11 de outubro de 2013.
- Protocolo de actuación no ámbito penal do sistema de seguimento por medios telemáticos do cumprimento das medidas e penas de afastamento en materia de violencia de xénero, aprobado por medio do Acordo subscrito entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Ministerio de Xustiza, o Ministerio do Interior, o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a Fiscalía Xeral do Estado, o 19 de outubro de 2015.

O sistema permite verificar o cumprimento das medidas cautelares de afastamento da vítima impostas nos procedementos que se seguen por violencia de xénero en que se estime oportuno, acorde coas pautas e regras que, no seu caso, establece a Autoridade Xudicial e de conformidade co disposto no Protocolo. Na mesma maneira, o sistema proporciona información actualizada e permanente das incidencias que afecten ao cumprimento das medidas impostas, así como das posibles incidencias, tanto accidentais como provocadas, no funcionamento dos elementos de vixilancia empregados. Os avisos que xera o sistema son de dous tipos: alarma e alerta, graduados de maior a menor risco.


Existen dous tipos de compoñentes do sistema: dispositivo para o inculpado e dispositivo para a vítima.

No conxunto de España contabilizáronse, a 31 de decembro do 2022, un total de 3.056 medios telemáticos activos no marco das medidas de afastamento no ámbito da violencia de xénero. Andalucía é a primeira comunidade autónoma con 1.148 dispositivos activos, seguida de Comunidade Valenciana con 393 e Madrid con 298. **Galicia é a sexta Comunidade Autónoma, con dispositivos activos a finais de 2022, cun total de 151.**

Sistema de seguimento por medios telemáticos das medidas de afastamento no ámbito da violencia de xénero. Total Comunidades Autónomas.

Comunidade Autónoma	Activos a 31/12/2022
Andalucía	1.148
Comunitat Valenciana	393
Comunidade de Madrid	298
Castila - A Mancha	184
Canarias	177
Galicia	151
Rexión de Murcia	132
Castila e León	122
Aragón	81
País Vasco	67
Extremadura	66
Comunidade Foral de Navarra	54
Principado de Asturias	51
Cataluña	50
Illes Balears	49
Cantabria	27
A Rioxa	5
Ceuta	1
Melilla	0
TOTAL	3.056

Fonte: Ministerio de Igualdade Delegación do Goberno para a violencia de xénero
Enlace: <http://estadisticasviolenciagenero.igualdad.mpr.gob.es>




Sistema de seguimento por medios telemáticos das medidas de afastamento no ámbito da violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2022.

Provincia	Instalacións 2022	Desinstalacións 2022	Activos a 31 de decembro de 2022
A Coruña	182	120	62
Lugo	122	85	37
Ourense	98	73	25
Pontevedra	173	146	27
Total	575	424	151

Fonte: Ministerio de Igualdade Delegación do Goberno para a violencia de xénero
 Enlace: <http://estadisticasviolenciagenero.igualdad.mpr.gob.es>

Activos a 31 de decembro de 2022



- **Servizo Telefónico de Atención e Protección para Vítimas de Violencia de xénero (ATENPRO)**

O Servizo telefónico de Atención e Protección para vítimas da violencia de xénero (ATENPRO), é unha modalidade de servizo que, coa tecnoloxía adecuada, ofrece ás vítimas de violencia de xénero, unha atención inmediata e a distancia, asegurando unha resposta rápida ás eventualidades que lles poidan sobreir, as 24 horas do día, os 365 días do ano e sexa cal for o lugar en que se atopen.

Os obxectivos específicos do servizo son os seguintes:


- Proporcionar seguridade e tranquilidade ás usuarias do servizo e por extensión, ao seu círculo de persoas achegadas, ofrecéndolles apoio, información e asesoramento, e garantíndolles a comunicación interpersoal, ante calquera necesidade relacionada coa súa situación de violencia de xénero, as 24 horas do día, contribuíndo así á súa recuperación.
- Potenciar a autoestima e a calidade de vida das usuarias do servizo, contribuíndo a crear unha rede social de apoio na súa contorna habitual e animándoas a que manteñan, con plena seguridade, contacto coa contorna familiar e social non agresora.
- Garantir unha atención inmediata e adecuada ante situacións de emerxencia, a través de persoal especializado, proporcionando seguridade á usuaria e mobilizando os recursos oportunos, en función do tipo de emerxencia que se produciu.
- Realizar un seguimento activo da situación en que se atopan as usuarias, a través do contacto periódico co centro de atención.

No conxunto de España a finais de 2022 había 17.062 usuarias en alta do servizo ATENPRO. A cifra mais elevada de usuarias do servizo ATENPRO en alta ao remate de 2022, correspondía á Comunidade Valenciana (3.451) seguida de Andalucía (3.187), Cataluña (2.851) e Madrid (1.897). **Galicia, cun rexistro de 703 altas ocupaba o oitavo lugar.**

Servizo ATENPRO

Comunidade autónoma	Altas a 31/12/2022
Comunitat Valenciana	3.451
Andalucía	3.187
Cataluña	2.851
Comunidade de Madrid	1.897
Canarias	928
Castela – A Mancha	859
Castela e León	721
Galicia	703
Principado de Asturias	622
Rexión de Murcia	604
Estremadura	367
Cantabria	240
Aragón	226
Illes Balears	192
Comunidade Foral de Navarra	142
País Vasco	36
Melilla	18
Ceuta	15
A Rioxa	3
Total	17.062

Fonte: Ministerio de Igualdade Delegación do Goberno para a violencia de xénero
 Enlace: <http://estadisticasviolenciagenero.igualdad.mpr.gob.es>



Evolución das cifras de usuarias do servizo telefónico de atención e protección para vítimas de violencia de xénero en Galicia no ano 2022:

	Altas a 31 de decembro de 2022
A Coruña	430
Lugo	38
Ourense	39
Pontevedra	196
Total	703

Fonte: Ministerio de Igualdade Delegación do Goberno para a violencia de xénero
Enlace: <http://estadisticasviolenciagenero.igualdad.mpr.gob.es>

- **Sistema de seguimento integral da violencia de xénero: VIOGEN**

O 26 de outubro de 2015 asinouse o Convenio de colaboración entre o Ministerio do Interior e a Comunidade Autónoma de Galicia, para integrar o Punto de coordinación das ordes de protección de Galicia co Sistema de seguimento integral nos casos de violencia de xénero (Sistema Viogén). A través deste convenio articúlase o xeito en que van colaborar a Secretaría de Estado de Seguridade, do Ministerio do Interior, que xestiona o Sistema Viogén, e a Comunidade autónoma de Galicia, que xestiona a aplicación do PCOP de Galicia, para a integración de ambas aplicacións. O seu obxecto é integrar a aplicación do Punto de

coordinación das ordes de protección de Galicia co Sistema de seguimento integral nos casos de violencia de xénero (Sistema Viogén).

O Sistema de Seguimento Integral de violencia de xénero, coñecido como VIOGEN, é unha aplicación informática desenvolvida pola Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior que pretende acadar os seguintes obxectivos:


- Aglutinar as diferentes institucións públicas que teñen competencias en materia de violencia de xénero
- Integrar toda a información de interese que se estime necesaria
- Facer predición do risco
- Atendendo ao nivel de risco, realizar o seguimento e protección ás vítimas en todo o territorio nacional
- Efectuar un labor preventivo, emitindo avisos, alertas e alarmas, a través do "Sistema de notificacións automatizadas", cando se detecte algunha incidencia ou acontecemento que poida por en perigo a integridade da vítima.
- Buscando establecer unha tupida rede que permita o seguimento e protección de forma rápida, integral e efectiva das mulleres maltratadas, e dos seus fillos e fillas, en calquera parte do territorio nacional.

Datos dos casos activos en Galicia, por provincia, no sistema VIOGEN a 31 de decembro de 2022, segundo o nivel de risco:

Nivel de Risco	Provincia				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Non apreciado	715	223	169	482	1.589
Baixo	947	273	141	630	1.991
Medio	274	104	50	226	654
Alto	18	2	5	16	41
Extremo	0	0	0	0	0
Total	1.954	602	365	1.354	4.275

Fonte: Ministerio de Igualdade Delegación do Goberno para a violencia de xénero

Ligazón: <https://www.interior.gob.es/opencms/es/servicios-al-ciudadano/violencia-contra-la-mujer/estadisticas-sistema-viogen/>



Artigo 34: Programas de intervención con homes en relación coa violencia de xénero

- **Proxecto Fénix, de Medidas de Intervención Integral con Menores Agresores de Violencia de xénero**

No ano 2022 a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, asinou un convenio de colaboración coa Asociación para Proxectos Globais de Inserción e Integración Socio Laborais- Alar Galicia.

Este convenio dá resposta á medida 220 do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero que recolle a necesidade de traballar coas Comunidades Autónomas para que na rehabilitación dos menores agresores en casos de violencia de xénero se aplique perspectiva de xénero. E a medida 189 que recolle a necesidade de impulsar coas Comunidades Autónomas competentes na materia, a asistencia psicolóxica aos agresores desde o momento da denuncia, para reducir o nivel de estrés e agresividade e previr danos á vítima.

A entidade Alar-Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, que desenvolve accións dirixidas a colectivos con dificultades para incorporarse á vida social normalizada, fundamentalmente con menores e con mulleres monoparentais en risco de exclusión, recollendo no artigo 2 dos seus

estatutos como unha das finalidades da Asociación, a de deseñar e desenvolver medidas de actuación globais para a incorporación social e laboral das persoas que se atopan nos límites da marxinación e da exclusión social, entre elas, poboación menor de idade.

A través deste convenio a entidade Alar-Galicia desenvolve unha intervención integral con menores que exercen violencia de xénero contra súas parellas ou ex-parellas, así como con aqueles que manifesten condutas machistas no seu entorno máis próximo. Ten como ámbito de actuación toda Galicia e a atención prioritaria a menores con cargos penais que exercen ou exerceron a violencia de xénero, así como a intervención en centros de menores e nos Centros de Intervención Educativa en Medios Abertos (Ciemas).

Entre os obxectivos concretos que perseguen as sesións pódense destacar os seguintes: coñecer as emocións implicadas na agresión, aprender a controlar as emocións negativas, identificar as crenzas e pensamentos que sustentan a violencia de xénero, modificar os hábitos agresivos, coñecer a perspectiva de xénero e as súas implicacións e aumentar o autoconecemento.

- N° de participantes nas accións: 50.
- N° de sesións grupais realizadas: 140.
- N° de sesións individuais: 48.
- Idade dos participantes: 16-18 anos.

Capítulo IV: Medidas no ámbito da formación e do emprego

Artigo 35. Medidas específicas no ámbito da formación e do emprego.

Artigo 36. Plans de igualdade nas empresas.

Artigo 37. Obriga de confidencialidade no ámbito laboral.

Artigo 35: Medidas específicas no ámbito da formación e do emprego

A **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, en virtude do establecido na Orde do 2 de maio de 2006 (DOG nº 89, de 10 de maio) pola que se regula o programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia, contempla en todas as medidas de emprego xestionadas, a estas mulleres como colectivo preferente. Así mesmo, as vítimas de violencia de xénero teñen acceso preferente aos programas de mellora da empregabilidade,

en concreto, aos servizos de orientación profesional e aos cursos de formación ocupacional, aos programas mixtos de formación-emprego, a través da súa participación en escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego, e aos programas de cooperación ou experienciais, a través dun contrato temporal de 12 meses de duración.

Informes emitidos polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección en 2022 para os efectos da incorporación de mulleres vítimas de violencia de xénero ao Programa de inserción laboral:

Provincia	Nº informes emitidos
A Coruña	2
Lugo	0
Ourense	5
Pontevedra	2
TOTAL	9

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

O Servizo Público de Emprego de Galicia ten establecido un **protocolo de actuación para o tratamento das mulleres vítimas de violencia de xénero**.

Este protocolo está baseado nos acordos SISPE que foron establecidos no Grupo de Traballo de Tratamento de vítimas de violencia de xénero (VVX). Unha muller vítima de violencia de xénero poderá rexistrar a súa condición na aplicación do Servizo Público de Emprego de Galicia (oficinas de emprego), quedando rexistrada como tal no aplicativo SICAS coa condición especial VVX, así como indicar se desexa que os seus datos sexan tratados ou non como confidenciais. A confidencialidade traducirase na protección dos datos da muller vítima de violencia de xénero, é dicir, na ocultación de todos os datos da persoa en todos os dominios da información. Soamente os usuarios/as con perfil de "titor/a" ou "coordinador/a" estatal poderán visualizar eses datos e xestionar as accións a realizar coas vítimas de violencia de xénero.

En cada unha das oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia hai, polo menos, unha persoa titora das vítimas, para garantir a confidencialidade dos datos das mulleres vítimas que así o demanden.

Os titores e titoras de VVX serán as persoas usuarias da aplicación que poderán visualizar os

datos das vítimas, e polo tanto as persoas xestoras ás que elas deberá dirixirse para realizar calquera xestión na oficina. Toda vítima de violencia de xénero debe ter asignado/a unha persoa titora, teña ou non activado o Indicador de confidencialidade.

Outras medidas implemmentadas pola **Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación**, no ano 2022, en relación á prevención e o tratamento da violencia de xénero, foron as seguintes:

- Instrución conxunta da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación e a Secretaría Xeral da Igualdade, para regular o procedemento de incorporación das participantes dos Programas de Inserción Laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.

Regula de forma conxunta o procedemento de selección das mulleres participantes no programa de inserción regulado na Resolución do 20 de xullo de 2021 da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para os anos 2021 e 2022 (véxase páxina 199).

Esta instrución regulaba as actuacións neste procedemento dos seguintes destinatarios:

- Oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia (Emprego Galicia).
- Subdirección xeral do Servizo Público de Emprego. Servizos de Formación para o Emprego e Orientación das Xefaturas Territoriais: persoas coordinadoras de VVX.
- Entidades beneficiarias das subvencións para o desenvolvemento de programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Centros de Información ás Mulleres, centros da Rede galega de Acollemento, Centro

de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero e outros servizos públicos que traballen no eido da violencia de xénero.

- Unidades Administrativas de Igualdade das Xefaturas territoriais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

- Subdirección xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero (Secretaría Xeral da Igualdade)

- Instrución conxunta entre a Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación e a Secretaría Xeral da Igualdade, para regular o procedemento de selección das traballadoras a contratar ao abeiro das axudas para fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas.

Regula de forma conxunta o procedemento de selección das traballadoras a contratar ao abeiro da Resolución do 23 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases que rexerán a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (véxase páxina 194).

Esta instrución regula as actuacións neste procedemento dos seguintes destinatarios:

- Oficinas de emprego.
- Servizos de Formación para o Emprego e Orientación das Xefaturas Territoriais: Persoas coordinadoras de VXX.
- Subdirección xeral do Servizo Público de Emprego (Dirección xeral de Formación para o Emprego e Orientación).
- Entidades locais beneficiarias das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero.
- Unidades Administrativas de Igualdade das Xefaturas territoriais da Consellería de

Promoción do Emprego e Igualdade.

- Subdirección xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero (Secretaría xeral da Igualdade).
- Procedemento TR301V. Bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego.

As persoas traballadoras desempregadas que asistan ás accións de formación a que se refire esta orde e que teñan a condición de muller vítima de violencia de xénero, terán dereito a percibir unha axuda de dez euros por día de asistencia, acumulables, de ser o caso, ao resto de bolsas e axudas que poidan corresponderlle

Normativa aplicable:

- Orde do 21 de outubro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a concesión directa de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego correspondentes aos exercicios de 2021 e 2022 (DOG nº 209 do 29 de outubro de 2021).
- Orde do 24 de outubro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a concesión directa de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego correspondentes aos exercicios 2022 e 2023 (DOG nº 206 do 28 de outubro de 2022).
- Procedemento TR301K. Formación para o emprego dirixida a persoas traballadoras desempregadas.
 - Consideración de ausencia xustificada para os permisos por violencia de xénero.
 - Criterio de preferencia para a participación nos cursos.
 - Impártense módulos formativos transversais sobre igualdade de xénero e de oportunidades entre mulleres e homes, e sobre corresponsabilidade familiar e

doméstica.

Normativa aplicable:

- Orde do 16 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2021-2023, e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2021 e 2022 (DOG nº81 do 30 de abril de 2021).
- Orde do 13 de maio de 2022 pola que se modifica parcialmente a Orde do 16 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2021-2023, e se realiza a súa segunda convocatoria para os exercicios 2022 e 2023 (DOG nº 102 do 30 de maio de 2022).
- Procedemento TR301P. Accións formativas con compromiso de contratación dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas.
 - Nos criterios de avaliación técnica barémase o compromiso da empresa de que un mínimo do 20 % das persoas que se contrate, arredondado de ser o caso, ao enteiro superior, sexan menores de 30 anos, vítimas de violencia de xénero, persoas paradas de longa duración ou persoas en risco de exclusión social (o incumprimento posterior deste compromiso dá lugar a penalizacións).

Para estes efectos enténdese por vítimas de violencia de xénero aquelas que teñan tal consideración de acordo co disposto no artigo 1 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Inclúense dentro do concepto de violencia de xénero, en aplicación da Lei 14/2021, do 20 de xullo, e da Lei 15/2021, do 3 de decembro, modificadoras ambas da Lei 11/2007, a violencia vicaria e a violencia dixital.

- Consideración de ausencia xustificada para os permisos por violencia de xénero.

- Impártense módulos formativos transversais sobre igualdade de xénero e de oportunidades entre mulleres e homes, e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica.

Normativa aplicable:

- Orde do 6 de maio de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2022-2024 e se procede á primeira convocatoria das subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas, para o exercicio 2022-2023 (DOG nº 95 do 18 de maio de 2022).
- Procedemento TR302A. Plan de formación para o emprego para persoas traballadoras ocupadas.
 - Non se aplica ningún criterio directamente vinculado coa violencia de xénero.
 - Consideración de ausencia xustificada para os permisos por violencia de xénero.
 - Impártense módulos formativos transversais sobre igualdade de xénero e de oportunidades entre mulleres e homes, e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica.

Normativa aplicable:

Orde do 9 de febreiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións no marco do Plan de formación para o emprego (persoas traballadoras ocupadas) e se procede á súa convocatoria para os exercicios 2021 e 2022 (DOG nº35 do 22 de febreiro de 2021).

- Procedemento TR332A: Programas integrados de emprego

- Maior valoración das solicitudes de subvención que atenden no seu proxecto ás mulleres vítimas de violencia de xénero. As mulleres vítimas de violencia de xénero están incluídas no colectivo de persoas que concede unha maior puntuación na valoración das solicitudes.

Normativa aplicable:

Orde do 4 de maio de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento TR332A).

- Procedemento TR353A. Obradoiros duais de emprego

- Prioridade no acceso das vítimas de violencia de xénero aos contratos de formación e aprendizaxe. As mulleres vítimas de violencia de xénero están incluídas no colectivo de persoas que teñen preferencia para participar nos obradoiros duais de emprego.

Normativa aplicable:

Orde do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR353A).

- O programa de mellora das capacidades dixitais para mulleres residentes no medio rural (10,4 millóns de euros), destinado ao reforzo das competencias dixitais e a cualificación profesional de mulleres residentes no medio rural. Contou con 20.086 mulleres beneficiarias no 2022.

En 2022, dentro das actuacións realizadas pola Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, o Plan Emprega Muller determinou o acceso preferente e apoios de maior intensidade para as mulleres en varias das ordes de axudas no eido do emprego por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

1. O programa Galicia Emprega (TR342C), coa súa liña específica dirixida a mulleres (5 millóns de euros), con apoios para á contratación, á transformación dos contratos temporais en indefinidos ou ben os incentivos ao incremento da xornada laboral; que ademais conta cun bono de formación para as persoas contratadas. Un programa co que se contrataron a 587 mulleres en 2022.

Orzamento: 5.000.000 euros

Mulleres beneficiarias: 587

2. O programa "Muller 22" (TR770A) (6 millóns de euros), con incentivos á contratación de mulleres para facilitar a súa incorporación ao mercado laboral. Con incentivos por contratación de 6.000 euros, chegou a 886 mulleres no ano 2022

Orzamento: 6.000.000 euros

Mulleres beneficiarias: 886

- O programa Aprod Rural (TR351G) (7M€). As mulleres teñen preferencia no proceso de contratación.
- O programa de promoción do emprego autónomo (TR341D) (12M€). A contía base correspondente (2.000 euros ou 4.000 euros) incrementarase nun 25% se a persoa beneficiaria é muller.

Orzamento: 12.500.000 euros.

Persoas beneficiarias: 3.343 (52% mulleres)

- O programa para axudar as persoas traballadoras autónomas á contratación indefinida do primeiro, segundo e terceiro traballador/a (TR349F) (1,3M€). A contía base correspondente (4.000 euros ou 6.500 euros) incrementarase nun 25% se a persoa incorporada é muller.
- O programa para a posta en marcha de pequenas empresas de nova creación (TR807I) ou empresas de base tecnolóxica (TR340E) (2,5M€). No primeiro dos programas (TR807I), a contía base correspondente (2.000 euros ou 4.000 euros) incrementarase nun 25% se a persoa incorporada é muller. No segundo dos programas (TR340E), a contía base correspondente (6.000, 8.000, 9.000 ou 10.000 euros) incrementarase nun 25% se a persoa

incorporada é muller.

- Programas de Cooperación. Subvención para entidades sen ánimo de lucro que contraten persoas traballadoras desempregadas para a realización de servizos de interese xeral e social (TR352A) (8,5M€). Neste programa terán preferencia, entre outros colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, as mulleres (especialmente as vítimas de violencia de xénero).
- Aprot- Economía Social (3,8M€), para o fomento do emprendemento na economía social:
 - Programa I: fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais (TR802G). Por cada persoa que se incorpore con carácter indefinido e a xornada completa, a subvención ascenderá a 6.000€ con carácter xeral, esta contía incrementárase un 25% se a persoa incorporada é muller (bonificacións acumulables entre si).
 - Programa II: fomento do acceso á condición de persoa socia (TR802J). Igual que no caso anterior, as contías de axuda, que poden ser de 3.000€ ata 6.000€, incrementáranse un 25% se persoa incorporada é muller (bonificacións acumulables entre si).
- ES-TRANSFORMA (proxecto de orde, anterior código de procedemento TR802R; 1,5M€). Esta orde aborda a transformación en cooperativas ou sociedades laborais dos negocios sen relevo xeracional, das sociedades mercantís e das persoas traballadoras autónomas, que xa estiveran exercendo unha actividade económica. Co obxecto de incorporar ás mulleres nestes novos proxectos empresarias de economía social, os importes das axudas a percibir increméntanse en 3.000 euros no caso de que as entidades beneficiarias estean formadas maioritariamente por mulleres e tamén no caso de que na actividade económica da nova entidade beneficiaria as mulleres contratadas nos grupos ocupacionais se atopen subrepresentadas.

O Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) implementou as seguintes medidas en relación á prevención e o tratamento da violencia de xénero no ano 2022

1. Desenvolvemento da perspectiva de xénero e fomento do uso de datos desagregados por sexo nos estudos, informes, estatísticas e outros materiais publicados polo ISSGA.
 - Anuario de sinistralidade laboral en Galicia 2021.
 - Boletín trimestral de información estatística das enfermidades profesionais.
 - Sinistralidade laboral nos servizos de aloxamento e de comidas e bebidas Galicia 2014-2018.
 - Sinistralidade laboral dos condutores profesionais Galicia 2014-2018.
2. Campaña de promoción da prevención e redución da sinistralidade laboral dirixidas a sectores feminizados.
 - Ola Saúde! Contornos laborais saudables: promover a creación de contornas laborais saudables que permitan protexer, promover e apoiar a seguridade e saúde no traballo e o benestar das persoas traballadoras.
 - Corta o risco químico, peitea con seguridade: concienciación e integración da prevención do risco químico en salóns de peiteado e tratamentos de beleza polo uso continuo e cotiá de tinguiduras e outros produtos perigosos.
 - Mobilización de persoas con mobilidade reducida: documentos no que se describen os principais aspectos básicos da mobilización de persoas, así como as técnicas de mobilización e as axudas técnicas para facilitar a mobilización.

Axudas dirixidas ás entidades locais galegas para a contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero

No Diario Oficial de Galicia do 19 de xaneiro de 2022 publicouse a Resolución do 23 de decembro de 2021, da **Secretaría Xeral da Igualdade**, pola que se establecen as bases que rexerán a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia

de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, cun importe de 1.424.016 euros.

Esta convocatoria tivo unha grande aceptación polo que se publicou unha nova Resolución o 12 de agosto de 2022 pola que se realiza a segunda convocatoria do ano 2022 das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. O importe desta convocatoria ascendeu a 980.119,28.

A súa finalidade é contribuír a que as mulleres acaden unha maior autonomía a través da promoción da súa independencia económica e do seu empoderamento, e reforzando ao mesmo tempo as posibilidades dunha posterior inserción laboral estable, co obxectivo fundamental de lograr a súa plena integración na vida económica e social.


Podían ser beneficiarias destas subvencións os concellos galegos, mediante solicitude individual ou mediante solicitude conxunta de agrupación ou asociación de concellos, mancomunidades de concellos de Galicia e consorcios locais de Galicia, constituídos exclusivamente por concellos, así como as entidades resultantes dunha fusión municipal.

A contía da subvención a conceder ás entidades locais beneficiarias era, por cada muller contratada a tempo completo, a equivalente á necesaria para sufragar durante o período de contratación, ata un máximo de 12 mensualidades, as retribucións salariais brutas totais, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo da entidade empregadora, na mesma cantidade que a fixada para o salario, segundo convenio colectivo ou normativa laboral aplicable vixente no momento de formular a solicitude e acorde coa súa categoría profesional.

Provincia	Total solicitudes	Nº resolucións favorables	Nº mulleres contratadas
A Coruña	54	15	37
Lugo	21	5	9
Ourense	33	15	19
Pontevedra	53	19	36
TOTAL	161	54	101

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Concellos beneficiarios por provincias



- Mulleres contratadas ao abeiro desta subvención segundo nacionalidade:

NACIONALIDADE	Nº BENEF.	%
Española	87	86,14%
Estranxeira	14	13,86%
Total	101	100%

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- Mulleres contratadas ao abeiro desta subvención segundo idade:

Idade	Nº beneficiarias	%
<20	1	0,99%
21-25	11	10,89%
26-35	26	25,74%
36-45	28	27,72%
46-55	31	30,7%
56-65	4	3,96%
TOTAL	101	100%

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Fomento da contratación por parte de entidades sen ánimo de lucro de mulleres que sofren violencia de xénero

No Diario Oficial de Galicia do 1 de xullo de 2022 publicouse a Resolución do 15 de xuño de 2022, da **Secretaría Xeral da Igualdade**, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación, por parte de entidades sen ánimo de lucro, de mulleres que sofren violencia de xénero financiadas con fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020 como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento SI461B).


A súa finalidade é contribuír a que as mulleres acaden unha maior autonomía a través da promoción da súa independencia económica e do seu apoderamento, e reforzando ao mesmo tempo as posibilidades dunha posterior inserción laboral estable, co obxectivo fundamental de lograr a súa plena integración na vida económica e social.

Ás subvencións obxecto desta convocatoria destínase un crédito por un importe total de 550.000 euros.

Datos da convocatoria do ano 2022:

Provincia	Total solicitudes	Nº resolucións favorables	Nº mulleres contratadas
A Coruña	13	6	9
Lugo	5	2	4
Ourense	6	2	2
Pontevedra	11	6	12
TOTAL	35	16	27

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



- Mulleres contratadas ao abeiro desta subvención segundo nacionalidade:

NACIONALIDADE	Nº BENEF.	%
Española	22	81,48%
Estranxeira	5	18,52%
Total	27	100

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- Mulleres contratadas ao abeiro desta subvención segundo idade:

Idade	Nº beneficiarias	%
21-25	1	3,70%
26-35	6	22,22%
36-45	12	44,44%
46-55	7	25,93%
56-65	1	3,70%
TOTAL	27	100

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Axudas á mobilidade xeográfica como consecuencia da contratación por conta allea ou polo establecemento por conta propia

No Diario Oficial de Galicia do 2 de setembro de 2022 publicouse a Resolución do 12 de agosto de 2022, da **Secretaría Xeral da Igualdade**, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para facilitar a mobilidade xeográfica das mulleres vítimas de violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2022(código de procedemento SI451B).

O obxecto desta resolución é establecer as bases que rexen a concesión de subvencións destinadas a facilitar a mobilidade xeográfica das mulleres vítimas de violencia de xénero cando, a causa desa situación de violencia, se viran obrigadas a cambiar a súa residencia habitual como consecuencia da súa contratación por conta allea ou establecemento por conta propia.

Considérase que existe mobilidade xeográfica cando, como consecuencia da contratación por conta allea ou polo establecemento por conta propia, se produza un traslado efectivo da residencia habitual na Comunidade Autónoma de Galicia a outra localidade de destino que se atope a máis de 50 quilómetros da localidade de orixe. Subvencionarase a mobilidade xeográfica dentro da Comunidade Autónoma de Galicia ou ben desde a Comunidade Autónoma de Galicia a outras localidades situadas dentro do territorio español.

Para a concesión destas subvencións destinouse crédito por importe de 40.000 euros financiados con fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia para 2022.

No ano 2022 houbo 1 beneficiaria desta liña de axudas.

Programa específico de inserción laboral, dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero.

A **Secretaría Xeral da Igualdade** puxo en marcha no ano 2016 unha liña de axudas, destinadas a entidades sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade

Autónoma de Galicia.

A súa finalidade é apoiar a estas mulleres na súa integración ou reintegración no mercado laboral, como elemento clave para unha recuperación integral, tendo en conta que a falta de recursos propios, fundamentalmente dun posto de traballo, dificulta en moitas ocasións a ruptura da situación de violencia.

As persoas destinatarias finais dos programas son as mulleres vítimas de violencia de xénero, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes de emprego. A Secretaría xeral da Igualdade e o Servizo Público de Emprego de Galicia coordinadamente regularon mediante unha instrución o procedemento de selección específico para a incorporación das mulleres en situación de violencia de xénero ao programa.

Nestes programas establécese de xeito obrigatorio un obxectivo cuantitativo de inserción laboral das mulleres participantes neles, que serán de polo menos o 10% das participantes, que deberán acadar a súa inserción laboral no período subvencionable.

Actuacións dos programas de inserción laboral:

1- Itinerario de inserción (obrigatorio)

2.- Formación para o emprego, incluíndose neste apartado as accións formativas que teñan como finalidade adquirir as competencias clave, a formación lingüística, formación en *coaching* e/ou intelixencia emocional ou a formación relativa ás características da sociedade de acollida no caso de mulleres inmigrantes, así como formación dirixida ao autoemprego e á constitución de cooperativas.

3.- Actuacións de apoio á conciliación, que consistirán na posta á disposición de servizos de atención persoal e/ou familiar, no fogar ou nun recurso comunitario, dirixidos a facilitar a participación das mulleres en situación de violencia de xénero nas accións comprendidas no seu itinerario de inserción socio-laboral ou en formación para o emprego.

4.- Bolsas para as participantes no programa, que consistirá nunha axuda económica para compensarlles os gastos en que poidan incurrir (transporte, desprazamentos, teléfono, internet...) por participar no programa, que incentive a súa participación nel.

Módulos subvencionables:

- Módulo para o itinerario de inserción
- Módulo para accións de formación para o emprego
- Módulo para medidas de apoio á conciliación
- Módulo para bolsas de participación


A Secretaría Xeral da Igualdade, no ano 2021, no DOG nº 137, do 20 de xullo, publicou a Resolución do 6 de xullo de 2021, pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, se se procede á súa convocatoria para os anos 2021 e 2022, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Ás subvencións obxecto desta convocatoria destinouse un crédito total de 680.000 euros, financiados con fondos finalistas do Estado, que os Orzamentos Xerais do Estado destinan ao desenvolvemento ou ampliación das medidas recollidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Mulleres en situación de violencia de xénero beneficiarias dos programas específicos de inserción laboral 2021-2022

PROGRAMA ILVX 2021-2022			
Provincia	Nº participantes	Nº participantes inseridas	% participantes inseridas
A Coruña	100	22	22,00 %
Lugo	49	11	22,45 %
Ourense	51	8	15,69 %
Pontevedra	109	24	22,02 %
TOTAL	309	26	8,41 %

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



A **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade** está a desenvolver en colaboración con Cruz Vermella un convenio de colaboración para o desenvolvemento e execución dun programa de formación e inserción para mulleres vítimas de violencia de xénero ou de trata e explotación sexual con compromiso de contratación dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU.

O obxecto do convenio é o deseño, desenvolvemento, realización e seguimento do Programa de formación e inserción para mulleres vítimas de violencia de xénero ou de trata e explotación sexual con compromiso de contratación, cuxo obxectivo é a atención personalizada ás mulleres que participen e cuxo fin último é mellorar a súa empregabilidade.

Os requisitos para ser participante neste programa son:

- Ser muller maior de idade ou emancipada e estar desempregada e inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Ter cesado a convivencia co agresor ou coa persoa coa que mantivera sobre ela unha relación de dominación.
- Estar empadroada e ter residencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia e, no

caso das mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia.

- Acreditar a situación de violencia a través de calquera das formas previstas no artigo 5 da Ley 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

A través deste programa desenvolveranse actuacións de carácter persoal, social, formativas e de inserción laboral que permitan ás mulleres vítimas de violencia de xénero, de trata ou explotación sexual, adquirir habilidades, recursos e ferramentas necesarias para superar as secuelas do maltrato e alcanzar competencias profesionais requiridas para o seu acceso a un emprego que lle proporcione autonomía, así como un recoñecemento e integración social.

As actuacións a desenvolver serán:

1.- Formativas:

- Itinerarios de inserción social e laboral: consistente nunha formación que abrangue, entre outros, os seguintes contidos:
 - Realización de diagnose de empregabilidade e elaboración de perfís profesionais
 - Desenvolvemento de ferramentas de recuperación e motivación persoal
 - Obradoiros de alfabetización dixital e busca de emprego
- Capacitación profesional: consistente en impartir a formación necesaria adaptada e vinculada aos ocos de mercado e as ofertas de traballo existentes.

2.- Prospección empresarial: que identifique as oportunidades de emprego para as mulleres participantes, a obtención dunha diagnose do tecido empresarial e o contacto coas empresas para sensibilizar e informar do programa.

3.- Inserción profesional: que consistirá nun contrato de traballo de alomenos de 6 meses.

A duración máxima das accións formativas será de 624 horas nun período máximo de 6 meses. Das mulleres participantes 14 terán que ser insertadas no mercado laboral cun contrato de traballo de 6 meses.

Esta iniciativa busca, polo tanto, apoiar ás vítimas de violencia de xénero a que acaden unha maior autonomía e empoderamento a través da realización duns itinerarios personalizados de integración social e laboral. Preténdese dotar ás mulleres de confianza e autoestima e a súa vez darlles unha formación axeitada ao que o mercado de traballo solicita para que consigan unha inserción laboral estable, con fin último de lograr a súa plena integración na vida económica e social.

Artigo 36: Plans de igualdade nas empresas

Dentro das competencias da **Dirección Xeral de Relacións Laborais, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, na Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial (RSE), e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (códigos de procedemento TR357C, TR357D e TR357B) (DOG nº 24 do 4 de Febreiro de 2022) valórase a existencia de medidas de apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero nos plans de igualdade subvencionados, e estrutúrase en tres liñas de axudas:

- Liña I. Elaboración e implantación de plans de igualdade (TR357C) nos termos definidos no capítulo III do Real decreto 901/2020, do 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro e se modifica o Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.
- Liña II. Conciliación (TR357D) que, pola súa vez, comprende tres subliñas:
 - Subliña II.1. Incentivos para fomento do teletraballo. Incentivarase a adopción de acordos laborais de teletraballo.
 - Subliña II.2. Incentivos para o fomento da flexibilidade horaria. Incentivarase a adopción de acordos laborais de flexibilidade horaria.
 - Subliña III.3. Subvencións para a adquisición de elementos tecnolóxicos que posibiliten o teletraballo.
- Liña III. Certificacións de RSE (TR357B). Subvencionarase a obtención dunha certificación ou informe de verificación ou validación de códigos de conduta, normas ou estándares en materia de responsabilidade social empresarial. Poderán ser as que

se relacionan ou equivalentes: empresa familiarmente responsable-EFR (conciliación), *Global Reporting Initiative (GRI)*; *United Nations Global Compact (Pacto Mundial)*; *ISO 19600, SGE 21, Global Accountability 1000 (AA 1000)*; *EMAS, ISO 14000 (ambiente), SA 8000, IQNet SR10, BEQUAL (discapacidade), ISO 45001 (seguridade e saúde laboral)*, certificación empresa saudable, así mesmo selo horarios racionais (SHR).

Na liña de axudas para a elaboración de Plans de igualdade a orde, en fase de tramitación, prevé entre os criterios de ponderación do artigo 30 que o plan de igualdade inclúa medidas de apoio á insercións, permanencia e promoción laboral das mulleres en xeral, e as que sofren violencia de xénero en particular. A inclusión desta circunstancia no plan de igualdade supón outorgar á solicitude a máxima puntuación prevista na orde.

A liña de axuda para a implantación de accións de responsabilidade social baséase na obtención dunha certificación ou informe de verificación ou validación de códigos de conduta, normas ou estándares en materia de responsabilidade empresarial. Poderán ser as que se relacionan ou equivalentes: Empresa familiarmente responsable-EFR (conciliación), *Global Reporting Initiative (GRI)*; *United Nations Global Compact (Pacto Mundial)*; *ISO 19600, SGE 21, Global Accountability 1000 (AA 1000)*; *EMAS, ISO 14000 (ambiente), SA 8000, IQNet SR10, BEQUAL (discapacidade), ISO 45001 (seguridade e saúde laboral)*, Certificación Empresa saudable, así mesmo Selo Horarios Racionais (SHR). De entre todas estas, existen referencias claras e precisas ás prácticas non discriminatorias entre xéneros nas seguintes: Principios do pacto mundial, GRI Avaliación de dereitos humanos 2016.

Artigo 37: Obriga de confidencialidade no ámbito laboral

A obriga de confidencialidade que establece este artigo da Lei 11/2007, tanto para o empresariado, a representación sindical como as entidades formadoras, leva aparellada a necesidade de adoptar as medidas necesarias que garantan a seguridade dos datos relativos ás circunstancias persoais das mulleres que sufriron violencia de xénero, seguindo en todo caso as directrices marcadas polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos e pola Lei orgánica 3/2018, de

5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Capítulo V: Medidas de carácter económico.

Artigo 38. Valoración de rendas.

Artigo 39. Prestacións periódicas.

Artigo 40. Outras prestacións.

Artigo 41. Procedemento abreviado para a percepción da renda de integración social de Galicia.

Artigo 42. Axudas escolares.

Artigo 43. Fondo Galego de Garantía de Indemnizacións.

Artigo 44. Dereito de acceso á vivenda.

Artigo 45. Acceso prioritario ás vivendas de promoción pública.

Artigo 46. Equipamentos sociais especializados.

Artigo 38: Valoración de rendas

Segundo o artigo 38 da Lei 11/2007, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, co fin de favorecer a autonomía das mulleres que estean en situación de violencia de xénero, e para os efectos do dereito a percibir a renda de integración social de Galicia e as outras axudas económicas previstas nesta lei, quedan excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor. Véxase tamén as medidas previstas no artigo 42.

Artigo 39: Prestacións periódicas

- **Axudas de pagamento periódico**

O Diario Oficial de Galicia publicou, con data 7 de xaneiro de 2019, a Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade do 17 de decembro de 2018, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo. Estas bases reguladoras foron modificadas a través da Resolución do 12 de febreiro de 2019

(DOG, nº 36, do 20 de febreiro), e da Resolución do 17 de decembro de 2021 (DOG, nº 246, do 24 de decembro).

Esta resolución establece no seu artigo 2.1 que o prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto con carácter permanente durante todos os exercicios e no artigo 3.4 o carácter permanente desas bases reguladoras.

Mediante Resolución do 21 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, convócase para o ano 2022 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo (DOG núm. 2, do 4 de xaneiro de 2022).

A finalidade destas axudas é proporcionarlles apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para tentar garantirllas unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor ou da persoa que manteña sobre ela unha relación de dominación para os casos das mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, e mais tentar axudalas a romper coa situación de violencia, que lles posibilite dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo.

Para os efectos desta axuda tamén terán a consideración de vítimas de violencia de xénero as mulleres que padeceran violencia vicaria ou violencia “por interpósita persoa”, con resultado de morte.

Os datos relativos á concesión desta axuda no ano 2022 son os seguintes:

Ingresos	Contía axuda por mes
Ingresos ≤ IPREM vixente. Carácter xeral.	600 €
Ingresos ≤ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítima ≥ 33%	650 €
Ingresos ≤ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33%	700 €
Ingresos ≤ IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.	700 €
Ingresos ≤ IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33%	800 €
Ingresos ≤ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 65% ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.	800 €
Ingresos > IPREM e ≤ 1,5 veces IPREM. Carácter xeral.	300 €
Ingresos > IPREM e ≤ 1,5 veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítima ≥ 33%	350 €
Ingresos > IPREM e ≤ 1,5 veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33%	400 €
Ingresos > IPREM e ≤ 1,5 veces IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.	400 €
Ingresos > IPREM e ≤ 1,5 veces IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33%	500 €
Ingresos > IPREM e ≤ 1,5 veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 65% ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.	500 €
Ingresos > 1,5 veces IPREM e ≤ dobre IPREM . Carácter xeral.	200 €
Ingresos > 1,5 veces IPREM e ≤ dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítimas ≥ 33%	250 €
Ingresos > 1,5 veces IPREM e ≤ dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33%	300 €
Ingresos > 1,5 veces IPREM e ≤ dobre IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.	300 €
Ingresos > 1,5 veces IPREM e ≤ dobre IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33%	400 €
Ingresos > 1,5 veces IPREM e ≤ dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 65% ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.	400 €


Provincia	Total solicitudes	Nº resolucións favorables	Nº resolucións desfavorables
A Coruña	315	263	38
Lugo	85	68	13
Ourense	89	71	14
Pontevedra	224	169	42
Total	713	571	107

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Nº de beneficiarias das axudas por provincias

Provincia	Nº Benef.
A Coruña	263
Lugo	68
Ourense	71
Pontevedra	169
Total	571

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




Nº de beneficiarias segundo nacionalidade

NACIONALIDADE	Nº BENEF.	%
España	421	73,73%
Alxeria	1	0,18%
Arxentina	5	0,88%
Bolivia	1	0,18%
Brasil	29	5,08%
Bulgaria	1	0,18%
Chile	1	0,18%
Colombia	18	3,15%
Cuba	6	1,05%
Eslovaquia	1	0,18%
Ecuador	1	0,18%
Etiopía	1	0,18%
Francia	1	0,18%
Guinea Ecuatorial	2	0,35%
Guatemala	1	0,18%
Haití	1	0,18%
Iraq	1	0,18%




NACIONALIDADE	Nº BENEF.	%
Italia	3	0,53%
Madagascar	1	0,18%
Marrocos	17	2,98%
México	1	0,18%
Nicaragua	1	0,18%
Nixeria	2	0,35%
O Salvador	2	0,35%
Palestina	1	0,18%
Paraguai	6	1,05%
Perú	8	1,40%
Portugal	7	1,23%
República dominicana	7	1,23%
Romanía	8	1,40%
Senegal	2	0,35%
Siria	1	0,18%
Uruguai	2	0,35%
Venezuela	10	1,75%
TOTAL	571	100,00%

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nacionalidade	Nº benef.	%
Española	421	73,73 %
Estranxeira	150	26,27 %
TOTAL	571	100,00 %


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de beneficiarias segundo idade

Idade	Nº benef.	%
≤ 20	21	3,68 %
21-25	56	9,81 %
26-35	155	27,15 %
36-45	168	29,42 %
46-55	113	19,79 %
56-65	35	6,13 %
≥ 66	23	4,03 %
TOTAL	571	100,00 %


Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de beneficiarias segundo nº de fillas e fillos a cargo

Nº fillas/os	Nº benef.	%
0 fillas/os	278	48,69 %
1 filla/o	163	28,55 %
2 fillas/os	97	16,99 %
3 fillas/os	28	4,90 %
4 fillas /os	3	0,53 %
5 fillas/os	2	0,35%
TOTAL	571	100,00 %


Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de fillas/os a cargo das beneficiarias por provincia

Provincia	Nº fillas	Nº fillos	Total
A Coruña	89	109	198
Lugo	35	33	68
Ourense	27	25	52
Pontevedra	67	78	145
Total	218	245	463

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de beneficiarias con discapacidade


Provincia	Nº benef. con discapacidade	Nº benef. con fillas/os con discapacidade
A Coruña	23	11
Lugo	3	1
Ourense	4	0
Pontevedra	14	7
TOTAL	44	19

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Nº de beneficiarias segundo situación laboral

Provincia	Desempregadas	Traballando
A Coruña	204	59
Lugo	50	18
Ourense	62	9
Pontevedra	130	39
TOTAL	446	125

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Artigo 40: Outras prestacións

- **Axudas de pagamento único**

No Diario Oficial de Galicia do 4 de xaneiro de 2022 publicouse a Resolución do 21 de decembro de 2021, da **Secretaría Xeral da Igualdade** pola que se convocaban as axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero para a súa convocatoria para o ano 2022.

O obxecto desta resolución é establecer as bases que rexen a concesión das axudas previstas nos devanditos textos legais. A finalidade das axudas establecidas na antedita lei orgánica é proporcionarlle apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero; a das indemnizacións previstas na lei galega é facer valer o dereito recoñecido por sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego.

Mediante esta resolución convocáronse dúas liñas de axuda. Unha delas é a axuda económica de pagamento único para mulleres vítimas de violencia de xénero, que, residindo na Comunidade Autónoma de Galicia, acrediten insuficiencia de recursos e unhas especiais dificultades para obter un emprego.

Beneficiarias:

- Mulleres vítimas de violencia de xénero.

Requisitos:

Os requisitos necesarios para a obtención desta axuda están recollidos na publicación do Diario Oficial de Galicia do 4 de xaneiro de 2022. Destaca a de ser vítima de violencia de xénero.

A contía económica da axuda é a seguinte:

Tipoloxía	Importe do subsidio de desemprego
Con carácter xeral	6 meses
1 familiar ou menor acollido pola vítima	12 meses
Discapacidade da vítima ≥ 33 % (sen responsabilidades familiares)	12 meses
2 ou mais familiares ou menores acollidos pola vítima, ou 1 familiar e 1 menor.	18 meses
1 familiar ou menor acollido pola vítima, e conxuntamente discapacidade da vítima ou da persoa dependente ≥ 33 %	18 meses
2 ou máis familiares ou menores (ou 0 1 familiar e 1 menor) acollidos pola vítima, e conxuntamente, discapacidade ≥ 33 % da vítima ou da persoa dependente	24 meses
Vítima, ou familiar ou menor acollido con discapacidade ≥ 65 %	24 meses

Os datos relativos á concesión desta axuda no ano 2022 son os seguintes:


Provincia	Total solicitudes	Nº resolucións favorables
A Coruña	237	183
Lugo	31	19
Ourense	55	33
Pontevedra	111	80
Total	434	315

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Nº de beneficiarias por provincia

Provincia	Beneficiarias
A Coruña	183
Lugo	19
Ourense	33
Pontevedra	80
Total	315


Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de beneficiarias segundo nacionalidade

Nacionalidade	Nº benef.	%
Española	239	75,87 %
Estranxeira	76	24,13%
Total	315	100,00 %


Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia





Nacionalidade	Nº benef.	%
España	239	75,9%
Arxentina	1	0,3%
Bielorrusia	1	0,3%
Bolivia	13	4,1%
Brasil	7	2,2%
Colombia	10	3,2%
Cuba	0	0,0%
Ecuador	5	1,6%
Italia	1	0,3%
Lituania	3	1,0%
Marrocos	3	1,0%
México	1	0,3%
Paraguai	8	2,5%
Perú	5	1,6%
Portugal	2	0,6%
Rep. Dominicana	3	1,0%
Romanía	4	1,3%
Salvador	1	0,3%
Siria	0	0,0%
Ucrania	2	0,6%
Uruguai	4	1,3%
Venezuela	2	0,6%
TOTAL	315	100,0%


Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de beneficiarias segundo idade

Idade	Nº benef.	%
≤ 20	6	1,9%
21-25	28	8,9%
26-35	95	30,2%
36-45	89	28,3%
46-55	66	21,0%
56-65	23	7,3%
≥ 66	8	2,5%
Total	315	100,00%


Fonte: Secretaría xeral da Igualdade .Xunta de Galicia



Nº de beneficiarias segundo nº de fillas e fillos a cargo

Nº fillos/as	Nº benef.	%
0 fillas/os	144	45,7%
1 filla/o	95	30,2%
2 fillas/os	53	16,8%
3 fillas/os	19	6,0%
4 fillas /os	4	1,3%
Total	315	100,00%


Fonte: Secretaría xeral da Igualdade .Xunta de Galicia



Nº de fillas e fillos a cargo das beneficiarias por provincia

Provincia	Nº fillas	Nº fillos	Total
A CORUÑA	83	82	165
LUGO	3	9	12
OURENSE	14	16	30
PONTEVEDRA	31	36	67
Total	131	143	274


Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de beneficiarias con discapacidade

Provincia	Nº benef. con discap.	Nº benef. con fillas/os ou p. dependentes con discap.
A Coruña	15	5
Lugo	1	1
Ourense	4	1
Pontevedra	15	3
Total	35	10

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



- **Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero**

No Diario Oficial de Galicia do 27 de decembro de 2021 publicouse a Resolución do 14 de decembro de 2021, da **Secretaría Xeral da Igualdade** pola que se regulan as bases para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva das axudas de indemnización económica, dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022.

A finalidade das axudas é dar cumprimento a varias das medidas do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, e proporcionarlle apoio económico ás persoas citadas no punto anterior, cunha indemnización de axuda directa, co obxecto de garantir que o feito causante (morte da nai ou lesións graves, por mor de violencia de xéneros) supoña un menor prexuízo económico para os fillos e fillas orfos, e para as propias vítimas gravemente feridas, cando o feito causante se producira con posterioridade ao 1 de xullo de 2020.

Mediante esta resolución convocáronse dúas liñas de axuda:

1. Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das

vítimas mortais por violencia de xénero, e que dependeran economicamente da súa nai e/ou do seu pai agresor, sempre que na data do falecemento da súa nai cumprisen algún dos requisitos indicados na publicación do Diario Oficial de Galicia do 27 de decembro do 2021

2. Axudas de indemnización dirixidas ás mulleres que resultasen gravemente feridas, con lesións que requiran hospitalización, como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero, sempre que na data en que produciran os feitos se cumprisen os requisitos indicados na publicación do Diario Oficial de Galicia da mesma data:

Para a concesión destas indemnizacións destinouse crédito polo importe de 70.000 euros. O financiamento enmárcase nos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia para 2022.

O importe das indemnizacións reguladas nesta resolución fíxase na cantidade de sete mil euros (7.000 €) por cada persoa beneficiaria.

Os datos relativos á concesión desta axuda no ano 2022 son os seguintes:

- **Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, e que dependeran economicamente da súa nai e/ou do seu pai agresor:**

Provincia	Total solicitudes	Nº resolucións favorables	Nº resolucións desfavorables
A Coruña	1	1	0
Lugo	0	0	0
Ourense	0	0	0
Pontevedra	0	0	0
Total	1	1	0

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade .Xunta de Galicia

- **Axudas de indemnización dirixidas ás mulleres que resultasen gravemente feridas, con lesións que requiran hospitalización, como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero:**

Provincia	Total solicitudes	Nº resolucións favorables	Nº resolucións desfavorables
A Coruña	3	0	3
Lugo	0	0	0
Ourense	0	0	0
Pontevedra	1	0	1
Total	4	0	4

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade .Xunta de Galicia

Todas as solicitudes foron consideradas como resolucións desfavorables.

Artigo 41: Procedemento abreviado para a percepción da Renda de Integración Social de Galicia

A **Dirección Xeral de Inclusión Social**, en aplicación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión social de Galicia, desenvolve unha tramitación abreviada da prestación RISGA, que se aplicará nos seguintes supostos:

- Vítimas de violencia de xénero
- Supostos de violencia doméstica
- Vítimas de explotación sexual-laboral en redes de trata de seres humanos.

Os aspectos máis destacables deste procedemento son:

- Os trámites para a concesión da RISGA terán carácter de urxencia e tramitaranse con carácter prioritario ás demais solicitudes.
- O concello deberá remitir o informe de valoración social no prazo de 15 días. O proxecto de integración social e, se é o caso, o de integración socioeducativa dos e das menores poderá remitirse con posterioridade.
- A resolución de concesión deberá ditarse e notificarse no prazo dun mes desde a

presentación da solicitude, sen prexuízo dos supostos de suspensión expresamente contemplados.

- Entenderanse estimadas aquelas solicitudes nas que, constando no expediente a recepción do informe de valoración social con proposta de concesión da prestación, non se ditase resolución expresa no prazo dun mes desde a súa presentación, e interrompido se concorren as causas de suspensión contempladas no propio proxecto.
- Os efectos económicos prodúcense desde o día seguinte ao da data da recepción do informe de valoración social.

En concreto, no ano 2022 tramitáronse ao abeiro deste procedemento 23 expedientes, presentando todos eles a problemática da violencia de xénero.

Artigo 42: Axudas escolares

Polo que se refire ás axudas escolares que dependen da **Subdirección Xeral de Recursos Educativos Complementarios** existe a previsión de gratuidade do pagamento dos prezos públicos e tarifas de comedor escolar no caso de familias vítimas de violencia de xénero.

Polo que se refire ás axudas dependentes da **Subdirección Xeral de Centros**, desenvólvense 3 medidas específicas:

1ª. Medida: Orde do 29 de abril de 2022 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2022/23.

Esta convocatoria, publicada no DOG do 18 de maio de 2022, contempla os supostos derivados de situacións de violencia de xénero no ámbito familiar, recolléndose expresamente (nos artigos 3 e 4), que:

“Artigo 3.3. Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.”

“Artigo 4.3. Non terá a consideración de membro computable: b) O agresor nos casos de violencia de xénero”.

No ano 2022 recibíronse 1.158 solicitudes.

2ª. Medida: Orde do 20 de maio de 2022 pola que se convocan prazas de residencia nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo para realizar estudos postobrigatorios non universitarios no curso 2022/23 (DOG do 06 de xuño).

Na citada convocatoria, e aos efectos de determinar os membros computables da unidade familiar e a súa renda, reflíctese o seguinte:

"Artigo 9. Membros computables da unidade familiar.

3 Non terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

Artigo 10. Determinación da renda da unidade familiar.

5. Nos casos de violencia de xénero quedan excluídos do cómputo os ingresos do agresor."

Ademais, a convocatoria prevé a concesión dunha puntuación de 4 puntos no baremo para os supostos de violencia de xénero (artigo 15).

Presentáronse 3 solicitudes que acreditaron esta circunstancia.

3ª. Medida: No Diario Oficial de Galicia do 08 de xuño de 2022 publicouse a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se convocan prazas de colaboradores bolseiros nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo para o curso académico 2022/23.

Na citada orde recóllese a mesma previsión respecto da composición da unidade familiar e o cálculo da súa renda per cápita, no senso de excluír ao agresor como membro computable así como os seus ingresos.

Non se presentaron solicitudes que acreditasen esta circunstancia.

Dentro do ámbito universitario, no marco competencial da **Secretaría Xeral de Universidades**, publícase o Decreto 121/2022, do 23 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2022/2023. Este decreto, no seu artigo 12.6, establece a exención do pagamento para vítimas de violencia de xénero:

"12.6 Vítimas de violencia de xénero.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de

protección integral contra a violencia de xénero, as persoas que teñan a condición de vítimas de violencia de xénero, así como os seus fillos e fillas e menores de idade suxeitos á súa tutela e garda e custodia, terán dereito á exención do pagamento dos prezos públicos por servizos académicos. En consecuencia, deberán aboar unicamente os prezos da tarifa terceira.

Os menores que estivesen suxeitos á tutela e garda e custodia das mulleres vítimas de violencia de xénero continuarán gozando da exención prevista anteriormente unha vez que acaden a maioría de idade.

A condición de vítima de violencia de xénero acreditarase no momento da formalización da matrícula, mediante calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Para estes efectos, o documento acreditativo da dita condición deberá estar adoptado ou emitido no prazo de 5 anos inmediatamente anteriores á data de formalización da matrícula.

Declarada a exención por este motivo, manterase durante o período ordinario de realización deses estudos.”

Artigo 43: Fondo Galego de Garantía de Indemnizacións

Mediante Resolución do 21 de decembro de 2021, da **Secretaría Xeral da Igualdade** (DOG nº 2 do 4 de xaneiro de 2022) convócanse dúas liñas de axuda: as establecidas no artigo 27 da Lei Orgánica 1/2004 do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (véxase detalle no artigo 40), e as establecidas no artigo 43 da Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Esta segunda liña de axudas ten por obxecto proporcionar axuda económica en forma de indemnización dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero e/ou ás e aos menores ou persoas dependentes delas polos danos e prexuízos ocasionados como consecuencia da situación de violencia.

Trátase de indemnizacións fixadas mediante sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego, no caso de incumprimento, por insolvencia, por parte do obrigado a satisfacelas.

Beneficiarias:

- As mulleres que sufran violencia de xénero.
- As persoas menores de idade que dependan dunha muller que sufra violencia de xénero.
- As persoas maiores de idade que dependan economicamente dunha muller que sufra violencia de xénero.
- As persoas dependentes baixo o coidado dunha muller que sufra violencia de xénero.


Os datos relativos á concesión desta indemnización no ano 2022 son os seguintes:

Provincia	Total solicitudes	Nº resolucións favorables
A Coruña	19	14
Lugo	4	3
Ourense	2	2
Pontevedra	4	1
Total	29	20

Nº de persoas beneficiarias por provincia

Provincia	Nº beneficiarias
A Coruña	14
Lugo	3
Ourense	2
Pontevedra	1
TOTAL	20

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade Xunta de Galicia



Nº de persoas beneficiarias segundo idade e sexo

	Mulleres	Total
Maiores de idade	19	19
Menores de idade	1	1
Total	20	20

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Nº de persoas beneficiarias segundo nacionalidade

Nacionalidade	Nº benef.	%
Españolas	15	75,0%
Estranxeiras	5	25,0%
Total	20	100,00 %

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Nº de fillas e fillos a cargo das beneficiarias por provincia

Provincia	Nº fillas	Nº fillos	Total
A CORUÑA	6	4	10
LUGO	4	0	4
OURENSE	1	0	1
PONTEVEDRA	0	0	0
Total	11	4	15

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Artigos 44 e 45: Dereito de acceso á vivenda e acceso prioritario ás vivendas de promoción pública

As actuacións realizadas polo **Instituto Galego da Vivenda e Solo** da **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda** durante o ano 2022 respecto das vítimas de violencia de xénero son as que seguen:

- **Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero, con financiamento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero**

O 24 de febreiro de 2022, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Instituto Galego da Vivenda e Solo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, asinaron un novo acordo para seguir desenvolvendo medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, destinadas a asegurar a existencia de recursos habitacionais suficientes e dignos para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Por Orde do 11 de abril de 2019 establecéronse as bases reguladoras das subvencións do Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero, con financiamento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (DOG nº 78 do 24 de abril de 2019).

Segundo o artigo 2 das bases reguladoras de ditas subvencións, estas están destinadas a atender as seguintes unidades de convivencia:

- As das mulleres vítimas de violencia de xénero nunha relación de convivencia e de dependencia económica do seu agresor ou, no caso de mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, de dependencia da persoa que mantivese sobre ela unha relación de dominación.

Terán tamén esa consideración as mulleres que padecesen violencia vicaria ou violencia por interpósita persoa, con resultado de morte.

- As das fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, calquera que sexa a natureza da súa filiación, que se encontrasen nunha situación de dependencia económica da nai ou do agresor no momento do falecemento da vítima.

Os requisitos que deben cumprir estas unidades de convivencia para acceder ás axudas son os establecidos no artigo 3 da citada Orde do 11 de abril de 2019.

Mediante Resolución do 2 de maio de 2022, convocáronse para o ano 2022, as subvencións do Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero con financiamento do pacto de Estado contra a violencia de

xénero (DOG nº 90 do 10 de maio de 2022).

Esta resolución ten por obxecto convocar a prórroga ata o 31 de decembro de 2022 das subvencións do Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero para todas as persoas que resultasen beneficiarias deste programa nos anos 2019, 2020 e 2021.

O orzamento total destinado a estas subvencións foi de 320.215€.

Ademais, a través da Resolución do 2 de maio de 2022 aprobouse a concesión directa da axuda complementaria á do Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para vítimas de violencia de xénero (DOG núm. 90, do 10 de maio de 2022), por importe de 539.102,48 euros.

Estas axudas son complementarias ás subvencións concedidas ás persoas beneficiarias do Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero e teñen a finalidade de subvencionar, conxuntamente con estas, o importe mensual da renda do alugueiro da vivenda.

O número de concesións e a contía das subvencións concedidas no ano 2022 son as seguintes:

Convocatoria	Concesións con efectos en 2022	Importe concesións 2022
2ª prórroga 2019	20	69.232 €
1ª prórroga 2020	12	41.186€
2ª prórroga 2020	37	32.800€
1ª prórroga 2021	73	83.675€
Total	142	226.893 €

- **Programa do bono de alugueiro social do Plan RehaVita 2015-2020**

- Subvención:

Mediante Resolución do 28 de decembro de 2021 convócanse, para o ano 2022, con financiamento plurianual, as subvencións do programa do bono de alugueiro social do Plan

RehaVita, Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora do acceso á vivenda 2015-2020 (DOG núm. 250 do 30 de decembro de 2021).

O programa do bono de alugueiro social segue a recoller como un dos colectivos beneficiarios destas axudas o das vítimas de violencia de xénero que teñan dificultades para asumir o custo do alugamento dunha vivenda e que no momento da solicitude se atopen residindo nun recurso de acollida dos integrados na Rede galega de acollemento para este colectivo e adscrito a unha administración pública.

Por outra parte, a Resolución do 28 de decembro de 2021 regula a concesión directa da axuda complementaria á dos programas do bono de alugueiro social. (DOG núm. 250 do 30 de decembro de 2021), así como tamén a Resolución do 2 de maio de 2022, que da mesma maneira tamén regula a concesión directa da axuda complementaria á dos programas do bono de alugueiro social. (DOG núm. 88 do 6 de maio de 2022).

- Prestación:

Mediante a resolución do 1 de xullo do 2022 establecéronse as bases reguladoras das axudas do bono de alugueiro social e se procede á súa convocatoria. (DOG 133, do 13 de xullo de 2022).

O punto quinto do artigo 33 da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, modifica a disposición adicional vixésimo primeira da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, denominada «Axudas do bono de alugueiro social e do bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero outorgadas pola Administración autonómica», establecendo que, para os efectos do previsto na alínea a) do número 2 do artigo 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as axudas do bono de alugueiro social e do bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero outorgadas pola Administración autonómica teñen a consideración de axudas prestacionais de carácter asistencial.

No Boletín Oficial del Estado núm. 16, do 19 de xaneiro de 2022, publicouse o Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o bono alugueiro mocidade e o Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, o cal prevé o programa de axudas ás vítimas de violencia de xénero, persoas obxecto de desafiuzamento da súa vivenda habitual, persoas sen fogar

e outras persoas especialmente vulnerables.

O artigo 41 do citado Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, establece que as comunidades autónomas convocarán procedementos de concesión das axudas mediante convocatorias abertas de forma continuada e permanente, e que se pode acceder á axuda tamén a través do recoñecemento dunha prestación ás persoas que cumpran os requisitos para seren beneficiarias deste programa.

A Comunidade Autónoma de Galicia, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, nunha aposta decidida por facilitar o acceso á vivenda aos colectivos máis vulnerables, aprobou a Resolución do 1 de xullo de 2022 co obxectivo de que poidan acceder a unha vivenda en réxime de alugueiro a través do bono de alugueiro social.

O número de concesións e a contía das subvencións concedidas no ano 2022 a través destas axudas son as seguintes:

Convocatoria	Concesións con efectos no exercicio 2022	Importe concesións 2022
2º prórrogas extra 2018	1	2.500€
2ª prórroga 2019	2	5.965€
1ª prórroga extra 2019	5	13.650€
1ª prórroga 2020	4	17.400€
2ª prórroga 2020	1	3.150€
1ª prórroga 2021	1	2.915€
2022	5	18.525€
Total	19	64.105€

Convocatoria	Concesións con efectos no exercicio 2022	Importe concesións 2022
Concesión inicial	54	303.106,74€
Prórrogas de convocatorias anteriores	19	76.605,24€
Total	73	379.711,98€

- **Adxudicación de vivendas de promoción pública a favor de mulleres vítimas de violencia de xénero.**

No ano 2022 adxudicouse un total de 1 vivenda, en réxime de alugueiro, polo procedemento especial de adxudicación directa das vivendas de promoción pública ao colectivo das mulleres vítimas de violencia de xénero.

Artigo 46: Equipamentos sociais especializados

Desde a **Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, da Consellería de Política Social**, en casos de detección ou denuncia de violencia de xénero contra mulleres maiores e mulleres adultas con discapacidade, materialízase mediante actuacións coordinadas cos diversos axentes implicados (profesionais dos recursos sanitarios, sociais, de seguridade e xudiciais) e a tramitación da solicitude de ingreso preferente en centro residencial por emerxencia social e a adxudicación inmediata do servizo.

O artigo 16, letra b), do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, establece os malos tratos físicos e/ou psíquicos como un dos supostos de estimación dunha emerxencia social.

Así, ao abeiro do citado artigo 16, letra b) do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, durante o ano 2022 tramitáronse 12 emerxencias sociais e a conseguinte adxudicación inmediata do servizo residencial.

Na provincia da Coruña tratáronse 4 expedientes de emerxencia social no eido de mulleres maiores, 1 en Lugo derivada dunha situación de violencia domiciliaria por parte da súa filla e 7 na provincia de Pontevedra (víctima de violencia de xénero).

Por outra banda, os supostos de violencia de xénero establécense como un criterio de valoración na convocatoria de axudas para a posta en marcha de casas do maior, tal como reflicte o artigo 14.1, letra c) da Orde do 26 de xaneiro de 2022 polo que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior, e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva para os anos 2022 e 2023 (DOG, núm. 29 do 11 de febreiro de 2022).

Titulo III: Da organización do sistema de protección e asistencia integral e especializada fronte á violencia de xénero

Neste título faise referencia á organización do sistema de protección e asistencia integral e especializada, mediante a coordinación establecida desde a Rede galega de acollemento, incorporando todos os servizos e programas para a información, atención e recuperación das mulleres.

Artigo 47.-Criterios básicos.

Artigo 48.-Rede galega de acollemento.

Artigo 49.-Creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero.

Artigo 50.-Rede de información ás mulleres.

Artigo 51.-Servizo de Atención 24 horas.

Artigo 52.-Punto de Coordinación das Ordes de Protección.

Artigo 53.-Puntos de encontro familiar.

Artigo 54.-Creación de oficinas de atención ás vítimas dos delitos.

Artigo 55.-Titularidade e xestión dos servizos.

Artigo 56.-Confidencialidade da información.

Artigo 47: Criterios básicos

Dentro dos criterios básicos recollidos no artigo 47 da Lei 11/2007, a Secretaría Xeral da Igualdade garante que na totalidade dos centros, servizos e recursos que conforman a rede de asistencia social integral ás mulleres que sofren violencia de xénero, a intervención se realiza desde una perspectiva de xénero.

- **Servizo de Quenda de garda social para mulleres vítimas de violencia de xénero**

O servizo de quenda de garda social, especializada e permanente, para mulleres que sofren violencia de xénero desenvólvese a través dun Convenio de colaboración entre a Secretaría de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.

Trátase dun servizo de quenda de garda social, especializada e permanente, para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero cuxos obxectivos son os seguintes:

- Facilitar un servizo de apoio integral, onde as mulleres e menores ou maiores dependentes ao seu cargo, reciben atención en crise, apoio social, tratamento e asesoramento social, e posterior derivación e ligazón cos dispositivos especializados.
- Establecer unha intervención individualizada e coordinada coas distintas institucións, que resolva de forma áxil situacións de crises ou necesidades de atención social especializada.
- Facilitar información sobre os recursos e itinerarios de axuda social, económica, asistencial etc., ao dispor das vítimas de violencia de xénero en Galicia.
- Prestar soporte aos centros especializados que estean a intervir coas mulleres vítimas de violencia de xénero para acompañamento e apoio en distintas xestións administrativas ou doutra índole.

Nº de profesionais que integran o quenda de garda: 55.

Nº de accións formativas: 1.

Nº de asistentes á acción formativa: 49.

Nº de materiais informativos elaborados: 1.

- **Acompañamento e asesoramento na xestión dos trámites administrativos así como no apoio socio-educativo que precisen as fillas e fillos orfos das vítimas mortais da violencia de xénero en Galicia**

En 2022 a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, mantivo a colaboración co Colexio Oficial de Xestores Administrativos de Galicia, cos Colexios Oficiais de Graduados Sociais de Galicia, con AGAXEN, (Asociación Galega de Profesionais da Auditoría Sociolaboral de Xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas Organizacións) e co Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (Ceesg), para o acompañamento e asesoramento na xestión dos trámites administrativos así como no apoio socio-educativo que precisen as fillas e fillos orfos das vítimas mortais da violencia de xénero en Galicia.

Este convenio encádrase no marco das medidas 172, 210, 213 e do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

A súa finalidade é o desenvolvemento dun programa integral de apoio aos menores na Comunidade Autónoma de Galicia, para o acompañamento e asesoramento na xestión dos trámites administrativos que precisen as fillas e fillos orfos e menores de 30 anos, das vítimas mortais da violencia de xénero en Galicia, así como ás persoas que asumen a súa patria potestade, garda, custodia ou acollemento permanente (no caso de menores de 18 anos). Ademais, o convenio contempla o apoio socio-educativo para as fillas e fillos menores das vítimas mortais da violencia de xénero en Galicia, sempre que sexa preciso.

O Colexio Oficial de Xestores Administrativos de Galicia e os Colexios Oficiais de Graduados Sociais de Galicia colaboran apoiando a estes menores e ás persoas que asumen a súa custodia, no acompañamento e asesoramento na xestión dos trámites administrativos.

O Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia colabora no apoio socio-educativo para as fillas e fillos menores.

AGAXEN, Asociación Galega de Profesionais da Auditoría Sociolaboral de Xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas Organizacións, actúa como nexo de coordinación en todo o procedemento.

Pola súa parte, a Xunta de Galicia asume todos os custos derivados das accións levadas a cabo, sempre co consentimento expreso por parte dalgunha das persoas que asuman a patria potestade, garda, custodia ou acollemento permanente no caso de orfos/as menores de idade, ou dos propios fillos/as orfos/as no caso de maiores de idade e menores de 30 anos.

Nº de casos con acompañamentos en trámites administrativos: 5.

- **Colaboración coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) para garantir unha atención integral ás mulleres xordas que sofren violencia de xénero**

En 2022 a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade asinou un convenio de colaboración coa FAXPG, para garantir unha atención integral ás mulleres xordas que sofren violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

A Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia vén traballando desde a súa fundación no desenvolvemento en accións que melloren a situación e a calidade de vida das persoas xordas, ante as Administracións e a sociedade en xeral e esixindo, como prioritario, o dereito a expresarse na súa propia lingua, a Lingua de Signos Española, e o acceso á información e a formación a través da mesma e conta cun Servizo de Intérpretes e Guías-Intérpretes de Lingua de Signos e cun Servicio Especializado de Atención a Persoas Xordas, distribuídos en 7 Axencias FAXPG situadas nas principais cidades de Galicia, así como cun servizo de formación.

O obxectivo principal do convenio asinado é contribuír a mellorar a atención ás mulleres xordas e xordo-cegas que sofren violencia de xénero en Galicia, coa posta en marcha dun servizo de intérpretes en lingua de signos desde o momento de presentación da denuncia, así como apoiar a formación das e dos profesionais que traballan neste eido.

As actuacións desenvolvidas ao abeiro deste convenio foron:

- Servizo de intérpretes con atención prioritaria ás mulleres vítimas de violencia de xénero xordas e xordo-cegas.

Neste servizo atendéronse a 4 mulleres coas que se fixeron intervencións como acompañamentos a servizos sociais, a atención psicolóxica ou a dependencias policiais.

- Formación específica dirixida a profesionais de atención especializada a mulleres xordas:

O curso de formación en modalidade e-learning desenvolveuse do 18 de maio ao 1 de xuño de 2022, cunha duración de 15 horas, e cun día de Aula Virtual o 30 de maio de dúas horas de duración. O tema a tratar foi *“violencia de xénero en colectivos vulnerables: menores e mulleres con discapacidade”*.

A formación tivo como obxecto *“identificar as situacións de risco en canto á violencia de xénero en menores e mulleres con discapacidade, coñecer o marco normativo e as obrigacións legais a este respecto e clarificar o procedemento para a atención e a protección das vítimas da violencia machista”*.

Na formación participaron 16 mulleres profesionais desa entidade.

- Formación dirixida a futuros profesionais.

Ao longo destes meses, dende o servizo de atención ás persoas xordas (SAPS), leváronse a cabo unha serie de accións dirixidas á formación e sensibilización dos futuros profesionais que poderán intervir coas mulleres xordas que se atopen en situación ou en risco de padecer violencia de xénero.

Impartíronse 7 charlas polas Traballadoras Sociais e, en colaboración coas Mediadoras Comunicativas, persoas xordas con amplo coñecemento da comunidade xorda e especialistas en lingua de signos, que realizan intervencións de acompañamento e mediación lingüística con mulleres xordas vítimas de violencia de xénero.

As accións foron desenvoltas en ciclos superiores de formación profesional e universidades con titulacións do eido dos servizos sociais e, polo tanto, potenciais profesionais que traballarán neste ámbito, coma pilar fundamental e atención inmediata ás mulleres vítimas.

Nestas charlas participaron un total de 287 persoas.

- Xornadas dirixida a mulleres xordas sobre sensibilización e prevención de situacións de violencia.

Desenvolvéronse dúas charlas presenciais nas cidades da Coruña e de Vigo, levadas a cabo polas psicólogas do servizo de atención ás persoas xordas baixo o título: *“Previr e afrontar prácticas de risco”*. As persoas destinatarias das sesións foron mulleres xordas as cales sofren unha dobre discriminación, por ser muller e persoa con discapacidade.

Nestas charlas participaron un total de 25 persoas.

- Desenvolveuse o Webinar *“Prevención da Violencia de xénero. Experiencia positiva dentro do movemento asociativo”*, impartido pola Agrupación de mulleres xordas “10 de febreiro” de Granada, en modalidade telemática, no que se trataron temas sobre

experiencias positivas dentro do movemento asociativo, prevención da violencia a través da atención social e como, dende o movemento asociativo, se presta o apoio preciso para que as mulleres xordas salgan adiante das situacións nas que se ven envoltas.

Nesta sesión participaron 21 persoas.

- **Programa DEDALEIRA-Unidade QUERELAR: Detección e identificación de situacións contra a liberdade e indemnidade sexual en mulleres con discapacidade**

No ano 2022 a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría xeral da Igualdade, asinou un novo convenio de colaboración coa Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) para o mantemento do servizo Dedaleira, especializado en información e asesoramento afectivo-sexual para ás mulleres con discapacidade e a súa contorna.

A súa finalidade é manter o funcionamento do Servizo DEDALEIRA: servizo especializado de información e asesoramento afectivo-sexual, destinado ás persoas con discapacidade, no que se inclúe asesoramento individualizado, accións de formación grupal, e o acompañamento e a atención a persoas que viviron ou están a vivir situacións de abusos; de atención e promoción da autonomía afectivo-sexual para as persoas con discapacidade e a súa contorna (familiares, amizades, profesionais, institucións...), que inclúe unha unidade específica de detección e identificación de situacións contra a liberdade e a indemnidade sexual: QUERELAR.

Os obxectivos específicos son:

Obxectivo específico 1: Mantemento do servizo de Dedaleira.

Actividades:

- Mantemento e ampliación dun equipo de traballo especializado.
- Revisión e mellora dos protocolos de actuación.
- Divulgación do servizo.
- Prestación do servizo a través da orientación, información e asesoramento de forma presencial, telefónica e online, no que se dea información accesible e

adaptada, se atendan demandas específicas, se busquen solucións a dificultades concretas e do desenvolvemento de intervencións individualizadas e adaptadas ao perfil e ás necesidades de apoio de cada persoa, así como da prestación de apoio psicosocial.

Obxectivo específico 2: Manter a unidade de prevención, detección e intervención en situacións contra as liberdades e indemnidade sexual (Unidade Querelar).

Actividades:

- Valoración dos casos e asesoramento para a toma de decisións
- Atención psicolóxica individual e grupal.
- Asesoramento legal.
- Asesoramento/Intermediación cos axentes xudiciais para axustes de procedementos.

Obxectivo específico 3: Desenvolvemento de formación específica e profesional dirixida a persoas con discapacidade, a súa contorna afectiva, equipos profesionais que traballa no ámbito da discapacidade, centros educativos de educación especial e/ou axentes xudiciais.

Actividades:

- Deseño, execución e avaliación de actividades formativas sobre educación afectivo-sexual, prevención, detección e intervención ante/de situacións violencia e/ou abuso.
- Deseño, execución e avaliación de actividades formativas ante necesidades/situacións específicas.

Obxectivo específico 4: Manter a unidade de abordaxe e intervención ante situación e/ou relación de desigualdade (Unidade Co-Respecto).

Actividades previstas:

- Deseño, execución e avaliación de actividades formativas sobre educación afectivo-sexual, novas formas de relacionarse e solución de conflitos.
- Deseño, execución e avaliación de actividades formativas sobre sensibilización e prevención de situacións de violencia e/ou abuso.

- Deseño, execución e avaliación de actividades formativas ante necesidades/situacións específicas.

Obxectivo específico 5: Mantemento da web específica do servizo.

Obxectivo específico 6: Avaliación do servizos.

Datos de participación nas accións formativas:

	Formacións grupais a persoas usuarias	Formacións grupais a persoal profesional	Formacións grupais a familias	Intervencións individuais e de parellas	TOTAL
ACCIÓN	60	5	1	62	128
MULLERES	58	16	21	7	102
HOMES	88	0	3	6	97
TOTAL PARTICIPANTES	146	16	24	13	199

- **Proxecto: Guía para a prevención da violencia sexual dixital: Recurso para a sensibilización e prevención da violencia sexual dixital nas mulleres e nenas con discapacidade**

A violencia de xénero ten múltiples formas de manifestarse e, co avance das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) así como a importancia que acadou Internet nos nosos días, sendo un contexto vital de socialización, coñecemento, traballo, etc., a violencia dixital e en especial a violencia sexual dixital, consolidouse como unha nova realidade á que lle facer fronte.

Este proxecto foi desenvolvido pola Secretaría Xeral da Igualdade, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, en colaboración coa entidade Asociación de mulleres con discapacidade de Galicia que dirixe parte do seu labor para visibilizar, previr e erradicar os diferentes tipos de violencia contra as mulleres con discapacidade e promover os seus dereitos en todos os ámbitos da sociedade, entre os que é preciso destacar a sexualidade.

Polo tanto, vese como unha prioridade traballar para mudar a situación das mulleres con discapacidade, especialmente cando se trata de violencia.

De aí a necesidade de crear un material específico que permita coñecer a violencia dixital en todas as súas vertentes, en especial a violencia sexual dixital. Este recurso/guía para sensibilización é de aplicación en diferentes etapas da vida, contribuíndo deste xeito a previr, identificar e erradicar este tipo de violencia.

Elaborouse unha guía de violencia dixital vivida por mulleres e nenas con discapacidade, en galego e en castelán.

Difundiuse a guía/caderno didáctico, nunha xornada de presentación en centros de persoas con discapacidade e centros educativos, abarcando as catro provincias galegas, coa finalidade de sensibilizar sobre a violencia sexual dixital tanto dentro do colectivo da discapacidade como dentro do conxunto da mocidade galega. Levouse a cabo unha campaña de difusión nos medios para dar a coñecer e concienciar sobre a violencia sexual dixital, pero tamén para difundir e promocionar o uso e distribución dos materiais creados, ademais de publicitar a xornada levada a cabo en cada centro, destinada á maior cantidade de persoas no conxunto da sociedade galega. Para isto, elaboráronse diversos contidos destinados á difusión do proxecto en distintas plataformas.

Elaborouse unha enquisa online, de carácter anónimo, na cal se medían numerosos aspectos relacionados coas características socio demográficas, a discapacidade, as TIC, a propia violencia sexual dixital, a relación entre a idade e a experiencia coa violencia e a relación, tamén, da idade coa experiencia da denuncia.

Artigo 48: Rede galega de acollemento

A Rede Galega de Acollemento está composta pola Casa de acollida e pisos de transición á vida autónoma da Coruña, a Casa de acollida de Ferrol, os Pisos de acollida de Lugo, a Casa de acollida de Ourense e o Centro de emerxencia de Vigo. No ano 2018 incorporouse a este protocolo unha vivenda para mulleres con enfermidade mental que sofren violencia de xénero en Burela (Lugo), mediante convenio asinado coa Asociación de axuda ao enfermo mental A Mariña e no ano 2020 incorpórase un recurso de curta estancia en Chantada (Lugo) a través dun convenio asinado co Congregación Hermanas Mercedarias de la Caridad.

Os diferentes centros de acollida, que no seu conxunto configuran a rede galega de acollemento, son recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren dun espazo de atención e protección debido a situación de indefensión ou risco debido a situación de violencia de xénero.

As normas e requisitos específicos dos centros establécense regulamentariamente (véxase páxina 287).

- **Rede galega de acollemento: Centros de acollida e vivendas tuteladas**

Ante a situación de indefensión en que se atopan moitas mulleres en situación de violencia de xénero, nalgúns casos con grave perigo para elas e os seus fillos e as súas fillas, a Xunta de Galicia ten articulada unha rede de casas de acollida, cunha conexión entre elas, de tal xeito que as mulleres galegas que o precisen, por atoparse na referida situación de indefensión, teñan un lugar de referencia onde acudir.

En colaboración cos concellos e outras institucións vense prestando, en distintas localidades, este servizo, co obxecto de que dispoñan dun tempo e un espazo no que poidan reorientar a súa situación persoal, facilitándolles as ferramentas elementais, tanto económicas coma psicosociais.

Centros de acollida			
Provincia	Nº centros	Titularidade	Nº de prazas dispoñibles
A Coruña	2	Municipal	28
Lugo	3	Municipal /Entidade	26
Ourense	1	Entidade	10
Pontevedra	1	Municipal /autonómica	20


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Os datos relativos á Rede Galega de Acollemento no ano 2022 son os seguintes:

Nº Total de persoas usuarias


Nº Usuarios	Total
Mulleres soas	82
Mulleres con menores	61
Total	143

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de persoas usuarias	Total
Mulleres	143
Menores	92
Total	235

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de persoas usuarias por provincias


Nº persoas usuarias no ano 2022				
Provincia	Mulleres	Nenas Menores	Nenos Menores	% media ocupación da RGA
A Coruña	52	19	18	62,02 %
Lugo	24	7	6	46,90 %
Ourense	17	7	2	75,86 %
Pontevedra	50	17	16	73,04 %
Total	143	50	42	64,46 %

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Nº de usuarias por nacionalidade

Nacionalidade	Nº	%
Españolas	75	52,45 %
Estranxeiras	68	47,55 %
Total mulleres	143	100,00 %


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de usuarias por idade

Idade das mulleres	Nº	%
18-25	21	14,69 %
26-35	48	33,57 %
36-45	42	29,37 %
46-54	24	16,78 %
55-64	5	3,50 %
Máis de 65	3	2,10 %


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de usuarias segundo vínculo co agresor:

Vínculo co agresor	Nº
Cónxuxe ou excónxuxe	30
Parella ou exparella	101
Outro vínculo	12
Total mulleres usuarias	143

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Tempo medio de estancia na Rede Galega de Acollemento

Estancia no centro	Nº
Ingresos provisorios	18
11-30 días	12
31-45 días	12
46-60 días	12
61-75 días	6
76-90 días	9
91-180 días	31
Máis de 180 días	7

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- **Rede galega de acollemento: Centro de Emerxencia para mulleres vítimas da violencia de xénero (CEMVI)**

O **Centro de Emerxencia de Vigo para mulleres vítimas da violencia de xénero** é xestionado de maneira integral polo **Consortio Galego Servizos de Igualdade e Benestar** (adscrito á Consellería de Política Social), e coa colaboración da **Secretaría Xeral da Igualdade**. Ten como finalidade proporcionar aloxamento inmediato e de curta estancia ás

mulleres e ás persoas delas dependentes, que se atopen inmersas nunha situación de malos tratos e garantirlles un acollemento de emerxencia mentres se valora a súa situación e/ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis axeitado.

- **Atención continuada e estancia máxima**

O Centro de Emerxencia garante unha atención continuada ás usuarias todos os días do ano, incluídos sábados, domingos e festivos.

A estancia no CEMVI divídese nun período de ingreso provisional, de ata 10 días, e o período definitivo que é dun mes prorrogable, en función do cumprimento de obxectivos. A estancia máxima é de tres meses, agás situacións especiais a valorar de maneira individualizada.

Outra prestación que o centro continua ofrecendo para mellorar a atención ás mulleres e vítimas de violencia de xénero inmigrantes, é o servizo de teletradución, que ofrece sen custo a Secretaría Xeral da Igualdade, e facilita a comunicación en 51 idiomas.

Por outra banda desde o CEMVI séguese atendendo o teléfono 24 horas de atención á muller do Concello de Vigo. Durante o ano 2022 atendéronse un total de 350 chamadas.

- **Equipo do CEMVI**

Durante o ano 2022 o CEMVI tivo a seguinte composición: 3 persoas de servizos xerais, 3 educadoras sociais, 1 psicóloga, 1 avogada, 1 traballadora social e directora do CEMVI.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar segue a establecer a posibilidade de dispor de xerocultoras e outro persoal especializado no caso de ingresos de persoas con discapacidade que precisen de axuda ou terceira persoa.

Tamén se mantivo o servizo de atención a menores para aquelas situacións nas que se valorase esta necesidade.

- **Ingreso**

Admítese no centro de emerxencia ás mulleres maiores de idade, vítimas de malos tratos físicos, psíquicos, económicos ou sexuais e ás persoas delas dependentes que requiran un aloxamento inmediato e urxente ou carezan de recursos propios para afrontar a situación.

Condicións especiais de acceso:

As mulleres con problemas de drogadicción e/ou alcoholismo só poden ingresar, logo da correspondente valoración, se están nun programa de deshabitación con seguimento terapéutico ou médico, debidamente acreditado por un informe do seu médico/a ou terapeuta. En ningún caso se permite a estancia no centro se existe un consumo activo de substancias e/ou alcohol.

- **Intervencións**

- Intervención social: inclúe o coñecemento da realidade familiar e o entorno social que influirá na intervención que se leve a cabo, asesoramento laboral para a procura de emprego ou mellora da súa formación, información sobre prestacións económicas, de vivenda, recursos da comunidade, asociacións de mulleres, coordinación con outros servizos e recursos para completar o diagnóstico e a intervención e realización de informes sociais.

Establécese un plan de intervención individualizado e coordinado coas distintas profesionais do centro, que resolva de forma áxil situacións de crise ou necesidades de atención especializada.

Os eidos de actuación non variaron con respecto ao ano pasado, polo que simplemente pasamos a enumerar ditos eitos: prestacións económicas, estranxeiría, escolarización dos/as nenos/as, prazas en escolas infantís, ámbito sanitario, ámbito formativo-laboral e vivenda.

- Intervención psicolóxica: dirixida a realizar a avaliación psicolóxica de cada usuaria, especificamente unha avaliación do risco (situación de maltrato e posible sintomatoloxía) para a valoración de ingreso de cada núcleo familiar.

Ademais da intervención individual desenvólvese un obradoiro grupal denominado “*Bolboreta*”, cuxos obxectivos xerais son: visibilizar a violencia sufrida por parte das mulleres, maltratadas e aliviar así, a súa culpa e confusión; e favorecer a toma de conciencia e o desenvolvemento persoal como muller. E tamén un proxecto psicoeducativo cos e coas menores adaptado ás idades dos/as menores.

- Intervención educativa: a finalidade é facilitar e apoiar ás mulleres e aos seus fillos e fillas no seu proceso de autonomía e independencia potenciando os seus recursos e

habilidades persoais.

Cada muller ten unha educadora de referencia que é a encargada de reforzar e apoiar as necesidades desa muller.

Existe igualmente unha educadora para as fillas e fillos das mulleres, que traballa todo aquilo que afecta á relación materno-filial, así como ao crecemento da/do menor.

- **Programas educativos con mulleres e menores**

- Escola de nais: co obxectivo de favorecer a reconstrución da relación nai e fillos/as, deteriorada pola situación de violencia e maltrato vivido na familia e pola falta de habilidades nalgúns casos.
- Programa emprego: para apoiar a procura de emprego e/ou formación para o acceso ao mesmo e facilitar habilidades para a mesma.
- Programa lúdico-cultural: para que as mulleres e os seus fillos e fillas aprendan a ter e desfrutar, as educadoras están a programar saídas lúdico-culturais, pola cidade.
- Programa Faladoiro, de resolución de conflitos.
- Programa Cativadas: programa psicoeducativo para menores.
- Intervención xurídica: A avogada do CEMVI asesora ás mulleres sobre a súa situación e dereitos. Serve de enlace cos e coas diferentes profesionais do ámbito xurídico que as atenden e leva a cabo diversas xestións de cara a normalizar a situación legal das mulleres do CEMVI.

- **Programas de voluntariado**

En determinados casos, ben por falta de coñecemento da cidade da propia muller, ou simple compañía, é necesario que nalgunhas saídas das mulleres do CEMVI vaian acompañadas. A maior parte das ocasións chámanse ás voluntarias da Asociación Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos. Tamén contamos con voluntariado a través doutras entidades como Diversidades e o Concello de Vigo para ofrecer ás mulleres e persoas dependentes delas, servizos como o de alfabetización e reforzo escolar.

- **Coordinación con outras entidades**

No CEMVI, durante o ano 2022, tiveron lugar reunións de coordinación con diferentes administracións e entidades de iniciativa social. O obxectivo é mellorar a atención e intervención que se leva a cabo coas mulleres vítimas de violencia de xénero.

A directora do CEMVI, segue acudindo ás Mesas de Violencia convocadas polos concellos da provincia para dar a coñecer o servizo e funcionamento do Centro de Emerxencia e coordinar a atención ás vítimas de violencia de xénero. Tamén segue a representar ao CEMVI, en tódolos actos de carácter institucional aos que se lle convocan.

- **Convenios asinados**

Grazas ao financiamento con Fondos do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero durante o ano 2022, continuamos cos seguintes proxectos:

1) Asesoramento xurídico: As mulleres que acoden ao CEMVI, teñen múltiples conflitos derivados da propia situación de violencia que sofren e que non só se circunscriben ao ámbito penal, ou de dereito de familia, senón que moitas teñen problemas civís, por falta de pagamentos de débedas, desafiuzamentos, problemas no ámbito laboral, como despedimentos, ou situacións doutra índole que hai que tratar de forma áxil para darlle unha solución. Tamén se realizaron acompañamentos aos xulgados en casos concretos. O programa de asesoramento xurídico prestou a orientación, o apoio profesional e o asesoramento legal en todos os trámites para garantir unha protección integral dos dereitos das mulleres en situación de violencia de xénero, así como das persoas que as acompañan.

2) Acompañamentos: Cando as mulleres en situación de violencia de xénero ingresan no CEMVI, en ocasións, interpoñen denuncia, posteriormente, son citadas ao día seguinte nos xulgados para a celebración do xuízo e teñen que recoller os seus aveños no domicilio do que saíron, etc. Ademais, cando se van do CEMVI, tamén necesitan axuda para a mudanza, ás veces non coñecen a contorna para trámites, xestións e, en todos estes casos, é fundamental o acompañamento que se fixo a través da posta en

marcha do convenio de colaboración asinado coa asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos.

3) Atención a menores: A maioría das mulleres que ingresan no CEMVI acompañadas de menores, necesitan nalgún momento, atención para os seus fillos e fillas que lles permita levar a cabo os trámites necesarios para normalizar a súa situación (citas médicas, asistencia a xuízos, denuncias, acceso a formación, etc.) e/ou desempeñar o seu traballo. Grazas ao convenio de colaboración asinado coa asociación Mulleres Progresistas prestouse atención a menores para cubrir as necesidades das mulleres que ingresaron no CEMVI e que na maioría dos casos, non dispoñen de apoios que lles permitan conciliar a súa vida persoal e familiar. As necesidades de atención a menores derivadas das situacións que xurdiron ás mulleres, foron cubertas en función da demanda concreta por parte do persoal da asociación Mulleres Progresistas.

- **Sensibilización**

O día 25 de novembro, día internacional contra a violencia de xénero, realizamos coas mulleres que residían no CEMVI, unha actividade cun resultado moi satisfactorio tanto para as mulleres que se implicaron en visibilizar unha problemática que viven e que non deben agochar como para as profesionais que traballamos con elas que nos ensinan cada día a súa fortaleza para saír adiante.


- **Novos programas: Navegación terapéutica**

Durante os meses de abril, maio, xuño e setembro de 2022 as persoas usuarias do CEMVI puideron gozar grazas á colaboración da Secretaría Xeral da Igualdade e Monte Real Club de Yates Baiona de clases de vela cun dobre obxectivo, por unha banda dar a coñecer este deporte de navegación e por outra, contar cun espazo de ocio terapéutico e diversión fóra da súa rutina diaria. Esta actividade tivo unha gran acollida e seguimento por parte de mulleres e menores.

- **Datos de ocupación do CEMVI no 2022:**

Datos de Ocupación	
Mulleres	50
Nenas menores	17
Nenos menores	16
Total	83

Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo




Porcentaxe media de ocupación do CEMVI no ano 2022

73,04%

Novos ingresos do CEMVI no 2022:

Datos de Ingresos	
Mulleres	46
Nenas menores	15
Nenos menores	16
Total	77

Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo




Datos das mulleres que ingresaron no CEMVI no ano 2022:

Procedencia das usuarias:

Procedencia das usuarias	%
Vigo	63,04%
Provincia de Pontevedra	13,04%
Provincia da Coruña	6,52%
Provincia de Lugo	2,17%
Provincia de Ourense	15,23 %
Resto de España	0 %
Outros países	0 %
Total	100,00 %


Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo



Usuarias segundo nacionalidade:

Nacionalidade	%
Española	60,87 %
Comunitarias	2,17%
Outros países europeos	6,52 %
Continente africano	4,35%
Continente americano	26,09%
Continente asiático	0%
Total	100 %


Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo



Mulleres e persoas dependentes

Situación	%
Soas	63,04 %
Con menores	36,96 %
Total	100,00 %


Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo



Derivacións de ingresos

Organismo derivante	% derivacións
CIM	52,17 %
Servizos Sociais	4,35%
Forzas e Corpos de Seguridade	25,86%
Xulgados	2,17%
Centros sanitarios	2,17 %
Asociacións	11,11 %
Centro recuperación integral	0 %
Centros de acollida	2,17 %
Total	100,00 %


Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo



Idades das mulleres usuarias do CEMVI

Idade	%
18-20	2,17 %
21-25	4,35 %
26-30	2,17%
31-35	19,57 %
36-40	16,31 %
41-45	27,18 %
46-50	13,04 %
51-55	8,69 %
56-60	4,35 %
61-70	0 %
>70	2,17%
Total	100 %


Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo



Relación cos agresores

Relación	%
Cónxuxe	17,40 %
Parella con convivencia	65,22 %
Mozo sen convivencia	0 %
Familia (homes)	2,17 %
Explotación sexual/ trata	4,35 %
Exparella	0 %
Excónxuxe	8,69 %
Outros agresores	0 %
Parella de feito	2,17%
Total	100 %

Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo



Ordes de protección:

Orde de protección	Porcentaxe
Con orde de protección	52,17 %
O.P. Denegada	21,74 %
Sen denuncia ou non solicitada a O.P.	17,39 %
Sen resolución	8,70 %
TOTAL	100 %


Durante o ano 2022, 8 mulleres conseguiron emprego durante a súa estancia no CEMVI.

Durante o ano 2022 ingresaron no CEMVI 7 mulleres con diversidade funcional.

Promedio de estancia no CEMVI

Días de estancia	Porcentaxe
1-10 días	22,36 %
11-30 días	19,74 %
31-60 días	38,16 %
61-90 días	15,79%
> 90 días	3,95 %
Total	100,00 %

Fonte: Centro de Emerxencia de Vigo



- **Rede galega de acollemento: Vivendas de seguridade para mulleres vítimas de explotación sexual e trata**


No ano 2022 a Secretaría Xeral da Igualdade asinou tres convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de dispositivos destinados á atención integral a mulleres vítimas de explotación sexual e trata no que se lles presta acollida, axuda e asistencia directa.

A vulnerabilidade das mulleres vítimas de explotación sexual (situación de persoas explotadas, estigmatización e rexeitamento social que soportan, dificultades do idioma, medo, situación de inmigración ilegal) ponse especialmente de manifesto cando as mulleres deciden rachar coa situación de explotación na que se atopan; por iso desde a Secretaría Xeral da Igualdade considérase prioritario fomentar toda actividade desenvolvida ao respecto e colaborar con aquelas entidades, como é o caso, que contan con centros e persoal propio para prestar un servizo integral, de atención, apoio, acollida e de recuperación.

Nº total de persoas usuarias


Persoas usuarias		
Mulleres	Menores	
	Nenas	Nenos
24	0	4

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nacionalidade	Nº de mulleres	Nº de menores		Total
		Nenas	Nenos	
Brasil	4			4
Colombia	9			9
Guatemala	1			1
España	1			1
Nixeria	1			1
Paraguai	1		1	2
Perú	1			1
Portugal	1			1
República Dominicana	1		2	3
Venezuela	4		1	5
Total	24	0	4	28


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de usuarias por intervalos de idade

Intervalos de idade	
Menor de 25	0
Entre 25 e 54	22
Máis de 54	2
Total	24

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



- **Rede galega de acollemento: vivenda tutelada especializada para mulleres con enfermidade mental vítimas da violencia de xénero**

No ano 2022 a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade mantivo a colaboración coa Asociación de axuda ao enfermo mental “A Mariña”, de Burela, para o mantemento dunha vivenda tutelada especializada para a acollida de mulleres con enfermidade mental vítimas de violencia de xénero.

A vivenda conta con 4 prazas e presta unha atención integral ás mulleres con enfermidade mental que padecen violencia de xénero, proporcionando apoio, aloxamento, manutención ás mulleres e aos seus fillos e fillas.

Algúns dos programas de intervención establecidos son:

- Programa benvida: contempla a acollida, valoración e instalación de cada usuaria na vivenda, así como as xestións que garantan a atención das súas necesidades inmediatas, así como das súas fillas e fillos, de ser o caso.
- Programa de atención integral: este programa ten en conta as circunstancias de partida de cada usuaria para adaptar a intervención ás súas necesidades, tendo en conta tres áreas fundamentais: área psicolóxica, área social e área laboral.


Datos das persoas usuarias desta vivenda en 2022:

N.º usuarias	Total
Mulleres soas	4
Mulleres con menores	1
Total mulleres	5

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

N.º de persoas usuarias no ano 2022		
Mulleres	Nenas menores	Nenos menores
5	1	0

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




Nacionalidade	Nº	%
Españolas	3	60%
Estranxeiras	2	40%
Total mulleres	5	100,00 %

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Idade das mulleres	Nº	%
18-25	0	0,00%
26-35	1	20,00%
36-45	3	60,00%
46-54	1	20,00%
55-64	0	0,00%
Máis de 65	0	0,00%
Total mulleres usuarias	5	100,00 %

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Vínculo co agresor	Nº
Cónxuxe ou excónxuxe	0
Parella ou exparella	5
Outro vínculo	0
Total mulleres usuarias	5

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- **Outros recursos de acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero**

Ademais, **Galicia está adherida ao Protocolo Nacional de derivación** entre as Comunidades Autónomas para a coordinación das súas redes de centros de acollida para as mulleres vítimas da violencia de xénero e dos seus fillos e fillas (véxase páxina 333).

Tramitáronse 7 solicitudes de derivación entre Comunidades Autónomas.

CC.AA. DE ORIXE	MULLERES	MENORES	CC.AA. DESTINO	RESULTADO/ CENTRO DE ACOLLIDA
MADRID	1	2	GALICIA	ACEPTADA / OURENSE
ANDALUCÍA	1	0	GALICIA	ACEPTADA / CHANTADA
CANARIAS	1	0	GALICIA	ACEPTADA / OURENSE
LA RIOJA	1	0	GALICIA	ACEPTADA / A CORUÑA
GALICIA	1	0	PAIS VASCO	ACEPTADA / VICTORIA
FERROL	1	2	PAIS VASCO	DENEGADA
FERROL	1	2	CANTABRIA	ACEPTADA / SANTANDER

Artigo 49: Creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren Violencia de Xénero

O Decreto 1/2014, do 9 de xaneiro, polo que se regula a creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero (modificado polo Decreto 130/2016, do 15 de setembro e polo Decreto 82/2017, do 28 de xullo), configura o Centro coma unha unidade adscrita á Secretaría Xeral da Igualdade con competencias en materia de atención integral ás vítimas de violencia de xénero e ás persoas delas dependentes, especialmente as súas fillas e fillos menores. O mesmo decreto establece a súa sede en Santiago de Compostela.

O Decreto 130/2016, de 15 de setembro de Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que establece os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, modificou a través da súa disposición final primeira o Decreto 1/2014, de 9 de xaneiro, no seu artigo 2, apartado 1 e 2, así como no seu artigo 8, apartado primeiro, no sentido de facer visible a atención que xa se estaba a prestar ás fillas e fillos menores, tamén considerados vítimas da violencia de xénero; e ao mesmo tempo permite que a derivación ao CRI poida realizarse por parte de entidades que acrediten colaboración estable coa Secretaría Xeral de Igualdade.

Finalidade do CRI

A finalidade do CRI é desenvolver un modelo de atención integral para as mulleres vítimas de violencia de xénero, baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico, que permita evitar duplicidades e racionalizar a xestión.

Actuará ademais como centro de referencia e coordinador da Rede Galega de Acollemento (RGA); como centro colaborador nas derivacións de vítimas de violencia de xénero fóra de Galicia e receptor das que cheguen á nosa comunidade derivadas desde outras partes do Estado; como centro de formación na loita contra a violencia de xénero, tanto para profesionais, fundamentalmente dos centros de información á muller e dos servizos sociais, como para o voluntariado e cidadanía en xeral.

Persoal do CRI

O Centro está integrado por un equipo multidisciplinar e especializado que actuará baixo a dependencia da directora do Centro, que será persoal funcionario de carreira, encadrado no ámbito de aplicación do artigo 2.1 do Estatuto básico do empregado público e terá a consideración de xefatura de servizo con nivel 28A. O equipo do CRI estará composto por:

- Unha directora
- Unha psicóloga.
- Un posto base subgrupo A1
- Unha terapeuta ocupacional.
- Unha traballadora social.
- Unha titulada de grado medio.
- Unha subalterna

O Centro de Recuperación Integral está en funcionamento durante todo o tempo preciso para cubrir as necesidades da muller e das súas fillas e fillos; cunha flexibilidade máxima para atender á conciliación da vida laboral, persoal e familiar das persoas usuarias, en calquera día da semana, traballando tanto tardes como sábados ou domingos, se é necesario para as mulleres.

Persoas usuarias

Poden ser usuarias do Centro as mulleres vítimas de violencia de xénero que acrediten a

situación de violencia de xénero a través de:

- a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuña ou copia autenticada pola secretaria ou polo secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- c) Certificación e/ou informe de servizos sociais e/ou sanitario da Administración pública autonómica ou local.
- d) Certificación dos servizos de acollida da Administración pública, autonómica ou local.
- e) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- f) Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
- g) Calquera outra que se estableza regulamentariamente.

Tamén poderán ser usuarias as persoas dependentes ou ao cargo destas mulleres, facendo unha especial mención as súas fillas e fillos.


O acceso ao Centro de Recuperación Integral realizarase mediante procedementos protocolizados de derivación a través de:

- a) Centros que compoñen a Rede galega de información ás mulleres.
- b) Centros da Rede galega de acollemento.
- c) Servizos sociais comunitarios e especializados da nosa comunidade autónoma.
- d) Centros de servizos sociais das diferentes comunidades autónomas.
- e) Outros centros ou entidades que acrediten colaboración estable no ámbito da igualdade e a erradicación da violencia de xénero co órgano competente en materia de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) O acceso poderá producirse, con carácter excepcional, por petición da muller vítima de violencia de xénero ou das súas fillas e fillos.

No ano 2022 tiveron lugar 11 derivacións de unidades familiares ao CRI:

Casos derivados	
Mulleres soas	3
Mulleres acompañadas de fillas/os ou doutros membros da unidade familiar	8
Total	11


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Derivacións por provincias:

Casos derivados por provincias	
A Coruña	10
Lugo	1
Ourense	0
Pontevedra	0
Total	11

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Derivacións por Entidades derivantes:

Entidades derivantes	
Rede galega de información ás mulleres	3
Servizos sociais comunitarios e especializados	0
Rede galega de acollemento	0
Servizos sociais de outras comunidades autónomas	0
Solicitud directa da persoa usuaria	5
Xulgado de Galicia	3
Total	11

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Derivacións segundo os membros da unidade familiar:


Derivacións con ou sen máis membros da unidade familiar	
Con máis membros	8
Só a muller	3
Total	11

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

O nº de persoas usuarias do Centro de Recuperación Integral no ano 2022 foi de 131 persoas.

Persoas usuarias 2022	
Mulleres	62
Fillas das mulleres	34
Fillos das mulleres	33
Mulleres dependentes	1
Homes dependentes	1
Total	131


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nacionalidade das mulleres usuarias do Centro de Recuperación Integral

Nacionalidade das mulleres usuarias	
Española	57
Estranxeiras	5
Total	62


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Desglose por provincias segundo unidades familiares atendidas no CRI:

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Unidades familiares	49	5	1	8

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Intervención: Área de traballo individualizado

O Centro de Recuperación Integral está en funcionamento durante todo o tempo preciso para cubrir as necesidades da muller e das súas fillas e fillos; cunha flexibilidade máxima para atender á conciliación da vida laboral, persoal e familiar das persoas usuarias, en calquera día da semana, traballando tanto tardes como sábados ou domingos, se é necesario para as mulleres.

Para levar a cabo o traballo con cada usuaria desde unha perspectiva dinámica, deséñase para cada unha delas o Plan de Atención Individualizada (PAI) que serve de guía durante toda a intervención, resitúa a muller e profesionais durante todo o proceso de intervención, permitindo non perder de vista os obxectivos consensuados coa muller e/ou co ou coa menor.

Existe unha aplicación informática na que se recolle toda a información sobre a problemática concreta de violencia de xénero.

A continuación enuméranse distintas áreas que son abordadas desde o Centro de Recuperación integral no traballo coas mulleres usuarias do recurso:

ÁREA DE XÉNERO:

É fundamental coñecer o que é a desigualdade, para poder desculpabilizar ás persoas que a sofren; e identificar a violencia de xénero como o aspecto máis grave da desigualdade. Esta área trabállase de maneira transversal co afán de que a muller entenda que a desigualdade procede dun contexto sociocultural onde a preeminencia do home sobre a muller segue presente; entenda o que é a violencia de xénero, as características da mesma, as súas consecuencias e as reaccións normais fronte a esas situacións, para que poida entender o que viviu e como superalo e recoñeza os machismos e micromachismos presentes na sociedade.

ÁREA TERAPÉUTICA:

A liña terapéutica engloba dous aspectos determinantes, o emocional e o competencial, e así:

-Dentro do eido emocional trabállase, tanto de maneira individual como especialmente grupal, tódolos apartados que permitan que unha muller manexe as súas emocións, as recoñeza e poida traballar con elas, intentado acadar os obxectivos de facilitar a súa recuperación emocional, cunha mellora do seu autoconcepto e autoestima e fomentar a independencia emocional da muller, incidindo nas súas relacións de parella.

-Dentro do eido competencial, é de destacar a necesidade de desenvolver ou restaurar habilidades para participar nas ocupacións da vida diaria dunha maneira competente, saudable e satisfactoria, tanto na figura da muller (sobrevivente da violencia de xénero) como da súa familia, tomando como alicerce o empoderamento e a participación nunha

vida saudable, ata acadar unha verdadeira autonomía persoal, e unha real ocupación das actividades da vida diaria. Os obxectivos son identificar, traballar e potenciar aquelas habilidades físicas, cognitivas ou psicosociais necesarias para a realización das actividades básicas da vida diaria; adquirir hábitos e rutinas diarias e conseguir que o ocio e a participación social formen parte da vida da muller.

ÁREA PSICOEDUCATIVA:

Esta liña pretende que a muller cambie o seu papel de vítima a sobrevivente, pasando da pasividade á actividade, a ser axente de cambio de seu.

Para isto será necesario adquirir e adestrar as habilidades de relación interpersoal que faciliten unha relación adaptativa co entorno social e a mellora da calidade de vida; establecer e manter relacións interpersoais gratificantes e potenciar os recursos persoais facilitadores do cambio.

ÁREA LABORAL:

Nesta liña trabállase desde o comezo tendo en conta o punto de partida da muller, tanto no eido formativo laboral, apoiando o proceso de formación da muller, tanto regrada como ocupacional, incrementando coñecemento das TICs entre as mulleres reforzando as súas habilidades, coñecementos e acceso ás tecnoloxías da información e facilitar a elaboración de itinerarios de formación personalizados; como no eido socio laboral, analizando as posibilidades reais de traballo, fomentando a busca activa de emprego.

ÁREA DE SEGURIDADE:

Neste apartado traballarase a súa seguridade física, realizando coa muller, e en coordinación co profesional de referencia en seguridade (policía custodio), o plan de protección individualizado; e a súa seguridade virtual, co afán de que a muller coñeza os perigos do uso indiscriminado das redes sociais.

ÁREA DE REDES DE APOIO:

Para refacer a vida dunha persoa que sufriu violencia de xénero, é moi importante poder contar con redes de apoio. A propia violencia remata coas existentes, xa que o que pretende o agresor é illar á muller, e o primeiro é acabar cos lazos de unión ou pertenza a unha colectividade. Por iso trabállase coa familia e co voluntariado.

ÁREA XURÍDICO-SOCIAL:

Desde esta área analízase a situación xurídica da muller, levando a cabo unha coordinación co/a asesor/a xurídica do centro que deriva, así como co letrado ou letrada que exerce a súa representación.

ÁREA MATERNO-FILIAL:

Nesta área analízase a relación materno-filial, e as consecuencias da violencia de xénero que afectan a propia estabilidade da relación. Trabállase no sentido de dotar as mulleres sobreviventes dos coñecementos e as ferramentas necesarias para o fomento das súas capacidades como nais e para establecer formas de relación positiva coas súas fillas e cos seus fillos.

O traballo individualizado tamén se realiza con menores, con independencia da que se realice para mellorar relación materno filial. Así as áreas de actuación para cadanseu son:

ÁREA DE XÉNERO:

Nesta liña traballárase cos/as menores o fenómeno da desigualdade na sociedade, identificando situacións de desigualdade nas súas vidas, fomentando a aplicación de conceptos que insiran igualdade e identificando situacións de violencia de xénero, tanto propias como alleas, e as consecuencias que a dita violencia ten nas súas vidas.

ÁREA TERAPÉUTICA:

A liña terapéutica engloba dous aspectos determinantes, o emocional e o competencial e así trabállase a autoestima e a responsabilidade persoal, intentando dotar á menor ou menor de estratexias para responder axeitadamente a situacións emocionalmente intensas, e para recoñecer e expresar as emocións da maneira axeitada e eficaz. Igualmente, desde o eido competencial estímúlanse as súas competencias para ter unha vida independente, dentro de cada tramo de idade, potenciando o desenvolvemento das competencias sociais, para ampliar e adecuar o repertorio dos comportamentos da ou do menor nas situacións de relación entre iguais, así como para facilitar o mantemento das relación sociais satisfactorias.

ÁREA PSICOEDUCATIVA:

Nesta liña pretende que as e os menores aprendan ou retomen habilidades e coñecementos que lles axuden a construír un mundo de seu, mais igualitario e pacífico, intentando capacitar as e aos menores para o manexo das diferentes situacións sociais e as emocións que xeran. Igualmente, traballando o coñecemento das relacións afectivo-sexuais, a resolución de conflitos de xeito satisfactorio, o aumento de condutas asertivas.

ÁREA FORMATIVA-OCUPACIONAL:

En función das características de cada menor, afondase no apoio á educación regrada, ou establecece a necesidade dunha formación ocupacional.

ÁREA DE SEGURIDADE:

Trabállase fomentando o recoñecemento de situacións de perigo por parte da/o menor; e fomentando o uso seguro, responsable e saudable de internet e, especialmente, das redes sociais.

Centro de referencia e coordinador da Rede Galega de Acollemento

O CRI actúa como centro de referencia e coordinador das entidades derivantes á Rede Galega de Acollemento.

Son entidades derivantes á Rede Galega de Acollemento:

- Os Centros de Información á Muller acreditados pola Xunta de Galicia
- Os servizos sociais comunitarios e servizos sociais especializados de Galicia
- Os centros adscritos ao Servizo Galego de Saúde (hospitais, centros de saúde)
- Os Xulgados radicados en Galicia que acreditaron a situación de violencia de xénero
- As Forzas e Corpos de Seguridade do Estado radicados en Galicia
- A Policía Autonómica e Policía Local de Galicia
- Entidades ou asociacións que teñan subscritos convenios de colaboración en materia de tratamento da violencia de xénero coa Xunta de Galicia ou que acrediten colaboración estable no ámbito da igualdade e a erradicación da violencia de xénero coa Secretaría Xeral da igualdade.

- Entidades ou asociacións que teñan subscritos convenios de colaboración en materia de tratamento da violencia de xénero coa entidade municipal titular do recurso de acollida ou que acrediten colaboración estable no ámbito da igualdade e a erradicación da violencia de xénero coa dita entidade.
- Organismos con competencia en atención e acollida a mulleres en situación de violencia de xénero doutras Comunidades Autónomas, Cidades Autónomas ou organismos con competencia en materia de igualdade doutros países.

No ano 2022 realizouse a derivación de 94 mulleres e 54 menores a centros de acollida da Rede Galega de Acollemento, 3 destas mulleres foi derivada entre os propios centros da RGA. Os centros da RGA atenderon as seguintes derivacións dos seguintes grupos familiares:

- 27 derivacións ao Centro de emerxencias de Vigo.
- 9 derivacións ó Centro de acollida de Ourense.
- 17 derivacións á Casa de acollida municipal da Coruña
- 18 derivacións á Casa de acollida municipal de Ferrol.
- 2 derivación ás vivendas tuteladas do Concello de Lugo
- 3 derivacións á vivenda tutelada de Burela.
- 18 derivacións ao centro de acollida de Chantada.

Actuacións fora do CRI

Ó longo do ano 2022 o persoal do CRI, realizou diversas actuacións de sensibilización fronte á violencia de xénero fora das instalacións do Centro de Recuperación Integral:

- Charlas informativas sobre as consecuencias da violencia de xénero nas mulleres, nos nenos e nas nenas e pauta para a súa abordaxe, ofertadas dentro do Programa *“Por 365 días de respecto e Igualdade: prevención da violencia de xénero no ámbito educativo”* que desenvolve a Secretaría Xeral da igualdade ao abeiro do Plan proxecta, co obxecto de proporcionar ao alumnado formación e ferramentas que lles permitan coñecer e recoñecer a violencia contra as mulleres e actuar na súa prevención e no coñecemento da construción social das súas identidades sexuais e asignación de roles, o que lles permitirá poder eliminar estereotipos sexistas. Estas charlas tamén foron ofertadas ás entidades locais galegas adheridas á Rede Galega de Entidades

Locais contra a Violencia de Xénero, pola Secretaría Xeral da Igualdade, ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa FEGAMP, así como a outros concellos e centros educativos que solicitaron a colaboración da Secretaría Xeral da Igualdade para o desenvolvemento de actuacións de sensibilización e prevención da violencia de xénero. O persoal do CRI impartiu estas charlas baixo o título de **"A violencia machista nas relacións de parella na mocidade"** nun total de 32 concellos.

- O Clube Praia de Pantín organiza un evento internacional encadrado dentro da rede Mundial de eventos da World Surf League, que se celebra na Comunidade Autónoma Galega. Integradas neste evento o Clube, no marco do ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO 2022 do que é organizador, desenvolve medidas contra a violencia de xénero, en concreto campañas de prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero. O número de mulleres e menores que participaron na actividade foi de 75 persoas, sendo a provincia da Coruña a que tivo maior participación por proximidade ao lugar de celebración e por tanto con menos tempo de desprazamento, a distribución por provincias foi do seguinte xeito:

Provincia	Mulleres	Menores
A Coruña	23	21
Lugo	5	8
Ourense	5	2
Pontevedra	4	7
Total	37	38

- Durante o ano 2022 desenvolveuse unha actividade de navegación terapéutica no Real Club de Yates de Baiona baixo o título "Vela contra a Violencia de Xénero", a actividade ten como obxectivo diminuír o estado de ansiedade das participantes, desenvolver as súas capacidades persoais, sociais e emocionais, fortalecer a autoestima e mellorar a súa saúde física e emocional. Nesta actividade participaron 22 mulleres e 25 menores usuarias do CRI ou do Centro de Emerxencias de Vigo (CEMVI).

Artigo 50: Rede de información ás mulleres

A Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral da Igualdade e en colaboración coas entidades locais, dispón dunha rede de información ás mulleres distribuída polo territorio galego e a través da cal se desenvolven accións de carácter preventivo e de sensibilización; serven como recurso facilitador de información, orientación, derivación e seguimento as mulleres que sofren violencia de xénero.

En 2016 publicouse o Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento (DOG nº 188, do 3 de outubro), coa finalidade de establecer unha nova regulación dos requisitos e o procedemento para o recoñecemento dos centros de información á muller, así como as condicións de funcionamento, e o procedemento da extinción do recoñecemento destes centros na nosa comunidade.

O principal obxectivo deste decreto dos Centros de Información á Muller é acadar unha mellora no servizo á cidadanía, tanto na promoción da igualdade de xénero mediante a información e o asesoramento, como na prevención e loita contra a violencia de xénero. Os CIM atenden a todas as mulleres que o demanden así como a calquera persoa, sexa home ou muller, en asuntos relacionados coa promoción social da igualdade de xénero.

Cabe destacar que se establecen como de carácter prioritario as actividades de prevención, información, asesoramento e loita en xeral contra a violencia de xénero, así como a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Ademais a atención poderase estender ás fillas e fillos e ás persoas menores ou maiores dependentes delas coa intención de reducir o impacto negativo que a situación de violencia produce nestas persoas. Tamén será prioritaria a atención a mulleres pertencentes a outros colectivos en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social.

Entre as funcións que poderán desenvolver os CIMs, incluíranse tamén actividades de información e atención ao colectivo LGTBI, segundo a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que establece que se apoiará un servizo de información, atención e asesoramento a lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais e ás súas familias e

persoas achegadas, en colaboración cos gobernos locais.

A rede de información ás mulleres funciona en estrita colaboración cos servizos sociais, sanitarios e de orientación escolar, así como cos servizos de urxencia e seguridade cidadá.

- **Centros de Información ás Mulleres**

Mediante a Resolución do 7 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (DOG nº52 do 16 de marzo de 2022).

A súa finalidade é colaborar economicamente coas entidades locais de Galicia para o desenvolvemento de programas, actividades, actuacións e medidas para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Con este fin, recóllese un marco de axudas públicas para o financiamento de medidas e actuacións desenvolvidas polas entidades locais, de forma individual ou mediante o sistema de xestión compartida, ao abeiro de catro programas (cos códigos de procedemento, respectivamente, SI435B, SI435A e SI427B:

a) Programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar;

b) Programa de prevención e tratamento da violencia de xénero;

c) Programa de apoio aos centros de información á muller (CIM).

Ao abeiro do Programa de apoio aos Centros de Información ás Mulleres, financiaranse as actuacións desenvolvidas nos CIM en relación coa atención a mulleres en situación de vulnerabilidade, entre as que se atopan as mulleres que sofren violencia de xénero.

Accións subvencionables:

1. A existencia no cadro de persoal ou na relación de postos de traballo da entidade, de prazas para persoal funcionario, laboral fixo ou indefinido para prestar servizos no CIM, en concreto para os postos de dirección, asesoramento xurídico, atención psicolóxica, axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero.

Cando as prazas ou os postos antes referidos non estean ocupados con carácter definitivo por persoal funcionario, laboral fixo ou indefinido, a entidade deberá presentar xustificación razoada da motivación que lle impide tal cobertura. Con carácter xeral, só se admitirá como xustificación a cobertura por persoal funcionario interino, baixas por enfermidade ou similares, as que se deriven da aplicación da lexislación vixente, ou por estar en curso o proceso de oposición ou concurso correspondente.


2. A contratación laboral temporal ou mercantil de profesionais para a prestación dos servizos de asesoramento xurídico ou de atención psicolóxica, así como para levar a cabo as funcións de axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero, sempre que a entidade local non conte con persoal que preste servizos no CIM para a realización das correspondentes funcións.

As entidades locais, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, son os axentes idóneos para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, para previr e erradicar a violencia de xénero, para o establecer as condicións que posibiliten a participación das mulleres en todas as esferas da vida, e para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral de todas as persoas, mulleres e homes.

O crédito total destinado ás axudas para o desenvolvemento deste programa foi de 2.653.515€.

Nº CIMs Por Provincia	
Provincia	Nº CIMs
A Coruña	29
Lugo	11
Ourense	17
Pontevedra	27
Total	84


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



CONSULTAS CIM DO 01/01/2022 AO 31/12/2022

Nº de Consultas	
Provincia	Nº consultas
A Coruña	31.941
Lugo	9.836
Ourense	9.557
Pontevedra	26.337
Total	77.671


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de consultas por área

Área	Nº de consultas
Asesoramento xurídico	18.717
Atención psicolóxica	30.408
Atención vítimas de VX	13.360
Orientación Emprego	2.800
Información de cursos, xornadas e actividades	1.201
Información de recursos	8.349
Outra información	2.836
Total consultas	77.671


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Características das persoas consultantes en Galicia

Sexo das persoas consultantes	
Mulleres	67.919
Homes	2.247
Sen especificar	7.505
Total	77.671


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Consultas específicas por violencia de xénero

Consultas específicas por violencia de xénero	
Provincia	Nº consultas
A Coruña	6.453
Lugo	1.209
Ourense	1.462
Pontevedra	4.236
Total	13.360


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Consultantes por idade

Idade	
Menos de 15	100
De 15 a 24	769
De 25 a 54	7.710
De 55 a 64	1.486
De 65 ou máis	1.563
Sen especificar	6.051
Total	17.679


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Consultantes por nº de fillos e fillas

Nº de fillas / fillos	
Ningún	6.400
Un	3.503
Dous	3.722
Tres	1.174
Catro	281
Cinco ou máis	123
Sen especificar	2.476
Total	17.679


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Consultantes por hábitat

HABITAT	
Rural	5.494
Urbano	6.064
Sen especificar	6.121
Total	17.679


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Consultantes por situación laboral

TRABALLA	
Non	6.680
Si	4.251
Sen especificar	6.744
Total	17.679

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



- **Atención integral a persoas en situación de explotación sexual e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral**

No Diario Oficial de Galicia do 14 de xaneiro de 2022 (DOG nº 9) publicouse a Resolución do 21 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en

situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, financiada con fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, no que se procede á súa convocatoria para o ano 2022.

A finalidade destas axudas é a de apoiar a recuperación e a integración social e laboral destas persoas.

Ás subvencións obxecto desta convocatoria destinouse un orzamento total de catrocentos cincuenta mil euros (450.000 €).

Os proxectos subvencionados debían incluír algunha das actuacións do seguinte tipo:

- a) Atención inicial nos chamamentos realizados polas autoridades competentes- xudiciais, fiscais e policiais-, para a atención inmediata ás vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral en asistencia social, legal ou psicolóxica.
- b) Asesoramento social e actuacións de apoio directo nas relacións coas distintas entidades, organismos e servizos para a realización de trámites administrativos de diversa índole: sociais, sanitarios, policiais, xudiciais, laborais, de formación, etc., e que permitan ás persoas beneficiarias iniciar o seu proceso de normalización social, así como atención, información e asesoramento continuado sobre os recursos; e acompañamento, apoio e seguimento no proxecto persoal de cada persoa usuaria.
- c) Atención psicolóxica, para abordar posibles trastornos emocionais e/ou condutuais e na procura da súa recuperación persoal.
- d) Asesoramento xurídico sobre os seus dereitos e deberes, así como para a tramitación de procedementos administrativos de diversa índole: autorizacións de residencia e traballo, revogacións de ordes de expulsión, reagrupamento familiar, retorno ao país de orixe, cuestións laborais e civís, procesos de denuncia, xestións policiais, procesos penais, etc.
- e) Orientación e asesoramento laboral, incluídas as actividades formativas: como formación básica (habilidades sociais, alfabetización, economía doméstica, etc.) e formación prelaboral e laboral, coa finalidade de facilitar e mellorar a súa empregabilidade e a súa inserción laboral.
- f) Atención e asesoramento en traballo de rúa, co obxectivo de achegamento a aqueles


lugares onde se poden atopar persoas vítimas de trata de seres humanos, en situación de explotación, para establecer encontros iniciais, achegándolles información sobre os recursos existentes e/ou información hixiénico-sanitaria, xurídica, social etc., de xeito que se permitan o seu acceso as actuacións normalizadas previstas neste artigo.

A través da Resolución do 18 de abril de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, déuselle publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da antedita Resolución do 21 de decembro de 2022 (DOG nº 78, do 25 de abril).

Datos de persoas participantes nos programas desenvolvidos no ano 2022:


Persoas participantes por provincia	
Provincia	Nº persoas
A Coruña	282
Lugo	154
Ourense	129
Pontevedra	88
Total	653

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




Persoas participantes por sexo	
Sexo	Nº persoas
Mulleres	572
Homes	10
Transexual-muller	44
Transexual-home	0
Total	626

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




Persoas participantes por idade	
Idade	Nº persoas
Menor de 25 anos	31
Entre 25 e 54 anos	568
Maior de 54 anos	54
Total	653

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Persoas participantes por nacionalidade	
Nacionalidade	Nº persoas
Españolas	33
Estranxeiras	620
Dobre nacionalidade	0
Total	653


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



País	Nº
Albania	1
Angola	1
Antigua y barbuda	1
Argentina	6
Bolivia	3
Brasil	190
Cabo verde	1
Chile	2
Colombia	146
Congo	1
Costa de marfil	1
Cuba	3
Ecuador	7
España	41
Guatemala	2
Guinea ecuatorial	1
Honduras	3
Hungría	1
Irak	1
Italia	2
Lituania	3
Marruecos	3
Nicaragua	10
Nigeria	14

País	Nº
Paraguay	29
Perú	20
Portugal	4
República dominicana	85
Rumanía	12
Uruguay	2
Venezuela	57
Total	653

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



- **Accións de información, prevención e sensibilización en materia de violencia sexual e trata con fins de explotación sexual, así como de apoio ás súas vítimas, preferentemente entre mulleres inmigrantes, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia**

No ano 2022 a **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade** asinou convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro, pertencentes á Rede Galega contra a Trata, para o desenvolvemento de accións de información, sensibilización e prevención da violencia sexual e da trata, fundamentalmente entre as mulleres inmigrantes. A súa finalidade principal é contribuír á transmisión de valores igualitarios e á ruptura de estereotipos de xénero, fundamentalmente entre as mulleres inmigrantes, así como accións de información, a través de todas as vías que favorezan o coñecemento dos recursos e servizos existentes para a atención ás vítimas da violencia sexual e trata con fins de explotación sexual, realizando a máxima difusión dos mesmos entre a poboación inmigrante, así como prestar apoio directo ás vítimas, incluídas axudas económicas directas para cubrir as súas necesidades básicas e puntuais.

A Rede Galega contra a Trata, está formada por entidades con experiencia contrastada de moitos anos de traballo con mulleres inmigrantes vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ ou laboral, e que desenvolven en Galicia accións que teñen como fin promover a participación e integración activa destas vítimas na vida social, laboral, económica a través de programas específicos de atención integral de acollida, axuda psicolóxica, xurídica e asistencia directa.

Nº. de accións de sensibilización e información fronte á prostitución e a trata con fins de explotación sexual como formas de violencia contra as mulleres desenvolvidas: 181

Nº de participantes nas accións de sensibilización e información fronte á prostitución e a trata con fins de explotación sexual como formas de violencia contra as mulleres: 3.249

Ademais realizáronse diferentes accións de sensibilización e prevención como foi a organización e desenvolvemento da XI Xornada da Rede galega contra a trata sexual, que tivo lugar o 20 de outubro de 2022 co título "Prostitución, Pornografía, Explotación Sexual,

Trata. A realidade da súa relación”.

- **Servizo de Teletradución a 51 idiomas**

A **Secretaría Xeral da Igualdade**, dun xeito gratuíto, ten desde o ano 2011, a disposición do Teléfono da Información ás Mulleres, dos centros de información ás mulleres que constitúen a rede de CIMs de Galicia, da Rede Galega de Acollemento, e ás ONGs que desenvolven a súa actividade solidaria neste eido, un servizo de teletradución a 51 idiomas.

Este servizo supón un avance cualitativo en resposta á diversidade poboacional motivada polo aumento da inmigración, o cal obriga á Administración autonómica a mellorar as técnicas para unha eficaz atención ás usuarias, con independencia da súa lingua. A teletradución está pensada para dar apoio a unha parte da poboación que ten dificultades engadidas para acceder aos recursos existentes, formada polas mulleres inmigrantes residentes en Galicia.


A través desta plataforma de teletradución, as mulleres estranxeiras residentes en Galicia terán a seguridade dun acceso axeitado á información e aos recursos dispoñibles, sobre atención psicolóxica, prestacións económicas, centros de acollida ou asesoramento xurídico.

O sistema permite a atención tanto presencial, como telefónica, de xeito que as usuarias se comunican cunha intérprete mediante a nova tecnoloxía implementada, desde calquera centro no que se atopen, ben sexa un CIM, unha casa de acollida ou calquera entidade adherida. No caso de que a consulta sexa telefónica, o sistema permite o establecemento de chamada a tres, para que interactúen a usuaria, a persoa profesional da entidade e a intérprete.

Tamén fan uso do servizo entidades que desenvolven, en Galicia, programas de atención a mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, o teléfono de información ás mulleres, o Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero e **63 entidades locais** con centros de información ás mulleres e casas de acollida para vítimas de violencia de xénero.

Nº de CIMs con Acceso ao Servizo de Teletradución	
Provincia	Nº
A Coruña	23
Lugo	9
Ourense	10
Pontevedra	21
Total	63

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia




Datos de uso do servizo no ano 2022:

Idiomas utilizados:

Idiomas	Minutos
Anharico	55
Árabe marroquí	6785
Árabe	231
Chino mandarín	13
Dari	54
Farsi	150
Francés	317
Inglés	418
Persa	145
Rumano	169
Ruso	124
Sirio	339

Idiomas	Minutos
Ucraniano	2910
Wolof	274
TOTAL	11984


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Uso do servizo por provincias:

Provincia	Total minutos
A Coruña	5673
Lugo	1971
Ourense	2143
Pontevedra	2197
Total	11984

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Idiomas utilizados por provincia:

A Coruña	
Idioma	Minutos
Anharico	55
Árabe marroquí	4795
Árabe	102
Chino mandarín	13
Farsi	10
Inglés	104
Rumano	30
Ucraniano	290
wolof	274
TOTAL	5673

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Lugo	
Idioma	Minutos
Árabe Marroquí	10
Árabe	129
Dari	54
Farsi	140

Lugo	
Idioma	Minutos
Inglés	280
Persa	145
Rumano	130
Ruso	70
Sirio	339
Ucraniano	674
TOTAL	1971

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Ourense	
Idioma	Minutos
Árabe Marroquí	1812
Francés	301
Inglés	20
Ucraniano	10
TOTAL	2143

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Pontevedra	
Idioma	Minutos
Árabe marroquí	168
Francés	16
Inglés	14
Rumano	9
Ruso	54
Ucraniano	1936
TOTAL	2197

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- **Asesoramento Xurídico online**

A **Secretaría Xeral da Igualdade** ten en marcha desde o ano 2011 un servizo de asesoramento xurídico online, accesible a través da páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade, onde se ofrece información personalizada e gratuíta ás persoas usuarias, considerando que o asesoramento axeitado constitúe o primeiro paso para saír da situación de violencia.

Con este servizo, a Secretaría Xeral da Igualdade ten o obxectivo de facilitar ás mulleres o coñecemento dos seus dereitos e axudarlles así a que adopten as decisións máis axeitadas en cada momento. Son numerosos os casos de mulleres inmersas en contornos de violencia de xénero que descoñecen os dereitos que as asisten, como abordar a interposición dunha denuncia ou que unha correcta exposición dos feitos e dos fundamentos de dereito ao longo de todo o proceso son determinantes para unha resposta xudicial máis efectiva.

O servizo xurídico online permite ofrecer resposta en tempo real a consultas sobre lexislación, violencia de xénero, conciliación, dereito de familia, agresións ou acoso sexual, entre outras, asegurando a confidencialidade. Tenta clarexarlle ás usuarias cuestións que con frecuencia suscitan dúbidas e polo tanto xeran temor, tales como qué actuacións xudiciais pode iniciar, se é necesario contar sempre coa asistencia de avogado/a e de procurador/a ou que medidas urxentes pode solicitar.


As consultas a través deste servizo poden ser complementarias ás que se prestan de xeito presencial nos 84 Centros de Información ás Mulleres, CIM, repartidos por toda Galicia, garantindo o anonimato e a confidencialidade cando así o desexe a muller.

No ano 2022 recibíronse un total de 52 consultas a través deste servizo online.

Nº de consultas por sexo das persoas consultantes

Sexo	Nº Consultas	Porcentaxe
Mulleres	50	96,15 %
Homes	2	3,85 %
Total	52	100,00 %


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de consultas por provincia das persoas consultantes

Provincia	Nº consultas	Porcentaxe
A Coruña	23	44,23 %
Lugo	3	5,77 %
Ourense	1	1,92 %
Pontevedra	25	48,08 %
Resto de España	0	0,00 %
Outros	0	0,00 %
Total	52	100,00 %


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de consultas por idade das persoas consultantes

Idade	Nº consultas	Porcentaxe
Menos de 18	0	0,00 %
18-25	1	1,92 %
26-35	14	26,92 %
36-45	23	44,23 %
46-55	9	17,31 %
56 ou mais	5	9,62 %
Total	52	100,00 %


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Nº de consultas segundo tipo de consulta realizada

Tema da consulta	Nº consultas	Porcentaxe
Agresións e abusos sexuais	1	1,92 %
Acoso sexual	1	1,92 %
Asistencia xurídica gratuíta	9	17,31 %
Conciliación familiar	16	30,77 %
Dereito de familia	4	7,69 %
Discriminación por razón de sexo	2	3,85 %
Lexislación e información xurídica	5	9,62 %
Ordes de protección/afastamento	0	0,00 %
Prostitución/trata	0	0,00 %
Violencia de xénero	14	26,92 %
Total	52	100,00 %

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



- **Servizos no mapa: Mapa de recursos en liña na área de violencia de xénero**

A **Secretaría Xeral da Igualdade**, en colaboración coa **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia-AMTEGA**, deseñou e puxo en marcha dentro de Servizos no mapa un apartado específico no que está dispoñible un mapa de recursos en liña na área da violencia de xénero, que contén os datos de localización e contacto de todos os recursos e programas que se desenvolven en Galicia en relación á atención das vítimas da violencia de xénero.

Servizos no mapa é unha aplicación que a Xunta pon a disposición da cidadanía e que ten por obxectivo a localización de servizos da Administración pública, tanto autonómica como estatal e local.

- **"Redes cubrindo Galicia": Guía de recursos fronte á violencia de xénero en Galicia**

Esta guía pretende achegar información dos recursos existentes en Galicia no eido da violencia de xénero a calquera persoa ou entidade interesada, así como facilitar e axilizar o traballo das persoas profesionais que na nosa Comunidade acompañan e apoian ás mulleres que sofren violencia de xénero, concentrando nunha única ferramenta a

descripción dos servizos e programas e os contactos das entidades que integran a rede galega de apoio a vítimas.

Trátase dun documento pioneiro no que se recollen os equipamentos e recursos destinados a mulleres vítimas de violencia de xénero. Nel pódense consultar todos os servizos dispoñibles organizados por áreas (psicolóxica, social, sanitaria, xurídica, económica, laboral ou protocolos de actuación) que están tamén xeoreferenciados na páxina web da Xunta de Galicia, cun mapa de localización dispoñible na opción “Eservizos: Servizos no mapa”: <https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa>

A información está organizada segundo as seguintes áreas temáticas:

1. Recursos de información e atención integral
2. Recursos de apoio e atención psicolóxica
3. Recursos de apoio social
4. Recursos de aloxamento
5. Axudas económicas xunta de Galicia
6. Outras axudas económicas
7. Recursos de apoio á inserción laboral
8. Recursos de protección e seguridade
9. Recursos no ámbito xudicial
10. Recursos para mulleres vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual
11. Protocolos de actuación

Artigo 51: Servizo de atención 24 horas

Servizo de información e atención á cidadanía: Teléfono 900 400 273 de información ás mulleres

O actual Servizo de Información e atención á cidadanía prestado a través do teléfono 012, facilita entre outros servizos, información e orientación sobre os recursos existentes para cubrir inicialmente as distintas necesidades das mulleres galegas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, dirixindo as súas demandas, se procede, ao departamento e/ou administración correspondente.

Tamén informa as mulleres nas áreas xurídica, de emprego, de recursos sociais e de atención psicolóxica.

Pero ademais, o servizo está apoiando a derivación das mulleres vítimas de violencia de xénero aos centros de acollida existentes en Galicia, así como a outros centros do resto do territorio nacional, sempre a través das entidades derivantes sinaladas e dentro do horario de referencia establecido. Igualmente, o servizo colabora, a través do desenvolvemento das súas funcións na prevención, detección e intervención (traslado de vítimas) en situacións de posible risco, abuso e maltrato das mulleres

Incluído polo tanto no Servizo de información e atención á cidadanía, atópase o Teléfono da Muller, un servizo gratuíto, anónimo, que funciona as 24 horas do día e ten cobertura para toda a Comunidade Autónoma.

Desde este Teléfono infórmase e asesórase sobre cuestións relacionadas coas seguintes materias:

- Violencia de xénero: Malos tratos, vexacións, ameazas, agresións sexuais,
- Acoso sexual.
- Servizos sociais, casas de acollida, centros de información ás mulleres, programas para mulleres desfavorecidas, policía especializada, gabinetes de orientación, centros de planificación.

- Separacións, divorcios, abandonos do fogar, sentencias incumpridas.
- Cursos ocupacionais, oposicións, bolsas de emprego, creación de empresas.
- Educación pola igualdade, materiais non sexistas, publicidade discriminatoria.
- Apoio ó asociacionismo, xornadas, seminarios, subvencións a asociacións, publicacións.

O Teléfono 900 400 273 de información ás mulleres réxese polas seguintes pautas de actuación: Anonimato, confidencialidade e gratuidade do servizo.

Total chamadas ao teléfono da Muller 900 400 273

Relacionadas	3306
Non relacionadas	459
TOTAL	3765

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Total chamadas por mes


Chamadas por mes	Nº	%
Xaneiro	213	6 %
Febreiro	199	6 %
Marzo	226	7 %
Abril	250	8 %
Maio	287	9 %
Xuño	254	8 %
Xullo	325	10 %
Agosto	351	11 %
Setembro	325	10 %
Outubro	314	10 %
Novembro	269	8 %
Decembro	292	9 %
Total 2022	3306	100 %

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Total chamadas por provincia

Provincia	Nº consultas	Porcentaxe
A Coruña	1675	50,67 %
Lugo	177	5,35 %
Ourense	204	6,17%
Pontevedra	561	16,97 %
Resto de España	36	1,09%
Sen clasificar	653	19,75 %
Total	3306	100 %

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Total chamadas por sexo da persoa usuaria

Sexo	Nº	%
Home	261	8%
Muller	2981	90%
NF/NP	64	2%
Total	3306	100%

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Total chamadas por nacionalidade da persoa usuaria


Nacionalidade	Nº	%
Españolas	2612	79 %
Estranxeiras	115	3 %
Sen clasificar	579	18 %
Total	3306	100 %

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Total chamadas por idade da persoa usuaria

Idade	Nº	%
< 18	2	0 %
18-30	16	0 %
31-40	13	0 %
41-50	164	5 %
51-65	19	1 %
≥ 66	308	9 %
Sen clasificar	2784	84 %
Total	3306	100 %


Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Total chamadas por tipo de información consultada

Tipo de información consultada	Nº	%
Área xurídica	258	7,80 %
Área emprego	27	0,82 %
Secretaría xeral da Igualdade	118	3,57 %
Recursos	882	26,68 %
Atención psicolóxica	1485	44,92 %
Outras	536	16,21 %
Total	3306	100,00 %

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Resolución da demanda


Resolución da demanda	Nº	%
Atención directa	3306	100 %
Derivación cara outro servizo	0	0,00%
Total	3306	100 %

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Reincidencia no uso do servizo (chamou en anteriores ocasións)

Reincidencia no uso do servizo	Nº	%
Si	826	25 %
Non	182	6 %
Sen clasificar	2298	70 %
Total	3306	100 %

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



Artigo 52:Punto de Coordinación das Ordes de Protección de Galicia

En Galicia estableceuse no ano 2004 o Punto de Coordinación de Ordes de Protección (PCOP). Está adscrito á **Secretaría Xeral da Igualdade**, e leva a cabo o seguimento das ordes de protección das mulleres vítimas de violencia, realizando as xestións oportunas ante as diferentes administracións para facilitarlles o acceso aos recursos existentes e ofrecerlles un marco integral de protección.


Desde que o PCOP recibe desde os xulgados as copias das ordes de protección ou medidas cautelares ditadas, inicia un contacto coa beneficiaria a fin de informala do procedemento que se vai seguir, os recursos de que dispón e a comprobación de que a dita OP se cumpre correctamente. No suposto de que existan quebrantamentos, se informa á muller da canle a seguir para interpoñer a correspondente denuncia. A usuaria é informada tamén, se así o desexa, doutros trámites xudiciais como pode ser a separación ou o divorcio, custodia de fillos/fillas, etc. Polo tanto, unha vez recibida a orde de protección, iniciase o contacto coa vítima para, coñecendo a súa situación persoal e as súas propias necesidades, informala dos recursos asistenciais e de protección social existentes aos que ten dereito e pode solicitar.

Nº Ordes de Protección recibidas no PCOP:

Nº de OP e outras medidas cautelares recibidas no PCOP								
Provincia	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
A Coruña	307	488	698	668	706	530	483	685
Lugo	137	168	193	211	223	155	136	123
Ourense	68	104	218	171	170	107	124	144
Pontevedra	261	420	542	533	494	339	321	262
Total	773	1.180	1.651	1.583	1.593	1.131	1.064	1.214

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Ordes de protección e outras medidas cautelares recibidas no PCOP-2022



Artigo 53: Puntos de Encontro Familiar

Os puntos de encontro familiar son servizos especializados que interveñen profesionalmente desde o ámbito psicosocial naquelas situación de separación familiar nas que os contactos/relacións dos fillos e fillas co pai, nai ou algún outro membro da familia presenta dificultades. Constitúe un lugar neutral no que se leva a cabo a intervención profesional necesaria para que a relación se produza de xeito normalizado.

Os puntos de encontro familiar constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade

competente, que teñen por obxecto favorecer as relación entre as e os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se ve interrompido, ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

Na Comunidade Autónoma de Galicia existen actualmente sete puntos de encontro de titularidade pública situados nas cidades de Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Ribeira, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

No desenvolvemento das súas funcións os puntos de encontro familiar teñen como obxectivos: favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental das e dos menores e a manter a relación con ambos os proxenitores despois da separación; facilitar o encontro das fillas e fillos co proxenitor non custodio e, de ser o caso, coa súa familia extensa; e garantir a seguridade das e dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas así como previr situacións de violencia.

Nas súas intervencións os puntos de encontro actúan sempre atendendo aos seguintes principios: interese das e dos menores; voluntariedade; imparcialidade; neutralidade; confidencialidade; non inxerencia; subsidiariedade e temporalidade.

A finais do ano 2022 permanecen abertos 625 casos (195 por motivo de violencia de xénero) segundo o seguinte detalle:

Expedientes	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Ferrol	Santiago de Compostela	Ribeira	Total
Novos	56	34	29	22	36	22	43	7	249
Pechados	64	27	21	37	58	23	49	1	280
Permanecen abertos	77	106	84	57	112	64	119	6	625
Por violencia de xénero	31	29	46	8	27	18	34	2	195

Fonte: Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Persoas usuarias		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Ferrol	Santiago de Compostela	Ribeira	Total
Menores		111	193	106	71	155	89	163	7	895
Persoas adultas	Homes	83	183	108	67	130	67	150	7	795
	Mulleres	107	152	136	89	200	98	176	7	965

Fonte: Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Tipos de intervención	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Ferrol	Santiago de Compostela	Ribeira	Total
Entregas e recollidas	1.114	1.239	2.131	1.315	2.278	1.592	1.297	11	10.977
Visitas tuteladas	280	118	294	399	1.938	503	938	14	4.484
Visitas supervisadas	903	1.025	384	535	547	413	992	23	4.822
Total	2.297	2.382	2.809	2.249	4.763	2.508	3.227	48	20.283

Fonte: Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Gabinetes de Orientación Familiar (GOF)

Os Gabinetes de Orientación Familiar (GOF) constitúense como un recurso público de carácter especializado no apoio e promoción da calidade de vida das familias, así como de atención á situacións problemáticas ou de risco que poidan estar asociadas a procesos de desintegración familiar. Son un instrumento eficaz na protección da familia de acordo coas competencias atribuídas á **Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica**.

Como recurso encamiñado a facilitar unha dinámica familiar positiva, a solución de problemas e a toma de decisións, así como a potenciar e desenvolver os recursos familiares, os Gabinetes de orientación familiar abordaran os problemas que poidan xurdir na familia e por extensión nos membros que a compoñen, prestándolles especial atención ao interese superior e á vulnerabilidade das e dos menores, e atendendo nomeadamente:

- a) As crises do ciclo vital da familia.
- b) As situacións de conflito.
- c) A viabilidade adaptativa do grupo familiar: apoio, protección e desenvolvemento.

Por outra banda, os GOF constitúen un dispositivo en estreito contacto cos equipos de atención ao menor, colaborando con eles na atención ás familias de menores susceptibles de ser sometidos a medidas de protección.

Estes gabinetes, dependentes das xefaturas territoriais da **Consellería de Política Social e Xuventude**, están integrados por especialistas en traballo social, dereito e psicoloxía.

Os niveis de atención dos Gabinetes de Orientación Familiar, segundo a Lei 3/2011 do 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia de Galicia, son os que a continuación se relacionan:

- a) Informativo, facilitándolles ás familias a información necesaria para favorecer unha mellor comprensión do medio e dos recursos dispoñibles.
- b) Educativo e formativo, proporcionándolles ás familias os medios necesarios para o desenvolvemento integral das súas funcións e das súas habilidades, fortalecendo os vínculos do sistema familiar e facilitando que a dinámica individual e familiar sexa creativa, eficaz e enriquecedora.
- c) Preventivo, de preparación perante as distintas etapas ou situacións polas que pasan as familias no seu ciclo vital.
- d) Axuda persoal e emocional, ofrecendo atención e acompañamento en calquera momento da vida e, en especial, nos momentos de crises provocadas por desgrazas inesperadas, tanto formal a través da terapia familiar coma informal a través das redes de axuda mutua ou grupos de apoio familiar.
- e) Orientación, acompañando as familias, ofrecendo asesoramento para a toma de decisións, a resolución de conflitos e a mobilización dos recursos propios e do contorno, así como no proceso de planificación de apoios.
- f) Terapia e tratamento co fin de superar os dinamismos disfuncionais das familias, facendo posible o seu progreso e a súa adaptación.

Os datos correspondentes ao ano 2022 son os seguintes:

Demandas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Recibidas	97	70	98	115	383
Reorientadas	4	-	-	-	4

Demandas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Atendidas	97	70	98	115	380

Da totalidade das demandas atendidas 9 o foron por problemática relativa á violencia de xénero.

Artigo 54: Creación de oficinas de atención ás vítimas dos delitos

En relación coa previsión do artigo 54, mediante a Resolución do 15 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Xustiza, constituíronse os servizos comúns de atención á cidadanía e asistencia á vítima (DOG nº 187 do 26 de setembro de 2008).

A Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito, en liña coa normativa europea na materia e coas demandas que formula a nosa sociedade, pretende, partindo do recoñecemento da dignidade das vítimas, a defensa dos seus bens materiais e morais e, con iso, os do conxunto da sociedade.

As disposicións da devandita Lei aplícanse ás vítimas de delitos cometidos en España ou que poidan ser perseguidos en España, con independencia da súa nacionalidade, de se son maiores ou menores de idade ou de se gozan ou non de residencia legal.

Nela recóllense unha serie de disposicións relativas á organización e funcionamento das Oficinas de Asistencia ás Vítimas e introdúcense distintas previsións para reforzar a coordinación entre os distintos servizos que realizan funcións en materia de asistencia ás vítimas.

A ferramenta fundamental de apoio ás vítimas concéntrase nas Oficinas de Atención ás Vítimas (OAV), por ser as encargadas de prestar asistencia social e psicolóxica ás vítimas e, no seu caso, derivalas e acompañalas ós servizos correspondentes.

As OAV radican nos Servizos de Atención ó Cidadán e Asistencia á Vítima dependentes dos Decanatos das sete cidades (A Coruña, Santiago, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Ourense e Lugo) e o seu obxectivo é facilitar a atención á vítima na sede xudicial e presentarlles unha asistencia especializada.

Dende o ano 2017 veuse avanzando na especialización dos e das profesionais que

desenvolven as súas funcións nas OAV e, ademais dos psicólogos que inicialmente se asignaron a cada oficina, dende finais do ano 2019 incorporáronse ás oficinas a traballadores sociais co obxectivo xeral de prestar unha asistencia integral, coordinada e especializada ás vítimas. Así, cada unha das sete oficinas está conformada por 2 persoas funcionarias da Administración de Xustiza encargadas de labores de carácter administrativo, un psicólogo e un traballador social.

O resultado desta actuación supón o impulso da actividade propia destas oficinas, que se centra en informar ás vítimas sobre os seus dereitos, os procedementos para a interposición de denuncias, o estado dos procedementos que lles afectan e as axudas que lles poidan corresponder como consecuencia do delito, así como o apoio na súa tramitación. De igual forma se acompañará ás vítimas nas dilixencias xudiciais, si así se solicita; prestarase asistencia psicolóxica e se lles orientará sobre os recursos sociais existentes e facilitarlles o seu acceso.

As Oficinas dispensan unha orientación xeral ás vítimas, facilitándolles información ao longo do proceso penal, apoiándoas e facendo un seguimento ao longo de todo ese proceso, complementando estas accións con programas de intervención psicolóxica e social especialmente para as vítimas de violencia de xénero por ser especialmente vulnerables.

En materia de formación, co fin de mellorar a asistencia ás vítimas, a dedicación e a sensibilización con este colectivo, fomentar a non discriminación por razón de orientación efectivo- sexual e identidade de xénero e contextualizar a igualdade na administración pública, os profesionais das OAV teñen á súa disposición:

1. Cursos formativos organizados pola Escola Galega da Administración Pública, cursos específicos ou transversais.
2. Protocolos, guías e materiais aplicables:
 - Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Protocolo relativo ao procedemento de atención a mulleres vítimas de agresión sexual (última versión 27.09.2022).
 - Protocolo de actuación e coordinación das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado

de avogados e avogadas ante a violencia de xénero regulada na LO 1/2004, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

- Protocolo relativo ao procedemento de actuación do servizo galego de saúde ante casos de sospeita de submisión química.
- Guía do Ministerio de Xustiza de recomendacións para as OAV no ámbito da atención ás vítimas dos delitos de odio, aprobada o 22.07.2022.
- O persoal das OAV ten en conta igualmente protocolos de asistencia ás vítimas doutras CCAA, en concreto de Valencia, Andalucía, Cataluña e País Vasco.

A asistencia ás vítimas por parte das OAV publícase dende o portal <https://www.xustiza.gal/atencion-a-vitima-e-ao-cidadan/introduccion>. Nesta páxina concrétese a información relativa á atención á vítima, normativa aplicable, recursos asistenciais e económicos, cita previa, as características e as competencias das oficinas, contacto e preguntas frecuentes.

Dende a Dirección Xeral de Xustiza trabállase nunha campaña de publicidade dos servizos das Oficinas de Atención ás Vítimas na intranet de xustiza, para difundir o servizo no eido xudicial e na aprobación do "Protocolo de actuación na asistencia integral ás vítimas do delito, con especial consideración ás vítimas de violencia de xénero e a outras vítimas especialmente vulnerables". Na elaboración deste protocolo participou a Dirección Xeral de Xustiza e a Secretaría Xeral de Igualdade e foi revisado polos psicólogos/as profesionais das oficinas e remitido á Fiscalía.

Artigo 55: Titularidade e Xestión dos servizos

Os servizos de asistencia social integral que conforman na Comunidade Autónoma de Galicia o sistema de protección e asistencia integral para as mulleres en situación de violencia de xénero son na súa inmensa maioría de titularidade pública, ben municipal ben autonómica, sendo a Xunta de Galicia a que realiza as funcións de coordinación e supervisión de recursos e servizos, seguindo as directrices marcadas pola lexislación vixente, e garantindo así mesmo, a equidade territorial.

Ademais, e de acordo co disposto neste apartado da lei 11/2007, a Xunta de Galicia establece

fórmulas de colaboración con entidades sen fin de lucro, sempre coa finalidade de garantir unha protección e asistencia axeitada ás mulleres que sofren violencia de xénero. Ao longo deste informe detállanse en cada apartado, todas e cada unha das anteditas fórmulas de colaboración que se estableceron durante o exercicio 2022.

Artigo 56: Confidencialidade da información

A Xunta de Galicia, a través de todos os seus departamentos con competencias en accións de protección e asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero, ten adoptadas as medidas necesarias para garantir a confidencialidade da información relativa a estas situación, sempre segundo o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (Regulamento Xeral de protección de datos), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa concordante.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira: Modificación da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.

Segunda: Acordos interinstitucionais e instrumentos de colaboración.

Terceira: Competencias en materia de violencia de xénero da Policía de Galicia.

Cuarta: Información ao Parlamento de Galicia

Quinta: Creación do Consello Galego das Mulleres.

Sexta: Creación do Observatorio galego da violencia de xénero.

Sétima: Creación da Comisión Interdepartamental de igualdade.

Oitava: Informes sobre o grao de desenvolvemento e repercusión económica desta Lei.

Novena: Modificación da Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social

Décima: dotación orzamentaria.

Disposición Adicional Primeira: Modificación da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar

3. Modifícase o punto 1 do artigo 3, que queda redactado como segue:

"Artigo 3. Obxecto da mediación.

1. *Os programas de mediación familiar terán por obxecto asesorar, orientar e procurar o mutuo acordo ou aproximación das posicións das partes en conflito a favor de regular, de común acordo, os efectos de separación, divorcio ou nulidade do matrimonio, ou a ruptura da unión, así como nos conflitos de convivencia, en beneficio de todos os membros da unidade familiar."*

4. Modifícase o punto 4 do artigo 6, que queda redactado como segue:

"4. A consellería da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade, e en materia de familia, a través dos seus propios medios, ofrecerá programas de mediación e orientación familiar, de xeito individual ou dirixidos ao conxunto das familias cando se produza unha situación de deterioración da vida familiar. Estes programas priorizarán a prevención de situacións de violencia de xénero."

5. Engádese un novo punto 2 bis ao artigo 7, coa seguinte redacción:

"2 bis. O persoal especializado dos servizos de mediación elaborará, en cada caso, un informe onde se especifique a idoneidade do recurso de mediación."

6. Engádese un novo punto 4 ao artigo 8, coa seguinte redacción:

"4. Calquera proceso de mediación familiar interromperase, ou no seu caso non se iniciará, cando se vexa implicada unha muller que sufrixe ou padeza violencia de xénero."

Disposición Adicional Segunda: Acordos interinstitucionais e instrumentos de colaboración

No BOE do 10 de marzo de 2022 publicouse a Resolución do 1 de marzo de 2022, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade de 24 de febreiro de 2022, polo que se fixan os criterios de distribución e a distribución resultante para o exercicio 2022 do crédito de

100.000 euros para o desenvolvemento polas Comunidades Autónomas e Cidades de Ceuta e Melilla do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Total Galicia: 7.864.247,59 Euros) Galicia seguiu xestionando en 2022 o orzamento destinado a desenvolver o Pacto de Estado contra a violencia de xénero de xeito transversal, con actuacións en distintas áreas de goberno como Igualdade, Xuventude, Medio Rural, Vivenda, Deporte, Xustiza ou Cooperación Exterior.

1. *"O Goberno da Xunta de Galicia promoverá a formación e actualización de convenios de coordinación interinstitucional entre as distintas instancias e administracións públicas con competencias na materia obxecto desta lei, que sirvan de canle de actuación e colaboración para acadar, nos ámbitos policial, sanitario, social, xudicial, laboral, educativo e de investigación, atención e asistencia integral e coordinada ás mulleres que sofren violencia de xénero."*
2. *"Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, a Xunta de Galicia habilitará os instrumentos de colaboración necesarios para a prevención e o tratamento da violencia de xénero."*
3. *"O goberno galego promoverá convenios de colaboración coas principais plataformas intermediarias de Internet co fin de establecer criterios e mecanismos áxiles e urxentes de denuncia e retirada de contidos relacionados coa violencia de xénero dixital."*

- **I plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024**

En agosto de 2022 a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, aprobou o primeiro Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, co fin de articular políticas que dean unha resposta integral e coordinada ás situacións de trata con fins de explotación sexual e contribuír á súa erradicación.

O plan constitúe a folla de ruta da Administración autonómica galega para contribuír a un

cambio cultural na nosa sociedade enfocado á repulsa da trata sexual e a prostitución; a reforzar os mecanismos para a súa prevención, así como para articular unha mellor intervención coordinada dos distintos axentes. Pretende, ademais, asentar un sistema de atención integral, para garantir ás persoas superviventes unha vida digna e libre de violencia, cunha adecuada resposta ás súas necesidades individuais.

Os principios que orientarán o desenvolvemento do plan e que inspiraron a súa elaboración son os seguintes:

- As vítimas e sobreviventes como titulares de dereitos e protagonistas do plan.
- Perspectiva de xénero.
- Interseccionalidade.
- Intervención integral e coordinada.
- Primacía do interese superior da persoa menor de idade.
- Aliñamento cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030.

O Plan foi concibido desde un enfoque abolicionista da prostitución e de recoñecemento da defensa e protección dos dereitos humanos das vítimas, ademais, dito informe foi elaborado mediante un proceso participativo no que tomaron parte unha ducia de entidades que traballan en Galicia coas vítimas.

As doce organizacións convocadas forman parte da Rede Galega contra a Trata que colaborou na confección do contido do plan que, a través de seis principios reitores e cinco áreas estratéxicas define preto de 60 medidas que conformarán a actuación integral. O 61% das actuacións baséanse nas propostas achegadas polas entidades.

- **Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero**

En xullo de 2017 foi aprobado inicialmente o Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á violencia de xénero na comunidade autónoma de Galicia.

Este protocolo é o resultado dun dos grupos de traballo creados no seo do Observatorio Galego da Violencia de Xénero.

O obxectivo que se persegue coa aplicación do Protocolo de coordinación e colaboración institucional fronte á violencia de xénero para a Comunidade Autónoma de Galicia, consiste en establecer os criterios de coordinación e colaboración institucional entre os distintos axentes implicados na prevención e protección dos actos de violencia de xénero, así como na asistencia ás persoas afectadas, garantindo unha actuación integral, áxil e coordinada.

Os principios de actuación que determinaron a definición deste protocolo e que rexerán a súa aplicación son:

- Actuación integral, personalizada, áxil e inmediata ás persoas que sofren violencia de xénero.
- Detección e prevención como prioridade.
- Atención especializada ás persoas afectadas pola violencia de xénero.
- Respetto á intimidade e dignidade das persoas que sofren violencia de xénero.
- Fomento da autoestima e da autonomía das persoas afectadas pola violencia de xénero.
- Coordinación das actuacións das distintas entidades, axentes e administracións que interveñen ante unha situación de violencia de xénero.
- Concienciación e sensibilización dos poderes públicos e da sociedade respecto á violencia machista.

O protocolo preséntase como un documento de referencia que facilita a configuración dun sistema articulado e homoxéneo. En ningún caso se trata dunha ferramenta estanca, máis ben todo o contrario, conta coa flexibilidade suficiente para permitir aos axentes chave - que interveñen no proceso de atención ás mulleres que se atopan en situación de violencia de xénero- adaptar os procedementos que aquí se describen, identificar melloras, concretar os procesos estandarizados, etc.

Como recurso complementario a este protocolo a Secretaría Xeral da Igualdade en colaboración con AMTEGA puxo en marcha o Mapa de recursos en liña na área da violencia de xénero (véxase páxina 302).

Na xuntanza do Pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, do 20 de marzo de 2018, incorporáronse ao texto do Protocolo as últimas achegas realizadas pola Fiscalía Xeral do Estado (entre as principais novidades, atópase a creación dunha Comisión para

seguimento para garantir o seu correcto funcionamento e para integrar todas as melloras que vaia precisando) e validouse definitivamente o dito Protocolo.

- **Activación e impulso das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero**

No ano 2015 a Secretaría Xeral da Igualdade, elaborou e difundiu unha *Guía Práctica para a constitución das Mesas Locais de Coordinación interinstitucional contra a Violencia de Xénero*, como ferramenta de apoio para contribuír á mellora da coordinación entre todas as institucións que traballan en contra da violencia machista.

En 2016 levouse a cabo unha análise e diagnose global sobre a situación das mesas e no ano 2017 entrouse nunha fase de contraste, definindo pautas e ferramentas para mellorar a coordinación das Mesas, e deseñando recomendacións para unha mellor optimización deste recurso nas entidades locais.

No ano 2018, a raíz do traballo dos anos anteriores, a Secretaría Xeral da Igualdade elaborou e difundiu un *Manual de dinamización das Mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero*, como complemento á guía editada no 2015, coa finalidade de apoiar e dinamizar as mesas e facilitar a súa operatividade.

No ano 2021 procedeuse a un novo estudo diagnóstico co obxectivo de coñecer as principais características das Mesas e identificar as súas liñas de actuación e necesidades a través das entidades da Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero (Acordo de Colaboración asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP).

Neste ano 2022 desenvóléronse actividades dirixidas ao fortalecemento das Mesas Locais de Coordinación interinstitucional contra a Violencia de Xénero (MLC) que abarcou dous tipos de actuacións:

- **Xornadas de Divulgación da Diagnose e recollida de propostas de traballo.**

Dirixidas a coñecer os principais resultados da Diagnose a través de reunións territoriais, onde trasladar as boas prácticas desenvoltas desde diferentes experiencias de Mesas Locais.

- **Sesións de formación e dinamización das Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero.**

Programa centrado na adquisición de competencias e habilidades dos axentes que forman parte das Mesas que melloren a capacidade de traballo destes espazos.

Co obxectivos de impulsar e dinamizar as Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, organizáronse catro xornadas de carácter presencial dirixidas ao persoal técnico e político das áreas de igualdade dos concellos galegos.

- **Convenio de colaboración entre o Ministerio de Igualdade, e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, para a prestación do servizo telefónico 016 de información e asesoramento a mulleres vítimas de violencia de xénero**

Con data 9 de novembro de 2012 o **Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade** e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da **Secretaría Xeral da Igualdade**, asinaron un convenio de colaboración, para a prestación do servizo telefónico de información e de asesoramento xurídico ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

En base a este convenio, que sigue en vigor, o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade garante a derivación automática daquelas chamadas realizadas ao teléfono 016 desde o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia ao teléfono 900 400 273, co fin de asegurar a prestación do servizo público de atención e asesoramento a mulleres vítimas de violencia de xénero, calquera que sexa a información requirida, poñendo en todo caso en coñecemento da persoa usuaria o número ao que se deriva a chamada. Se a chamada precisa atención de emerxencia a derivación automática realizarase ao teléfono 112 de emerxencia autonómico.

As chamadas recibidas polo servizo telefónico da Comunidade Autónoma de Galicia realizadas por persoas que soliciten asesoramento xurídico especializado, poderán ser derivadas ao servizo telefónico 016 para a súa atención polo Ministerio de Igualdade.

Así mesmo, a Comunidade Autónoma de Galicia poderá derivar calquera chamada relativa á violencia de xénero ao servizo telefónico 016, para garantir a correcta atención da chamada.

O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade garantirá a difusión do servizo telefónico autonómico facendo constar, xunto ao servizo telefónico 016, o servizo

telefónico 900 400 273 da Comunidade Autónoma de Galicia nas campañas que se leven a cabo en medios publicitarios gráficos (prensa escrita, revistas, folletos...) e exteriores no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo de que en cada unha das campañas publicitarias a realizar por parte do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, se acorden coa Comunidade Autónoma de Galicia os termos da difusión.

O convenio ten vixencia desde a data da súa sinatura entendéndose tacitamente prorrogada a súa vixencia por anos naturais, salvo denuncia expresa dalgunha das partes.

No ano 2022 un 30.13% das chamadas recibidas no teléfono de información ás mulleres de Galicia (900 400 273) foron derivadas desde o teléfono 016, o que supón 996 chamadas das 3.306 recibidas.

- **Protocolo de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para establecer unha Rede de entidades locais en contra da violencia de xénero e realizar outras accións de sensibilización social en contra da violencia de xénero**

Con data 12 de setembro de 2012 a **Secretaría Xeral da Igualdade** e a **Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)** asinaron un protocolo de colaboración co obxecto de promover unha rede de entidades locais en contra da violencia de xénero, que se configurará como un instrumento que permita conseguir o rexeitamento social e institucional da violencia de xénero, sensibilizando á poboación e conseguindo a súa implicación e compromiso real contra esta lacra, fomentando ao mesmo tempo modelos alternativos de convivencia baseados no respecto e na igualdade. O 15 de novembro de 2017 ambas institucións asinaron un novo acordo de colaboración para o impulso da Rede de Entidades Locais contra a violencia de xénero.

A rede de entidades locais contra a violencia de xénero e a Secretaría Xeral da Igualdade colaborarán na consecución dos seguintes obxectivos:

- Promover e apoiar proxectos de prevención da violencia de xénero e detección precoz de situacións de risco.
- Mobilizar e implicar a toda a sociedade na loita contra a violencia de xénero, fomentando


unha actitude crítica, solidaria e comprometida fronte a situacións de maltrato.

- Fomentar o trato igualitario entre mulleres e homes.
- Conseguiŕ a tolerancia cero coas persoas agresoras.

A finais de 2022 estaban adheridas a esta Rede 224 entidades locais, coa seguinte desagregación:

Provincia	Nº
A Coruña	79
Lugo	44
Ourense	55
Pontevedra	46
Total	224

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade



No marco deste protocolo no ano 2022 desde a Secretaría Xeral da Igualdade ofertáronse varias actividades ás entidades locais adheridas:

1. **Exposición "Chicas nuevas 24 horas"**, baseada no documental do mesmo nome da directora e documentalista Mabel Lozano, no que se denuncia o negocio que xera a

explotación sexual de mulleres e nenas. A exposición vai acompañada dun taller formativo dirixido preferentemente a xente moza, a partir de 14 anos.


2. **"Golpes"**. Espectáculo teatral pedagóxico, con Estíbaliz Veiga, que analiza o impacto da violencia de xénero e tenta concienciar á mocidade na súa prevención (Véxase páxina 62)
3. **Prevención de situacións de violencia de xénero: curso de defensa persoal e autocapacidades para mulleres e mozas**. Curso de adestramento físico e psíquico para crear protocolos de actuación cara diversas situacións. O curso impartirase por monitores e monitoras especialistas en defensa persoal integrantes da Federación Galega de Loita (Véxase páxina 52)
4. **"Á Violencia de Xénero... Dille NON!"**, exposición gráfica ilustrada, dirixida a axudar á mocidade a recoñecer, identificar e rexeitar condutas sexistas, nocivas nas súas relacións.
5. **"Cartas de Amor"**, exposición gráfica de ilustracións de diversos artistas sobre a violencia de xénero e a mocidade (Véxase páxina 62)
6. **Exposición fotográfica "Express-Arte"**, unha perspectiva de diferentes realidades desde a arte. Creada no marco do programa de inserción laboral para vítimas da violencia de xénero e impulsada pola Asociación de Xóvenes Emprendedores Lucenses (AXEL) (Véxase páxina 60)
7. **"Violencia de xénero e o novo contexto dixital"**, obradoiros educativos para nenos, nenas e adolescentes, preferentemente expostos a situacións de violencia de xénero, centradas no coñecemento e prevención das novas formas de violencia que xorden no contexto dixital: ciberviolencia de xénero, *grooming*, *sexting*... (Véxase páxina 51)
8. Programa de **Asesoramento e terapia familiar** de apoio con nenos e nenas que sufriran de maneira directa ou indirecta violencia de xénero (Véxase páxina 165)
9. **"Hai saída grazas a ti"**, encontro-debate sobre a abordaxe da violencia de xénero, con especial énfase na xente moza (Véxase páxina 51)
10. **Charlas informativas sobre agresións sexuais e violencia sexual**, a cargo de persoal especializado (Véxase páxina 52)

11. **Visita ás instalacións do Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren Violencia de Xénero** por parte do persoal do concello: CIM, servizos sociais, etc., e xuntanza técnica entre profesionais Charlas informativas sobre agresións sexuais e violencia sexual, a cargo de persoal especializado (Véxase páxina 52)
12. Programa de **impulso das Mesas de Coordinación interinstitucional fronte a violencia de xénero (MLC)** (Véxase páxina 322)

O cómputo total de solicitudes recibidas e das actuacións concedidas amósanse nas seguintes táboas:

Solicitudes recibidas	
Provincia	Nº solicitudes
A Coruña	66
Lugo	33
Ourense	36
Pontevedra	42
Total	177

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia



CONCESIÓNS POR PROVINCIA					
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Exposición Chicas nuevas 24 H	5	3	3	3	14
Espectáculo teatral "Golpes"	7	1	6	3	17
Curso defensa persoal e autcapacidades	19	13	11	17	60
Exposición "Á violencia de xénero Dille Non!"	3	0	3	5	11
Exposición "Cartas de Amor"	3	0	2	1	6
Exposición "Express-Arte"	2	0	2	0	4
Violencia de xénero e novo contexto dixital	8	7	1	4	20
Programa Asesoramento e terapia familiar	2	1	0	1	4
Encontro-debate "Hai saída grazas a ti"	4	1	1	2	8
Charlas informativas sobre agresións sexuais e violencia sexual	7	3	2	3	15
Visita ás instalacións do CRI	0	1	0	0	1
Formación para Constitución da MLC	0	1	1	1	3
Formación para Impulso da MLC	4	0	0	0	4
TOTAL	64	31	32	40	167

Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

- **Acordo de colaboración coa Federación de autónomos do taxi de Galicia (FEGATAXI), para a colaboración no apoio ao traslado das mulleres vítimas da violencia de xénero. Centros de acollida das mulleres vítimas da violencia de xénero**

No ano 2022 a **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, a través da **Secretaría Xeral da Igualdade** e a **Federación de autónomos do taxi de Galicia (FEGATAXI)** mantiveron a colaboración para o apoio no traslado das mulleres vítimas da violencia de

xénero e dos seus fillos e fillas a calquera dos centros que conforman a Rede Galega de Acollemento, cando as especiais circunstancias da vítima, valoradas convenientemente polos servizos sociais (municipais ou autonómicos), imposibiliten o seu traslado por outros medios.

Ademais a través deste acordo de colaboración a Secretaría Xeral da Igualdade, comprométese a facilitar o material informativo e de sensibilización a prol da eliminación da violencia de xénero que elabore á Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI), así como a poñer a disposición da Federación contidos formativos sobre violencia de xénero a incluír no seu programa de formación de xeito que permita ás e aos profesionais ampliar os seus coñecementos ao respecto e coñecer pautas de actuación.

Pola súa parte, a Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI), pon a disposición da Secretaría Xeral da Igualdade un teléfono de atención permanente ou calquera outro sistema de comunicación, que permita un contacto directo 24 horas para poder efectuar os traslados ao centro de acollida previamente determinado polo servizo da administración local ou autonómica correspondente, así como a difundir a iniciativa entre todas as asociacións.

O acordo está acompañado dun protocolo de actuación, publicado na web da Secretaría Xeral da Igualdade no que se detalla o procedemento coordinado que debe levarse a cabo ente os distintos recursos públicos de carácter social - CIMs, departamento de servizos sociais, etc.-, a Secretaría Xeral da Igualdade e os centros da Rede Galega de Acollemento.

Este documento especifica as distintas formas de comunicación -teléfonos, fax e enderezos electrónicos- para poder atender as incidencias as 24 horas dos 365 días do ano, a maneira de facer esta comunicación.

A colaboración establecida entre Igualdade e FEGATAXI non substitúe en ningún caso os traslados que se realizan desde outras administracións públicas con competencias na materia, nin os traslados que deban efectuarse con acompañamento de forzas e corpos de seguridade.

Durante o ano 2021 fíxose uso deste servizo para a realización de **102 traslados**.

- **Convocatoria de subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia dirixidas á promoción da igualdade, sensibilización e prevención da violencia de xénero:**

A **Secretaría Xeral da Igualdade** convocou estas axudas a través da Resolución do 7 de marzo de 2022 (DOG nº 52, do 16 de marzo de 2022) sendo a súa finalidade colaborar economicamente coas entidades locais de Galicia para o desenvolvemento de programas, actividades, actuacións e medidas para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o tratamento integral da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural; en particular, a aquelas que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou estean nalgunha situación de vulnerabilidade.

Ao abeiro do **Programa de promoción da igualdade e prevención e tratamento da violencia de xénero** son subvencionables accións directas de promoción da igualdade e de prevención e tratamento da violencia de xénero, que poderán consistir nalgunha das seguintes medidas:

- a) Actuacións de promoción da igualdade, prevención da violencia de xénero e tratamento das vítimas, que incorporen na súa metodoloxía un enfoque de xénero, orientadas a previr a violencia de xénero e a mellorar a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero, das súas fillas e fillos, así como das persoas delas dependentes, e dirixidas a impulsar unha atención profesional de maior calidade.
- b) Actuacións dirixidas á loita contra a explotación sexual, en xeral, e a prostitución, en particular, encamiñadas a mellorar a situación persoal, social e laboral das mulleres que se atopan nesa situación, a través de accións de información, atención, orientación e para a mellora da súa situación persoal, social e laboral, así como de asesoramento xurídico especializado. Así mesmo, serán subvencionables os gastos correspondentes ás actividades propias do programa que con motivo da crise do coronavirus se realicen en modalidades de carácter non presencial, así como os gastos de persoal necesarios para a adaptación das actividades a esta modalidade non presencial, sempre que en ambos os dous casos se garanta unha pista de auditoría suficiente mediante probas de que o gasto e a actividade se realizaron.

Nos programas de promoción da igualdade e prevención e tratamento da violencia de xénero resultaron beneficiarias un total de 51 entidades locais.

- **Convocatoria de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas**

No Diario Oficial de Galicia nº 179 do 20 de setembro de 2022 publicouse a Resolución do 6 de setembro de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas, para o ano 2022.

Esta convocatoria, cun importe total de 755.617 euros, subvenciona programas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, para lograr a eliminación de estereotipos de xénero que conducen a que as mulleres padezan unha situación de desvantaxe no eido laboral, social, persoal, económico, político e cultural. Así mesmo, subvencionaranse determinados programas que teñan por obxecto a prevención de todas as formas de violencia contra as mulleres, segundo o recollido na Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

- Acollida e aloxamento que coadxuven na protección e seguridade das vítimas da violencia de xénero e dos seus fillos e das súas fillas.
- Programas de apoio e tratamento integral dirixidos a grupos de mulleres vítimas da violencia de xénero especialmente vulnerables: mozas e adolescentes, mulleres con discapacidade, mulleres maiores, mulleres que residen no medio rural, mulleres inmigrantes, mulleres pertencentes a minorías étnicas, etc.
- Programas que coadxuven na protección e seguridade das vítimas da violencia de xénero e dos seus fillos e das súas fillas.

No Diario Oficial de Galicia do 18 de xaneiro de 2023 publicouse a Resolución do 2 de xaneiro do 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se resolven as solicitudes destas subvencións.

Resultaron beneficiarias un total de 5 entidades mediante 3 programas. O primeiro, do que se beneficiou unha entidade, realizou a acollida e aloxamento para a protección e seguridade das vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e fillas. Tamén, a realización de programas de apoio e tratamento dirixidos a grupos de mulleres vítimas da violencia de xénero especialmente vulnerables, sendo dúas as entidades beneficiarias. Por último, desenvolveuse un programa adicional de axuda na protección e seguridade das vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e fillas, este sen incluír o aloxamento do primeiro programa mencionado, do que se beneficiaron dúas entidades.

- **Protocolo de actuación institucional sobre adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás vítimas de trata con fins de explotación sexual**

O artigo 41.3 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, recolle a obriga da Xunta de Galicia na loita contra o tráfico de mulleres, nenas e nenos que teña como finalidade fundamental a súa explotación sexual no territorio galego, establecendo que esa loita deberá realizarse a través dunha intervención integral que permita a prevención, detección, atención e, se é o caso, integración das mulleres vítimas do tráfico de explotación sexual.

A Xunta de Galicia é pioneira na elaboración e aplicación de Protocolos de actuación no ámbito da trata de seres humanos con fins de explotación sexual, asinando xa no ano 2010 un Protocolo de actuación institucional sobre adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, asinado en xaneiro, coa Fiscalía Superior de Galicia.

Este Protocolo foi revalidado no ano 2012, dados os cambios lexislativos operados pola reforma da Lei Orgánica de Estranxeiría e polo Código Penal, que fixeron procedente unha revisión e adaptación do citado Protocolo.

O Protocolo tenta axilizar a aplicación dos beneficios de protección recollidos na lexislación vixente, entre os que destaca a posibilidade de conceder permiso de residencia a aquelas mulleres que denunciaren ás mafias que as explotan, para que manteñan o seu testemuño ata o fin do proceso penal, tentando facilitar a colaboración das vítimas de trata coa xustiza.

Por parte da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ponse a disposición das vítimas, unha vez son identificadas, ben por vontade propia ou pola intervención policial nun local, como vítimas dun delito de trata de seres humanos, un aloxamento que garanta o exercicio do dereito ao período de reflexión, para elas e para as súas fillas e fillos menores de idade, así como asistencia psicolóxica, médica e xurídica gratuíta.

Na Secretaría Xeral da Igualdade, e no marco deste Protocolo, no ano 2022 continuouse coa colaboración con organizacións sen ánimo de lucro para o desenvolvemento das diversas actuacións de prevención e asistencia ás vítimas de trata, así como a tarefa de coordinación de todos os servizos e programas dispoñibles para a atención das vítimas.

- **Protocolo de derivación entre as Comunidades Autónomas para a Coordinación das súas Redes de Centros de Acollida para as Mulleres vítimas da violencia de xénero e dos seus fillos e fillas**

Na Xunta de Galicia, xa desde a apertura do primeiro centro de acollida na Comunidade, véñense asinando cada ano convenios de colaboración con diversos concellos titulares dun recurso de acollida para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, para o mantemento dos mesmos, en concreto cos concellos da Coruña, Ferrol e Lugo. Todos os centros atópanse incluídos na rede autonómica de centros de atención a mulleres, e cumpren cos requisitos establecidos na Orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.

O obxecto deses convenios é a colaboración da Xunta de Galicia no financiamento dos gastos de persoal e gastos correntes de funcionamento dos centros de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, comprometéndose os concellos a manter os centros en funcionamento e a prestarlle ás mulleres vítimas un servizo integral de atención, emerxencia, apoio, acollida e recuperación.

Establécese ademais a cooperación e colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade nas derivacións das mulleres vítimas de violencia de xénero e das súas fillas e fillos, procedentes doutras comunidades autónomas, de acordo cos protocolos e procedementos establecidos para estes efectos

Dado o carácter de recurso de protección que seguen mantendo os centros de acollida, non son infrecuentes as ocasións en que, maiormente por motivos de seguridade, pero tamén de carácter persoal ou profesional, estes centros de acollida deben realizar traslados fóra da Comunidade galega, actuando tanto como receptores de vítimas ameazadas noutras partes do estado que son derivadas a Galicia como derivando a mulleres que residen nun centro en Galicia a outro centro fora da nosa comunidade autónoma. Neste sentido, a coordinación institucional amósase como unha ferramenta imprescindible para conseguir unha atención eficaz ás vítimas.

Neste sentido, a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, de cara a garantir os dereitos que a lexislación lles outorga ás vítimas da violencia de xénero, promove e impulsa a prestación dos servizos establecidos na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e considera prioritaria a atención ao funcionamento dos centros de acollida para as vítimas, funcionamento no que se debe incluír a colaboración interinstitucional e a cooperación entre todos os servizos autonómicos das mesma natureza no Estado español.

Así, as Comunidades Autónomas e Cidades de Ceuta e Melilla e o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, acordaron na Conferencia Sectorial de Igualdade iniciar os traballos que permitiran poñer en rede os centros de acollida de todas as Comunidades Autónomas e Cidades de Ceuta e Melilla, a través da coordinación destes recursos en beneficio das vítimas da violencia de xénero e os menores ao seu cargo, co fin de mellorar a súa protección e seguridade, a posta en común dos recursos e a mellora dos procedementos, en todo o territorio nacional.

Froito de dito traballo, e como mostra do compromiso das Comunidades Autónomas asinantes por asumir e desenvolver este marco de colaboración, estas, incluída Galicia, e o

Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, na xuntanza da Conferencia Sectorial de Igualdade do 21 de xuño de 2014, acordaron aprobar o **Protocolo de derivación entre as Comunidades Autónomas para a coordinación das súas redes de centros de acollida para as mulleres vítimas da violencia de xénero** y dos seus fillos e fillas, ao que se adheriu tamén a Xunta de Galicia.

No marco deste protocolo no ano 2022 a Comunidade Autónoma de Galicia realizou dúas derivacións a outras comunidades autónomas e recibiu catro traslados desde outras comunidades autónomas.

- **Protocolo de acceso á Rede galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero**

O 25 de maio de 2016 a Secretaría Xeral da Igualdade, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e os concellos titulares dos centros da Rede Galega de Acollemento asinaron un protocolo co obxecto de establecer os procedementos de acceso das mulleres que sofren violencia de xénero e dos seus fillos e fillas, e outras persoas delas dependentes.

Os obxectivos que pretende acadar o Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para Mulleres que sofren Violencia de Xénero son:

- Mellorar a coordinación entre os centros que conforman a Rede Galega de Acollemento para as mulleres que sofren violencia de xénero, actuando principalmente, o Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero (CRI), como centro coordinador dos mesmos.
- Establecer o procedemento para o primeiro acceso das mulleres que sofren violencia de xénero á Rede Galega de Acollemento.
- Establecer os mecanismos de derivación das persoas usuarias da Rede Galega de Acollemento entre os centros que compoñen a dita Rede.
- Homoxeneizar a documentación necesaria para o acceso á Rede Galega de Acollemento.
- Establecer as canles de comunicación e traballo directas entre os centros que

compoñen a Rede Galega de Acollemento e o Centro de Recuperación Integral (CRI).

Poden ser usuarias da Rede Galega de Acollemento, todas as mulleres que sofren violencia de xénero e as súas fillas e fillos menores que precisen dun aloxamento de seguridade en Galicia.

Entre outros aspectos, o protocolo establece dous tipos de acceso á Rede Galega de Acollemento, un ordinario e un acceso urxente:

O acceso ordinario terá lugar cando calquera das entidades derivantes, en exercicio da súas funcións, detecte a necesidade dunha muller en situación de violencia de xénero, e dos seus fillos e fillas, ou persoas dela dependentes, se é o caso, de ser aloxadas nun recurso destas características, e non se trate dunha situación de urxencia. O Centro Coordinador realizará cantas xestións sexan precisas para, nun prazo máximo de 48 horas, facilitar á entidade derivante os datos do recurso de acollida dispoñible para aloxar á muller e as súas fillas e fillos e/ou persoas que a acompañen.

O acceso urxente terá lugar cando a seguridade da muller se vexa gravemente ameazada e por razón da súa protección, a entidade derivante determine unha situación de urxencia/emergencia. Centro Coordinador tratará, nun prazo máximo de 8 horas, facilitar á entidade derivante os datos do recurso de acollida dispoñible para aloxar á muller e ás persoas que a acompañan.

- **Colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares**

No curso académico 2021-2022 a Secretaría Xeral da Igualdade mantivo a colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas académicas.

A finalidade é a de proporcionar, no ámbito das súas competencias, un maior acercamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral das/os universitarias/os mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando a mellor cualificación para a inserción no ámbito laboral.

As prácticas desenvolvéronse no Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren Violencia de Xénero dependente da Secretaría Xeral da Igualdade.

ALUMNAS E ALUMNOS EN PRÁCTICAS 2020-2021	Nº
Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación	0
Practicum de Traballo Social	1
Máster Universitario en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións	1
Total	2

- **Convenios de colaboración para o desenvolvemento de accións de prevención da violencia de xénero e atención ás súas vítimas**

No ano 2022 a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, asinou convenios de colaboración con diferentes entidades coa finalidade de apoiar o desenvolvemento de accións de sensibilización e prevención da violencia de xénero así como a atención das súas vítimas:

- **Federación AA.VV de Lugo Lucus Augusti**, para a posta en marcha dun programa de Igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero no medio rural da provincia de Lugo.

- **Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (FEMUPO)**, para o desenvolvemento do proxecto Mulleres en Construción que se centra en analizar e atopar solucións para rematar coa violencia de xénero en todos os ámbitos da provincia de Pontevedra a través de accións de visibilización, formación e sensibilización así como actividades de empoderamento feminino.

- **Asociación de diagnosticad@s de Cancro de Mama e Xinecolóxico (ADICAM)**, para o desenvolvemento de actuacións dirixidas a mulleres, preferentemente vítimas de violencia de xénero, nos seguintes campos: atención e asesoramento social, servizo de atención psicolóxica, servizo de asesoramento xurídico, prospección laboral e adaptación laboral, obradoiros de habilidades sociais, acompañamento hospitalario.

- **Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo**: para o desenvolvemento de accións enmarcadas no apoio social a través da cooperación e información e un acompañamento social integral, a reincorporación psico-social e laboral, a concienciación, prevención e denuncia social, e a formación.

- **Federación de mulleres rurais de Ourense (Femuro):** para o desenvolvemento de actividades de sensibilización fronte á violencia de xénero: actividades formativas, colaborativas, de apoio ás vítimas e de sensibilización.
- **Federación de Asociacións de mulleres rurais de Galicia (Fademur):** para o desenvolvemento por unha banda de accións formativas dirixidas a mulleres do rural, traballos con dinámica de grupo que contribúan a facer visibles as violencias contra as mulleres, obradoiros sobre estereotipos, autoestima, empoderamento, resolución de conflitos, charlas/ presentacións de relatorios feitos por mulleres vítimas de violencia que comunican sobre a súa propia vivencia, recompilación sobre os procesos de violencia (detención, prevención, apoio e acompañamento) de cara a ter un catálogo de espazos seguros e recursos accesibles.
- **Federación galega de redeiras artesás "O Peirao":** para desenvolver accións de sensibilización, prevención e detección da violencia de xénero, especialmente co colectivo de redeiras no territorio da comunidade autónoma.
- **Fundación Secretariado Xitano:** para contribuír a mellorar a atención ás mulleres xitanas que sofren violencia de xénero en Galicia e sensibilizar e promover relacións igualitarias entre homes e mulleres da comunidade xitana.
- **Monte Real club de lates de Baiona:** facilitar unha experiencia de navegación deportiva cunha finalidade terapéutica a mulleres soas, que teñan a condición de vítimas de violencia de xénero, e/ou que teñen ao seu cargo en exclusiva aos seus fillos e fillas e/ou a menores en acollida, para posibilitarlles o desfrute dun tempo desligado da súa situación habitual e no cal poidan intercambiar experiencias a través da práctica deportiva e terapéutica nun espazo de lecer.
- **Confederación galega de asociacións veciñas "Rosalía de Castro"- COGAVE-:** para a posta en marcha do programa de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero, a través de medidas de sensibilización e concienciación, abordando os diferentes ámbitos de actuación no tratamento da violencia de xénero, a realización de actividades coas que se pretende previr e dar visibilidade a esta lacra social así como fomentar o apoio ás vítimas.
- **Federación Galega de Loita (Fegaloita):** desenvolver un proxecto de empoderamento e autocapacidades con mulleres, tamén con vítimas da violencia de xénero, a través de accións

de adestramento físico e psíquico así como da creación de protocolos de actuación ante diversas situacións, tanto para a prevención de situacións de violencia como de actuación ante situacións de conflito.

Disposición Adicional Terceira: Competencias en materia de violencia de xénero da Policía de Galicia

“De conformidade co disposto na disposición transitoria quinta da Lei 8/2007, do 13 de xuño, da Policía de Galicia, o Goberno galego realizará os trámites e actuacións necesarios para que se dea prioridade á transferencia ou delegación das competencias en materia de policía de Galicia das condición de protección e asistencia ás mulleres vítimas de violencia de xénero.”

O 26 de outubro de 2015, asinouse, entre o Ministro de Interior e o Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, o Protocolo en Materia de Violencia de Xénero para a coordinación de actuación e a cooperación entre a Xefatura Superior de Policía de Galicia e a Unidade da P.N. adscrita á Comunidade Autónoma.

Como continuación ao anterior o 27 de xuño de 2016, tivo lugar a rúbrica coa Xefatura Superior de Policía, da Acta resultante da primeira reunión da Comisión Delegada de Seguimento do Protocolo citado anteriormente, centrándose basicamente na colaboración e coordinación coas distintas Comisarías da P.N., tanto no ámbito da atención, coma no da protección das vítimas de violencia de xénero.

Conforme a este protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Ministerio do Interior, a UPA faise cargo da seguinte porcentaxe de mulleres protexidas nas distintas cidades con presenza desta Unidade Adscrita:

- Santiago de Compostela: 20%-25%
- A Coruña: 18%-20%
- Lugo: 10%-15%
- Ourense, Pontevedra e Vigo: 15%-18%

Baixo a tutela do Centro de Actualización e Especialización da División de Formación da DGP, celebrouse o “XXXVII Curso de Unidades de Prevención, Asistencia y Protección a la Víctima de Violencia de Género” na localidade da Estrada. Unha vez superado o curso e as

correspondentes prácticas nas Comisarías de Policía respectivas, créanse dentro da Unidade Adscrita á policía autonómica de Galicia, **as Unidades de Prevención, Asistencia e Protección ás vítimas de violencia de xénero (UPAP'S)**, con funcións idénticas ás das "Unidades de Familia y Mujer" (UFAM-Protección) das Comisarías.

A partires do mes de setembro de 2016, estas unidades comezaron a facerse cargo das mulleres protexidas asignadas desde as Comisarías de Policía Nacional de Santiago, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

En cada ocasión que se ten coñecemento dalgún suceso relacionado con violencia de xénero, ponse en marcha a maquinaria policial, mediante a:

- Colaboración co CNP nas chamadas de episodios de violencia de xénero mediante o desprazamento de coches radiopatrullas uniformados ou a presenza de policías de paisano no lugar dos feitos.
- Atención singularizada á vítima.
- Información detallada (sobre procedementos legais, institucións de apoio e asesoramento, trámites, denuncia, medidas legais, etcétera.).
- De resultar agredidas, traslado ao centro Asistencial (se fora preciso).
- Traslado á Comisaría para a formulación da correspondente denuncia e a conseguinte valoración de risco.
- Recollida dos datos sobre o agresor e posta en marcha das medidas de seguridade oportunas.
- Adopción das medidas de protección establecidas nos correspondentes Protocolos e axeitadas ao nivel de risco da vítima.

O inicio da actuación pódese producir de oficio, a instancias da vítima ou a requirimento de terceiros, en calquera das sedes da Unidade do CNP Adscrita á Comunidade Autónoma. Habitualmente actúase á instancias do servizo de Emerxencias do 112, onde se centralizan a maioría das alarmas relacionadas con esta materia. Acto seguido, desde a Sala operativa da Xefatura de Santiago difúndese inmediatamente esta información ás correspondentes Xefaturas Provinciais e á local de Vigo.

Por outra banda, no mes de xullo de 2016, nas distintas sedes da Unidade Adscrita, activáronse os soportes informáticos, creándose os Grupos de UPAP, que contan actualmente con 12 Policías dedicados en exclusiva ás vítimas. Ademais, en apoio a estes Grupos, a Unidade conta con 7 Policías dedicados a labores de coordinación e 72 axentes uniformados en vehículos rotulados, os cales prestan servizo a quendas, as 24 horas do día, durante os 365 días do ano.

Desta maneira o número de axentes e de medios dedicados á protección de mulleres, irase incrementando ao igual que aumenten as vítimas, para seguir proporcionándolles un nivel óptimo de atención e protección.

PERSONAL DEDICADO A VIOXÉN				
UPA	Equipos Vioxén	Persoal de apoio	Persoal de coordinación	Total
Santiago de Compostela	3	12	3	18
A Coruña	2	12	1	15
Lugo	2	12	1	15
Ourense	1	12	1	14
Pontevedra	2	12	1	15
Vigo	2	12	1	15
TOTAL	12	72	8	92*

Fonte: Unidade do CNP adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.

* O número de axentes dedicados a VIOXÉN irase incrementando a medida que se vaian asignando máis vítimas de violencia de xénero.

No que respecta aos datos estatísticos que se reflicten no cadro adxunto, durante o ano 2022 o número de vítimas que tiveron protección policial foron un total de 563, entre as que se manteñen activas no sistema de protección, as que se inactivaron por cese das circunstancias que motivaban o risco e as que foron trasladadas a outros corpos de seguridade por cambio de domicilio da vítima.

Durante o ano, o número de vítimas activas no sistema de protección variou desde as 274 cas que comezou xaneiro ata as 270 mulleres protexidas por esta unidade a 31 de decembro de 2022.

Faise necesario sinalar que pode darse o caso de que unha muller sexa vítima de varios agresores ou un só autor teña agredido a varias mulleres.

Mulleres protexidas ao longo de 2022				
Sedes UPA	Activas no sistema de protección (1)	Trasladadas a outros corpos de seguridade (2)	Inactivas no sistema de protección (3)	Total
Santiago de Compostela	36	10	25	71
A Coruña	97	18	32	147
Lugo	31	4	11	46
Ourense	22	8	21	51
Pontevedra	16	3	11	30
Vigo	68	10	140	218
Total	270	53	240	563

Fonte: Unidade do CNP adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia

(1) A 31 de decembro de 2022

(2) Desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022

(3) Desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022

Actuacións policiais Vioxén 2022		
Unidade de Policía Adscrita		
Contactos coa vítima/agresor		6.783
Controis do entorno	Da vítima	21.621
	Do agresor	1.636
Informes de avaliación do risco da vítima		2.429
Notificacións xulgado/fiscalía		341
Acompañamentos á vítima (Xulgado, Comisaría, Recollida de enseres, Outros)		1.087
Detidos		4
Media diaria de vítimas protexidas pola UPA		273

Fonte: Unidade do CNP adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia

Disposición Adicional Cuarta: Información ao Parlamento de Galicia

1. O presente informe da cumprido trámite á obriga legal establecida da Disposición Adicional Cuarta da Lei: "O Goberno da Xunta de Galicia remitiralle ao Parlamento de Galicia, con carácter anual, un informe sobre a situación da violencia de xénero en Galicia, que contará coas achegas de todos os departamentos implicados na prevención e no tratamento da violencia de xénero". O dito informe presentouse ante a Cámara galega nos anos 2008 a 2020, coa información correspondente ao desenvolvemento, por parte da Xunta de Galicia, das medidas contidas na Lei 11/2007, no ano inmediatamente anterior ao da súa presentación.

O presente informe da cumprimento a este mandato, como se ven facendo desde o ano 2008, logo da aprobación da Lei no exercicio 2007

2.- O punto segundo desta disposición, engadido na modificación operada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, prevé que o departamento competente en materia de igualdade da Xunta de Galicia remitirá ao Parlamento galego un informe anual sobre a prestación periódica para as mulleres que sofren violencia de xénero.

Disposición Adicional Quinta: Creación do Consello Galego das Mulleres

Creado a partir do Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación, o Consello Galego das Mulleres quedou constituído o 7 de marzo de 2014.

Entre as finalidades do Consello Galego das Mulleres están a de ofrecer unha canle de participación efectiva ás mulleres, a través das asociacións e entidades representativas dos seus intereses no desenvolvemento e aplicación do dereito á igualdade entre mulleres e homes e a loita contra a discriminación, recollendo as súas reivindicacións e propostas, así como actuar como interlocutor ante a Administración autonómica.

Durante o ano 2022 o Consello Galego das Mulleres reuniuse o 11 de novembro de 2022 para dar conta dos plans e programas aprobados no ano 2022 pola Xunta de Galicia:

- **VIII Plan estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027**

Plan que articula un novo documento marco de planificación estratéxica en materia de Igualdade para os próximos anos. Trátase dun instrumento mixto, polo seu carácter continuísta, mediante o que se consolidan as políticas públicas de fomento da igualdade de xénero e de remoción de obstáculos que se veñen demostrando eficaces, pero tamén cunha faceta innovadora, con novas liñas de actuación para proporcionar unha resposta efectiva ás necesidades actuais e incardinar as accións nos recentes avances normativos para o avance da igualdade e a loita contra a discriminación de xénero.

Trátase, en definitiva, dun plan director das políticas de igualdade da Administración autonómica no horizonte 2027; a folla de ruta para a corrección dos desequilibrios aínda presentes nos distintos eidos e para a cal resulta esencial a implicación de todos os departamentos autonómicos, a colaboración con outras administracións e axentes sociais e, en definitiva, a de toda a sociedade galega.

Desde o presuposto de que o avance na igualdade é inherente ao cumprimento doutros retos para o progreso de Galicia, como o desafío demográfico, o desenvolvemento sustentable e a cohesión social e territorial, o VIII Plan responde a un modelo de estratexia marco con vocación inclusiva de todas as diversidades e das distintas realidades e situacións das mulleres que residen en Galicia.

Integran este VIII Plan un total de 128 liñas de acción, distribuídas en nove ámbitos de intervención, despois de configurar unha estrutura base con novos elementos que queren facer o plan máis operativo e flexible á realidade galega no curto e no medio prazo.

O deseño deste novo plan partiu dun enfoque que o dotase de maior flexibilidade, a través do sinalamento de prioridades de actuación nas que encaixar as liñas de acción que permitirán impulsar e encadrar o labor das distintas áreas da Administración autonómica, pero sen descender á concreción das actuacións que se desenvolverán no marco das ditas liñas de acción.

- **III Programa de Muller e Ciencia 2022-2025**

O III Programa de Muller e Ciencia 2022 – 2025 aspira a lograr un sistema galego da ciencia, tecnoloxía e innovación que incorpore de xeito efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Un dos obxectivos prioritarios desta iniciativa é avanzar no respecto á diversidade e reter o talento feminino como motor do desenvolvemento tecnolóxico, económico, social e sostible de Galicia.

A avaliación desta iniciativa, contou para o seu deseño coas aportacións chegadas dos diferentes departamentos do Goberno galego, de asociacións de mulleres científicas e de representación das empresas e centros de ámbito tecnolóxico. En concreto, o seguimento farase anualmente, a principios de ano co obxectivo de poder ir impulsando ao longo da vida do plan aquelas medidas que contén cunha execución menor.

O programa xira entorno a outros tres: a visibilidade das traballadoras nestes sectores, na idea de sensibilizar á sociedade, de impulsar o coñecemento de referentes femininas e de formar ao persoal docente para animar ás nenas na súa vocación; a promoción da igualdade no acceso das mulleres no ámbito da ciencia; e o impulso nas institucións públicas e privadas da aprobación de plans de igualdade, medidas antiacoso, a promoción de axudas específicas para o coidado de menores e dependentes ou mesmo o reforzo das iniciativas emprendedoras de mulleres en proxectos tecnolóxicos e científicos, en especial no medio rural.

Disposición Adicional Sexta: Creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero

A Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na súa disposición adicional sexta, prevé a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero como órgano colexiado e institucional de Galicia encargado do estudo, da avaliación e do seguimento das políticas contra a violencia de xénero que se desenvolvan en Galicia.

No DOG núm. 142 do 26 de xullo de 2012 publicouse o Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación.

A constitución do Observatorio Galego da Violencia de Xénero tivo lugar o 5 de maio de 2014, presidido polo Vicepresidente da Xunta de Galicia.

O Observatorio actúa en Pleno e nas comisións de traballo específicas que estime necesario crear.

1. O primeiro (GT1), encargado da Elaboración dun Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á violencia de xénero a nivel autonómico. O grupo rematou o seu traballo coa elaboración do citado Protocolo.
2. O segundo (GT2), "A voz das vítimas, encargouse de escoitar as experiencias directas destas para extraer conclusións e directrices de mellora nas actuacións. Os seus traballos remataron, e del extraeuse un documento de recomendacións que integra en parte o Protocolo autonómico.

3. O terceiro grupo (GT3), traballa a abordaxe da violencia de xénero coa mocidade desde o ámbito educativo, determinando estratexias e propostas de traballo preventivo coa xente nova. O grupo está aínda operativo. Este grupo de traballo foi o encargado de elaborar a “Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo”
4. GT4.- “Pautas para a prevención e o tratamento das distintas formas de violencia sexual.” Foi creado na xuntanza anual do Pleno do Observatorio que tivo lugar en decembro de 2019.

Durante o ano 2022 o pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero reuniuse en dúas ocasións. O 28 de xaneiro de 2022, para presentar a Guía de Trata elaborada no Grupo de Traballo do Observatorio (GT4), avanzar o contido do Plan Estratéxico contra a Trata de Seres Humanos con fins de explotación sexual, e informar sobre o Pacto de Estado e o Programa España Te Protexe III. Así mesmo, o Observatorio tamén se reuniu de novo o 28 de setembro de 2022, pleno no que se aprobaron os procedementos elaborados pola Consellería de Sanidade ante os casos de submisión química e agresións sexuais. Igualmente, neste pleno tamén se deu conta do I Plan contra a Trata de persoas con fins de explotación sexual.

Disposición Adicional Sétima: Creación da Comisión Interdepartamental de Igualdade

Derogada polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e integrada no novo texto legislativo.

Na sesión celebrada o 24 de xaneiro de 2022 deuse conta do avance do Plan Estratéxico de Galicia en materia de Igualdade de Oportunidades de homes e mulleres 2022-2027, así como do inicio dos traballos de recompilación de datos para o Informe anual de seguimento da Lei Galega para a prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero e do inicio dos traballos de recompilación de datos para a xustificación do Pacto de Estado.

Disposición Adicional Oitava: Informes sobre o grao de desenvolvemento e repercusións económicas da Lei

Os informes sobre o grao de desenvolvemento e repercusións económicas da Lei que elaboran os diferentes departamentos da administración autonómica con competencias nalgún dos aspectos relacionados coa violencia de xénero atópanse integrados no presente informe.

Disposición Adicional Novena: Modificación da Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social

Modificación en vigor que da cumprimento ao disposto no artigo 41 da Lei 11/2007: Procedemento abreviado para a percepción da Renda de Integración Social de Galicia (véxase páxina 224).

Disposición Adicional Décima: Dotación orzamentaria

Nos orzamentos anuais da Xunta de Galicia, presentados cada ano no Parlamento, figuran todas e cada unha das partidas destinadas ao desenvolvemento das medidas recollidas na Lei.

Disposición Derrogatoria única

Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta Lei.

